



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 145

Sesión plenaria
28 de xaneiro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG0xHmaebfE5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto preliminar

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada dona Ana Belén García Vidal

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia (doc. núm. 60034, 10/PL-000021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 17.12.2019

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. Mixto, de reforma da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, de despenalización da eutanasia e axuda ao suicidio (doc. núm. 57326, 10/PPLC-000017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 548, do 17.10.2019

Punto 2. Comparecencia

2.1 61984 (10/CPP-000119)

Do señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar da Axenda galega formulada diante do Goberno central para a súa concreción e execución

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

Punto 3. Mocións

3.1 60303 (10/MOC-000174)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector naval. (Moción consecuencia da Interpelación nº 57041, publicada no BOPG nº 547, do 16.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 17 de decembro de 2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

3.2 60306 (10/MOC-000176)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a política do Goberno galego en relación cos servizos hospitalarios de urxencias (Moción consecuencia da Interpelación nº 59274, debatida na sesión plenaria celebrada do 18 de decembro de 2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020



3.3 60315 (10/MOC-000175)**Grupo Parlamentario Mixto****Casal Vidal, Francisco**

Sobre a política do Goberno galego ante a crise xerada polo peche das centrais térmicas de carbón (Moción consecuencia da Interpelación nº 57809, debatida na sesión plenaria do 18 de decembro de 2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

Punto 4. Propositions non de lei**4.1 52569 (10/PNP-004623)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Sobre as medidas en relación cos danos provocados polo xabaril

Publicación da iniciativa, BOPG nº 579, do 18.12.2019

4.2 58789 (10/PNP-004373)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación de novas titulacións nos campus universitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 564, do 19.11.2019

4.3 58933 (10/PNP-004379)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a postura do Parlamento de Galicia respecto do acordo da Asemblea de Madrid no que se insta á ilegalización de determinados partidos políticos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

4.4 59184 (10/PNP-004403)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e nove deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central co fin de simplificar o proceso de retorno dos españois e das súas familias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

4.5 59871 (10/PNP-004465)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estaleiro Barreras e o sector naval da ría de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 17.12.2019



4.6 60166 (10/PNP-004492)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co baixo nivel de execución orzamentaria que presenta o Instituto Galego de Promoción Económica nos anos 2016, 2017 e 2018, así como a consecución dos seus obxectivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

4.7 60232 (10/PNP-004528)**Grupo Parlamentario Mixto****Villares Naveira, Luis e Casal Vidal, Francisco**

Sobre a creación polo Instituto Galego de Promoción Económica dun programa de liquidez para o adianto aos traballadores dos salarios pendentes de pagamento cando a empresa é declarada insolvente ou en concurso de acredores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

4.8 61449 (10/PNP-004561)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para exixir ao Goberno de España a convocatoria urxente da Mesa das Pontes

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 590, do 15.01.2020

Punto 5. Interpelacións**5.1 59392 (10/INT-002032)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do sistema sanitario de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

5.2 59917 (10/INT-002049)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Solla Fernández, Eva**

Sobre a sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 17.12.2019

5.3 59959 (10/INT-002050)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías da dignidade das persoas enfermas terminais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 17.12.2019



Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 61986 (10/POPX-000184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a posibilidade de ocultar a xestión levada a cabo polo Goberno galego durante unha década en relación coa defensa dos intereses de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

6.2 61988 (10/POPX-000185)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as conclusións extraídas polo Goberno galego respecto do conflito do paritorio de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

6.3 61991 (10/POPX-000186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a asunción de responsabilidades polos problemas que se están a xerar co peche do paritorio de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 60314 (10/POP-007072)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis

Sobre os medios dos que dispoñen os concellos de alta montaña para facer fronte ás nevadas, estudando solucións e alternativas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

7.2 60770 (10/POP-007190)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e oito deputados/as máis

Sobre as xestións que ten feito a Xunta de Galicia desde que coñeceu a decisión do Goberno español de deixar sen servizo de venda de billetes presencial a partir do 31 de decembro oito estacións ferroviarias galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 587, do 10.01.2020

7.3 61219 (10/POP-007324)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a organización e a seguridade do transporte escolar de varios centros da provincia de Ourense en xaneiro de 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 15.01.2020



7.4 61955 (10/PUP-000293)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e dous deputados/as máis**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da rectificación do actual proxecto de construción dunha estación intermodal en Ourense e a recuperación do inicialmente previsto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

7.5 61959 (10/PUP-000294)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das incidencias producidas no servizo público de transporte escolar na provincia de Ourense no reinicio da actividade dos centros educativos tralas vacacións do Nadal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

7.6 60977 (10/POP-007245)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre se vai proceder o Goberno galego a declarar a caducidade do procedemento para a actualización e reapertura da mina de Touro por superar os prazos para a súa tramitacións sinalados no artigo 33.4 da Lei 13/2013, de avaliación ambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 587, do 10.01.2020

7.7 61333 (10/PUP-000288)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego ao respecto do anunciado polo Goberno do Estado en materia enerxética

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 15.01.2020

7.8 61953 (10/PUP-000292)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o mantemento dos 225 postos de traballo e o futuro da actividade produtiva da empresa Isidro 1952

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

7.9 61157 (10/POP-007306)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do servizo de paridoiro nos hospitais comarcais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 15.01.2020

7.1 061215 (10/POP-007323)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e nove deputados/as máis**

Sobre a previsión por parte do Goberno galego de actuacións de mellora no Hospital de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 15.01.2020



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada dona Ana Belén García Vidal. (Punto preliminar da orde do día.)

Antes de entrar na orde do día e en cumprimento do artigo 7.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada dona Ana Belén García Vidal. (Páx. 12.)

A señora Ana Belén García Vidal (P) promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 12.)

Debate de totalidade do proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 13.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 17.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 23.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 27.) e Sra. Pierres López (S). (Páx. 32.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 36.)



Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 41.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 42.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 44.) e Sra. Pierres López (S). (Páx. 45.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. Mixto, de reforma da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, de despenalización da eutanasia e axuda ao suicidio. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sr. Villares Naveira (M). (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 52.), Sra. Solla Fernández (GCE) (Páx. 54.), Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 57.) e Sra. Rodríguez Barrera (P). (Páx. 60.)

Rolda de réplica: Sr. Villares Naveira (M). (Páx. 65.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. Mixto ao Proxecto de lei de ordenación do territorio: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de ordenación do territorio: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. Común da Esquerda ao Proxecto de lei de ordenación do territorio: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de ordenación do territorio: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. Mixto, de reforma da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, de despenalización da eutanasia e axuda ao suicidio: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Modificación no desenvolvemento da orde do día

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da orde do día consistente en que a comparecencia do señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza se debaterá na sesión plenaria da tarde. (Páx. 67.)



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector naval. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 67.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Casal Vidal (M). (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 72.), Sra. Chao Pérez (GCE) (Páx. 74.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 76.)

A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 78.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a política do Goberno galego en relación cos servizos hospitalarios de urxencias. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 80.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 83.), Sra. Solla Fernández (GCE) (Páx. 84.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 86.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 88.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 90.)

Moción do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a política do Goberno galego ante a crise xerada polo peche das centrais térmicas de carbón. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 91.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Casal Vidal (M). (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 96.) e Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 99.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 101.)

O señor Casal Vidal (M) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 103.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo



o Goberno galego en relación coa situación do sector naval: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 105.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a política do Goberno galego en relación cos servizos hospitalarios de urxencias: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 105.)

Votación da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a política do Goberno galego ante a crise xerada polo peche das centrais térmicas de carbón: *rexeitada por 19 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 106.)

Suspéndese a sesión ás tres e dezasete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar da Axenda galega formulada diante do Goberno central para a súa concreción e execución. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 106.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 122.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 125.), *Sra. Chao Pérez (GCE)* (Páx. 128.), *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 132.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 135.)

Réplica do Goberno: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 139.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 145.) *Nesta rolda interveñen o señor Villares Naveira (M)* (Páx. 145.), *o señor Bará Torres (BNG)* (Páx. 147.), *a señora Chao Pérez (GCE)* (Páx. 149.), *o señor Álvarez Martínez (S)* (Páx. 151.), *o señor Puy Fraga (P)* (Páx. 153.) e *o Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 155.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas en relación cos danos provocados polo xabaril. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pérez Seco (S).* (Páx. 157.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 160.), *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 162.), *Sr. Cal Ogando (GCE)* (Páx. 163.) e *Sr. Prado Patiño (P).* (Páx. 165.)

Nova intervención do señor Pérez Seco (S). (Páx. 168.)



Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación de novas titulacións nos campus universitarios.
(Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 168.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Cuña Bóveda (GCE).* (Páx. 169.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 172.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 173.),
Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 175.) e *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 176.)

A señora Cuña Bóveda (GCE) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 177.)

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e nove minutos da noite.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo a esta sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Comunicolle á Cámara que xustificou a súa inasistencia a deputada dona Cristina Isabel Romero Fernández, por un problema leve de saúde, e tamén non está neste pleno don José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, polas xestións que está a facer en Bruxelas. Así mesmo, comunicolle á Cámara a inasistencia e a delegación de voto das deputadas dona Ana Belén Pontón Mondelo e dona Paula Vázquez Verao, por maternidade, que ao abeiro do disposto no artigo 84.3 e 4 do Regulamento da Cámara exercen o seu dereito á delegación de voto para esta sesión na deputada dona Olalla Rodil Fernández e no deputado don Luis Villares Naveira, respectivamente. A Mesa, na reunión do 27 de xaneiro de 2020, autorizou as ditas delegacións.

E entramos xa na orde do día co punto preliminar.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada dona Ana Belén García Vidal

O señor PRESIDENTE: Dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento, procedo a solicitar a prestación da promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía da nova deputada dona Ana Belén García Vidal.

Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar «Si, xuro» ou «Si, prometo» á pregunta que lle faremos desde esta presidencia.

Prégolle que responda desde o escano.

¿Dona Ana Belén García Vidal xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora GARCÍA VIDAL: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Unha vez prestada a promesa, adquire vostede a condición plena de deputada. Benvida ao Parlamento (*Aplausos.*)

E comezamos coa orde do día, punto 1º, textos legislativos.



Debate de totalidade do proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ao proxecto de lei presentáronse emendas á totalidade do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda e do Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona María Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señorías, hoxe é un día moi importante para Galicia, xa que traemos a esta cámara o proxecto da que será a nova Lei de ordenación do territorio. Esta lei é a mellor mostra de que o Goberno fixo unha aposta decidida e clara a prol da ordenación sostible, do equilibrio territorial e da protección da paisaxe. Unha tarefa na que dende a Xunta de Galicia levamos traballando máis dunha década con rigor e seriedade. Esta tarefa permitiu poñer á disposición dos concellos, dos sectores económicos e da cidadanía en xeral máis dunha decena de leis, instrumentos e ferramentas para acadar o verdadeiro equilibrio entre o crecemento urbano e o económico, entre o desenvolvemento e a aposta polo valor verde e azul do noso territorio.

Non obstante, esta lei non é o único proxecto que leva o selo deste goberno, xa que a ela hai que engadirle outros, como son as Directrices de ordenación do territorio, a Lei do solo e o seu regulamento, o Plan de ordenación do litoral, as guías de intervención do territorio, o Plan básico autonómico, os catálogos da paisaxe, os plans básicos municipais e os pactos pola paisaxe.

A Xunta de Galicia é consciente de que a lexislación urbanística é a garantía para que a ordenación do solo de cada termo municipal sexa coherente e igualitaria para a cidadanía dese concello. Para asegurar esa igualdade a nivel autonómico é preciso dispoñer dun instrumento de carácter supramunicipal que garanta esas oportunidades e que permita corrixir os posibles desequilibrios que poidan derivar da variedade que presenta o territorio galego.

Con esta nova lei, Galicia muda o seu corpus normativo en materia de ordenación e protección do territorio e experimenta unha transformación do mesmo, xa que temos que viaxar ao pasado, máis concretamente ao ano 1995, para atopar a data da entrada en vigor da Lei de ordenación do territorio que rexe actualmente. Logo dun cuarto de século despois permítanme afirmar con rotundidade dous aspectos: o primeiro, que está desactualizada e, o segundo, que a dita lei debe ser modificada co fin de adecuar o seu contido ás diferentes existencias, principalmente ás de índole de carácter medioambiental.

En definitiva, hoxe traemos ao Parlamento de Galicia o documento da Lei de ordenación do territorio, texto que foi elevado ao Consello da Xunta o pasado 5 de decembro e que previamente foi exposto a información pública logo de que o Consello da Xunta autorizase o inicio da tramitación do anteproxecto de lei na sesión do 6 de setembro de 2018.



No trámite de información pública, o proxecto foi remitido a todos os concellos, as universidades e as entidades empresariais e asociativas; en total, trescentas cincuenta entidades, das cales presentaron alegacións vinte e cinco. Tras avaliar todas as alegacións recibidas estimouse o corenta e cinco por cento delas, o que permite enriquecer deste xeito o texto redactado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, buscando sempre o maior consenso social posible arredor da norma.

Estamos ante unha lei con diversos obxectivos primordiais, dos cales son fundamentais, por un lado, a simplificación no número de instrumentos de ordenación do territorio respecto da que se recolle na norma actual. A lei que propoñemos establece catro instrumentos: Directrices de ordenación do territorio, plans territoriais —dentro desta figura diferéncianse os integrados e os especiais—, plans sectoriais e, por último, os proxectos de interese autonómico. Instrumentos que explicarei polo miúdo un pouco máis adiante.

Outra novidade desta lei consiste en establecer un único procedemento de tramitación para todos os instrumentos de ordenación do territorio, que se someterán a avaliación ambiental estratéxica ou simplificada segundo corresponda.

Outro obxectivo da Lei de ordenación do territorio é acadar o principio de eficacia, co fin de evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias, que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación das iniciativas.

Por último, neste repaso polos obxectivos da lei, hai que dicir que grazas á creación do Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia blindamos a normativa dunha maior seguridade xurídica, transparencia e tamén accesibilidade. Neste rexistro inscríbense todos os instrumentos de ordenación do territorio antes da súa entrada en vigor. Iso tradúcese en que para que un instrumento de ordenación entre en vigor será unha exixencia a súa inscrición no dito rexistro. É dicir, este rexistro será unha garantía de seguridade xurídica, xa que estaremos ante a súa versión definitiva, á que terán acceso tanto as administracións como a cidadanía, en xeral e en particular.

Neste eido, cómpre destacar que se promoveu a máis ampla participación cidadá, tanto na elaboración da propia lei como dos instrumentos de ordenación previstos nela. Estamos convencidos de que a futura Lei de ordenación do territorio reforzará unha serie de cuestións que mellorarán a calidade de vida dos cidadáns e que farán de Galicia un territorio marcado por un desenvolvemento integral e sostible, apostando pola utilización racional do solo que responda a necesidades reais pero tamén obxectivas.

Esta nova lei tamén é compatible e propicia a conservación da paisaxe e do patrimonio cultural de Galicia. Facemos noso o lema: protexer e valorar, e coidar, e conservar. Temos que ser conscientes de que o solo é un ben limitado e tamén esgotable; é un recurso natural non renovable. Grazas a este novo plantexamento, entre todos e todas seremos capaces de facer cidades e vilas coidadoras —non podemos esquecer de que se faga realidade o principio de igualdade entre todas as persoas—, acolledoras e cohesionadas, coa posta en marcha de actuacións como a infraestrutura verde.



Voume meter un pouco en profundidade no contido da futura Lei de ordenación do territorio que hoxe traemos a este parlamento. Como acontece con todas as normativas con rango de lei, a LOT superou un trámite de audiencia de información pública e transparencia; un proceso no que se recibiron achegas que se introduciron no seu contido. Esta componse de cincuenta e oito artigos distribuídos en dous títulos, seis disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

Non vou esmiuzar a lei na súa totalidade, pero si quero pararme a explicar en detalle catro figuras, as catro figuras de ordenación do territorio recollidas nesta lei, que serán os catro piares que velarán pola seguridade e racionalidade do territorio.

Os instrumentos de ordenación que recolle o anteproxecto teñen unha estrutura en cascada. Na parte superior, temos as DOT, as directrices de ordenación do territorio, que é o primeiro marco de referencia para todas as actuacións de incidencia territorial. E por debaixo dela temos, ao mesmo nivel, os plans territoriais integrados e os plans sectoriais. Os proxectos de interese autonómico, que si son de intervención directa no territorio, é o último eslabón, e o seu obxecto é planificar e proxectar a execución inmediata de actuacións que van máis aló do ámbito municipal.

Toca falar das Directrices de ordenación do territorio, que —como lles indicaba antes— seguen a configurarse como un instrumento de carácter global, o marco xeral de referencia, no que se establecen as pautas espaciais do asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais. Neste eido, hai que recordar que Galicia aprobou as súas directrices no ano 2011 e que estas non presentan grandes variacións.

Outra novidade que cómpre destacar é que o informe de seguimento que se remite a este parlamento será trianual, co obxectivo de manexar datos e indicadores que reflectan unha maior evolución.

Tamén no ámbito dos plans territoriais hai novidades, onde a Lei de ordenación do territorio diferencia entre plans territoriais integrados e plans territoriais especiais, en función da súa maior ou menor escala e ámbito de afección territorial.

Por outra banda, os plans territoriais integrados están dirixidos á organización de áreas xeográficas supramunicipais con características homoxéneas ou aquelas que polo seu tamaño en relacións funcionais demanden unha planificación dos usos do solo, das actividades produtivas, das infraestruturas e dos equipamentos de tipo comarcal ou de carácter integrado.

Os plans territoriais especiais poden dar soporte a requirimentos especiais de planificación de ámbitos en función das distintas características, como poden ser morfolóxicas, gandeiras, forestais ou paisaxísticas, que exixan unha consideración e tratamento unitario. O obxectivo dos plans especiais é a definición do medio natural, co fin de conseguir un crecemento equilibrado e unha mellora de calidade da vida dos seus habitantes. En Galicia temos diversos exemplos de plans territoriais, como é o Plan de ordenación do litoral, o PTI dos Camiños de Santiago e rutas históricas ou o PTI das cuncas hidrográficas.



Outro aspecto moi importante da nova Lei de ordenación do territorio é a figura de ordenación dos plans sectoriais, cuxo ámbito de aplicación se amplía para que sexa como norma a toda a comunidade autónoma. Obviamente, isto non significa que non se poidan abarcar outros ámbitos menores. O principal obxectivo disto é acadar unha mellor ordenación das actividades que se poden implantar a través desta figura, polo que os plans sectoriais se reforzan como un instrumento que ordena para toda a comunidade, polo que estes só poderán ser promovidos pola iniciativa pública.

Gustaríame incidir nesta última idea recalcando que non cabe a posibilidade de realizar un plan sectorial de iniciativa privada, tal e como regula a Lei de ordenación do territorio vixente no día de hoxe. O motivo que nos leva a adoptar esta decisión reside no feito de que entendemos que a planificación a nivel autonómico deste tipo de actividades só ten sentido se se realiza dende a perspectiva da administración. Algúns exemplos deste tipo de iniciativas son o Plan sectorial de áreas empresariais, promovido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, ou o Plan sectorial de actividades extractivas, dependente da Consellería de Emprego e Industria.

En definitiva, un plan sectorial busca a ordenación do territorio dun sector concreto, fixando como ámbito toda a comunidade autónoma.

A nova lei recolle a posibilidade de que se tramite un único procedemento simultaneamente á aprobación do instrumento de ordenación do territorio e á modificación do planeamento urbanístico, respectándose en todo caso o principio de autonomía municipal, de autonomía local. Todo isto co obxectivo de garantir a eficacia das determinacións contidas nos instrumentos de ordenación do territorio e os principios de celeridade, eficacia, simplificación en todos os ámbitos, pero sobre todo no administrativo e seguridade xurídica.

A planificación a escala territorial garantizará que as diferentes actuacións fagan cumprir os obxectivos marcados para toda a comunidade autónoma, evitando as actuacións illadas e con criterios parciais, que poden ter o desenvolvemento a través de instrumentos de planificación locais.

Polo tanto, os plans sectoriais e os territoriais son instrumentos que ordenan grandes ámbitos da comunidade autónoma. Fano segundo as características do territorio e do sector de actividades que regulen respectivamente, e tratarán de establecer unha serie de normas e criterios que deberán ter en conta os instrumentos de planeamento urbanístico e as actuacións de execución directa que se leven a cabo neste ámbito.

No que respecta aos proxectos de interese autonómico, hai que recordar que esta é a única figura de intervención directa no territorio. Isto tradúcese en que é a figura que vai servir para planificar e executar actuacións concretas. Veñen substituír os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, polo que a súa incidencia territorial, económica, social ou cultural teñen que ter unha previsión nun acomodo e nun planeamento actualmente vixente. Estes plans poderán ser previstos; é dicir, a existencia dun plan sectorial xa di como nun futuro debe facerse o dito desenvolvemento a través dun proxecto de interese autonómico, o único instrumento que o desenvolve no caso de que exista un plan sectorial. Polo tanto,



non se permitirán proxectos de interese autonómico que non estean contemplados no dito plan sectorial.

No caso dos plans non previstos, é dicir, naqueles casos que non exista un plan sectorial e que se desexe levar a cabo unha actuación con independencia de quen sexa o promotor, estes deberán xustificar que teñen incidencia supramunicipal, isto é, que se asentan en máis dun concello e que teñen tamén unha serie de aspectos de índole territorial, que serán necesarios para obter a declaración de interese autonómico, como son a súa localización, a incidencia territorial, os medios económicos que garantan esa viabilidade, entre outros.

En definitiva, señorías, a nova Lei de ordenación do territorio que hoxe imos debater neste pleno pretende corrixir as eivas que se detectaron durante os anos de aplicación da actual lei, tentando de melloralala e de dotar a Comunidade Autónoma dunha ferramenta útil para levar a cabo a ordenación da mesma.

Como non podía ser doutra maneira, tamén se aproveitou esta revisión e actualización para incorporar ao contido da lei criterios como a sostibilidade ambiental, a protección dos valores paisaxísticos, a loita contra o cambio climático, a garantía de accesibilidade universal a servizos e infraestruturas e a consideración do solo como un ben esgotable e limitado, é dicir, a necesidade dunha explotación racional e sostible do mesmo, a infraestrutura verde e a perspectiva de xénero; cuestións que xa non podemos seguir deixando á marxe.

Entender que o solo é un ben limitado e esgotable pon a base para garantir que se plantexe un modelo de desenvolvemento territorial sostible, que combine as necesidades de crecemento coa protección e a preservación dos recursos naturais e dos valores do territorio. Este modelo de desenvolvemento territorial sostible é a única fenda para garantir a cohesión social e a mellora de calidade da vida, non só das xeracións presentes, senón das que están por vir.

Hoxe, Galicia está máis preto de contar cunha norma que corrixa os posibles desequilibrios da comunidade, que garanta a accesibilidade de toda a poboación a infraestruturas e servizos, que mellore as relacións entre o medio urbano e o medio rural e que potencie o desenvolvemento económico e sostible.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, conselleira.

Rolda de defensa das emendas á totalidade, co posicionamento respecto do proxecto de lei.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días.

Señorías, señora conselleira, a presentación deste proxecto de lei é unha oportunidade perdida para a ordenación do territorio en Galicia, e estamos dispostos a defender esta afirmación ata o final.



Ve uostede aquí dicir que a Lei de ordenación do territorio de Galicia non é a única norma aprobada pola Xunta de Galicia nesta lexislatura que se dedicaba á ordenación do territorio, e enunciou outra serie de figuras, como as Directrices de ordenación do territorio, o Plan de ordenación do litoral... Mesturou iso con figuras de carácter urbanístico, como o planeamento básico autonómico, etc. Pretendeu, ademais, explicar que se trataba dunha simplificación de instrumentos de ordenación do territorio.

Ademais, dixo algo nesta explicación que non queda recollido na propia Lei de ordenación do territorio, pois dixo que na parte superior da ordenación do territorio estaban as Directrices de ordenación do territorio, despois dixo que por baixo estaban os plans territoriais e os plans sectoriais e que, finalmente, no último escalón —dixo literalmente— estaban os plans de interese autonómico. ¿Gustaríame saber, exactamente, onde está descrita no texto lexislativo esa suposta pirámide normativa que vostede anunciou? Non hai nin unha soa referencia ao principio de xerarquía normativa entre instrumentos de ordenación do territorio, nin de xerarquía entre a ordenación do territorio e a ordenación urbanística, que —como vostede sabe— son cousas diferentes.

Polo tanto, esa ausencia determina que a exposición que vostede fixo é incorrecta, desde o punto de vista da exposición normativa do que establece a propia lei, particularmente nos artigos 16 e 17. Isto significa que non vai haber unha verdadeira ordenación do territorio porque non hai unha verdadeira planificación cun desenvolvemento piramidal como o que vostede acaba de anunciar aquí.

Nesa pirámide normativa non pode haber ningunha outra figura por riba do planeamento, da planificación do territorio, que non sexan as Directrices de ordenación do territorio; estamos de acordo, foi o que vostede enunciou como carácter superior. Por debaixo das Directrices de ordenación do territorio están os plans, os territoriais e os sectoriais. En terceiro lugar, están os plans de iniciativa autonómica, o desenvolvemento dos plans de interese autonómico.

Polo tanto, esa triangulación en desenvolvemento normativo pareceríanos ideal. E nós estaríamos dispostos a apoiar unha norma que declarase iso, pero o problema é que non o fai. Esa é a principal obxección que nós temos hoxe de carácter formal, que, ademais, pensamos crea un dislate no plano ideolóxico, con independencia de cal sexa a súa ideoloxía política. É dicir, non beneficia a ninguén o establecemento dunha Lei de ordenación do territorio que non declare explicitamente a xerarquía normativa; en primeiro lugar, a xerarquía interna de instrumentos de planificación e, en segundo lugar, a relación xerárquica entre a planificación territorial e a planificación urbanística. Isto non beneficia a ninguén porque causa desorde, causa inseguridade, causa incerteza xurídica, aboca —seguramente— á xudicialización indesexada dos distintos instrumentos de ordenación e, polo tanto, a unha conflitividade que non debe de ordenar unha planificación territorial. Esta —insisto— é a nosa primeira obxección.

Dicimos tamén por escrito —á parte deixamos ben desenvolvido con relación aos artigos concretos, e parareime agora nalgúns deles— como o proxecto de lei non establece unha preeminencia da planificación territorial sobre a urbanística. Ademais, refírome, para em-



pezar, ao artigo 16.1 deste Proxecto de lei de ordenación do territorio, que di que se relacionan os instrumentos de ordenación do territorio «sen prexuízo da utilización dos instrumentos de ordenación urbanística e dos establecidos na lexislación sectorial». Polo tanto, ese «sen prexuízo» indica unha relación de xerarquía. Cando se di que «isto é así e así, sen prexuízo de...» significa que é unha salvidade e que, polo tanto, hai unha preeminencia daquilo que se pon despois de «sen prexuízo». Polo tanto, o artigo 16.1 contén unha formulación que nega a xerarquía normativa con carácter absoluto da planificación do territorio sobre a ordenación urbanística e a ordenación sectorial.

En segundo lugar, no propio artigo 16 e no artigo 17, cando establece a propia eficacia xurídica e a estrutura dos instrumentos de planificación, hai unha ausencia do principio de xerarquía dos instrumentos de ordenación do territorio sobre a ordenación urbanística, non aparece a palabra «xerarquía». E iso é algo moi frecuente nos textos administrativos: establecer a xerarquía entre normas ou entre instrumentos que desenvolven determinadas cuestións de desenvolvemento mediante plans, concretamente.

O artigo 17, cando fala da vinculación das determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio, non contén a palabra «xerarquía», nin entre eles no 17.1, no que se encomenda unha exigua coherencia. Fálase de coherencia, pero non se fala de xerarquía. Unha coherencia pódese resolver, como forma de acabar coas antinomías que se presentan entre normas, dando preeminencia a calquera das dúas. O principio de xerarquía resolve a antinomia coa norma de rango superior ou co instrumento de planificación de rango superior. Ben, se en vez de «coherencia» se puxese «xerarquía», isto estaría resolto, de tal maneira que os instrumentos de planificación superiores se impoñerían aos inferiores en caso de contradición entre eles. Ao non declararse iso, créase un problema que vai dar lugar, evidentemente, a unha litixiosidade evidente.

Hai, ademais, unha exigua afirmación da preeminencia da ordenación do territorio sobre a ordenación urbanística, e non hai máis que ler os apartados 17.4 e 17.5. A Lei de ordenación do territorio —aquí e en calquera país do noso contexto xurídico— debe de declarar a xerarquía normativa superior e a planificación como carácter superior a nivel de xerarquía normativa sobre a ordenación urbanística, e tamén con respecto á ordenación sectorial, evidentemente, porque a ordenación sectorial non pode ser preeminente sobre a territorial, e moito menos sobre os instrumentos que vostede declarou na exposición de motivos como de rango superior, que sería o caso das Directrices de ordenación do territorio.

Ben, en segundo lugar, este proxecto de lei non establece unha xerarquización clara entre os propios instrumentos de planificación territorial. Vostede denunciou internamente unha serie de escalonamentos que, sen embargo, na práctica na lectura da lei non se advirten. E vou dicir en que se deduce isto claramente: no artigo 16.1 hai un uso de letras no enunciado dos instrumentos e non de números ordinais, que é o que corresponde a normas desas características. Se o primeiro son as Directrices de ordenación do territorio, pónase 1º), non a); se o segundo son os plans territoriais, pónase 2º), non b), e despois aí, dentro desa subordinación, tamén entre os distintos plans territoriais, e despois, finalmente, os sectoriais, os proxectos de interese autonómico. Ben, non hai nada disto.



E volvo insistir en que no artigo 17.1 tampouco hai unha declaración do principio de xerarquía das Directrices de ordenación do territorio sobre o resto de instrumentos de planificación urbanística. E isto converte en papel mollado o seu enunciado aquí na tribuna, no que establece ese escalonamento —como vostede referiu—.

En canto ás Directrices de ordenación do territorio hai unha deficiente redacción —notoriamente deficiente— do artigo 24 sobre a eficacia normativa das Directrices de ordenación do territorio, sobre a súa forza de obrigar e a súa posición preeminente sobre o resto de instrumentos de ordenación do territorio. De tal maneira que —polo que dixen antes— nos artigos 16, 17 e 24 pode resultar que haxa instrumentos de planificación sectoriais que se imponían ás Directrices de ordenación do territorio. E iso é un dislate desde a perspectiva da planificación, con independencia da ideoloxía política de cadaquén.

En canto aos plans territoriais integrados, hai unha ausencia na definición da referencia ás Directrices de ordenación do territorio, ningunha referencia, cando é un instrumento que, evidentemente, desenvolve piramidalmente as Directrices de ordenación do territorio. Soamente hai unha mención de soslayo no artigo 26.1, no apartado 5.a), que si contén, pola contra —e aí a técnica normativa está ben feita— na definición de plan territorial especial no artigo 29.1. Polo tanto, debería de facerse esa mesma técnica á hora de definir o plan territorial integrado. Igualmente, no plan territorial integrado, o artigo 31 contén unha redacción ambigua e insuficiente sobre a eficacia normativa e a posición. E isto é importante polo que dicíamos antes: polo desenvolvemento piramidal.

En canto aos plans de carácter sectorial, hai ausencia absoluta de referencia ás Directrices de ordenación do territorio e aos plans territoriais, e basta con isto ler o teor literal do artigo 32. Aínda que, pola contra —e isto está ben feito—, se especifica a súa posición normativa de superioridade verbo dos proxectos de interese autonómico que desenvolven os proxectos sectoriais —artigos 32 e 56.1—. Esa técnica é correcta. E o resto —a posición das DOT e a posición dos plans territoriais— debería de gardar esa mesma redacción para que quedase claro ese escalonamento. Hai, finalmente, nos plans sectoriais unha redacción deficiente da súa posición de eficacia normativa e xurídica a respecto doutros instrumentos no artigo 35.

Finalmente, nos proxectos de interese autonómico, estes son os únicos que conteñen unha redacción clara da relación xerárquica a respecto do resto de instrumentos de ordenación do territorio no artigo 43.1, que regulan os demais instrumentos que deberían de ter ademais unha claridade similar.

Ademais de todo isto —e a isto referireime despois á parte—, todo o sistema creba nos proxectos de interese autonómico non previstos, que non penden de ningún proxecto sectorial e que supoñen unha creba absoluta da afirmación da planificación urbanística.

Polo tanto, este proxecto debe de ser retirado por este segundo motivo tamén, pola falta de relación entre instrumentos de planificación; algo que é fundamental que faga unha Lei de ordenación do territorio.



O terceiro gran motivo, que ten que ver coa estruturación da norma —á marxe da ideoloxía que se profese nesta cámara—, é a preeminencia da lexislación sectorial sobre a ordenación do territorio e a súa planificación. Ningunha ordenación sectorial pode impoñerse á ordenación do territorio, porque a ordenación do territorio é a que contén unha perspectiva holística sobre a que despois se desenvolve a lexislación sectorial e a ordenación sectorial.

Pois ben, a lei —tal e como está redactada— subordina a ordenación territorial á sectorial, que, por forza, non contempla o fenómeno territorial no seu conxunto, e introduce unha solución á inversa de como debe de abordarse integramente a solución do territorio. Así, por exemplo, as prescricións en materia de urbanismo, en augas ou de montes poden resultar prevalentes á idea global do conxunto de ordenación do territorio. E pódense impoñer eses plans sectoriais urbanísticos, por exemplo, sobre o conxunto das Directrices de ordenación do territorio. E isto é incorrecto desde o punto de vista da técnica da xerarquía que debe de presidir a planificación do territorio. E voules poñer unha serie de exemplos:

O artigo 16.1 deste proxecto de lei relaciona os instrumentos de ordenación do territorio sen prexuízo da autorización dos instrumentos de ordenación urbanística e dos establecidos na lexislación sectorial. E o artigo 17.1, na preeminencia do inciso segundo das normativas sectoriais sobre a ordenación do territorio. Entón, esa pirámide que vostede anunciaba aquí non se encontra recollida na lei, entre outros, por estes dous artigos que acabo de mencionar. Polo tanto, isto é un dislate.

¿Cales son as consecuencias destas tres anomalías na concepción da lei desde o punto de vista da xerarquía normativa, e estou falando da falta de preeminencia de ordenación do territorio sobre a ordenación urbanística, estou falando da falta de xerarquía interna entre instrumentos de planificación e estou falando da prevalencia da ordenación sectorial sobre a planificación do territorio? Ben, crea un problema grande de inseguridade xurídica, porque desde o punto de vista do aplicador do dereito e desde o punto de vista de todos os operadores xurídicos que despois se relacionan cos instrumentos de planificación do territorio e de desenvolvemento urbanístico vanse encontrar cun caos ao non saber cal é a norma prevalente ou se é distinta á que se declarou aquí explicitamente. E iso vai dar lugar á xudicialización dos conflitos.

Ademais, hai outro problema, que é a consecuencia práctica indesexable eu creo que para a Xunta de Galicia: a patrimonialización de dereitos como consecuencia da obtención de licenzas conforme os instrumentos de ordenación urbanística que posteriormente son declarados nulos por contradicir a ordenación do territorio. E, polo tanto, iso supoñerá unha responsabilidade patrimonial da Xunta de Galicia que temos que evitar. E isto con independencia de a que partido pertenzamos, porque é de interese xeral que a ordenación do territorio sexa coherente, e coherente no sentido de establecer unha visión holística e esclarecida xerarquicamente.

Pero é que, ademais —e isto creo que xa é o colofón da desordenación do territorio—, se crean no proxecto de lei dúas figuras que rachan con toda a pretendida boa intención da ordenación do territorio, que se enfrontan diametralmente. En primeiro lugar, son os plans territoriais integrados para circunstancias non previstas nas DOT. Vexamos: resulta que as



DOT, as directrices de ordenación do territorio, conteñen unha perspectiva holística do territorio, unha perspectiva holística do que é o país, de cales son os seus usos, cal é o seu espazo físico, cal é a ordenación do asentamento do home e da muller no espazo físico, de todo isto, e despois resulta que, se nos olvidamos de cousas nesa gran visión holística, metemos un plan sen modificar as DOT, sen facer unha reconsideración completa para intentar emendalas pola vía do parche. Isto é contrario a toda a filosofía de planificación e debe de ser eliminado. O artigo 26.3 é o que o contén, e os seus concordantes. E, se é o caso, ¿como se debe de proceder? Pois mediante unha adaptación da realidade ás Directrices de ordenación do territorio. E no mesmo sentido, o artigo 29.2, en relación cos plans territoriais especiais.

A segunda figura que fai quebrar completamente calquera pretensión de ordenación urbanística neste texto son os proxectos de interese autonómico non previstos —artigo 37.3.b)—, que creban co carácter da figura de planificación secundaria que se prevé acertadamente nos artigos 32.5 e 36.1, xa que os PIA están chamados a desenvolver os proxectos sectoriais. Isto supón unha creba da ordenación do territorio e un coadiro de actuacións de grave impacto ambiental ou grave impacto territorial non previstas pola planificación. Nós entendemos que a solución é a detección das necesidades e, polo tanto, non destrozamos pola vía dos PIA non previstos a planificación completa, porque rompe a coherencia de instrumentos, senón someter, se é o caso, a revisión dos instrumentos de carácter superior coas debidas garantías.

Ambas as figuras, os plans territoriais integrados para circunstancias non previstas e os proxectos de interese autonómico non previstos, teñen en común que parchean deficiencias nas figuras de planificación de rango superior, ou ben por non teren sido advertidas determinadas necesidades, ou ben por non teren ben determinadas as realidades do propio territorio —vou rematando, señor presidente—. En ambos os casos, en vez de acudir o lexislador a unha modificación dos instrumentos que os adapten á realidade ou ás necesidades, parchéanse. E parchéanse con figuras de inferior rango, que resultan extravagantes a un sistema que así resulta incoherente e queda desordenado e dificulta a interpretación conxunta da ordenación do territorio, pola oposición de instrumentos inferiores a outros superiores que non contemplan estas realidades.

Esta técnica —e vou rematando xa— priva o planificador de rango superior de concibir as necesidades ou describir as realidades desde unha perspectiva holística, e despois adaptalas desde o punto de vista sectorial ou desde o punto de vista das necesidades urbanísticas. Polo tanto, isto debe de ser corrixido. Non pode haber esa superioridade do non previsto sobre o planificado, porque contraría a esencia da planificación do territorio.

Finalmente, quero sinalar que estas dúas figuras conteñen unha protección relaxada do control ambiental, e iso redunda tamén nunha perda de calidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...do propio texto.

O señor PRESIDENTE: Grazas...



O señor VILLARES NAVEIRA: Hai máis motivos que nós manexamos e que se encontran recollidos por escrito, pero parecíame esencial poder ter un debate con vostede onde defendera realmente ou non a vixencia do que vostede acaba de explicar. Vostede explica ben aquí a necesidade dunha pirámide, pero o texto non a contén. E, polo tanto, desde En Marea conformariámonos con que se corrixisese ese defecto...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e se volvese traer á Cámara corrixido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Señora conselleira, fixo vostede un exercicio meritorio de presentación e de resumo da lei, faltoulle o PowerPoint para que fose máis ilustrativo. En todo caso, vostede dixo que estamos nun día histórico e agarde un pouco, porque hoxe imos discutir fundamentalmente o debate sobre as emendas de devolución que presentaron todos os grupos da oposición. Máis adiante, en todo caso, xa se verá se lles dá tempo a aprobar esta lei. Depende de como vaia a lexislatura, que agora vai a moita velocidade e costa abaixo. Parece que hai nerviosismo nas fileiras do Partido Popular. (*Murmurios.*)

Botei de menos de todas maneiras na súa presentación que non dixese a palabra máxica das leis do Partido Popular, faltoulle «pioneira». Esta non é unha lei pioneira, ¿non? É unha lei —veu dicir vostede— que intenta remendar unha situación desfasada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, falaremos diso, dos vinte e cinco anos da lei e tamén dos anos que levan aprobadas as directrices e o que pasou con elas. Entón, o que pasa realmente é que vostedes non fixeron os deberes; non fixeron os deberes e veñen aquí tarde, mal e arrastro á última hora intentando aprobar unha lei despois de todo o que pasou ao longo destes anos. Aínda que vostede dixo que tamén había outras razóns e outras finalidades, nós diremos que hai unha axenda que non é nada oculta, que é evidente, onde están as verdadeiras intencións desta modificación lexislativa. Verémolo despois.

Pero antes queremos facer algunha reflexión sobre o que é o noso territorio, e non precisamente sobre a ordenación do territorio, senón do que vemos todos os días se viaxamos polo país, que é degradación e destrución do territorio e da paisaxe. Porque realmente o panorama que temos no país é desolador; desolador despois desa lei en vigor desde o ano 1995 e desde esas Directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral aprobados no ano 2011. Falamos de crecemento caótico das cidades e das zonas urbanas; só fai falta dar unha volta polo arredor das cidades. Falamos de desertización e despoboación do rural; vostedes mesmos recoñecen ese feito e o drama do despoboamento e o drama demográfico que sofre este país. Falamos de agresións ambientais na Rede Natura ou en terras agrarias, como,



por exemplo, coa plantación de especies de crecemento rápido, e a perda do dezasete por cento da superficie agraria no noso país ten que ver coa ordenación e coa planificación do territorio que vostedes non fixeron.

Falamos do descontrol das actividades extractivas. Saben ben como están moitos ocos mineiros. ¿Que está pasando, por exemplo, na mina de Touro? ¿Que está pasando, por exemplo, en monte Neme? Ese é o modelo que vostedes presentan como atractivo turístico do país: o monte Neme.

Falamos de agresións paisaxísticas por todas partes, porque vostedes despois de aprobarse a Lei da paisaxe no ano 2008 —e pasaron doce anos— foron incapaces de aprobar as Directrices da paisaxe, que é un instrumento fundamental, si, para a ordenación do territorio e da paisaxe, e para planificar e ordenar todas as cuestións, e para impedir esa depredación que estamos vendo. Por iso vostedes non aprobaron esas directrices.

E o mellor exemplo deste panorama é o que queren facer vostedes agora co pelotazo de Mos. Pero ¿de que nos están falando de ordenación e de planificación do territorio cando queren arrasar un millón de metros cadrados de monte fundamentalmente, de terreos rústicos de protección forestal, para regalarllos a unha iniciativa privada e a unha gran superficie comercial?, ¿de que estamos a falar? ¿Que modelo nos queren traer vostedes aquí? Ese é o seu modelo, o que está patrocinando e promovendo a Xunta de Galiza e o Concello de Mos para beneficiaren o Celta e unha grande empresa multinacional. Ese é o seu modelo: o modelo dos intereses dos especuladores e do negocio privado.

E a realidade, señora conselleira, é que a Xunta non fixo os deberes. Vostede non é responsable como tal responsable da Consellería porque leva moi pouco tempo. Pero en todos estes anos, nestes dez anos, e fundamentalmente desde o ano 2011, vostedes non cumpriron e non desenvolveron os mandatos estabelecidos, por exemplo, nas Directrices de ordenación do territorio, que están sen cumprir e están sen desenvolver. Porque vostedes nesas directrices prevían a aprobación de instrumentos claves para a ordenación do territorio, como, por exemplo, os plans territoriais integrados.

É que vostede vénnos falar aquí de Directrices de ordenación do territorio, de plans territoriais integrados e de plans sectoriais que xa estaban na anterior lei. Realmente a novidade vén polos PIA —despois falaremos dos PIA—, pero os demais instrumentos xa estaban. Entón, ¿de que estamos falando?

¿Por que non fixeron ningún dos plans territoriais, excluído o POL, que estaban previstos nas DOT? Porque aí falábase de facer un plan para cada unha das rexións urbanas: A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra, e dun plan territorial integrado para cada unha das sete cidades, tamén para o sistema urbano intermedio e para os nós, que lle chamaban do equilibrio do territorio, que é unha cuestión fundamental.

¿Por que non fixeron esa planificación? ¿Por que deixaron o país a monte? ¿Por que deixaron que a depredación das figuras, como lle chama vostede á intervención no territorio, proliferasen por todas as partes como fungos? ¡Porque non fixeron os deberes! Só aprobaron un



plan territorial integrado, o POL, no ano 2011. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, agora andan con outras... Voulles dicir o que di a disposición adicional terceira do POL: «Ence, área de mellora ambiental e paisaxística. O obxectivo desta área é a recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización no horizonte do ano 2018». Si, conselleira, atenda, atenda, atenda... Non lle gusta que lle diga isto, ¿non? Isto é o que prevía o POL para os terreos de Ence en Lourizán. ¿E sabe o que fixeron vostedes? Darlle unha prórroga de sesenta anos con informe favorábel da Xunta de Galiza, (*Aplausos.*) con informe favorábel da Consellería de Medio Ambiente, indo en contra do que establecen o POL e as Directrices de ordenación do territorio. Esa é a súa maneira de facer ordenación do territorio, que é ao servizo das empresas do Ibex, ao servizo das portas xiratorias.

E, claro, o que non fixeron vostedes foi un programa coordinado de actuación, que é unha figura que estaba prevista tamén na lei anterior e tamén nas directrices. ¡Programas coordinados de actuación! ¿Sabe o que significa isto, señora conselleira?, ¿sabe o que significan os programas coordinados de actuación? Poñer de acordo a todos os axentes do territorio, por exemplo, na área metropolitana de Vigo, que vostedes tamén torpedearon, para facer un plan de actuacións conxuntas en materia de infraestruturas, en materia de equipamentos, en materia de servizos, de maneira ordenada e planificada, para que non pase o que están facendo, por exemplo, con ese pelotazo de Mos. Esa é a diferenza entre un modelo e outro: o modelo da planificación, da ordenación e da actuación conxunta cos programas coordinados de actuación, e outro é este de deixarlles facer aos poderosos, aos especuladores o que queren co territorio.

E tampouco fixeron ningún plan de ordenación do medio físico, que era un instrumento fundamental para ordenar os espazos naturais, por exemplo, e tamén para ordenar o medio rural. E agora véñennos con estes cantos bucólicos en defensa do medio rural, da lexislatura do rural. Voulles dicir despois o que ocupa o rural nesta lei.

¿E que fixeron? Non fixeron os plans territoriais, é dicir, dentro desa ordenación piramidal non fixeron a planificación superior, a ordenación superior, e si que deixaron facer os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, que son os que lles interesan ás empresas privadas, ás grandes empresas, que queren esa intervención directa no territorio por riba das determinacións xerais, trescentos cincuenta e dous, pero plans territoriais, un. Ese é o modelo.

E agora, en tempo de desconto, vostedes tráennos aquí un arsenal lexislativo ou o seu *bulldozer* lexislativo, nesta traca final en tempo de desconto da lexislatura, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —no 2018, si, pero estamos no 2020— a Lei de ordenación do territorio, e anuncian outro perigo: a Lei de avaliación ambiental, despois do que xa aprobaran antes no 2013 a de emprendemento e no 2017 a de depredación. Vai todo claramente na mesma dirección. Poderíamos falar tamén da Lei de rehabilitación urbana.

¿Sabe que é o que teñen en común todas estas normas? Utilizan unha escusa, que é a da simplificación e a coordinación administrativa. Pero o que teñen en común é privar os intereses dos grandes grupos empresariais, dos grandes *lobbys* que queren espoliar, seguindo



a espoliar o noso territorio: o *lobby* enerxético, o *lobby* forestal, o *lobby* mineiro, o *lobby* tamén das grandes superficies comerciais, que son fondos voitre que queren asaltar e depredar o noso territorio.

E hai que recoñecerlles de todas maneiras unha cousa que fan ben: este proxecto ten tamén a súa cara amábel, ten unha cara amábel. Vostedes fan como as plantas carnívoras, que despregan uns aromas atractivos e unhas cores atractivas a ver se pican a alguén, e entón meten neste envoltorio de retórica —podemos dicir— *buenista*, de boas intencións, e falan de desenvolvemento equilibrado, de desenvolvemento sostíbel, de cohesión social, de participación. Ben, vostede aquí falounos da Galicia verde e azul, que é xa a marabilla de todas as marabillas, a *Galicia no país das marabillas*.

Pero voulles dicir que vostedes falan de «participación», pero non entenden o que é a participación, porque para vostedes a participación é, por exemplo, facer un procedemento de consulta pública. Pero iso é algo que está regrado, iso é o procedemento normativo regrado. A verdadeira participación é outra cousa. A verdadeira participación ten que ver cun diálogo e cunha intervención social, horizontal e de abaixo a arriba, coa participación de todos os axentes en debates que teñen que ver con cuestións fundamentais para o futuro do país. E vostedes iso non o fan.

E o mesmo podemos dicir no caso do rural, que ocupa un artigo. Por certo, falan do sistema rural de Galiza, un único artigo fronte aos catorce dos PIA. Un único artigo para falar do sistema rural de Galiza, cando vostedes incumpriron sistematicamente todo o que pedían as DOT para o rural galego. Por exemplo, unha das determinacións das DOT falaba de que a Xunta de Galicia cartografará as zonas do territorio de maior aptitude agrogandeira e forestal, para protexelas. Pero vostedes non o fixeron porque vostedes non queren protexer eses usos do medio rural. E vostede estivo de conselleira do Medio Rural e puido promover ese plan de ordenación do medio físico para facer esas actuacións. Ou a número 3.7.7, que di que «A Xunta de Galicia regulará os cultivos enerxéticos tanto de tipo agrícola como de tipo forestal». E non o fixeron e sabemos por que non o fixeron, porque están aí os *lobbys* enerxéticos que queren facer esas plantas de biomasa para espoliar os nosos recursos. (*Aplausos.*)

E despois hai ausencias clamorosas tamén. Pero vou falar da verdadeira cara desta lei, que é a cara B, que é a verdadeira axenda, a verdadeira razón de ser e a principal novidade, que son os proxectos de interese autonómico e que ocupan catorce artigos, que son o verdadeiro cabalo de Troia que vostedes poñen na normativa para favorecer os intereses deses grandes axentes económicos, deses grandes grupos económicos, aos que queren darlles unha patente de curso para espoliar o territorio.

E substitúen os plans e os proxectos de incidencia supramunicipal, pero corrixidos e aumentados. ¿E vostedes falan de coordinación e cooperación administrativa? O que fan é asaltar e pasar por riba como un *bulldozer* das competencias e da autonomía municipal. Falan de cooperación administrativa e pasan por riba do planeamento e da necesidade de que os concellos aproben as licenzas para estes proxectos. Pasan por riba da normativa paisaxística e de protección dos espazos naturais. Inclúen unha figura pernicioso, aberrante, que é a dos proxectos de interese autonómico non previstos, para que as empresas privadas poidan facer



esa intervención directa no territorio co seu beneplácito, en contra de calquera planificación e ordenación superior, e tamén do que digan os concellos, que non teñen nada que dicir. E, ademais, xa o máis aberrante é que lles dan a eses PIA non previstos a posibilidade de declaración de utilidade pública e interese social e a vía da expropiación. E se existise esta figura agora utilizaríana, por exemplo, para o pelotazo de Mos. E despois crean unha excepción tamén para os parques eólicos.

Polo tanto, señora conselleira, o BNG presenta esta emenda á totalidade de devolución ao Goberno porque este é un tema de tal magnitude que merece un acordo de país, merece un pacto territorial, onde teñen que estar, desde logo, os grupos parlamentarios e onde teñen que estar todas as institucións deste país —desde logo, o Goberno galego, as deputacións, os concellos— e tamén a sociedade, os axentes sociais a través das súas entidades representativas, pero non só os axentes económicos e eses grandes axentes económicos que están detrás.

Por iso presentamos esta emenda de totalidade e pedimos unha nova norma consensuada que estea ao servizo do interese xeral, do interese social, do interese público, non dos intereses privados, e que concilie —como ten que ser nunha norma deste tipo— a ecoloxía coa economía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Señora conselleira, isto é unha vez máis a máis pura tradición deste goberno e do Partido Popular: un monumento á falsidade absoluta, un xeito de dicir unha cousa e facer a contraria e unha mentira tras outra. Ben, é o colofón, ademais, á lexislatura do espolio do rural.

As motivacións expostas aquí para modificar esta lei son absolutamente falsas, non se sosteñen. ¿Por que se modifica esta lei? A conselleira e o texto lexislativo afirman que é por dúas cuestións fundamentais: para adaptarse á Estratexia territorial europea, que se aprobou no ano 1999, e un segundo argumento é porque pasaron vinte e cinco anos. E nós dicimos, señora conselleira: as leis non quedan desfasadas porque pasen os anos, quedan desfasadas se a realidade supera ese texto lexislativo. Porque temos, por exemplo, unha Lei de expropiación forzosa, estatal, de 1954, e segue funcionando, e é a que se aplica para facilitar a expropiación á xente por parte das eléctricas nos parques eólicos, por exemplo. É de 1954, e debe ser que para vostedes esta lei funciona ben, que non está desfasada. Polo tanto, non se xustifica.

Pero estamos falando de algo, estamos falando dun país real, estamos falando de Galicia. Estamos falando dunha lei vixente, a Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, que se elaborou cuns obxectivos moi claros: corrixir os desequilibrios que xa por daquela había no país para que todas as rexións do país tivesen un desenvolvemento igualitario —como



dixo vostede—, que houberse oportunidades para a xente de todos os territorios: interior e eixo atlántico, e para mellorar a coordinación interadministrativa supramunicipal, que era outra das eivas que tiña Galicia para desenvolver políticas económicas, sociais, de ordenación do territorio, que era crear entidades supramunicipais que puidesen crear plans de desenvolvemento económico endóxico que fixesen unha ordenación a unha escala axeitada etcétera. Estamos falando dun país real, cunhas necesidades reais en 1995.

Esta na exposición de motivos dicía: «A falta endémica dunha visión integradora e combinada da actuación administrativa levou a que a Xunta de Galicia adoptase un conxunto de medidas, integradas nos diferentes plans de accións sectoriais acometidos, que se traduciu na superación dunha situación caracterizada desde antigo polo desequilibrio territorial, na que a poboación, a actividade económica e as infraestruturas se concentraran nunha parte relativamente reducida da comunidade, o corredor atlántico, deixando en peores condicións as restantes zonas, o que incrementou as diferenzas de calidade de vida existentes entre os habitantes das zonas rural e urbanas».

«Os tradicionais instrumentos de ordenación ofrecidos pola normativa urbanística mostráronse na práctica insuficientes á hora de abordar a corrección dos desequilibrios territoriais de carácter socioeconómico ou a coordinación das actuacións territoriais supramunicipais». Os dous obxectivos que se fixan son a corrección dos desequilibrios territoriais e a coordinación administrativa entre concellos e entre as administracións tamén.

O primeiro que tiña que vostede facer ao vir aquí, cando se motiva por que se fai unha nova lei, é un balance de aplicación da primeira. Porque vostede presumiu de que fan moitas leis; ben, nesta lexislatura os datos din que non. Aínda así, leis hainas a barullo, sobre todo neste tema no que vostedes disparan a todas as partes —e despois falarei diso—, pero hai que cumprilas e hai que implementalas. E vostede tiña que vir aquí facer un balance de que é o que se aplicou da lei vixente e do que non se aplicou. E do que non se aplicou, dicir os motivos polos que cre que non se aplicou, e se son necesarios aplicar, corrixir o necesario para que se apliquen.

Por exemplo, saberemos moito de a que se dedicaron vostedes no goberno se imos aos datos de que instrumentos da lei vixente se aplicaron. E voulle dicir eu: dos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, preto do noventa por cento, o oitenta e seis por cento dos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal foron para parques eólicos, para liñas de alta tensión e para centrais hidroeléctricas, o noventa por cento; o restante, para solo empresarial. E con estes datos sabemos para que serviu esta lei: para facer proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, para vencer as resistencias locais da xente e dos concellos, para ofrecer determinados proxectos que provocan rexeitamento. É dicir, cando aos veciños e ás veciñas de Laxe lles implantan un parque eólico, aínda que nese concello a corporación unanimemente diga que non a ese parque eólico, aí ponse, porque a Xunta non é que coordine administrativamente, é que impón a súa lei. E impón a súa lei para beneficio de empresas privadas.

Polo tanto, vostede tiña que ter feito aquí un balance de por que só se aprobou un plan territorial integrado, o Plan de ordenación do litoral; ademais, impulsado —e un grande



acerto— polo Goberno bipartito para frear naqueles anos a desfeita que podía vir. Ben, pois resulta que vostedes non aprobaron ningún plan territorial integrado para algo tan importante para este país como é crear dinámicas comarcais, supramunicipais ou metropolitanas. ¡Un absoluto fracaso! O plan territorial integrado é para que nesas entidades supramunicipais se poñan en marcha medidas integrais de desenvolvemento económico, social etcétera. ¡Nin un! E vostede aquí non se pregunta por que non se aprobaron, e non modifican nada para que no futuro haxa máis facilidade para aprobalo, se hai vontade política, claro, que moitas veces non a hai.

Tampouco se preguntan por que non se levou a cabo ningún programa coordinado de actuación, que é aquel programa onde as administracións, as diferentes administracións, fan un plan de investimentos para conseguir un obxectivo.

Polo tanto, a xustificación da modificación da lei tería que vir por aí. E o que se quere facer tería que vir por aí.

Pero vostedes, o que fan é eliminar dous elementos e mellorar o que xa funcionaba ben. Pero ¿mellorar para quen?, ¿para o interese xeral? Non, para as empresas que xa utilizaron eses instrumentos. Porque se o noventa por cento dos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal foron para as eléctricas, como é oficial nas memorias da Comisión de seguimento de aplicación das Directrices de ordenación do territorio, pois agora vostedes o que fan é aínda darlles máis vantaxes e crear iso dos programas autonómicos.

Polo tanto, a motivación é falsa. Esta non é unha lei que trate de corrixir os desequilibrios, que se agravaron desde que vostedes gobernan. Porque, se a Lei de ordenación do territorio buscaba reequilibrar o país, os datos dinnos que a situación se agravou desde que vostedes gobernan. E hai que ir nada máis que a esas memorias que anualmente se entregan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio, que nos din que todos os anos desde que vostedes gobernan descendeu a densidade da poboación das zonas pouco poboadas. O último ano pasou de 21,8 habitantes a 21,4 habitantes; un ritmo espeluznante o que está seguindo o rural neste país de despoboamento. Por primeira vez descendemos en moitos anos dos 2.700.000 habitantes, perdemos cen mil habitantes entre 2009 e 2019, e ata o ano 2009 a poboación medraba. Nestes últimos dez anos perdéronse cen mil habitantes. Pero, ademais, perdéronse, sobre todo, nesas zonas do rural, ás que se pretendía axudar cunha Lei de ordenación do territorio. Nada se falou diso, nada se falou desa realidade, que é un dos grandes retos que ten este país.

Por outra banda, tamén queremos sinalar por que dicimos que vostedes non poden dicir as motivacións reais. Porque vostedes están ao negocio, e iso é o que explica todo. Vostede non pode vir aquí dicir que tivo demandas de determinados sectores para que lles modificasen a lei, porque hai veces que eu non podo sacar adiante determinadas cuestións. Claro, o mesmo que non fixeron coa Lei 3/2016 ou coa Lei de acompañamento cando se anulou o Plan xeral de ordenación municipal, que están multiplicando as leis para incumprir a planificación, que é o que fan vostedes cos proxectos de interese autonómico non previstos. É dicir, sen estar nun plan sectorial nin nunha planificación sectorial, agora pódese facer desde a iniciativa privada programas de interese autonómico non previstos. *(Pronúncianse palabras que*



non se perciben.) Si, si, si, privada, señora conselleira. Xa que me interpela, teño aquí o texto da lei, vexamos:

«Proxectos de interese autonómico non previstos...» (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si. «...que teñen por obxecto planificar e proxectar a execución de actuacións non contempladas nun plan sectorial.

Neste caso, o proxecto deberá axustarse aos criterios e obxectivos que establezan as Directrices de ordenación territorial. Debe ser congruente e axustarse...

Unha vez aprobado o plan sectorial, non poderán aprobarse, dentro do ámbito...

Os proxectos de interese autonómico poderán ser promovidos e desenvoltos por iniciativa pública ou privada».

Señora conselleira, ¿non sabe a lei? (*O señor Sánchez García amósalle a toda a Cámara un folio.*) Pono aquí, ¿non? (*A señora conselleira Vázquez Mejuto pronuncia palabras que non se perciben.*) Déallo á conselleira para que o teña ben claro. (*O señor Sánchez García entrégalle á Presidencia da Cámara un folio.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, vostedes non poden recoñecer os obxectivos reais. Entón, non poden recoñecer, por exemplo, que resulte especialmente grave no caso de proxectos de iniciativa privada, por exemplo, a previsión de que a elaboración do proxecto de interese autonómico e a súa aprobación inicial no caso da iniciativa privada corresponden ao promotor. Na práctica, isto supón que a definición dos intereses autonómicos se deixa nas mans do promotor particular.

Dous. A posibilidade de expropiar os terreos que considere convenientes para os intereses do promotor particular.

Tres. A supresión da obriga de obter licenza urbanística municipal. Vostedes suprimen esta obriga da licenza municipal. Non é casualidade. Dado que o proxecto sectorial ou o proxecto de interese autonómico agora non ten o contido técnico completo, ninguén controlará se o proxecto de execución das obras cumpre ou non as determinacións do proxecto sectorial, nin as normativas de seguridade, habitabilidade, funcionalidade etcétera. Ademais, dado que as obras non están suxeitas a control municipal, non se contemplan as medidas necesarias para restaurar a legalidade urbanística vulnerada, nin para sancionar as infraccións cometidas en caso de que non se acomoden as obras ao proxecto sectorial. Isto é clave, e estanlles dando máis manga ancha aos que xa tiveron manga ancha, por exemplo, no Oribio. É dicir, os concellos non dan licenza municipal; polo tanto, os concellos non poden controlar como se fan esas obras.

Vulnera a autonomía municipal. (*Murmurios.*) *Excusatio non petita.* Vostede dixo que se respectaba a autonomía municipal, como di a lei. Non din iso todos os concellos que presentaron alegacións á lei no período de consultas. Din que se vulnera a autonomía municipal, e é evidente, porque se prevé que simultaneamente coa aprobación do proxecto de interese autonómico se aprobe a modificación do Plan xeral de ordenación municipal directamente nos



concellos. Non, non estaba. Obrigaba o concello a modificar, que non é o mesmo. Xa eliminan o concello da intervención neste proceso, que non elabora a modificación do plan xeral, nin aproba inicialmente, nin provisional nin definitivamente. Na práctica, será o particular, no caso de iniciativa privada, quen decida sobre o contido e alcance da modificación, sen contar cos intereses da comunidade municipal, que só representa o Pleno da corporación.

Pasan por riba da vontade da xente dos concellos. ¿E todo para que? ¿Para construír vivenda protexida? Non. ¿Para construír infraestruturas públicas? Non, porque vostedes todos os plans sectoriais que aprobaron están aí para ver. Non aprobaron ningún plan sectorial de vivenda protexida nos peores anos da crise económica cando a xente se ía para a rúa, e acusaron o Goberno bipartito de irlle roubar as terras á xente porque quería facer un plan sectorial de vivenda protexida. Vostedes non atenderon cos plans sectoriais as necesidades do interese xeral. Vostedes aprobaron o Plan sectorial eólico, vostedes apoiaron o Plan sectorial eólico —a última modificación no ano 2002—, para atender os intereses das empresas que se implantaron no territorio. Vostedes utilizaron eses instrumentos para desequilibrar máis o país. Por iso digo que é falso todo o que din, é o contrario: din unha cousa e fan a contraria.

Falan de ordenación do territorio, e os instrumentos que utilizan son para desequilibrar máis o territorio, porque permiten actuacións que expulsan a xente do rural, como o demostran os datos. Nunca tanta xente do rural se expulsou coma nestes últimos dez anos coas súas actuacións, e así o din os datos. (*Murmurios.*)

Foméntase ademais a dispersión normativa, chea de instrumentos que precisamente son para esquivar os instrumentos de planificación. Os proxectos de interese autonómico non previstos veñen calcar o instrumento regulado na Lei 3/2016, xa tamén. O mesmo acontece coa regulación dos proxectos sectoriais para o desenvolvemento de plans sectoriais de áreas empresariais, que establecen na Lei de depredación, na 5/2017. Vostedes exceptúan do cumprimento desta Lei de ordenación do territorio ás empresas do sector eólico, que se seguirán rexendo pola Lei de depredación; exceptúan, fanlles traxes á medida. Por exemplo, proxectos destes dous sectores non terán que cumprir o requisito de acreditar a aceptación polas persoas propietarias que representan máis do cincuenta por cento da superficie total do ámbito de actuación do proxecto; que si que se lles exige aos promotores privados noutro tipo de actuacións. En troques dun hipotético proxecto de interese autonómico para o desenvolvemento de vivenda protexida, se hai un promotor privado si que terá que contar co mínimo do acordo do cincuenta por cento dos propietarios da superficie.

E, en definitiva —que xa se remata o tempo—, as motivacións que vostede argumenta son falsas. E, polo tanto, analizando as cifras, o que vemos é que isto está pensado para deixar atadas determinadas medidas antes de que vostedes rematen de gobernar este país e que non atende ao interese xeral. Non analiza o porqué do desequilibrio territorial de Galicia nin acomete medidas para reducir ese desequilibrio; non analiza o que non funcionou ben da lei, nin parte de datos reais. Simplemente visten o santo para despois beneficiar os de sempre.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Polas emendas á totalidade que presentamos todos os grupos e as argumentacións dos distintos voceiros e voceiras empregadas ata o momento, parece que existe o que é un evidente sentimento común na oposición de claro rexeitamento á lei que aquí hoxe se presenta. E a verdade é que non é de estrañar porque esta é unha lei que nace con moi pouquiños argumentos. Ben é certo que hoxe a súa defensa xa está garantida de antemán, e sabémolo. E os grupos da oposición tan só podemos, en todo caso, alertar sobre as súas debilidades e —o que tal vez é máis importante— sobre a ameaza que supón para o noso territorio.

Dende a visión do noso grupo, este proxecto de lei sitúa hoxe o territorio galego nunha posición moito máis vulnerable. Un feito que, ademais, nos lembra as épocas do urbanismo galego máis agresivo e destrutivo co territorio, co noso litoral, cos nosos montes, cos nosos ríos. Cunha boa base —iso si— de maquillaxe anúnciase nesta lei a intención deste goberno para vender o territorio, todo o territorio. Un atrevemento que é, se cabe, máis grave cando se aproveita, ademais, un documento tinguido de conceptos como infraestrutura verde, como protección do medio ambiente ou sostibilidade, e que non serven neste caso máis que para enmascarar o que é unha clara anteposición do negocio urbanístico empresarial aos diversos valores intrínsecos ao territorio. Polo tanto, enfrontámonos a unha lei de texto amable pero con perversa finalidade. Ese é o resumo deste anteprojecto de lei.

Por desgraza, os exemplos xa os temos hoxe e xa alarman as veciñanzas como as de Mos e como as de Touro e O Pino. E iso amósanos que esta é unha lei *ad hoc* feita para o perfecto encaixe das iniciativas privadas, que o Goberno do señor Feijóo entende que están por riba dos intereses veciñais, dos intereses naturais ou culturais da nosa terra. E se ben dende o Grupo Socialista esa é a conclusión última, para chegar á mesma previamente fixémonos a seguinte pregunta: ¿por que e para que se redacta esta lei? E é que, dende o noso punto de vista, a xustificación para a redacción dunha lei nova ten que basearse, cando menos, na necesidade de legislar aquilo que non ten regulación ningunha e, en todo caso, como resposta ao esgotamento de mostrada falla de vixencia da lei que lle antecede.

Analizando con detemento o Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia en trámite podemos concluír que non semella que estea a responder nin ao un nin ao outro dos supostos anteriores. Ben é certo que na exposición de motivos do proxecto de lei se argumenta a necesidade dunha nova lei polas máis de dúas décadas de vixencia da actual. E, francamente —concordamos tamén con algún dos voceiros que xa o argumentou—, non parece este un argumento suficiente por cando existen outras leis anteriores, neste caso tamén autonómicas, que nin se necesita nin se plantexa por parte deste goberno seren substituídas. E igualmente apúntase a normativa urbanística existente, cando esta non deba ser a que provoque a existencia dunha nova Lei de ordenación do territorio, senón precisamente o contrario.



É notorio tamén como se trata de argumentar coa necesidade de afrontar novos obxectivos, pero sen esa análise previa en ningún caso do comportamento e dos resultados da actual Lei de ordenación do territorio de Galicia, tanto no referido ao seu grao de desenvolvemento e aplicación como tamén á vixencia e capacidade dos instrumentos de ordenación do territorio que contén. Cuestión que tampouco se aborda.

Ao tempo, tamén se bota en falla argumentar que cuestións serían aquelas que non poden ser abordadas no marco da actual normativa, se é que hai algunha. Sen esa análise previa — insisto— da actual Lotga que sirva de referencia, entenderá o grupo de goberno que resulte moi complexo comprender e valorar a suficiente xustificación para esta modificación.

E se estes case vinte e cinco anos lle serviron ao Goberno no día de hoxe para concluír neste último ano e medio —porque hai que dicir que nunca se manifestara antes esta necesidade— a obsolescencia dos instrumentos anteriores contidos na lei, ¿por que non se argumentan debidamente esas conclusións? E o que é máis importante: ¿por que non se traslada isto debidamente á cidadanía galega?

Cando un rompe cunha lei, como cando rompe cunha parella, debera dar algún tipo de explicación, e non un simple e pouco argumentado «É que xa non me serves». Máxime cando aquí hai unha responsabilidade ademais como xestores dos recursos das galegas e dos galegos. E de aí ese noso primeiro apuntamento que nos leva a considerar como totalmente erróneo o punto de partida para a redacción deste proxecto de lei. Ademais, un punto de partida que nos leva a dubidar de se verdadeiramente a lei vixente é un documento obsoleto para o territorio galego e eses novos obxectivos que din introducirse na lei, ou se máis ben o é para os verdadeiros intereses e intencións das políticas do señor Feijóo.

De feito, e apuntando nesta mesma dirección, vemos como se sinala nas consideracións das alegacións a este proxecto de lei presentado polo propio Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia —e leo textualmente—: «A maioría dos aspectos sinalados na exposición de motivos do anteproxecto de lei xa están incluídos ademais na aprobación do ano 2011 das Directrices de ordenación do territorio aprobadas. Polo que se considera...» —eles conclúen— «...que non xustifican a modificación da lei actual». Claro e conciso.

Polo tanto, non só dende o noso grupo apreciamos esta escasa xustificación para a modificación da lei, senón que colectivos profesionais, como é o propio COAG, subliñan a falla de incorporación de novas motivacións e obxectivos que expliquen e xustifiquen a súa procedencia.

En canto ao grao de desenvolvemento ou de aplicación da actual lei, pois bótase en falla a análise de, por exemplo, as posibles causas —como tamén aquí xa se apuntou— polas que dende a aprobación, por exemplo, do Plan de ordenación do litoral non se acadou ningún outro plan territorial integrado, nin a elaboración dos correspondentes programas coordinados de actuación. ¿É un defecto da lei ou máis ben falla de impulso e interese por parte deste goberno?

Neste sentido, é preciso tamén subliñar a nimiedade do gasto público realmente dedicado ás cuestións relacionadas coa ordenación territorial de Galicia na última década. Entre o ano



2009 e o ano 2018 deixaron de executarse no programa 521A, «Urbanismo», nin máis nin menos que oitenta millóns de euros, o que, sen dúbida —pensamos—, dá boa conta do desinterese polo impulso de desenvolver eses instrumentos de ordenación cos que xa se conta. E se analizamos ademais o que se ten previsto para o ano 2020, concluiremos que é o menor dos orzamentos deste programa dende que existe como tal, practicamente a terceira parte do que se orzaba hai dez anos.

Polo tanto, non, entre a intención deste goberno nunca estivo nin se prevé que estea a preocupación polo territorio como algo prioritario. E os instrumentos non fracasaron, simplemente non se impulsaron, porque non houbo interese ningún en facelo. E mostra clara da improvisación que parece rodear esta lei é que esta non formaba parte —e insisto— do propio programa electoral do Partido Popular nas eleccións do 2016, tampouco entre os obxectivos do ano 2017 e tampouco entre os obxectivos do ano 2018; é un obxectivo de apenas hai ano e medio.

Un proxecto que —insistimos— parece ser máis froito dun desexo de xustificar a introdución de cambios moito máis importantes contidos na lei e que precisan de corpo legal para poder ser levados a cabo. Unha lei ateigada desa maquillaxe da que falaba ao principio e que agocha a introdución de novas figuras instrumentais, como son os proxectos de interese autonómico. Este novo instrumento plantéxase cunha formulación un tanto distinta á dos plans ou os proxectos de incidencia supramunicipal, configurados como instrumentos de ordenación directa por parte da Xunta de Galicia. E é que máis alá do risco de contravir e lesionar o principio de autonomía municipal supoñen unha clara ameaza para todo o territorio, incluso aquel con proteccións especiais. Unha cuestión que amosa a evidente falla de orientación e incapacidade de xestión pública amosada nos últimos anos en canto á planificación estratéxica e a ordenación do territorio. A realidade é que esta nova figura está a abrir a porta a que operacións de índole privada que desexe implantar a Administración autonómica poidan ser desenvoltas en calquera tipo de solo, sexa cal sexa a súa cualificación e modificando incluso o planeamento urbanístico municipal. Non lle veríamos problema certamente se esta cuestión quedase perfectamente clarificada e acoutada, pero non é así.

Unha opción que equivoca perigosamente flexibilidade —unha palabra que se nomea moito nesta lei— con liberalización e permisividade, coa que o noso grupo, dende logo, non concorda, e cando xa na actual lexislación urbanística ou industrial existen, ademais, figuras ás que acudir para posibilitar a implantación de determinados proxectos.

E, por desgraza, xa nos últimos tempos coñecemos tamén como esa flexibilidade para o encaixe dun proxecto de interese autonómico tampouco sabe de moitos impedimentos. Lembremos ese exemplo —xa denunciado nesta cámara— do caso do complexo deportivo comercial do Real Club Celta en Mos, que para xustificar o cambio de uso do solo de protección forestal no que pretende establecerse presenta, entre outros argumentos, aquel que di que é o mellor comportamento do solo ante o risco de incendio pola redución da masa arbórea. Algo que —como comprenderán— rolda literalmente o surrealismo, pero que nos ten que servir para comprender que con leis coma esta todo é susceptible, todo, como neste exemplo de Mos, de ser argumentado e, o que é peor, aplaudido e apoiado como neste caso por parte da Xunta de Galicia.



Polo tanto, actuacións como esa de Mos, con claro encaixe neste tipo de novo instrumento de ordenación, como son os plans de interese autonómico, o único que nos veñen demostrar é que o noso territorio será, de aprobarse este anteproxecto de lei, moito máis vulnerable e con cada vez menos capacidade de defensa. Algo que é absolutamente alarmante.

E, por outra banda, a figura xa existente dos programas coordinados de actuación, que se eliminan neste proxecto de lei e que entendemos que son instrumentos necesarios para dar viabilidade ás cuestións establecidas nas Directrices de ordenación do territorio. Estas están deseñadas como elemento chave para dar cumprimento aos obxectivos que o propio anteproxecto define no seu artigo 2.1, que di que «A ordenación do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia rexeráse polos principios de coordinación e cooperación interadministrativas, asegurando a coherencia na actuación das administracións públicas e a participación social. Ambos principios deberán garantirse na elaboración e execución dos instrumentos regulados nesta lei».

É máis, nas determinacións das DOT indícase no seu punto 10.1.7 o seguinte. «A Xunta de Galicia poderá elaborar programas coordinados de actuación para acompañar a planificación establecida nos plans territoriais integrados ou para concretar e desenvolver as previsións dos plans sectoriais». E tamén di no punto 10.1.8: «Polo seu carácter netamente investidor e polo seu compoñente interadministrativo correspóndelles ás consellerías con competencia en economía, facenda e coordinación administrativa elevar ao Consello da Xunta as propostas para a elaboración e aprobación dos programas coordinados de actuación».

Por tanto, coa intención explícita neste proxecto de lei de eliminar os programas coordinados de actuación, elimínase tamén a existencia de instrumentos que permitan fórmulas, propostas e actuacións coordinadas a escala autonómica, sen que se contemple no texto do anteproxecto ningunha outra figura nin mecanismo alternativo que permita acadar os obxectivos definidos.

Entendemos, polo tanto, que no caso dunha reformulación da lei como a que aquí se plantexou se reconsidera a permanencia entre os instrumentos de ordenación do territorio cando menos dos programas coordinados de actuación, tal e como se define na Lei de ordenación do territorio do ano 1995.

De feito, o propio Alberto Núñez Feijóo afirmaba, no seu prólogo ás Directrices de ordenación do territorio, o modelo territorial que Galicia precisa coas DOT e di: «Configúrase un marco de crecemento flexible que lles dá cabida ás potencialidades de cada zona e sinala o camiño para actuar con racionalidade e visión de futuro por parte de institucións, organizacións e cidadanía». E concordamos, a verdade, con esa análise. Cremos que o modelo de desenvolvemento territorial recollido na Lotga de 1995 e nas Directrices de ordenación do territorio de 2011 é flexible e, polo tanto, con percorrido.

Por iso, non entendemos cal é a viraxe que xustifica o esquecemento desas afirmacións. Entendemos que de cara a obter resultados satisfactorios para a ordenación do territorio sería a mellor estratexia concentrar recursos e sumar esforzos co obxectivo de avanzar nas liñas xa definidas que manteñen a súa plena vixencia na actualidade, fronte a acometer unha re-



forma da lei de 1995, pois é perfectamente válida como instrumento para acadar os obxectivos establecidos.

Tamén así o describía no mesmo prólogo das DOT o entón conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, no seu texto «Na procura dun territorio aberto, equilibrado e unido», e dicía: «As directrices que aquí presentamos marcan un antes e un despois na planificación e na xestión do territorio, teñen vocación de ser a clave de bóveda dun proxecto común que é Galicia». Polo que se adiviña, neste anteproxecto de lei parece que esa «clave de bóveda» nin é tan clave nin o marco era tan flexible como se defendía, ou polo menos así o ve sorprendentemente o Goberno no día de hoxe.

Dende o noso grupo defendemos hoxe, en todo caso, a suficiencia da lei actual, a continuidade na aplicación do modelo de planificación territorial definido nas Directrices de ordenación do territorio e o necesario impulso para propiciar a súa materialización e necesario desenvolvemento.

Sen máis tempo para defender outros aspectos importantes que están recollidos neste anteproxecto, concluímos con que o maior compromiso que neste momento pode e debe amosar este goberno con Galicia é dar un paso atrás e retirar a que non sería máis que unha mala e intolerable estratexia de venda do territorio galego.

Nada máis polo momento. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Pierres.

Por parte do grupo non emendante, o Grupo Popular de Galicia, ten a palabra o señor Fernández Prado por un tempo de quince minutos.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías. Bo día, conselleira.

Antes de nada, grazas pola súa explicación, por vir a esta cámara e por traer un novo texto legislativo de transcendental importancia.

Como dicía, traemos unha actualización da lei de 1995, cun obxectivo claro de facela máis simple, útil, eficiente e práctica. Unha reforma que aposta por unha simplificación administrativa e que actualiza, simplifica, axiliza os diferentes instrumentos de planificación urbanística para evitar posibles desequilibrios, e faino, ademais, culminando o que é a lexislación e a ordenación urbanística de Galicia. Se todo isto aos grupos da oposición non lles parece xustificación suficiente para esta modificación, pois eu creo que o merece, e ademais parabéns, conselleira, polo traballo.

Pero a maiores, na liña das últimas lexislacións galegas e estatais e das directrices europeas, intégrase o procedemento ambiental e a tramitación do instrumento de ordenación, evitando así acudir a diversas normas e reforzando, —insisto— reforzando o control ambiental. E así



mesmo establécese un único procedemento de tramitación para todos os instrumentos de ordenación do territorio; outra cousa tamén de alabar. E, sobre todo —e creo que é dos temas importantes que están terxiversando—, intégrase todo nun único procedemento, de tal xeito que se modifica e aproba o documento de ordenación do territorio e se modifica conxuntamente o planeamento urbanístico, evitando un traballo posterior ao concello. Logo para-reime neste tema, porque xa se modificaba automaticamente, e vai seguir así, pero agora evítase ese traballo aos concellos.

O dito: unha actualización que pretende ser útil e práctica á sociedade e que, polo tanto, vai seguir na liña deste goberno de seguir coidando un dos bens máis prezados, que son o territorio e a paisaxe.

Pero, como era de esperar, e á vista de que estamos en ano electoral, os grupos da oposición presentan unhas emendas á totalidade que non son realmente emendas á totalidade, son simplemente desculpas para tratar de construír un discurso ficticio, tratar de crear ese *fake* escenario para intentar desgastar este goberno. Por certo, o mesmo discurso que levamos escoitando noutras leis anteriores de ordenación do territorio ou de urbanismo. E logo, ¡casualidades da vida!, os concellos que piden utilización desas normas son nos que gobernan a esquerda. E logo nas comunidades autónomas onde gobernan fan as mesmas leis e cópiannos as leis, como foi a de promoción, ¡as mesmas! (*Aplausos.*) Ou en Valencia. Si, en Valencia e en Aragón, as Mareas ben que copiaron as leis que aquí son depredadoras, pero alí son para favorecer as empresas. Todos sempre os mesmos discursos, sempre as mesmas mentiras e os mesmos mantras.

¡Fíxense se non teñen argumentos reais —e todo este discurso está inventado— que os catro grupos sacaron o exemplo de Mos! Mos é unha modificación puntual do planeamento urbanístico municipal, competencia municipal, que non entra a Lei de ordenación do territorio. ¡Mentiras grandes!, ¡mentiras! Pero non só iso, senón que a lei xa di expresamente que todos os documentos con aprobación inicial xa van pola lei anterior. Mentiras tamén que din dos outros documentos. Para xustificarse teñen que sacar esta mentira de Mos, que é de competencia municipal, de modificación do planeamento municipal; teñen que sacar unhas minas que levan en explotación cincuenta anos, vinte e cinco anos antes de que existise a Lei de ordenación do territorio e este goberno, esta autonomía, e teñen que sacar Ence. Se non sae Ence tamén estamos mal.

Señor Bará, non se preocupe, pregúntelles aos socialistas, que onte mesmo dicían en Arousa que se ía retirar ese decreto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, será que teñen medo que afecte a «vila PSOE», porque iso é o que lles preocupa en Arousa, iso é o que lles preocupa. Vixíe aí, que iso foi o que dixo onte o concelleiro. (*Murmurios.*)

En calquera caso, todo desculpas ficticias, porque queren xerar ese discurso que é mentira. Porque logo cando hai que tramitar os proxectos urxentes, ¿quen son os concellos que os piden? Vigo, ¡por favor!, a metade dos que se pediron; as Mareas de Ferrol; as Mareas de Santiago, para facer as intermodais. Pero antes a lei era para os de Ourense e era para destruír o territorio. Sempre o mesmo discurso, e logo son vostedes os que piden a utilización da lei. E xógome o que queiran que, unha vez aprobada esta lei, os concellos que van chamar



á Xunta de novo —como fixeron anteriormente— para que se utilicen os proxectos sectoriais volverán ser os da esquerda, despois de poñer a caldo esta lei. Porque sempre é o mesmo.

Pero se entramos algo polo miúdo nestas alegacións ficticias para xustificar este discurso, porque na maior parte dos casos as argumentacións poderían ser emendas parciais, pero había que vir aquí intentar rexeitar todo o que é un traballo de goberno. Miren, por empezar por orde inversa:

Dicía o Grupo Mixto, o señor Villares —e leo literalmente—: «que non existe, que hai incerteza xurídica na determinación da eficiencia xurídica de cada instrumento de planificación e que o proxecto de lei non establece unha preeminencia da aplicación territorial e a urbanística». E falaba expresamente desta xerarquía. Pois a lei tena, pero non só coa urbanística. Xa existía na anterior —non mintan á xente—, pero tamén nesta, pois cando se aproba calquera documento de ordenación do territorio hai a obriga e cambia automaticamente o planeamento.

¿Que pasou estes vinte e cinco anos? Pois que os concellos dicían: ¿para que vou cambiar eu un planeamento, se xa está cambiado polo documento?, ¿para que vou gastar cartos, tempo e esforzos, se a licenza a vou dar directamente? Logo, no proxecto sectorial non vou gastar estes esforzos e non o cambio. E na maior parte deses que falaban non se cambiaba o planeamento. E os que o cambiaron fixérono con cartos e con tempo dos concellos; para non poder cambiar nada, porque ten que trasladar directamente ao proxecto sectorial. Polo tanto, non existe ese problema.

E agora ¿que fai a lei? Di: pois imos facelo directamente e vaise pagar, e non o teñen que pagar os concellos e non o teñen que traballar os concellos. ¡Non terxiversen! Xa antes era obrigatorio e xa se daban as licenzas coa aprobación do proxecto sectorial. ¡Non mintan!

E tampouco mintan co tema da licenza, señor Sánchez. A única excepción que se fai é a mesma que tiña a disposición transitoria da lei anterior, a mesma: os proxectos de carácter marcado territorial e de promoción e xestión pública; os públicos de incidencia supramunicipal. Se fai unha autoestrada, se fai unha vía de evacuación, eses son.

Pero dentro das mentiras para xustificar todo isto, son tantas as mentiras que utilizan tamén o sector eólico. A metade da argumentación e do tempo que dedicou o señor Sánchez é para o sector eólico e para as empresas, que isto todo é unha montaxe presentada polo sector eólico e as empresas. A disposición adicional quinta —léaa— di expresamente que os proxectos eólicos e empresariais van pola lei de 2017, non por esta. Entón, non xustifique todas as mentiras. Esta lei non é para iso que din vostedes, non é para o que dicían vostedes, de querer colar proxectos sectoriais, eólicos, nin Oribio, nin nada diso, porque non vai por esta lei. ¡Seguen mentindo! Todo o argumento é ficticio. Porque algunha cousa podería ser puntual, pero había que facer unha emenda tamén para dicir que somos depredadores e que imos contra o territorio. E non é verdade.

E, ademais, dígolles unha cousa: os dous documentos que tanto lles amolan, dos que falaba o señor Villares expresamente e todos os demais, o documento dos plans territoriais inte-



grados por circunstancias non previstas nas DOT e os proxectos de interese autonómico non previstos, os dous documentos existen na lei de hoxe, existen, non inventen. E lean nas DOT, nas Directrices de ordenación do territorio, o punto 10 a determinación excluínate 10.1.2. Di expresamente que se poden desenvolver os que non estean previstos nas DOT. Entón, deixen de montar un castelo no aire, mentiras tras mentiras, porque estes documentos xa existían. E non se fai a lei para facer estes documentos porque xa se viñan utilizando.

Por certo, unha gran parte deses documentos foron utilizados polo Goberno bipartito. Cando gobernaban o PSOE e o BNG parece que iso non era imponse aos concellos, parece que iso non era depredar o territorio. En gran parte, proporcionalmente, dos catro anos que gobernou o Bipartito aprobáronse un bo número deses proxectos sectoriais de incidencia supra-municipal, e algún deles non previstos anteriormente. Polo tanto, deixen de crear falsos medos, deixen de meter medo á xente, porque é mentira. E non enganen a xente, porque a xente sabe que non é verdade. A xente sabe que cando vostedes gobernan utilizan estas figuras, e a xente sabe que onde gobernan outras comunidades teñen leis similares e copian as nosas leis, como vimos anteriormente.

Pero por seguir comentando —claro, ¡outra mentira!— di que o Bipartito fixo o POL. Mire unha cousa: o POL licitouno este señor sendo director xeral de Urbanismo e Alberto Núñez Feijóo conselleiro. Deixouse en marcha ese documento, e en catro anos non foron capaces de acabalo. Tivo que volver a chegar o Goberno do señor Feijóo para rematalo. ¡Si, señor! *(Aplausos.)* E non é o único documento no que pasa iso. Nas Directrices de ordenación do territorio tamén deixamos feito o primeiro documento, e en catro anos tampouco foron quen de acabalo. E logo eu tiven a honra de formar parte dun equipo de máis de trinta profesores universitarios que cando volveu chegar Feijóo completamos iso, con xente de distintas ideoloxías, de distintas profesións, de distintas universidades. E fixemos un documento de enorme consenso social, de enorme consenso, que aínda hoxe está vixente. Por iso di a conselleira —e créoo— que é un gran documento, do que me sinto moi orgulloso na parte que me toca.

En calquera caso, ese documento recolle xa moitas das cousas que vostedes dicían. E, claro, dicir aquí que só se fixo o POL é mentira. A conselleira, co plan do territorio integrado, nomeáballes os Camiños de Santiago e as concas hidrográficas. Hai máis documentos; se non os coñecen, pois infórmense. Pero, en calquera caso, paréceme ben que fagan referencia a este POL, que mereceu o recoñecemento internacional incluso de Nacións Unidas.

Como son tantas cousas as que din, dicía o señor Bará o tema da participación. Mire: todos os documentos, todos os que se fan hoxe, todos, os de planificación ou de estratexia, teñen a participación ademais da consulta; non se confunda a Consellería neses termos. Nas últimas estratexias que acaba de facer a Consellería, a de cambio climático, a de economía circular, son centos os cidadáns que participaron na redacción desas estratexias, porque hoxe fanse así todos os documentos. Síntoo, pero o discurso é falaz e mentireiro, e non é verdade. Cada vez que fai un documento a Consellería, á parte das consultas, ten a participación da cidadanía. Incluso mete na lei a obriga de facer as consultas e os períodos de exposición pública, e esta lei mellora enormemente os sistemas de participación e de consulta. Infórmense e empecemos por aí.



En calquera caso, dicían iso de «dicir unha cousa e facer a contraria». Pero se temos os exemplos clarísimos do que están facendo, e fano en calquera sitio onde chegan e gobernan. Dicíao antes da lei de 2016: ¿cantas cousas como as que escoitamos hoxe escoitamos desa Lei de proxectos urxentes? Que era para impoñerse aos concellos, que era para destrozar o territorio, que era para..., para todo, para todo nese discurso mentireiro. ¿Quen pediu a aplicación desa lei? Vigo tres veces, o Concello das Mareas de Ferrol, o Concello das Mareas de Santiago... E seguirán, porque non son capaces de facer o seu planeamento. Porque onde gobernan, señora Pierres, dígalles aos seus alcaldes que temos que vir con estas leis e con estes documentos non previstos, porque unha vez que lles suspenden o planeamento en cinco anos non fan nada, nada e seguen sen plan. Dígalles iso. Dígalles aos cidadáns que van quedar sen a ampliación dun hospital, ou que van quedar sen un polígono industrial, ou que van quedar sen o crecemento da industria máis importante do sur de Galicia porque o Concello de Vigo, do PSOE, non fai o documento.

Pois non, hai que ter leis e temos que redactar leis que permitan que Galicia siga desenvolvéndose con orde, con criterio. Porque todos eses documentos teñen a mesma tramitación que unha modificación do plan xeral, os mesmos documentos ambientais, os mesmos documentos e exposicións públicas, todo idéntico. Está garantida totalmente a participación. Informan os concellos, informan os concellos limítrofes, informa todo o mundo. É dicir, é mentira que se pase por encima diso.

En calquera caso —e para rematar—, estamos diante de catro emendas que chaman da totalidade, pero que non son realmente á totalidade. Como lles dicía, algunhas desas podían ir perfectamente como emendas parciais sen ningún problema. Buscan esta xustificación, este discurso mentireiro e demagóxico arredado da realidade. Pero fállalles unha cousa: o máis importante é que os cidadáns non os cren, e van seguir sen crelos. Por iso viamos ese pesimismo. Falaban de blindar estas leis, falaban de atar. Non contan con gobernar no futuro. ¡Así me gusta que teñan claro que aos cidadáns non se lles engana, que o teñan claro! (*Aplausos.*) Porque se non, non sería ningunha blindaxe, porque xa chegarían vostedes a cambialo.

En calquera caso, polo tanto, votaremos en contra destas emendas presentadas. Esperamos desde o Grupo Popular que na fase de Ponencia e de emendas parciais os grupos da oposición sexan algo máis construtivos, que non utilicen electoralmente esta lei, que poñan Galicia e o seu territorio por diante dos intereses partidistas; ¡por favor, póñanos por diante! Polo tanto, se son vostedes construtivos e poñen Galicia e o territorio por diante, intentaremos chegar a acordos e poder chegar a algunha transacción en emendas parciais.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Nestas á globalidade votaremos en contra.

En hora boa, conselleira, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Réplica, grupos emendantes.



Polo Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Ben, pois desde En Marea consideramos decepcionante, profundamente decepcionante a intervención do voceiro do Partido Popular neste asunto, que entendemos que é o que sostén a proposta do Goberno. E é moi decepcionante porque había unha serie de propostas de debate claras, que podían dar lugar a que se recoñecesen as eivas de carácter técnico e que deberían de beneficiar ou prexudicar por igual calquera formación que aquí quixese manter un debate racional sobre a ordenación do territorio. Polo tanto, a conclusión é que non hai vontade real de manter un debate racional sobre a ordenación do territorio en termos que afectarían por igual todo o mundo, con independencia de quen gobernase, porque cremos que os sentidos das propostas que nós facemos aquí para devolver o proxecto afectan por igual goberne quen goberne. É dicir, a ordenación do territorio é boa para o conxunto da cidadanía, sexa quen sexa o partido que exerza a acción de goberno.

Vostede non explicou como profesional, dado que a Consellería non pode facelo neste trámite, como resolvemos as antinomías que eu lle formulei con relación á xerarquía normativa, con relación á estrutura da ordenación do territorio e súa relación coa ordenación urbanística.

Con relación ao control ambiental, quedou por explicar por que razón precisamente nos proxectos territoriais integrados por circunstancias non previstas nas DOT ou nos proxectos de interese autonómico había unha relaxación no control ambiental, na modificación ou na implementación desas figuras con relación a aquelas figuras de orixe ás que van modificar. Porque se o PTI vai modificar por esta vía o contido das DOT, o normal sería que na avaliación ambiental tivese un control análogo, polo menos, a aquel que fai o instrumento de orixe ao que se pretende modificar. Ben, non se fai así, vostedes saberán por que.

Tamén nos meteu a En Marea no mesmo nesgo que aos demais grupos á hora de citar exemplos sobre a tramitación actual de determinados proxectos; cousa que nós non fixemos.

E con relación á súa alegación concreta de que si existe xerarquía normativa, eu rétoo aquí a que diga onde está, ¿onde está? ¿Onde está o principio de xerarquía normativa? No artigo 17.1 dise: «Os instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos conforman un sistema integrado que se articula segundo os principios de competencia, especialidade e coordinación». Ningunha referencia á xerarquía normativa, e a xerarquía normativa é necesaria. A coordinación é o principio de relación entre iguais, e a xerarquía é o principio de relación que establece unha gradación sobre outra. Falta o principio de xerarquía.

Di vostede que isto se pode solucionar nas emendas parciais. ¡Ogallá!, estamos dispostos a presentalas. Vai haber que darlle unha volta á lei de arriba a abaixo, porque é un cambio de formulación do conxunto da Lei de ordenación do territorio. Ese é o problema. Claro, hai que darlle unha volta a todo. Ben, estamos dispostos a darlla, aínda que sexa facendo unha lei de nova planta se iso fixese falta.

Miren, co tema dos proxectos territoriais integrados e nos PIA para asuntos non previstos, é un oxímoro elevar á categoría de instrumento de planificación do territorio unha figura



que se chama de circunstancias non previstas, porque as circunstancias non previstas son a antinomia da planificación. Polo tanto, cando hai unha circunstancia non prevista de tal envergadura pola que se ven afectadas as Directrices de ordenación do territorio, o normal será traer unha modificación, pero unha modificación das Directrices de ordenación do territorio, porque é unha realidade non contemplada, unha realidade nova que pasa a ter relevancia. É, polo tanto, o mesmo trámite e non crear unha figura diferente.

Ben, entón, desta maneira, acreditada a desordenación territorial que vai supoñer a norma pola falta de xerarquía entre instrumentos e pola falta de xerarquía con relación á ordenación sectorial, particularmente urbanística, pero tamén o resto de sectores nos que se regula a parte que se superpón e que queda por riba da ordenación territorial, a pregunta é: ¿a quen beneficia esa situación? Pois é unha ordenación sectorial que vai arramblar coa ordenación do territorio concibido coma unha totalidade. Polo tanto, na redución da calidade de vida dos cidadáns e das cidadás no territorio, nunha degradación do medio ambiente, porque se descoida o contido das Directrices de ordenación do territorio nestes casos destas dúas figuras concretamente, na degradación das condicións na calidade de vida, na degradación tamén da economía, porque a planificación do territorio por medio das DOT busca facer máis eficiente, por exemplo, as comunicacións e a mobilidade sostible. E isto pode dar lugar a que unha ordenación de carácter sectorial arrombe con toda a ordenación do territorio neste sentido. E é un dislate absoluto, con independencia do partido ao que pertenza cadaquén.

Polo tanto, nós pensamos que, se isto é así, realmente hai motivos que non se están explicando para que se faga isto mal podéndose facer ben. E, polo tanto, entendemos que hai intereses particulares que están por riba do interese xeral que xustifican particularmente a incrustación desas figuras de planeamento do territorio non previstas.

Por esta razón, entendemos que debemos de opoñernos. E opoñerémonos tamén no trámite de emendas parciais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...a esta configuración dunha lei que desvertebra o territorio, o que é lesivo para o medio ambiente, para as persoas, para a mobilidade e para a economía.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Pois o BNG vai votar a favor das demais emendas de totalidade, porque quedou claro aquí que hai unhas grandes coincidencias de fondo, sobre todo nas ameazas e nos riscos desta nova norma arredor, principalmente —creo que quedou suficientemente claro—, do que supoñen os PIA, os proxectos de iniciativa autonómica, que o que pretenden é abrir unha porta e crear unha patente de curso —como quedou claro— para que eses grandes grupos empresariais, eses grandes *lobbys* poidan saquear o territorio.



E, claro, nós puxemos aquí exemplos precisamente da mala praxe na ordenación e na xestión do territorio. E o caso de Mos é un exemplo de libro. (*Murmurios.*) Autonomía local, si, pero antes da autonomía local resulta que o presidente da Xunta, o presidente do Celta e a alcaldesa de Mos presentan publicamente un proxecto que despois a continuación se converte nun convenio entre o Celta e o Concello, (*Aplausos.*) que é bendicido pola Xunta de Galiza, que xa desde o primeiro momento dixo que iso ía para adiante. (*Murmurios.*) En contra, os concelleiros do BNG fixeron emendas, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) opuxéronse a ese proxecto, presentaron alegacións e denunciaron o que significa de barbaridade e de destrución do monte ese proxecto.

Igual que no caso do POL, igual que no caso da disposición adicional terceira do POL, señor Martín Fernández Prado. Porque vostede presume aquí de que fixo o POL, ¿non?, presume aquí diso. ¿E para que serviu no caso dos terreos de Ence? Para regalarllos por sesenta anos a unha gran multinacional, para iso serviu o POL, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Vostedes desdixéronse do que puxeron aí e deron a súa aprobación a esa barbaridade de perpetuar aí Ence.

Non sei como llelo temos que explicar, pero está claro nos documentos, pois vostedes viñeron aquí dicir que se fixeran non sei cantos plans territoriais integrados. ¡Mentira! Neste momento fíxose un, que foi o POL. Neste momento está en redacción outro, que é o do Eume, que non deron feito aínda. Pero os que están aquí escritos, sobre todo os de planificación xeral do territorio, os que teñen que ver coas áreas urbanas, coas cidades, coas vilas intermedias, con eses nós, non se fixeron. ¿E sabe o que prevén eses plans territoriais? Localizar áreas estratéxicas de solo para cidades empresariais e industriais e loxísticas. Para iso serven eses plans territoriais, para non vir despois cos PIA facer isto pola porta de atrás abríndolles a porta ás grandes empresas, para a localización de novos equipamentos e servizos; precisamente para evitar o que está pasando agora co pelotazo de Mos. E así sucesivamente. Si, sei que non lles gusta pero é a realidade, e volveremos falar diso moi proximamente. (*Murmurios.*)

Vostedes o que practican aquí é a política de «ti vai facendo», e iso levounos ao panorama que temos no país. Podémoslle chamar a isto tamén a «doutrina Ligerero», que é daquel alcalde lendario da Guarda, que dixo que ía facer un plan para facer unha zona verde no monte, para urbanizar o monte. Pero esa é a doutrina Ligerero. Por certo, dun alcalde condenado por contrabando, do Partido Popular, que estivo na cadea, porque era un contrabandista declarado. E presumía diso ademais, porque dixo aquela tamén mítica frase de «os contrabandistas son a xente máis honrada que existe», isto díxoo o señor Ligerero.

O seu modelo tamén é o do «Goberno letal» —este nome púxollo o seu presidente—, o Goberno letal de Ourense, do inefábel señor Jácome. ¿Acórdanse do Goberno letal? ¿Saben o que dixo o señor Jácome recentemente sobre a súa política urbanística? Ben, que o PXOU podía agardar porque aínda temos que pulir uns cantos pelotazos. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Esa é a política urbanística e de depredación do territorio do Partido Popular: pulir uns cantos pelotazos. (*Murmurios.*)

Nos ofrecémoslles aquí un pacto territorial que ten que ir máis alá dun pacto territorial, ten que ser un pacto tamén sobre o medio ambiente, sobre a paisaxe, sobre os residuos, sobre a



movibilidade. Porque vostedes non son o país, vostedes non son a sociedade galega, vostedes non son o pobo galego; vostedes, en todo caso, representan o corenta e pico por cento da sociedade galega. Pero hai máis sociedade que está aquí representada e que tamén está nas rúas e que teñen que escoitar porque non están de acordo co seu modelo. Efectivamente, a súa política é a de *Atila en Galiza*, son vostedes un Goberno *exterminator*.

E vostedes, efectivamente, queren deixalo todo atado e ben atado. E por iso veñen estas prósas na recta final da lexislatura, porque vostedes queren deixar todo ben atado para dificultarlle a tarefa ao Goberno que vai vir despois de vostedes, (*Murmurios*.) para que teñan que levar tempo e traballo en desanoar todos estes nós que vostedes queren deixar atados. (*Murmurios*.) É a política da terra queimada. ¿E saben por que?, Porque o PP do señor Feijóo quere morrer matando.

Moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, en principio, hai que dicirlle ao señor Fernández Prado que non interprete as miñas palabras nin poña palabras na miña boca que eu non dixen. Eu non falei de Mos, pero xa que mo recordou vou falar de Mos, claro que si.

Xa sei que Mos está facendo unha modificación puntual do plan xeral — cousa que non debería de ser unha modificación puntual do plan xeral, senón unha revisión do plan xeral —, apoiada por unha alcaldesa do Partido Popular e por esta Xunta de Galicia, que están apoiando a recualificación de case un millón de metros cadrados para beneficiar unha persoa en concreto, que pon no seu documento de inicio deste proxecto que precisa cento corenta mil metros cadrados de centro comercial para poder pagar a Cidade Deportiva. ¡Así calquera! E vostedes están facendo iso dous anos despois de que se aprobase definitivamente o Plan xeral de ordenación municipal de Mos. Esa é a súa forma de actuar, xa a coñecemos: utilizar as institucións públicas para beneficiar intereses privados, un pelotazo de libro.

Pero é máis: neste momento están por esa vía. Pero ¿podería utilizarse un proxecto de interese autonómico non previsto para facer a actuación que están facendo en Mos? (*Murmurios*.) ¡Pois si!, si poderíase en Mos ou en calquera outro lugar, por riba do que diga o planeamento municipal, por riba dos intereses da xente de Mos. Simplemente con que se demostre, e non ten que estar en dous concellos — señora conselleira, lea a lei —, senón que exceda do ámbito municipal pola súa transcendencia; non ten nin sequera que estar en máis dun concello. E poderíase utilizar pasando por riba da vontade dos concellos. Ese é o perigo das modificacións sutís, pero moi importantes, que introduce esta lei.

Por outra banda, volveron escapar do debate fundamental para este país. (*Murmurios*.) Se a Lei de ordenación do territorio ten por obxectivo equilibrar o país, acabar con ese desequilibrio e ese abandono do rural, ese esmorecer do rural, vostedes teñen que explicar aquí cales son os instrumentos que van reequilibrar o país. Porque o instrumento fundamental que



había para impulsar determinadas zonas do rural, como os plans territoriais integrados, non se aprobou nin un con ese fin, ¡nin un! As áreas metropolitanas, de como están as áreas metropolitanas, tampouco o falaron. Non lles interesa e, polo tanto, non falaron diso.

E da coordinación administrativa, normal que xa non falasen. Porque aquí non se introduce ningunha novidade con respecto á coordinación administrativa, cando durante vinte e cinco anos é unha das grandes eivas deste país. Ao contrario, a táctica é a da imposición, a de pasar por riba dos concellos. E vostedes sábena, que tiveron unha morea de alegacións dos concellos de distinto signo, dicindo que vostedes afectaban a autonomía municipal, pasaban por riba da autonomía municipal, incluso nos casos de proxectos privados, e incluso proxectos privados que contraviñesen o que di o planeamento municipal, que non é verdade que teñan que ser públicos, señor Fernández Prado.

E claro que dixeran que falo das eólicas. ¿Como non vou falar?, ¿como non vou falar das eólicas? ¿Como que non vou falar, se o noventa por cento dos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, o noventa por cento —son datos—, foron para as eléctricas, os parques eólicos, as liñas de alta tensión e as centrais hidroeléctricas? O noventa por cento dos instrumentos desta lei foron para o sector eléctrico. ¿Como non vou falar? E xa o dixeran: vostedes exceptúan do cumprimento desta lei ás eléctricas, aos fondos voitre, aos bancos. Si, din: non, vostedes por aquí non, por aquí non van, porque terían que ter o cincuenta por cento dos terreos dos propietarios. Non, vostedes van pola Lei de depredación, que xa a fixeramos antes.

Porque outra das barbaridades que vostedes dixeran aquí é que este era o colofón á política de ordenación do territorio urbanística. Se é ao revés, pois a ordenación do territorio defínese pola organización física do espazo segundo un principio reitor, enfoque interdisciplinario e global cuxo obxectivo é un desenvolvemento equilibrado das rexións. Esa é a base para o resto dos instrumentos, e non ao revés como vostedes fixeron. Vostedes fixeron xa antes a Lei de depredación, incrementaron a vixencia da declaración de impacto ambiental de catro a seis anos, fixeron a Lei 3/2016 para Citroën, desprotexeron o país nas leis de acompañamento sucesivas, anunciaron unha Lei de avaliación ambiental para facilitar máis as cousas e agora veñen con esta lei tamén para simplificar, axilizar, que sexa simple, eficiente e práctica. ¿Para quen? Para ese noventa por cento que se beneficiou desta lei. Simplificar e facilitar aos de sempre, non ao interese xeral nin ao reequilibrio deste país.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Eu xa anunciara ao principio que esta era unha lei con moi poucos argumentos para a súa defensa, e vímolos precisamente na defensa do señor Fernández Prado, que estivo realmente



máis preocupado por acusar a oposición de electoralista e mentireira, e non tanto na defensa desas aparentes virtudes e novidades aportadas por esta lei. (*Aplausos.*) Ese si que é o síntoma do medo, do medo a un inminente cambio de goberno, señor Fernández Prado.

En todo caso, e dado que antes me centrei no fin último da lei, que se presenta como un claro desvío da lei que xa existe cara a outra que equivoca flexibilidade con liberalización e transixencia, permitan que expoña agora outras cuestións. Algunha delas tamén xa apuntada antes por algún dos grupos e que atende á falla dun criterio máis claro en prol da sostibilidade, do aforro enerxético, da rexeneración territorial, das actividades de baixo impacto territorial paisaxístico e sobre os recursos territoriais, o medio ambiente e a paisaxe. Estas cuestións non son menores porque en contraposición con outras leis e normativas autonómicas amósannos a incapacidade de entender esta como a oportunidade de mellorar aspectos estratéxicos relacionados co cambio climático ou coa crise enerxética, e incorporar aspectos esenciais de actualidade vinculados á planificación estratéxica e á xestión dinámica.

É a oportunidade de preparar Galicia e o seu territorio fronte ás incertezas do cambio climático e aos movementos migratorios masivos que con carácter global están a darse, así como situar a planificación territorial no novo contexto tecnolóxico e alimentario e facer un maior fincapé en aspectos esenciais como a saúde e o benestar, posto que as mencións a estes aspectos resultan meramente expositivas e teóricas. É máis: o seu potencial real queda anulado coa perda do único instrumento operativo co que se contaba, como eran os programas de coordinación autonómica.

En último caso, este proxecto de lei non leva consigo ningún tipo de compromiso real nin de obriga futura económica ou investidora por parte do Goberno da Xunta de Galicia, nin sequera as escasas e novidasas medidas propostas suporán o compromiso dun maior gasto público dedicado aos obxectivos que se establecen. Un sinal que parece entrever o verdadeiro fin perseguido con esta aprobación, que é a consecución dun texto de boas ou malas intencións, pero sen capacidade de acadar obxectivos reais e tanxibles.

De feito, vanme permitir que apunte tamén como preocupante no borrador das Directrices da paisaxe —xa publicado— que é un texto absolutamente tedioso, case xeroglífico, que se volve poético de feito por momentos e ateigado de moi boas intencións e recomendacións, pero cun dubidoso percorrido, máxime cando en moitos dos seus puntos se apoia nas guías redactadas por esta consellería, que —como vostede saberá— non son de obrigado cumprimento, e, polo tanto, dificilmente garantirán a consecución de ningún obxectivo ou fin. Unha cuestión similar á plausible introdución —hai que dicilo— da perspectiva de xénero e de idade neste documento, pero que queda nunha mera declaración de intencións. Non existe tampouco ningunha obriga ou sanción polo seu incumprimento ou pola súa non-consideración. O que é algo que acontece con moitos outros obxectivos e que nos fai pensar no resultado efectivo desta como doutras leis que introducen obxectivos e fins de difícil control e de obriga de cumprimento posterior.

E —xa para rematar— chama a atención a desaparición de calquera referencia, e que así se incluía nas dúas leis que, de aprobarse o proxecto de lei, se derrogarían, ao Instituto de Estudos do Territorio, entidade do sector público autonómico actualmente vixente e que ne-



cesita da base dunha norma cun rango suficiente que recolla as súas principais determinacións. Un esquecemento que se non é tal entendemos preocupante.

Por tanto, polas diversas carencias que foron expostas, pola escasa xustificación que explica a caducidade dunha Lei do territorio hoxe vixente, polas escasas aportacións que amosa o anteproxecto de lei presentado, por revelarse como unha lei pantalla que pon o interese privado incluso por riba do público, por non aproveitar a ocasión de ser unha lei moderna e útil aos grandes retos actuais, como poden ser o demográfico, o da vivenda, o ambiental, o paisaxístico, o alimentario, por todo iso e por todo o exposto tanto na exposición escrita como na oral, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia volve solicitar a devolución do Proxecto de lei de ordenación do territorio e vai apoiar tamén a solicitude de devolución do resto de grupos.

Pola nosa banda, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Continuamos co outro texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. Mixto, de reforma da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, de despenalización da eutanasia e axuda ao suicidio

O señor PRESIDENTE: Para presentar a proposición non de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: «Hoxe, canso da desidia institucional, véxome obrigado a morrer ás agachadas, coma un criminal. O proceso que conducirá á miña morte foi escrupulosamente dividido en pequenas accións que non constitúen ningún delito en si mesmas e que foron levadas a cabo por diferentes mans amigas. Se aínda así o Estado persiste en castigar os meus cooperadores, eu aconséllolle que lles sexan cortadas as mans porque é o único que aportaron. Como poden ver, ao meu carón teño un vaso de auga que contén unha dose de cianuro potásico, cando a beba terei deixado de existir, renunciando ao meu ben máis prezado, o meu corpo».

Bos días, señorías.

Estas palabras de Ramón Sampedro, pronunciadas o 12 de xaneiro de 1998, marcaron un antes e un despois na conciencia colectiva arredor da regulación dun dereito fundamental; un dereito fundamental que nós queremos traer hoxe a esta cámara.

Formulamos o debate sobre a despenalización da eutanasia, entendida como o presuposto da súa regulación positiva e parte indispensable do dereito fundamental á vida e á dignidade do ser humano. Así pois, o debate da eutanasia é o debate sobre a vida, concretamente sobre a regulación do dereito a un final de vida digno, como corolario da protección á vida e, ao propio tempo, da disposición deste ben xurídico e moral polo seu suxeito titular, e como dereito a decidir non seguir desfrutando del, sen que a súa disposición como acto supremo de



liberdade e de titularidade sobre el conleve unha sanción a terceira persoas que cooperen ao seu exercicio.

Señorías, precisamos cambiar a lexislación para pasar a considerar a morte digna como un dereito cidadán de carácter fundamental, como integrante do dereito a unha vida digna recollido no artigo 15 da Constitución española. A morte digna é o único final posible a unha vida digna, ninguén debe estar condenado a vivir en condicións de vida insoportables.

Esta proposta que hoxe traemos á Cámara respalda un ben moral, o dereito a unha vida digna, e o seu corolario: o dereito a un final de vida digno. Supón a proxección da liberdade e do libre dereito de desenvolvemento da personalidade na súa dimensión de disposición do propio dereito, é dicir, do libre dereito de autodeterminación sobre o propio corpo e a propia vida. Supón, ademais, o recoñecemento do dereito á non imposición de continuar disfrutando do dereito da vida cando o seu titular considera que a mesma, de forma clara, inequívoca e evidente, non se pode producir en condicións para el mínimas de dignidade pola irreversibilidade e a gravidade dunha situación que provoca sufrimento.

Señorías, a idea de que os bens morais e particularmente a vida é indispoñible para o ser humano é consecuencia dunha concepción teolóxica dos bens morais, como dados por Deus, e non podemos impoñer unha visión teolóxica dende o Estado cando este é aconfesional. O Estado debe respectar as crenzas da cidadanía, pero non debe de impoñer unha visión relixiosa na regulación dos dereitos.

O caso de Ramón Sampedro foi un revulsivo nesta materia, houbo un antes e un despois. Tetraplético tras sufrir un accidente no ano 1968, puxo fin á súa vida o 12 de xaneiro de 1998 logo dun longo periplo xudicial na procura dunha morte digna. Pois ben, no mes de marzo de 2019 o caso de María José Carrasco reabriu a necesidade de que o lexislador revise as disposicións normativas referidas a esta materia, para evitar as lamentables imaxes como as da detención e posta á disposición xudicial do seu home, cuxo único delito foi procurarlle á súa compañeira unha morte pacífica, indolora e segura, demandada por ela de forma reiterada e consciente durante os máis de trinta anos de enfermidade dexenerativa que padeceu.

Faise necesario xa atallar a despenalización da eutanasia e da axuda ao suicidio, en primeiro lugar por imperativo dunha interpretación constitucional dos dereitos fundamentais baixo o tipo reitor obxectivado no artigo 10 da Carta magna.

Esta chama constante desta petición da máis básica humanidade vive dende hai décadas na sociedade civil e está canalizada, entre outras e de xeito moi especial e meritorio, polo seu traballo constante, pola asociación Dereito a Morrer Dignamente, que promove o dereito de toda persoa a dispoñer con total liberdade do seu corpo e da súa vida e a elixir libre e legalmente o momento e os medios para finalizala e a defender o dereito dos enfermos terminais e irreversibles chegado o momento a morrer pacificamente e sen sufrimentos, se este é o seu desexo. Nós traballamos intensamente con esta asociación tanto na coordinación deste texto como na divulgación da iniciativa e a cuxos representantes hoxe aquí saudamos nesta tribuna.



A evolución do debate social foi acompañado tamén pola sociedade civil en paralelo ao debate científico na materia, e así, xa no ano 1991, o Grupo de Estudos de Política Criminal, que reúne os máis prestixiosos e prestixiosas penalistas do Estado español, fixo público un manifesto a favor da dispoñibilidade da propia vida que buscaba, en palabras da catedrática María Luisa Cuerda Arnau, o recoñecemento da dignidade da persoa e do libre desenvolvemento da personalidade.

Como alí se dicía, os dereitos fundamentais da persoa proclamados na Constitución deben ser interpretados de maneira integradora e non contraditoria co disposto no artigo 10, que ha de ser considerado como tipo reitor da interpretación constitucional dos dereitos fundamentais. A vida —indicaba— é un ben digno de protección penal. Non obstante, disto non deriva a posibilidade de entender o dereito á vida como unha sorte de deber que se impón ao cidadán, anulando a liberdade e a dignidade imprescindible e inherente á súa propia condición humana.

A pregunta que se formula xa naquel momento é se está xustifico o castigo daqueles que interveñen na morte de quen de xeito libre e responsable decide poñer fin á súa vida.

Pasadas xa dúas décadas longas dende que Ramón Sampredo decidira poñer fin voluntariamente á súa vida, o recente caso de María José Carrasco volveu xerar crispación social e lembra que a lei habitualmente vai por detrás dos avances e do estado de opinión da sociedade. O poder lexislativo non pode seguir evadindo nin evitando as súas responsabilidades nesta materia, e, así, son innegables os avances sociais relacionados coa aceptación colectiva como sociedade de prácticas relacionadas coa eutanasia e o suicidio asistido, e o malestar cidadán polas detencións e sometemento a procesos xudiciais daqueles que simplemente prestan axuda a quen quere dispoñer do seu dereito á vida nos temos e coas garantías debidas.

Así, unha recente sondaxe levada a cabo por Metroscopia indica que o 87 % —o 87 %, señorías— da poboación española cre que un enfermo incurable ten dereito á asistencia para poder poñer fin á súa vida de forma pacífica e sen dor. E en apoio tamén deste estado de opinión, que é absolutamente transversal a calquera ideoloxía, a calquera preferencia política, a calquera crenza relixiosa, o pasado ano máis dun millón de sinaturas foron presentadas no Congreso pedindo unha vez máis a despenalización da eutanasia.

Señorías, estamos falando de poñer fin á inxustiza de castigar penalmente condutas que non están enfrontadas co dereito á propia vida e á dignidade e ao desenvolvemento da libre personalidade. O obxecto da presente proposición de lei é a modificación do artigo 143 do Código penal, de acordo cunha interpretación integradora dos dereitos fundamentais e tendo en conta como tipo reitor o artigo 10 da Constitución á hora de valorar como obxecto de protección a vida digna.

Dende o punto de vista xurídico, a eutanasia, obxecto da despenalización que aquí se pretende, é un comportamento que, de acordo coa vontade ou o interese da persoa que o demanda, que, ademais, padece unha lesión ou unha enfermidade incurable, xeralmente mortal e que lle causa graves sufrimentos e que afecta considerablemente a súa calidade de vida, dá lugar á produción, anticipación ou non aprazamento da fin da vida do afectado.



O artigo 143 ten como obxecto xurídico-protexido a vida, pero esta vida non se desentende, non pode desentenderse dos valores de dignidade e de liberdade nesa protección, e, pola contra, debe de valorarse a procura dunha morte digna. Trátase da protección da adopción en liberdade daquelas decisións que poñan en valor a propia vida e a dispoñibilidade desta. Falan as expertas da aspiración de morrer dunha forma coherente coa biografía de cada individuo como unha cuestión persoal, complexa, como a propia vida, tamén neste caso na súa propia esfera máis íntima.

Arestora ¿cal é o estado da situación? Vostedes coñecen distintos avances lexislativos, abren novas ventás de oportunidade para coa despenalización da eutanasia, do suicidio asistido, como é o recoñecemento do dereito á autodeterminación do paciente fronte ao propio médico. Transítase así dende hai anos o camiño cara á ética dos coidados, no que os valores prevalecen sobre os meros datos ao final da vida.

Este desenvolvemento lexislativo ten un punto de referencia na Lei 41/2002, básica reguladora da autonomía do paciente e dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica. En perspectiva comparada, a día de hoxe, a eutanasia está despenalizada en países do noso contorno, da nosa tradición xurídica, no espazo europeo, como en Holanda, en Bélxica ou en Suíza, que o regulan dende hai anos, aclarando os estudosos —e este é un dato moi relevante— que esta regulación se fixo sen que se dese o efecto en cascada ou efecto chamada que se prevía polos seus detractores da regulación da eutanasia, demostrando as sondaxes que o exercicio do dereito se produce sen problemas e con normalidade.

Isto, que está xa normalizado en varios países do noso contorno europeo, tamén ten o seu correlativo en diversos estados, en Estados Unidos, tamén en Suramérica, tamén en Australia; é dicir, practicamente en todos os continentes existen xa regulacións sobre a despenalización ou o exercicio regulado, o exercicio legal da eutanasia.

No Estado español, actualmente, existe unha regulación penal no artigo 143, que no seu apartado 4, a pesar de valorarse a existencia do consentimento por parte do titular do ben xurídico vida, se sanciona penalmente a quen coopera de forma necesaria á causación da morte da persoa aínda que así o desexe especificamente.

Nas comunidades autónomas téñense regulado condutas periféricas a esta situación, e no caso da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 5/2015, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, regula determinados aspectos que permiten chegar nas mellores condicións ao tránsito cara ao final da vida, norma que non obstante non está exenta —e aquí teño que facer unha observación— dun necesario desenvolvemento, non tanto legal como orzamentario, para poder asegurar as prestacións e os dereitos que alí se recollen.

En definitiva, señorías, da suma das reivindicacións cidadás, dos dereitos sociais, co apoio dos expertos na materia, e dos avances técnicos e lexislativos, pode extraerse a necesaria modificación do Código penal, resultando acaído proceder a presentar esta proposta de lei que aquí se formula.



Esta proposta incide no artigo 143.4 do Código penal, na seguinte formulación que agora relato.

En primeiro lugar, mantense a protección penal da vida como regra xeral fronte á propia indución ao suicidio; polo tanto, esa situación queda igualmente descrita cando se di: «non obstante o establecido nos apartados anteriores», que son os que regulan a situación da indución ao suicidio.

En segundo lugar, con relación ao que se despenaliza, dise que «está exento de responsabilidade penal quen por petición expresa, libre e inequívoca dunha persoa... ». É dicir, é necesaria a libre e actual prestación de consentimento, polo tanto como un exercicio supremo do dereito á liberdade do individuo, un individuo que, por outra parte, é un ser humano, que, por outra parte, debe de padecer. E defínense como condicións obxectivas que serven de presupostos para a despenalización unha enfermidade grave que o conducirá necesariamente á morte ou ben unha patoloxía incurable que lle provoca sufrimento físico ou psíquico grave e que se prevé que será permanente. A persoa que, nestas condicións, con relación a ela —outra—, cause con actos necesarios a morte segura, pacífica e sen dor desta, ou coopere para isto, quedará, como se di, exenta de responsabilidade penal dentro do marco legal establecido, con remisión a unha regulación positiva do exercicio do dereito, que non obstante non pode ter lugar sen a previa despenalización, que é o que se propón nesta proposición de lei.

Quero resolver agora varios porqués desta oportunidade lexislativa. En primeiro lugar, o porqué desta redacción e non outra. Saberán seguramente, se se achegaron á materia, que existen distintas propostas normativas que recollen distintas realidades, e nós escollemos esta e non outra. ¿Por que? En primeiro lugar, porque se trata dunha redacción de mínimos, consensuada ademais coa principal asociación cidadá que leva traballando na materia durante décadas. Deixa fóra da regulación varios aspectos de máximos, como é a regulación desta situación na minoría de idade ou como é a regulación das vontades anticipadas no caso de que unha persoa non puidese decidir no momento no que quixese poñer fin aos seus días cando perdese o seu xuízo. E tamén fai referencia única e exclusivamente á regulación en estados de saúde menos graves ou irreversibles.

Polo tanto, é unha norma que, dentro de toda a fenomenoloxía, busca, co seu carácter de mínimos, o consenso do conxunto da Cámara, tendo en conta, ademais, que é o consenso no que se move a meirande parte da poboación.

Non se conteñen, ademais, nesta norma os aspectos administrativos da regulación positiva, tamén evidentemente para favorecer ese consenso e buscar unha norma que poida ser tamén na súa dimensión administrativa todo o extensa ou intensa que se queira no reforzamento dos requisitos para poder levar a cabo o seu exercicio.

Unha posición, a desta norma, que acadou —e quero incidir nisto de forma especial— nos debates dados noutras cámaras lexislativas do Estado, concretamente en Cataluña, a posición de unanimidade da Cámara, é dicir, da que non se descolgou ningún grupo parlamentario, e por iso quero facer o chamado a que esta norma, con esta proposta, ten unha vocación de consenso, busca o respaldo unánime da Cámara.



¿E por que vir a unha Cámara autonómica nunha competencia que ten carácter estatal? Pois por varias razóns. En primeiro lugar, porque o conxunto da sociedade galega non quere permanecer á marxe deste debate; en segundo lugar, porque os numerosos proxectos lexislativos que tiveron lugar ata este momento fracasaron polas distintas incidencias nos últimos anos nas lexislaturas no Congreso dos Deputados; e, en terceiro lugar, porque proposicións de lei presentadas anteriormente noutros parlamentos e que estaban chamadas a debaterse no Congreso dos Deputados decaeron precisamente como consecuencia da finalización anticipada de anteriores lexislaturas.

Por esta razón, desde En Marea queremos que o Parlamento galego poña na axenda política do Estado, de forma inminente, o debate sobre a despenalización da eutanasia, porque nós pensamos que detrás disto hai situacións de sufrimento que non poden esperar máis tempo, e, polo tanto, desde unha cámara lexislativa, desde a sede da soberanía popular, chamamos precisamente a que se teña en conta que existe a necesaria ampliación de dereitos que non poden esperar.

Remato, señor presidente.

Señorías, a despenalización da eutanasia aquí proposta protexe, en primeiro lugar, o dereito á vida de forma incondicional de quen quere desfrutar deste dereito e, en segundo lugar, protexe a vida de quen non está en condicións de decidir sobre ela, e protexe tamén, pola contra, o dereito de quen está en situación de sufrimento, un sufrimento difícil de soportar, que decide terminar co desfrute dese ben superior que é a vida. Amplíase así a protección á vida, asegurando un final digno para o ser humano que en situación de sufrimento así o decide, sen obrigar a ninguén a facer o que non quere, sen obrigar a morrer contra a vontade e sen obrigar a vivir contra a vontade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Antes de máis, saudar tamén os representantes da asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galiza.

Efectivamente, Ramón Sampedro tivo que morrer ás agachadas, e se hai que agacharse para morrer non é unha morte digna. Hoxe, polo tanto, dende logo o BNG está a dar un debate sobre dereitos e non un debate sobre cuestións ético-morais.

Neste parlamento, cando a tramitación da Lei de garantías da dignidade das persoas, a Lei 5/2015, xa falamos bastante arredor da cuestión da eutanasia, e tamén quedou claro que non quedaba recollida na lei, porque non había acordo, e que esta lei era un principio para recoller o dereito das persoas a vivir dignamente, mais que quedaba incompleto entre tanto non se



modificara ese artigo 143.4, para poder avanzar na regulación. Ben, pois efectivamente estamos hoxe aquí pedindo a modificación dese artigo do Código penal.

Morrer constitúe o acto final da biografía persoal de cada unha das persoas. O imperativo dunha vida digna alcanza tamén, ten que alcanzar tamén a fin desa vida, e lamentablemente a obtención de axuda experta para finalizar a propia vida dun modo seguro, pacífico e indoloro permanece fóra do ámbito da libre decisión persoal cando, a criterio da persoa interesada, a vida que resta non merece ser vivida.

Castigar con penas privativas de liberdade a quen presta unha axuda solicitada, libre, seria, reiteradamente por unha persoa que se encontra na lamentable situación que describe o artigo 143.4 do Código civil cremos que constitúe unha crueldade, así como obrígalo a vivir contra a súa vontade e abocalo a unha morte trágica e violenta.

O BNG ten unha posición claramente favorable á despenalización da eutanasia, a garantir que as persoas poidan decidir libremente o momento, a forma en que queiran finalizar a propia vida, cando consideren que a vida xa non é vida, e a facelo de xeito seguro, pacífico e indoloro coa axuda que sexa precisa.

Partimos da premisa de que a vida é un dereito e a vida non é unha obriga. Non parece de recibo que nun Estado que oficialmente é aconfesional existan leis con bases ético-morais directamente vinculadas á Igrexa católica. Dende logo cremos que é preciso rematar con esta situación actual, que converte en crime o que debe ser un dereito, o dereito a elixir unha morte digna, o dereito a elixir en liberdade como vivir e como morrer, como queremos que sexa o final da nosa vida e se queremos ou non alongar unha situación de sufrimento, sexa este físico ou psicolóxico.

Dende logo, cremos que a Administración debe garantir unha atención axeitada durante ese proceso final da vida, e despenalizar a eutanasia é actuar a favor da dignidade das persoas, permitindo e axudando a morrer dignamente.

Para os que se manifesten en contra, eu pídolles que escoiten a opinión pública, que vexan como a sensibilidade e o apoio vai en aumento e que a sociedade vai por diante da lexislación. Todas as enquisas realizadas dan un amplo e en aumento apoio a esta despenalización, a regular a eutanasia e o suicidio asistido. Se no 2015 enquisas daban que o 78 % das persoas no Estado español estaban a favor desta práctica, na actualidade isto aumentou por encima xa do 85 %. Conseguir o recoñecemento legal do control da propia vida ten relevancia para o avance dos dereitos cidadáns. A loita por unha morte digna forma parte da loita por unha vida digna e é unha ferramenta para conseguir que esta sexa deste xeito.

Como dicía, defendemos esta regulación do dereito ao control da propia vida e da propia morte, que é a premisa contraria á doutrina da sacralización da vida segundo a cal a vida non nos pertence, e no BNG defendemos que a vida si lle pertence a cada un e a cada unha das persoas. (*Aplausos.*) E é preciso terminar coa chantaxe e o tabú da vida como propiedade divina e administrada polas xerarquías relixiosas.



Podemos ir aos casos mediáticos. Mencionouse aquí o de Ramón Sampedro, que un 12 de xaneiro do ano 1998 decidiu que lle axudaran a quitarse a vida despois de anos de loita nos xulgados para reclamar a eutanasia, o suicidio asistido, e que as persoas que o axudaran a facelo non se enfrontaran a penas por ter cometido, segundo a lei vixente, un delito.

Podemos sumar o recente caso, efectivamente, do home de María José Carrasco, que vimos tamén a través dos medios de comunicación. Podemos falar do caso do médico Luis Montes. E poderíamos falar dalgúns outros casos máis que axudan a poñer en primeiro plano unha realidade que, aínda que queiramos agochala, existe. E hoxe, legal ou non, si se está practicando suicidio asistido, si se está practicando a eutanasia.

Durante o ano que rematou ao Congreso dos Deputados chegaron miles de sinaturas, por diferentes vías: un millón de sinaturas recollidas, por un lado; trescentas setenta e catro mil, por outro; e noventa e nove mil, por outro, e diferentes causas de diferentes persoas, de diferentes colectivos de familiares que viviron en primeira persoa esta cruel realidade de persoas con sufrimento que non querían seguir vivindo.

E, dende logo, insistimos en que deben regularse os actos destas persoas que axudan a terminar coa vida. E, se non se despenaliza e regula, estarase condenando moitas persoas a vivir anos de inferno, de dor, porque hai unha lei que lles di que non poden decidir sobre a súa vida e que están condenadas a vivir ano tras ano de tortura física ou psicolóxica.

Se hoxe votamos a favor aquí neste parlamento, non seremos o primeiro parlamento en facelo, xa o fixo o Parlamento vasco, xa o fixo o Parlamento catalán, xa o intentaron noutros parlamentos e non acadou ese apoio maioritario. Máis tarde ou cedo isto vai ser unha realidade.

Nós imos apoiar hoxe aquí esta iniciativa, que só ten un punto e que só solicita modificar o contido dese artigo 143.4. Tamén agardamos que non sexa necesario debatelo porque por fin no Congreso dos Deputados xa se aprobe a Lei de regularización da eutanasia, e que á cuarta vaia a vencida, que non volva quedar nunha gabela e que non volva ser obxecto de demoras inxustificadas, porque —insisto— aí fóra hai toda unha sociedade que demanda que isto se regule.

Despenalizar a eutanasia non significa obrigar a ninguén a aplicala, senón ter a oportunidade de elixir, a oportunidade de ter opcións. Lexislar para que a cidadanía teña dereitos non é obrígalos a facer nada, senón ter ese instrumento se o consideran preciso, que ninguén lles imponha a obriga de vivir unha vida que non queren ou non soportan. Trátase de ser donas da propia vida, de ser donas da propia morte.

E, sen máis, agradecéndolle á asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galiza a loita que levan realizado dende hai tempo, a declaración dese 12 de xaneiro como o Día da Morte Digna en Galiza en homenaxe a Ramón Sampedro, que tanto fixo por esta causa, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Común da Esquerda, señora Solla.



A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Moi bo día. Bo día tamén ás persoas convidadas.

É un feito —resulta bastante evidente— que as condicións sociais, as condicións económicas de Galicia e, evidentemente, tamén do conxunto do Estado teñen mudado ao cabo dos últimos séculos e das últimas décadas cara a mellorar a situación, as condicións de vida e, polo tanto, prolongar a idade na que as persoas viven, na que as persoas falecen; as persoas viven moitos máis anos; fundamentalmente, a media tense incrementado tanto nas mulleres como nos homes. E incluso as causas de morbilidade e de mortalidade nos últimos anos teñen mudado no noso país. Iso fai que, afortunadamente, en moitas ocasións as persoas poidan gozar dunha vida máis longa, pero en moitas outras ocasións preséntanse tamén enfermidades e dificultades que causan sufrimento físico e psicolóxico ao longo do tempo. É dicir, a xente vive moitos máis anos pero en ocasións tampouco vive mellor.

Efectivamente —xa se trasladou aquí—, hai un consenso a nivel social dentro do conxunto do Estado, da sociedade española, sobre o apoio crecente á regulación da eutanasia, á necesidade de entender como un dereito a capacidade de finalizar coa vida ou a dispor da vida propia cando esta vida se ten convertido nun elemento de sufrimento naquelas situacións de carácter terminal irreversible que evidentemente poidan ser comprobadas e que está claro que significan para esa persoa non unha forma de vivir ben senón un sufrimento.

Nese sentido, eu teño o orgullo de pertencer a unha forza política e a un grupo parlamentario que leva practicamente dúas décadas traballando coas persoas que defenden a necesidade de regulación da eutanasia e presentando diferentes textos legais no Congreso das Deputadas e Deputados. Hai practicamente dúas décadas que debatíamos algunha desas primeiras iniciativas que trasladamos. Evidentemente, en vinte anos o apoio a esta regulación é crecente, a sociedade tamén ten madurado e ten mudado, e as condicións dende logo a nivel sanitario teñen mellorado moito en relación co servizo que se pode proporcionar dende a sanidade pública para controlar o acceso ao dereito, por unha banda, a unha morte digna ou, por outra, tamén á eutanasia activa.

Polo tanto, eu creo que é propicio, e así nos temos pronunciando nas diversas proposicións de lei que —xa digo— dende hai moitos anos pero tamén nas dúas últimas lexislaturas, a través do Grupo de En Común e de Unidas Podemos, se teñen presentado, rexistrado e debatido no Congreso das Deputadas e Deputados.

Dende ese punto de vista, obviamente, nós imos apoiar a tramitación desta proposición de lei que hoxe presenta o Grupo Mixto, aínda que hai que dicir que é unha iniciativa que ten deficiencias. A nós —en caso de que se tramite— si que nos gustaría melloralas, porque obviamente a modificación do Código penal é insuficiente para regular o dereito ou o acceso á propia disposición da vida da persoa. É dicir, non basta, evidentemente, que se remate suprimindo este articulado do Código penal, é imprescindible, pero é a consecuencia de regular un dereito. Nós consideramos que ten que ser regulado como se accede, que ten que ser garantido como un dereito dentro do sistema sanitario público e que, polo tanto, hai moitos máis elementos que traballar que un simple artigo de derogación dun artigo do Código penal.



En realidade, a norma que necesitamos é unha lei de carácter orgánico —por iso xa a temos presentado en diversas ocasións— que regule isto, porque é un dereito fundamental e, polo tanto, necesita dunha formulación lexislativa un pouco máis seria e un pouco máis acaída. Aínda así, imos apoiala, porque evidentemente forma parte tamén do noso propio programa e témolo trasladado a debate en diversas ocasións.

Hai un elemento sobre o que a min tamén me gustaría chamar a atención. Desgraciadamente a día de hoxe hai moita xente que segue morrendo mal tamén no noso país, e, efectivamente, a voceira do BNG facía referencia a isto, porque as dúas estivemos como ponentes na tramitación da norma na pasada lexislatura da Lei de dereitos das persoas enfermas terminais de Galicia, que anticipaba algúns elementos e algúns dereitos que foron tamén aprobados noutras comunidades autónomas no mesmo sentido de avance da materia lexislativa en relación co dereito a morrer de xeito digno.

Nese sentido, por desgraza e a día de hoxe, dende o Grupo Común da Esquerda temos trasladado diversas cuestións nesta materia e temos que lamentar que nin sequera esa lei se está a cumprir de xeito correcto no noso país, e eu quero aproveitar tamén esta intervención para trasladar que a insuficiencia de medios tanto na atención primaria para atender as persoas enfermas terminais nos seus domicilios como, por suposto, a situación que teñen moitos servizos de paliativos e de medicina interna nos nosos hospitais, tamén sobre todo —e falarémolo mañá na interpelación ao conselleiro de Sanidade— neses hospitais comarcais, impiden e dificultan en moitos casos a equidade dentro do conxunto do país de Galicia no acceso ao dereito. Creo, con independencia da capacidade que teñen os grupos parlamentarios desta cámara de dirixirse con proposicións de lei ao Congreso das Deputadas e dos Deputados, que é tamén mester que os deputados e deputadas desta cámara nos preocupemos polo cumprimento do autogoberno, das competencias que ten Galicia nesta materia, que, desgraciadamente, obviamente nós estamos a favor de que se regule a morte digna trasladada tamén á eutanasia activa, pero, desgraciadamente, no que ten que ver coa eutanasia pasiva e cos elementos que foron regulados nesa Lei de dereitos das persoas enfermas terminais no noso país, seguen sen cumprirse. De feito, teño que dicir aquí que ante algunha pregunta que efectuamos dende o noso grupo xa nos contestaron hai algún ano, un ano e medio máis ou menos, dende a Xunta que é que aínda se estaban adaptando algúns dos centros.

Desgraciadamente, isto non se está a cumprir e, efectivamente, coincidimos no fondo co grupo proponente en que queda moito traballo que facer para que se cumpra con este elemento que consideramos, loxicamente, obviamente necesario. Tanto é así que, como saben as súas señorías, neste programa de goberno que se ten acordado co Partido Socialista este é un elemento que se ten acordado como prioritario en materia de lexislación e en materia sanitaria e que, efectivamente, tamén nós solicitamos que se leve a cabo o antes posible, porque evidentemente o trámite dunha norma e, neste caso, dunha lei orgánica leva un tempo. Cremos que ten que ser o máis rápido posible, porque entendemos que hai que normalizar unha situación que a sociedade xa ten legalizado dalgunha maneira ou normalizado dentro da lóxica.

Ese elemento fai necesario que este dereito se poida garantir a través da propia sanidade pública, que se poida regular o acceso, que sexa necesario regular tamén que medios se



poden proporcionar e que se coordine sobre todo coas comunidades autónomas que teñen transferidos dende logo sistemas sanitarios dentro do conxunto do país.

Evidentemente, nós dende Galicia temos bastante que dicir en como se proporciona este servizo e cales son os medios que a Consellería de Sanidade neste sentido ten que poñer. Insisto: seguen sen poñerse nin sequera os medios necesarios para poñer en efecto os dereitos á eutanasia pasiva e ese limitamento do esforzo terapéutico que temos regulado xa dende o ano 2015 na nosa Comunidade Autónoma.

Nese sentido, polo tanto —insisto—, nós imos apoiar esta tramitación, aínda que esperemos que, efectivamente, tal e como trasladou aquí outra das intervenientes, sexa moito antes o día en que se traslade por parte do propio Goberno o proxecto de lei que leve a un consenso entre os grupos parlamentarios, que, desgraciadamente e a pesar de que nós dende o noso grupo levamos xa ao inicio das dúas anteriores lexislaturas, moito antes, non foi posible nese sentido.

E eu, para rematar, trasladar que eu creo que a sociedade vai moi por diante tamén das propias cámaras lexislativas e creo que xa é bastante evidente e está bastante asumido que, aínda que os poderes públicos teñen eu creo que como un dos seus principios a defensa dunha vida digna, os poderes públicos teñen que asumir tamén a necesidade de defensa dunha morte digna, dunha boa morte, entendida como un dereito a vivir pero tamén un dereito a poder morrer cando esta situación é necesaria para rematar con ese sufrimento.

Polo tanto, imos apoiar co noso voto favorable.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu quero saudar tamén as dúas persoas da Asociación pola Morte Digna de Galicia que nos acompañan hoxe.

Entre estas dúas frases que vou citar pasaron vinte e un anos. «*El día en que empiece a olvidarme de amar quisiera dejar de vivir*», frase do ano pasado, do ano 2019, de Maribel. E Sampedro dicía no ano 1998: «Só o tempo e a evolución das consciencias decidirán se a miña petición de morrer era razoable ou non». Pois hoxe estamos neste debate, que non abraza Ramón Sampedro no ano 1998 pero que, efectivamente, el puxo enriba da mesa e na conciencia de todas as persoas en España.

Neses vinte e un anos de diferenza a eutanasia, como xa se dixo aquí, é legal en Holanda, Canadá, Bélxica, Luxemburgo, Colombia e o suicidio asistido é legal en Suíza e en varios estados de Estados Unidos.



España xa non é pioneira na regulación de dereitos sociais e dereitos civís; fómolo, pero xa non o somos. E eu creo que aquí debemos pedir desculpas por deixar de selo, porque os que están aí fóra, as persoas que están aí fóra, exíxennos ás mulleres e aos homes que conformamos o poder lexislativo que esteamos á altura das circunstancias. E levamos anos non estándoo, moitos anos non estándoo.

Nós imos votar a favor. Hai varias razóns poderosas para que votemos a favor desta proposición de lei do Grupo Mixto.

A primeira delas é que esas persoas que están aí fóra, homes e mulleres que están en situacións de prognósticos irreversibles de morte ou padecendo graves sufrimentos que en ningún caso van ter alivio, teñen dereito a decidir cando queren morrer.

A segunda razón é que esas situacións non as imos corrixir cunha lei de coidados paliativos, por se a persoa que veña aquí defender o criterio do Partido Popular e a posición do Grupo Popular nolo vai contar. Temos unha Lei 5/2015, do 26 de xuño, en Galicia, pero da que, por certo, non sabemos en absoluto cales son os resultados da súa aplicación pese a telo pedido, pese a que mañá interpelaremos a quen veña contestarnos —supoñemos que o conselleiro de Sanidade— sobre esa cuestión, pero esa lei non arranxa as situacións irreversibles de morte e as situacións de graves padecementos físicos e psíquicos das persoas que están aí fóra agardando que se despenalice e que se regule a eutanasia.

A terceira razón é que as persoas que nos adicamos á política non podemos mirar cara a outro lado, non podemos agocharnos, pechar os ollos como se isto non existise, e como non existe, porque eu non o vexo, non vai comigo. Pois si existe, porque esas persoas existen e hai que ser valentes, hai que ser valentes como naqueles momentos nos que os dereitos civís e os dereitos sociais eran a bandeira do Goberno en España.

O debate de hoxe non ten nada que ver co pecado, aquí non falamos de pecado. Á marxe das circunstanciais persoais de cada un, temos que encargarnos dos dereitos civís, non das cuestións que teñen que ver coa relixión. Non ten nada que ver co suicidio tampouco. O proceso que recolle a regulación da eutanasia é un acto sanitario. E, ademais, tampouco ten nada que ver co asasinato. Tanto é así que nin sequera se regulan no mesmo precepto do Código penal. Así que todos eses argumentos caen polo seu propio peso.

O debate de hoxe só ten que ver cunha cuestión, unha cuestión tan básica como a existencia do ser humano: co dereito de cadaquén a enfrontar a súa propia morte como considere e de maneira libre. Que sexa unha boa morte, que desenvolva o seu espazo de decisión persoal alleo absolutamente ao poder do Estado e ao poder das comunidades autónomas e de calquera tipo de goberno. Porque prima e debe primar —vostedes que son tan defensores da liberdade— a liberdade persoal de cada persoa, unha decisión persoal, consciente, informada, meditada e absolutamente libre.

Falamos dun novo dereito civil e non sei se imos estar á altura nesta cámara todos e todas de regulalo, un dereito subxectivo que afecta o dereito fundamental á vida —é certo—. E iso entronca coa cuarta razón. O Estado está obrigado a lexislalo, a protexelo. É o dereito fun-



damental máis importante, pero con rigor, cunha lei que garanta a liberdade e a autonomía para decidir de maneira libre e consciente cando quero morrer estando nesta situación de sufrimento físico, de sufrimento psíquico ou de morte irreversible.

Non é suficiente, en todo caso, despenalizar simplemente a axuda prestada para morrer, sa-bémolo. Isto é o que se pide nesta proposición de lei, só reforma un parágrafo do artigo 143 do Código penal. Precisamos unha lei, unha lei orgánica que preserve que esa decisión sexa libre e autónoma, xustificada polo padecemento da persoa. Esa é a xustificación.

E iso é o que se está a facer, se vai facer, xa se fixo, quedou truncado polas eleccións e se vai facer de novo no Congreso dos Deputados. Hai unha lei publicada o 24 deste mes no *Boletín Oficial do Congreso*, rexistrada polo Grupo Parlamentario Socialista, e esta lei, ademais, des-tipifica tamén, exactamente, de maneira moi semellante, non tecnicamente igual, pero si moi parecido, o artigo 143 do Código penal no seu parágrafo cuarto, pero é máis completa. Vostedes probablemente dirán que é inconstitucional. Antes lía o debate de xullo no Congreso e alguén, o voceiro que saíu en nome do Grupo Parlamentario Popular, atreveuse a dicir que a eutanasia era o máis rápido, o máis barato e o máis limpo. Ben, pois o argumento é contrario á dignidade humana —diría eu—. Probablemente dirán que pode ser inconstitucional. Tamén o eran a lei do aborto, a lei do matrimonio homosexual, a lei do divorcio; logo resulta que non o eran.

Nós, en todo caso, á marxe do que poida dicir se alguén recorre ao Tribunal Constitucional, este novo dereito é que está amparado na dignidade das persoas, (*Aplausos.*) e iso é o fundamental. Porque a dignidade é o núcleo básico da Declaración universal dos dereitos humanos, do ano 1948; é o fundamento da orde xurídica e da paz social, como di a Constitución no seu artigo 10. Non só é un dereito fundamental, é que é o fundamento de todos os dereitos fundamentais que se regulan na Constitución española e tamén no Estatuto de autonomía de Galicia.

Este debate está aberto dende hai décadas, dende o punto de vista social, da bioética, do dereito, está aberto dende hai décadas, e hai que pechalo xa. Non podemos mirar cara a outro lado e que esas persoas que están fóra, e que son moito máis valentes do que somos os que estamos aquí sentados, non teñan dereito a que as persoas que sofren e que queiran morrer poidan morrer.

A nosa obriga é atender —dicíao antes a voceira do BNG, e é verdade— as demandas da sociedade e tamén sobre a regulación da eutanasia. Nós non queremos que vostedes poñan atrancos. Mañá haberá unha interpelación, como consecuencia desa interpelación haberá unha moción. Tamén houbo atrancos —repito— na lei do divorcio, na lei do aborto, na lei do matrimonio homosexual. Ninguén os obrigou nin a divorciarse nin a abortar, nin a casarse ou non casarse coas persoas que amaban ou non amaban. Ninguén vai obrigar a ninguén, por moito que sexa, como dixo ese infame voceiro, máis barato, máis limpo, máis rápido, a practicar a eutanasia, porque depende da decisión persoal libre, meditada, consentida dunha persoa que quere morrer. Eutanasia é en grego o bo morrer, a boa morte, iso é o que significa eutanasia en grego, é o dereito a morrer con dignidade, e para iso precisase a axuda dun profesional. Non é suficiente decidilo sen máis. E para iso precisamos que sexa



unha prestación do Sistema público de saúde. E hai que salvagardar o dereito á obxección de conciencia dos profesionais que practiquen ou que decidan non practicar, porque están no seu dereito, a eutanasia, e iso ten que ir nunha lei orgánica, ineludiblemente.

E, ademais —é certo, si, dixo, si, é verdade—, hai unha sensibilización na sociedade. Metroscopia no ano 2019 dicía que o 87 % das persoas en España dicían que eran favorables, estaban de acordo coa regulación e a despenalización da eutanasia, pero no ano 2011 —Metroscopia é unha entidade privada— o CIS dicía que o 78 % da cidadanía en España estaba de acordo. Pois esteamos á altura da maioría, moi maioritaria, da sociedade en España e en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Saudamos as persoas que hoxe nos acompañan na tribuna dende o Grupo Popular.

Señorías, hai dúas certezas que igualan todos os seres humanos: primeiro, que todos imos morrer, e, segundo, que todos queremos ter unha boa morte, con dignidade e libre de sufrimentos. Ambas as ideas aparecen recollidas na exposición de motivos da Lei de garantías e dereitos da dignidade das persoas enfermas terminais, que aprobamos neste parlamento por unanimidade no ano 2015, unha magnífica lei que foi consensuada entre todos os grupos e que foi, ademais, feita a conformidade dos profesionais sanitarios e que mesmo ten sido tomada como referente noutras comunidades; unha lei que está sendo aplicada con eficacia —e sempre hai cousas que mellorar, e melloraranse— e que está servindo para protexer e respectar a dignidade, os dereitos, os desexos dos pacientes terminais, garantindo que reciban cuidados paliativos, pero tamén os tratamentos axeitados, tanto no físico como no emocional, no momento final da súa vida.

Permítanme que felicite este parlamento pero especialmente as persoas que participaron na elaboración desa lei, porque o Parlamento de Galicia deu unha resposta humana responsable e eficaz aos pacientes máis vulnerables, aos que teñen menos oportunidades, menos esperanzas, aos enfermos terminais. E fíxoo recollendo o sentir maioritario dos galegos, o desexo de evitar a dor e o sufrimento, o sufrimento no momento final da nosa morte, da nosa vida, pero tamén da dun ser querido; eliminar a dor, eliminar o sufrimento do doente, pero non, señorías, eliminar o doente. Foi ese sentir o que os grupos plasmaron nesta lei, e por iso, señorías, desbotamos todos a eutanasia. Agora, pretende o Grupo Mixto que existe unha demanda social. O certo é que, preguntados de forma ambigua pola morte digna, todos estaríamos a favor, señorías. Iso foi o que aprobamos nela e garantimos coa lei galega de enfermos terminais.



Nembargantes, a eutanasia é outra cousa, é ir máis aló. Supón unha acción dirixida a dar morte de forma indolora a un enfermo incurable baixo certos requisitos. Talvez o Grupo Mixto trate de facer política, señor Villares, cunha cuestión que lle parece ou que se lle amosa con certa carga ideolóxica. Pero equivócase.

A reflexión que se impón sobre a eutanasia non é ideolóxica, non ten que ver con bloques de esquerdas ou dereitas, como proba o feito de que a esquerda portuguesa ten rexeitado ata en catro ocasións recentemente unha lei sobre a eutanasia. Lamento non poder dispoñer de tempo para reproducir os rotundos argumentos en sede parlamentaria do portavoz do Partido Comunista portugués precisamente nun debate sobre a eutanasia. Resumidamente di e considera a eutanasia un retroceso da nosa civilización que presionaría as persoas a escoller unha morte anticipada en caso de sufrimento e que, de despenalizala, contribuiría a consolidar operacións sociais e políticas que introducirían relevantes problemas sociais e que dirixiría á morte anticipada aqueles aos que a sociedade rehúsa sen darlles resposta nin apoio.

O portavoz do Partido Comunista portugués, señorías, evidencia coas súas verbas que non estamos ante un debate ideolóxico, senón ante un debate sobre o tipo de sociedade que queremos para o futuro, e isto, señorías, ten máis que ver coa nosa responsabilidade como representantes públicos que coa nosa ideoloxía.

É obvio que cada un de nós, dende as nosas experiencias persoais ou profesionais, terá posicionamentos e argumentos diferentes con relación á eutanasia. Ademais, a vida, como a morte, son piares conceptuais da medicina, do dereito, da filosofía, da psicoloxía, que non podemos trivializar nin podemos obviar as reflexións que teñen suscitado e que suscitan. Os médicos —e aquí hai varios— recordarannos que a asistencia que recolle a lei galega de enfermos terminais non xera problemas porque a súa actuación se enmarca na boa praxe médica e por iso non cabe a obxección de conciencia, mentres que a eutanasia choca de fronte co seu deber hipocrático de conservar a vida, e por iso a obxección de conciencia toma forma, entón, na medida en que entra en conflito dous dereitos fundamentais.

A Asociación Médica Mundial sitúa a eutanasia fóra do actuar ético do médico e os especialistas de cuidados paliativos dan conta dunha medicina avanzada neste terreo que é a solución para os doentes terminais, non só os que están na última etapa senón tamén os enfermos crónicos que precisan mellorar a súa calidade de vida.

Os que, coma min, nos aproximamos á eutanasia dende a formación e a experiencia xurídica facémolo coa preocupación das múltiples problemáticas xurídicas que pode traer consigo. E aquí, señor Villares, atopamos un importante motivo de rexeitamento da súa proposta: que plantexa a despenalización da eutanasia sen considerar a necesidade de regular esas condutas que axudarían a morrer a outra persoa; é como un salto ao vacío sen rede. A mera despenalización que plantexa deixaría absolutamente desprotexidas as persoas máis vulnerables da sociedade, os enfermos terminais, os discapacitados, os maiores, e provocaría moitos máis problemas dos que pretende resolver. A súa proposta, como vén de dicir, limítase a mudar unhas verbas no parágrafo 4 do artigo 143 do Código penal. Xa o leu: petición expresa, libre e inequívoca dunha persoa que padeza unha enfermidade grave que o conducirá nece-



sariamente á morte ou unha patoloxía incurable que lle provoca sufrimento físico ou psíquico grave e que se prevé que será permanente.

Sen outro marco legal establecido, señorías, isto, plantexar a despenalización da eutanasia así sen unha regulación e garantía ningunha, é unha irresponsabilidade, e, ademais, con todo respecto, impropio dun xurista, coñecedor das consecuencias que a proposición podería ter. Se a súa proposta se aprobara e chegara a materializarse con calquera forma de petición que encaixara nesa descrición, poderíasele causar a morte impunemente á maior parte dos enfermos crónicos ou discapacitados.

Pero, ademais, señoría, no ámbito xurídico ábrese un mundo de incertezas e de problemáticas posibles relacionadas coa capacidade do suxeito, con posibles vicios á hora de outorgar o consentimento ou de formular a petición. Os conceptos de enfermidade grave incurable, o carácter subxectivo do sufrimento, ademais do risco de dar carta de natureza a prácticas eutanásicas, colócanos ante un escenario de posibles inseguridades xurídicas que non é menor cando falamos da vida dunha persoa.

Vostede, señor Villares, terá reflexionado sobre o número de nulidades de pleno dereito de testamentos ou doutros actos xurídicos que se producen por vicios do consentimento, terá reflexionado sobre as exixencias e garantías de que nos dotamos para privar unha persoa da súa capacidade de obrar; así as cousas, serían maiores que para privar a súa propia vida. Pero hai unha notable diferenza, señorías: a vida, unha vez perdida, non se repara nin se repón por máis nulidade que se declare.

Por iso, señorías, cómpre actuar con responsabilidade, porque estamos ante unha cuestión que afecta os dereitos fundamentais da persoa, que non é pacífica, e que unha vez materializada non ten volta atrás.

Ao mesmo tempo, señorías, é imposible non sentir a emoción que transmiten as verbas de Ramón Sampedro ou non empatizar coas persoas que sofren e padecen graves enfermidades. ¡Como non considerar esa dor, señorías!, se moitos de nós teremos vivido experiencias semellantes no pasado e todos somos susceptibles de vivirlas no futuro. Pero, mesmo baixo o efecto desa emotividade, señorías, debemos ter presente que a nosa función é legislar e ser conscientes dos efectos que os textos que aprobamos teñen sobre a vida das persoas.

Citan vostedes como exemplo a seguir os países que despenalizaron a eutanasia —menos de dez no mundo—, entre os que se atopan Bélxica, Luxemburgo, Holanda e Suíza, co suicidio asistido. O que acontece nestes países, señorías, ¿que é? É que se teñen triplicado os casos de eutanasia, mentres que os requisitos para practicala cada vez son menores.

Isto é o que acontece, por exemplo, en Suíza. Léolles o titular: «*El derecho al suicidio asistido en Suiza atrae al turismo de la muerte*». O artigo sinala que o país helvético permite o suicidio asistido sempre que non se faga por motivos egoístas, e recolle as verbas dun xubilado suízo de 75 anos que lles paso a ler porque son moi reveladoras: «*Recuerda a una de sus compañeras en las clases de gimnasia para jubilados. Era una mujer muy activa, tenía unos 78 años, trabajaba de camarera. Un día tuvo un accidente en su bicicleta y todo cambió: empezó a tener problemas de*



equilibrio, su vida pasó a depender de un caminador, poco tiempo después vino a despedirse, iba a Exit» —relata—. Señorías, Exit é unha desas asociacións ou clínicas privadas que en Suíza axudan a quen quere poñer fin á súa vida. O artigo segue relatando que esta clínica, Exit, «ha aceptado incluir entre sus estatutos el compromiso en favor de la libertad de morir ligada a la edad; es decir, acompañar a ancianos que, aunque no padezcan enfermedades terminales, si están aquejados por otros males, acompañarlos a la muerte».

O artigo, señorías, segue detallando os custos destes servizos nalgúns destes centros, que ascenden a dez mil ou quince mil euros. Talvez vostedes pensen que isto non pode acontecer en España, que esta situacións se canalizarían a través do Servizo nacional de saúde. Permitan que lles lea, señorías, o que recolle a Proposición de lei do Partido Socialista de regulación da eutanasia, que o Grupo Parlamentario Socialista presentou no Congreso dos Deputados o venres da semana pasada, ao que se vén de referir a señora Vilán. Artigo 13: «La prestación de ayuda para morir estará incluida en la cartera de servicios comunes del Sistema nacional de salud y será de financiación pública». Artigo 14: «La prestación de la ayuda para morir se realizará en centros sanitarios públicos, privados o concertados» —señora Solla, co que temos escoitado aquí sobre a sanidade privada, señora Solla—.

Señorías, comprendemos e empatizamos con todas esas persoas e familias que se senten abatidas e derribadas pola enfermidade e a dor, que perderon a esperanza e que non soportan o sufrimento. Eu mesma, como tantos galegos, convivo a diario cunha persoa cunha grave enfermidade, incurable, que lle ocasiona dor e sufrimento diario, e cunha persoa de 93 anos que, como a señora suíza, señorías, precisa dun andador e sofre fortes dores a diario. Non concibo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, señora, non, señora Prado, non é unha barbaridade. Non concibo unha sociedade que trivialice a morte, que considere normal que persoas coma eles se levanten un día rendidos polo sufrimento e decidan simplemente morrer.

Miren, a miña avoa dixo hai poucos días (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) unha cousa que lle saíu, dixo: «Hei morrer cando eu queira». Todos sabemos o que quixo dicir, señorías; quixo dicir que ata que ese momento chegue seguirá facendo o que poida, que seguirá acompañada pola súa familia e contando coa asistencia e cos coidados da sanidade pública galega, señorías.

E por iso votaremos en contra desta proposta. En primeiro lugar, porque non cremos que a eutanasia encaixe coa forma de entender a vida e a morte que ten a sociedade galega. En segundo lugar, porque a lexislación que nos temos dado en materia de atención a pacientes terminais xa está a evitar o sufrimento e a garantir unha morte digna en Galicia. E, en terceiro lugar, señor Villares, porque, tal e como está formulada esta proposta, sen ningún tipo de control ou limitación, é un paso en falso cara a un abismo.

Non sería responsable abrir nestas condicións unha porta que non podemos pechar e que nos levará por un camiño moi pendente, moi resbaladizo e sen retorno.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Rodríguez Barreira.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.



O señor VILLARES NAVEIRA: Sinceramente, cústame entender un aplauso tan demorado a quen propón aquí manter no sufrimento xente que está sufrindo de forma irremediable e permanente. (*Aplausos.*) Non entendo esa ansia da dereita... (*Aplausos.*) por jalear a restrición de dereitos. Aquí non se está obrigando a ninguén a nada, estase falando de ampliar dereitos civís, estase falando de ampliación de liberdades, non se está obrigando a ninguén a nada.

Polo tanto, eses aplausos, que van encamiñados a condenar a seguir no sufrimento xente que non desexa seguir no sufrimento, supón non soamente unha falta de empatía evidente, senón, ademais, non andar cos tempos. E o estado de opinión deste tempo xa é outro diferente ao que vostedes representan. Vostedes non están representando aquí a opinión social maioritaria, aínda que teñan unha maioría folgada nesta cámara.

Miren, a lei de 2015 non soluciona os problemas que tratamos de resolverlle aquí á cidadanía que está nunha determinada situación, porque a lei de 2015 soluciona dúas condutas periféricas, a despenalización da eutanasia que nós propoñemos hoxe. Regúlase concretamente a distansia ou evitar o encarnizamento terapéutico, que é algo distinto á regulación da eutanasia; é a conduta do médico que interrompe ou deixa de aplicar procedementos terapéuticos tendentes a atrasar arbitrariamente o aumento da morte ou prolongando artificialmente a agonía respecto dunha persoa carente de perspectivas de curación ou mellora. E iso regúlase na lei. A despenalización da eutanasia non se refire a isto.

Como tampouco se refire a isto a sedación terminal, que si que se recolle tamén e se regulan os contornos tamén na lei do ano 2015, a actividade médica que aplica procedementos analxésicos ou paliativos que puideran producir o efecto dun acurtamento da vida dun enfermo con prognóstico terminal.

Nada disto é o que vimos hoxe debater aquí. Polo tanto, a lei de 2015 non soluciona os problemas, que nós vimos formular aquí, que ten algunha xente con relación á súa propia existencia. Polo tanto, vimos achegar a actualización do ordenamento xurídico para atender realidades que non están sendo contempladas e que están condenando ao sufrimento determinada cidadanía que non quere seguir sufrindo.

Miren, sobre o marco legal, xa advertimos desde En Marea, desde o primeiro momento —e así o dixemos claramente—: restrinxímonos á regulación do marco penal, á súa despenalización, e en determinadas circunstancias, circunstancias que quedan clarísimamente recollidas na nosa proposta de despenalización.

Polo tanto, non hai inseguridade xurídica ningunha. O que está facendo é evitarse coa delimitación negativa do ámbito de liberdade e se establecen as condicións para o exercicio positivo do ámbito de liberdade. Polo tanto, non hai ningunha indeterminación. E, polo tanto, eses son os presupostos tamén para a regulación en positivo dos froitos dos exercicios administrativos, aos que renunciámos aquí a vir debater para buscar o máximo consenso posible, porque a partir de aí poden preverse, efectivamente, exercicios administrativos nun sentido ou noutro, e nós non quixemos coartar o debate para precisamente falar do ámbito restritivo da liberdade delimitando precisamente os contornos.



Esta proposta, como vostede sabe, non ignora, non é miña particularmente nin do Grupo Parlamentario de En Marea, é unha proposta que ten detrás todo o bagaxe non soamente da asociación civil DMD, que nos acompaña hoxe, senón tamén do maior grupo de expertos e expertas en política criminal do Estado e dos máis reputados de Europa.

Polo tanto, non se trata, evidentemente, dunha situación que vaia causar esa incerteza xurídica, senón todo o contrario.

Quero, ademais, recordarlles simplemente a nivel de debate xurídico que a despenalización da eutanasia dá lugar, nos termos nos que establece o propio Código penal, a que a conformación positiva do exercicio do dereito dos artigos 15 e 10 da Constitución sexan regulados conforme os parámetros establecidos no propio Código penal, porque no apartado 14.3.4 se establece esa abstención. Polo tanto, ningunha perspectiva de inseguridade xurídica neste sentido.

Finalizo en breve.

Señorías, agradecer o apoio ao resto de grupos da oposición. Creo que estamos dando colectivamente resposta a unha demanda cidadá que é abrumadoramente maioritaria e que, polo tanto, nós nos situamos no estado de opinión de época. E non deshumanicemos o debate. Detrás desta regulación búscase paliar o sufrimento de quen neste momento está sufrindo historias de vida que ninguén querría para si mesmo seguramente. E para aqueles que o desexen para si mesmos ou que preferisen convivir con iso para si mesmos non hai ningunha obrigaón, que iso é o que caracteriza esta regulación.

Penalizar, tal e como está agora, non impide estas prácticas, fainas máis perigosas, máis dolorosas, porque a boa vontade sen boa técnica ás veces enfronta os suxeitos con deficiencias no mundo que descoñecen. A represión penal soamente promove prácticas clandestinas e xera sentimentos inxustos de culpabilidade a quen simplemente move a compaixón e a humanidade.

Remato, señor presidente.

Hoxe desde En Marea trañamos unha proposta, unha proposta que era de ampliación de dereitos civís, do dereito a vivir con dignidade, un dereito que non vai contra ninguén. Só pretendemos garantir o dereito ao exercicio dunha vida digna e plena ata o derradeiro momento da existencia, algo ao que vostedes parece que se negan.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Rematado o debate destes textos lexislativos, procedemos á votación deles.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Pechen as portas, por favor.



Entón, procedemos á votación conxunta das emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de ordenación do territorio.

Comezamos votando a emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. Mixto ao Proxecto de lei de ordenación do territorio.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de ordenación do territorio.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a emenda do Grupo Común da Esquerda.*

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. Común da Esquerda ao Proxecto de lei de ordenación do territorio.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votamos.



Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de ordenación do territorio.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, rexeitadas as emendas á totalidade a este proxecto de lei... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Perdón? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Ben, son 2 máis —xa entenderon—, serán 32, antes eran 33. Ben, hai alguén que non votou, non pasa nada. Polo tanto, queda rexeitada.

Votamos agora a toma en consideración da proposición de lei.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. Mixto, de reforma da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, de despenalización da eutanasia e axuda ao suicidio.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, terminaron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Modificación no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, neste caso, mocións. Hai unha alteración na orde do día; xa foi comunicada. Imos con mocións. Pola tarde irá a comparecencia.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector naval

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda que presentou o Grupo Parlamentario Mixto.

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de adición a esta moción (10/MOCIÓN-000174).



Emenda núm. 1, de adición:

Débase engadir o seguinte punto co seguinte texto:

«7.- Poñer en marcha, e facer as modificacións orzamentarias necesarias nos orzamentos de 2020, un proxecto de creación dunha gran base de reparación de buques que podería instalarse en Vulcano e Metalships.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular esta moción, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas. Bo día tamén ao noso presidente.

Os socialistas traemos hoxe a este parlamento a moción que sustenta a interpelación feita ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria no mes de decembro, unha interpelación na que os socialistas lle ofrecemos ao conselleiro unha moción pactada e que o conselleiro aceptou en sede parlamentaria, pero que debeu entender que tomar un acordo co PSdeG pois non era axeitado en época preelectoral. A estratexia política trazada polos dirixentes do Partido Popular non lles permite axudar a solucionar problemas que pasen por acordar algo co Goberno do Estado.

O Partido Popular, cando non governa, cando está na oposición, adícase a insultar, a empregar palabras de trazo grosso e a desacreditar as institucións, tal e como lles indica o seu xefe de filas, o señor Pablo Casado, e a súa voceira no Congreso, a señora Cayetana Álvarez de Toledo. *(Aplausos.)*

O señor Casado non lles permite chegar a acordos que axuden a solucionar os problemas que mellorarían a vida dos galegos e das galegas. Vostedes antepoñen o partido a mellorar as condicións de vida dos homes e das mulleres do noso país. A min vénme á cabeza varias veces aquela afirmación feita polo seu compañeiro do Partido Popular, aquel señor Montoro, que cando non era ministro e aínda estaba na oposición dixo: «*que caiga España, que ya la levantaremos nosotros*».

En Galicia, cando teñen medo de perder o Goberno galego, póñense nerviosos e copian os radicais do seu partido e, no canto de buscar acordos, buscan enfrontamento. Advírtolles unha cousa, señores e señoras do Partido Popular: empregar as armas da extrema dereita afianza a extrema dereita. *(Aplausos.)* ¡Teñan coidado! E, ademais, teñan coidado porque estas actitudes pódennos levar a un camiño, a todos, de difícil retorno.

De todos os xeitos, se vostedes están por buscar solucións a este grave problema que hoxe traemos aquí os socialistas, teñen a oportunidade de manifestar ese compromiso coas necesidades do noso territorio e teñen a oportunidade de apostar pola busca conxunta de solucións ao futuro da empresa e do sector, así como do mantemento dos postos de traballo, ou, pola contra, facer o que fan habitualmente: entorpecer os acordos e poñerse do lado de intereses particulares.



A preocupación dos socialistas pola crise industrial galega debida á inexistente política industrial da Xunta de Galicia en once anos que leva gobernando o Partido Popular foi constante, tal e como temos manifestado no debate de multitude de iniciativas, tanto no pleno como na comisión, lexislatura tras lexislatura.

A Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular, ten unha parte moi importante de culpa, é dicir, a parte máis importante de culpa desta crise industrial que está a sufrir o noso país. Quero recordarlles unha vez máis que o Estatuto de autonomía —e non me cansarei de repetilo— establece no seu artigo 30 que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en fomento e planificación da actividade económica en Galicia e en industria. E cabe recordar unha e outra vez cales son as súas competencias e, polo tanto, cales son as súas obrigas como gobernantes deste país. Basta xa de buscar culpables noutras administracións cando vostedes non as gobernan. Gobernen e xestionen, que para iso os elixiron os galegos e as galegas; non para buscar culpables, senón para acadar solucións.

Vostedes acaban de aprobar uns orzamentos que inciden na mesma fracasada política industrial. E a súa falla de consenso amosouse unha vez máis na tramitación destes orzamentos, na que esgotaron toda posibilidade de pactar algún acordo. Foron 88 emendas presentadas polos socialistas, que, xunto coa emenda transversal, moverían un total de 188 millóns de euros, e que vostedes rexeitaron. Rexeitáronas unha e outra vez simplemente por ideoloxía política e non para favorecer os sectores económicos do noso país.

En once anos de goberno de Núñez Feijóo a política industrial nunca estivo nas súas prioridades; unha política industrial, a do Partido Popular, que situou Galicia no posto 197 sobre 268 territorios europeos, 16 postos menos que hai tres anos, ocupando a décima posición de todas as comunidades autónomas. A política de emprego, sendo a segunda gran preocupación da cidadanía galega, é o primeiro gran fracaso da xestión da Xunta de Galicia. Para xerar emprego, e emprego de calidade, temos que ter un tecido industrial forte. Un tecido industrial forte e o emprego estable permiten asentar poboación.

Miren, estes once anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia podemos denominálos como «o goberno dos contos de Feijóo». E hoxe voulles recordar un deses contos, que ademais se titula «o conto de Pemex». O conto iniciouse na primavera de 2012, en precampaña electoral, cando o presidente Feijóo regresaba dunha viaxe de México con Mariano Rajoy; un conto con desconexión en *prime time* da televisión pública, a televisión de todos e de todas, para que o presidente Feijóo presentara a empresa mexicana Pemex. No argumentario do seu protagonista, titulaba o capítulo I do conto como *Oportunidade histórica para o sector naval galego*. No seu capítulo II, titulado *Alianza estratéxica* —e datado xa a finais de 2012—, voltaba retransmitir na televisión de todos e de todas as galegas, no Pazo de Raxoi, o encargo de dous floteis de Pemex para os estaleiros galegos. Este capítulo o presidente da Xunta de Galicia definíao como «unha das mellores noticias de economía e emprego dos últimos tempos». Decía que eses contratos estaban avalados non só financeiramente, senón avalados pola convicción e o realismo. Esas eran as palabras do presidente da Xunta de Galicia. Un conto que nos ilusionaba en precampaña electoral coa construción de buques, base loxística, floteis, buques tanque, atuneiro, barco de apoio, buque hotel, renovación de frota,



quimiqueiros e varios remolcadores. En fin, no capítulo III deste conto, xa en 2013 e noutra precampaña electoral, a empresa Pemex anunciaba a entrada no capital de Barreras co control do 51 % das accións para reforzar esa alianza estratéxica que a Xunta de Galicia impulsou coa petroleira.

O desenlace do conto non foi como era de esperar e, aínda que Pemex anunciou a construción dun terceiro flotel en setembro de 2015 no estaleiro de Barreras, en novembro de 2016 xa manifestou que non se ía construír este novo buque e que paralizaba a futura —e non iniciada— base loxística de Punta Langosteira, na Coruña.

A realidade é: dous floteis construídos —o único resultado da xigantesca operación de publicidade e propaganda— e, sete anos despois da presentación, a decisión de Pemex de abandonar Barreras e Galicia; e colorín, colorado, o conto de Pemex rematou.

E, cando o conto remata e as promesas feitas se desvanecen, ao Goberno galego só se lle ocorre buscar culpables e empregar toda a súa munición para atacar o Goberno de España, esquecendo que teñen a obriga e o mandato de gobernar, polo ben do país, polo ben das súas xentes, e que deben buscar alianzas co Goberno do Estado, independentemente de quen goberne, para darlles solucións a todos estes problemas.

Señores e señoras do Partido Popular, recórdolles que o 2 de febreiro, dentro de catro días, finaliza o precurso. Gustaríanos saber o que fixo o conselleiro, o que fixo a Consellería e o que fixo o presidente da Xunta —que foi quen nos trouxo aquí a Pemex—. Queremos saber se el, o conselleiro ou algún membro da súa Consellería, que tiveron diversas e numerosas reunións —nós contamos ata dez— co Ministerio de Industria para tratar de chegar a un acordo entre todas as partes —nas que estiveron o Goberno central, a Xunta, Pymar, Cesce e Pemex—, chegaron a algunha solución. ¿A que solucións chegaron? ¿A que compromisos chegou o conselleiro de Economía despois de todas estas reunións? Porque parece que cada vez que hai un preacordo a Xunta de Galicia opta por non ratificar este preacordo. Gustaríanos saber se o conselleiro de Economía cumpriu cos compromisos adquiridos nesas reunións e cal é a posición da Xunta de Galicia respecto dos accionistas. Gustaríanos saber aos socialistas cal é a vinculación da Xunta de Galicia con García Costas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E gustaríanos saber, sobre os 5 millóns de euros que se solicitaron á Xunta para ter liquidez, cal é a postura actual da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Mixto ten a palabra o señor Casal Vidal.



O señor CASAL VIDAL: Bo día a todas e a todos.

Grazas, señor presidente.

Na súa intervención na interpelación que motiva esta moción, no pasado pleno, o conselleiro de Industria dixo explicitamente: Se queren falar de política industrial eu non teño ningún problema, falemos de política industrial. Pero aí quedou a cousa, e pasou a explicitar o que entende o Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia por política industrial.

Primeiro mandamento da política industrial da Xunta de Galicia: ser espectador do que pasa na industria e, se o que pasa se pode transformar en titulares, montar unha campaña publicitaria brutal — «todo é grazas a nós».

Segundo mandamento: cando as cousas se torcen, non se cumpre nada do anunciado e se evidencia a falla de planificación e de proxectos reais, poñer en marcha a segunda fase: «todo é culpa de...». Por suposto, nunca é responsabilidade do Goberno da Xunta de Galicia.

Tamén se explicitou nos seus orzamentos para 2020: ante a debacle industrial de Galicia, non houbo ningunha partida de desenvolvemento ou innovación concreta para grandes proxectos industriais.

E todo isto ¿que implica? Pois implica que os axentes industriais non toman en serio este goberno. E iso ao final sófreo Galicia e o emprego industrial. Pasou con Naturgy e Meirama, Endesa e as Pontes, con Alcoa co asunto do gas na planta de aluminio, coa desfeita de Pemex e así sucesivamente. Como están de espectadores amables, tómanlles o pelo. E todo os colle por sorpresa e sen plans e iniciativas alternativas. Reflíctese tamén na ridícula cifra de investimento alleo en Galicia. E a que hai é financeira; é dicir, toman a participación en empresas xa existentes en Galicia, non hai ningún gran novo proxecto.

A Xunta de Galicia fai repousar todo o futuro industrial de Galicia nos drones, nos que levan investido decenas de millóns de euros públicos —xa máis de 100 millóns de euros—. Esperemos que de verdade se converta nun potente sector que xere miles de postos de traballo, pero temos as nosas dúbidas. ¿Que pasará con Babcock ou Indra cando remate a choiva de millóns públicos? ¿Quen terá a culpa neste caso?

E pasando xa á industria naval, unha historia de grande éxito virtual e de portadas en xornais, é unha broma de moi mal gusto vendo a realidade actual. Pero vostedes seguen, pleno tras pleno, na virtualidade. E día tras día seguen a dicir que temos unha grande carga de traballo nos estaleiros, cando unha parte moi importante ou xa se perdeu ou está no aire.

E aquí tampouco os toman en serio. ¿Por que Ritz-Carlton non quere negociar con este goberno as posibles solucións para Barreras? Estaría ben que contestaran por que Barreras non quere falar coa Xunta de Galicia. ¿Non será que teñen dúbidas de se vostedes están para dar unha solución a Barreras ou se están para defender os intereses do seu amigo García Costas?



Por iso é imprescindible unha actuación estratéxica en todo o sector na liña de non perder capacidade produtiva no naval, que, por exemplo, non podería ser recuperada se os terreos de Vulcano se dedican a outra actividade.

E por aí vai a nosa emenda de adición. Cremos que hai que ter propostas innovadoras e por iso instamos a Xunta de Galicia a poñer en marcha un proxecto de creación dunha gran base de reparación de buques —como plantexan as empresas auxiliares—, que podería instalarse en Vulcano e en Metalships. Pero, claro, iso sería tomar a iniciativa e ser responsables directos dun proxecto. E iso atenta contra o seu primeiro mandamento de política industrial, o de estar de espectadores.

Tamén poñería en risco o cumprimento do segundo mandamento, o de, se algo sae mal, ter un culpable alleo previsto. Para isto si que son verdadeiramente previsores e creativos, pero neste caso tamén terían difícil buscar un culpable se a iniciativa é súa.

Todos os indicadores sinalan que a industria naval ten e terá unhas expectativas moi importantes nos próximos anos. Galicia non pode perder capacidade produtiva. Pero, seguindo tamén co seu primeiro mandato de política industrial, tampouco queren solicitar a entrada no Consello de Administración de Navantia e ter alí voz e capacidade de influencia e decisión. É mellor e máis limpo protestar que propoñer. Por iso seguen á expectativa no plan industrial de Navantia no canto de ser proactivos presentando unha alternativa. Tamén por iso non dotan orzamentos para incentivar a Navantia e as súas empresas auxiliares a poder ser un axente integral no sector eólico *offshore*, no que se prevé un crecemento espectacular a curto e medio prazo. Porque Navantia non pode seguir neste sector sendo un mero subcontratista de produción de soportes con patentes de terceiros, unha parte moi minoritaria deste negocio. Navantia ten capacidade innovadora e produtiva de sobra para ser un provedor integral dos promotores dos parques *offshore*. Pode deseñar e fabricar tanto soportes como turbinas con...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Si.

A Xunta de Galicia debería ter un plan para garantir que ese camiño se poña en marcha.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASAL VIDAL: Os coellos da chisteira do señor Feijóo saen ras, un tras outro. A ver que inventan cara ás próximas eleccións en Galicia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu tempo, señor Casal. Moitas grazas. *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.



Bo día a todas e a todos.

A señora voceira do Partido Socialista falou de contos e eu quería comezar tamén lendo algo. «Afortunadamente, a situación tras a reconversión dos estaleiros de Vigo é moi diferente. A situación produtiva da construción viguesa é boa en xeral, como reflicten os máximos niveis históricos de contratación e emprego a finais do 2008. Porén, é preciso pór de manifesto que a súa situación patrimonial non é aínda sólida. Na maior parte dos casos, os seus balances reflicten unha xa crónica falla de recursos propios e un fondo de manobra moi mingado. A incidencia da actual crise financeira está a impedir o acceso a fontes de financiamento a curto prazo [...]. Aínda que a axenda de pedimentos segue a ser importante, de persistir as actuais restricións de crédito, poderían impedir que se concretase o asinamento de novos contratos. É preciso salientar que unha estrutura sostible para a construción naval só pode acadarse coa presenza dunhas empresas auxiliares fortes e ben financiadas. Non ten sentido seguir a manter unha política tépeda e de falta de apoios claros desde a Administración cun sector que está a consolidarse como fundamental. O futuro da nosa construción naval exige unha decidida aposta polo apoio desde a Xunta e as entidades financeiras galegas».

Isto non é un conto, aínda que é ciencia ficción. É a lei do naval galega. (*Aplausos.*) Son catro carillas, catro carillas que non poderían condensar a mostra máis evidente do fracaso da política industrial da Xunta de Galiza, porque, dez anos despois da súa promulgación, no ano 2010, ¿u-las entidades financeiras galegas? ¿Ulas? Desmanteladas absolutamente, e esfarelado o sistema financeiro galego. E ¿onde estivo o apoio da Xunta de Galiza durante estes anos? ¿Onde estivo? Se son capaces de atopalo, traian aquí algunha evidencia. Porque o certo é que nese momento había unha crise económica, si. Pero non é menos certo que, dende o 2014, cando o produto interior bruto galego comezou a medrar, tamén o Partido Popular continuou negándose a xerar instrumentos financeiros adecuados para apoiar os nosos sectores produtivos. Mañá —que falaremos do Igape— poderemos falar tamén desta cuestión.

A cuestión de fondo é que, dez anos despois da aplicación da lei do naval, só hai un fracaso por parte da Xunta de Galicia, porque non quería cumprir coas súas competencias en materia industrial cando gobernaban os seus en Madrid nin quere agora cando gobernan outros. O único que aplicaron foi a desregulación, o desentendemento e o adelgazamento do apoio económico e tamén do músculo innovador, porque levan anos encasillados nesa entelequia que é o «Estaleiro 4.0» e que nunca acaba de chegar. E a proba do fracaso xa non é só o que está acontecendo con Barreras e con Vulcano en Vigo —do que tamén poderemos debater máis adiante na orde do día cunha iniciativa que defenderá o meu compañeiro Luís Bará—, senón en termos xerais. De feito, por poñer un dato dun organismo que vostedes mesmos presiden —un ex-conselleiro do Partido Popular—, o Consello Económico e Social, recentemente, hai un par de anos, no documento *Por unha alianza no sector industrial galego* —que vostedes tampouco están a desenvolver— diagnosticábase algo tan importante como que o naval apenas modifica o seu desempeño innovador nos últimos anos, sendo este inferior ao da media do tecido empresarial galego. É dicir, que, se temos un problema no ecosistema innovador galego, temos un problema maior aínda en sectores polos que tiñamos que estar apostando, como o naval.



E deses pos pois veñen estes lodos. Sumado a esas historietas das que xa nos falaba a señora Rumbo sobre Pemex, poderíamos falar tamén das últimas excursións a Arxentina, das que trouxeron titulares e titulares pero nada en concreto. Podemos falar das súas conexións co señor García Costas e a súa militancia no Partido Popular. Podemos falar tamén da expulsión de persoal cualificado, especialmente na zona sur deste país, que agora trae moitos problemas. Podemos falar tamén da crise permanente coa industria auxiliar. Eu citaba o que di esta lei do naval sobre a industria auxiliar como unha parte do sector naval, que vostedes desatenderon e que permitiron ademais que camiñara cara a uns índices de explotación que non son asumibles. Podemos falar tamén de que levan todos estes anos votando en contra de calquera iniciativa ou de calquera emenda aos orzamentos que aposte por un centro de reparación naval no sur do noso país, etc. E, polo tanto, pois deses pos, eses lodos.

Nós imos votar favorablemente esta iniciativa do Partido Socialista, porque respecto da cuestión da Autoridade Portuaria de Vigo nós traemos unha proposta similar. Tamén lle pedimos aí ao Partido Socialista que teña responsabilidade e que na parte que lle compete tamén presione o Estado. Nós presionaremos tamén o Estado e a Xunta. E tamén imos votar favorablemente porque pon a cuestión clave en desenvolver esa lei do naval en algo tan elemental como convocar esa mesa que sobre o papel existe, en algo tan elemental como dar apoio financeiro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e en algo tan elemental como facer un plan estratéxico para o sector naval.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Noa.

Polo Grupo Común da Esquerda, ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Moi bo día a todas e a todos.

Unha vez máis temos que falar nesta Cámara sobre a difícil situación que está atravesando algún dos principais estaleiros do país, especialmente na cidade de Vigo, onde xa temos comentado que hai centos de familias que levan meses esperando algunha solución á situación de incerteza que padecen. Primeiro, como temos comentado, foi Vulcano e esa historia de promesas e incumprimentos firmada polo señor Cividanes e o conselleiro de Industria, que primeiro ían apoialos e logo, cando foi a hora da verdade, desapareceron. É a historia de como o Goberno galego deixou caer un estaleiro senlleiro sen ofrecer unha soa proposta, de decenas de traballadores abandonados á súa sorte que hai dúas semanas entraron xa en proceso de liquidación por parte do Fogasa. Así é como rematan todos os problemas industriais deste país, sen que o señor Conde, sen que o conselleiro de Industria, sexa quen de poñer unha soa solución sobre a mesa.

Xa o dixemos aquí noutras ocasións: agardamos que no Partido Popular, cando tomen a palabra, sexan quen de dar un só exemplo no que a actuación da Consellería de Industria fose



decisiva para reactivar e solucionar algún problema relacionado co tecido industrial. Non o hai, non existe, por iso levan sobre as súas costas 22.500 postos de traballo industriais destruídos nunha década, 22.500 postos de traballo na industria que supoñen un de cada tres postos de traballo que se destruíron na industria en todo o Estado.

Pero aquí non pasa absolutamente nada, nin solucións nin asunción de responsabilidade ningunha. Ao contrario, o señor Feijóo, en vez de preocuparse e ocuparse, prefire activar a maquinaria da propaganda e dicir que no naval todo vai ben. E se acaso algo falla, xa sabemos, sempre temos o comodín Pedro Sánchez, esquecendo os penosos datos que acabamos de poñer enriba da mesa de destrución industrial e esquecendo a competencia directa que ten a Xunta de Galicia en política industrial.

¿Fixo algo o Goberno galego a día de hoxe para asegurar que a factoría Vulcano vaia seguir inserida no tecido industrial? ¿Algo para que López Veiga rectifique e abandone o seu empeño en reconverter os seus terreos? Segundo nos din os propios traballadores, absolutamente nada.

Para o Partido Popular, a publicidade e a propaganda; para as traballadoras e os traballadores deste país, unha realidade moito máis dura, a dos despedimentos, a do abandono e a da falta absoluta de información. Para o Partido Popular, as fotografías, os anuncios en *prime time* na televisión pública pagada por toda a cidadanía, Pemex, Barreras, García Costas e ese entramado salpicado de corrupción e amizades perigosas do señor Feijóo. A fin da historia, como xa contou a señora Rodríguez Rumbo, xa a coñecemos: os barcos prometidos nunca chegaron, como tampouco chegou o do porto exterior da Coruña; e a Consellería, desaparecida e dando escusas peregrinas para non comprometerse.

Pois, miren, hoxe podemos ler na prensa que finalmente aparece o financiamento necesario para acabar o cruceiro de Ritz-Carlton, requisito que o conselleiro dixo que era imprescindible para comprometerse nesta situación. Agardamos ver o que fan entón nos próximos días, comprometéndose, como dixo que ían facer. Tememos, imaxinamos, que será nada. Como temos dito en numerosas ocasións, e como en teoría defende o Goberno galego, a construción naval é un sector de importancia estratéxica para Galicia pola súa capacidade tractora sobre outros servizos industriais, polo seu alto contido tecnolóxico, polo seu grao de internacionalización —o 90 % da produción vai destinada a mercados exteriores—, e, sobre todo, pola súa importancia no emprego. Trátase dunha actividade totalmente integrada na nosa economía, algo que acontece con moi poucos sectores produtivos, coa práctica totalidade da cadea de valor ubicada no noso país —servizos especializados, estruturas, sistemas de propulsión, electricidade, algunhas das especialidades nas que empresas auxiliares galegas son punteiras, a inmensa maioría pequenas e medianas empresas que son moi dependentes da construción naval—. É un sector estratéxico que, debido á cantidade enorme de recursos que precisa para sacar a adiante a produción, require do apoio decidido por parte das administracións públicas, un apoio que lamentablemente non teñen no Goberno da Xunta de Galicia.

Por isto, apoiaremos a iniciativa do Partido Socialista, que inclúe algunha das demandas fundamentais que nesta materia temos defendido en numerosas ocasións nesta Cámara,



como a convocatoria urxente da mesa do naval, á que o Partido Popular se nega unha e outra vez sen poñer un só argumento sobre a mesa —é o que están pedindo os sindicatos e os traballadores, e seguramente hoxe volveremos ver como din que non—; ou o condicionamento das axudas públicas ao mantemento dos postos de traballo —abonda xa de inxectar diñeiro público no sector privado, que só serve para engordar as contas de resultados abandonando os traballadores e as traballadoras á súa sorte—. Hai que urxilos a comprometerse. E por suposto agardamos dunha vez por todas que o Goberno galego asuma a urxencia de negociar coa Autoridade Portuaria de Vigo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...para garantir a continuidade da factoría de Vulcano, necesaria para facer viable a oferta de Vicalsa que hai enriba da mesa. Hai moitas familias que dependen desta solución. Agardamos un si do Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Egerique Mosquera

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Armada, Montenegro, Armón, Freire, Lagos, Rodman ou Metalships son estaleiros tamén. Non sei se os coñecen vostedes. Funcionan a pleno rendemento. Languidecían hai seis anos e, grazas a unha política da Xunta de Galicia, de Alberto Núñez Feijóo e dos conselleiros de Industria, conseguiron sacar a adiante carga de traballo. Teñen as gradas cheas e estaban baleiras. E tamén Baliño, Regenosa, etc., moitas empresas auxiliares. Vostedes collen unha peonza, con Barreras e Vulcano —que son dous problemas que hai enriba da mesa e polos que esta Xunta sempre deu a cara—, e comezan a dar voltas.

Señor Casal, vostede di que é máis limpo protestar que propoñer. Para vostedes é moitísimo máis limpo protestar que propoñer. Non propoñen absolutamente nada. Descoñecen absolutamente o sector. Entón, como non teñen outra cousa que facer, o único que fan son interpelacións e oposición directa ao Goberno da Xunta de Galicia de Feijóo.

Vexo que ademais hoxe, desde hai uns días, están vostedes moi tranquiliños, moi tranquiliños, si, si, cunha capa tranquiliña co Goberno central, porque nós temos que poñer aquí enriba da mesa todo o que está nestes casos, insisto, nesta interpelación referente a Barreras e referente a Vulcano.

Miren, queren protestar tanto, señor Casal, señora Rodríguez Rumbo, señora Chao e señora Noa Presas, que non fixeron ningunha proposta. O Partido Socialista o 22 de novembro dixo aquí que tiña unha solución para Barreras. ¿Cal é? ¿Foi alí a explicárllela aos traballadores?



¿Vostedes cren que a un cortador de chapa ou a unha persoa que traballe alí, a todas as persoas que están agardando, lles interesa moito que vostede fale da voceira do Partido Popular no Congreso, que fale aquí do ministro Montoro? ¿Vostede cre que lles importa moito? Porque, entón, eu creo que por esa solución que vostede prometeu o 22 de novembro están agardando alí. ¿Onde está esa solución, señora Rodríguez Rumbo?

Miren, a primeira cousa é que vostedes só acusan, pero non ofrecen solucións. Iso é o primeiro e o que eu xa dixen en varias ocasións. Miren, a Xunta, Pymar, Ritz-Carlton e Barreras puxeron as cartas sobre a mesa. Tiveron varias reunións, varias reunións públicas, varias reunións das que deron conta —non coma algúns ministros que teñen reunións das que non dan conta e dan varias versións diferentes—. A Administración galega expuxo as condicións fundamentais, moi claras dende o principio e sempre as mesmas condicións: garantir os postos de traballo, garantir o traballo e a viabilidade das auxiliares —para as que o Igape abriu hai pouco tempo unha liña de axudas para o seu mantemento—, garantir os traballos e as gradas cheas para o futuro, non facer un barco que sexa pan para hoxe e fame para mañá.

Miren, déixense votedes de dicir todas estas cousas, que aquí hai unha cantidade de demagogia enorme. O problema en profundidade de Barreras non sei se vostedes o coñecen. Porque, claro, chegan aquí e pónense a falar, como a señora Rodríguez Rumbo, que é a que fai a moción, do goberno do Partido Popular, ou do Grupo do Partido Popular en Madrid, que é moi curioso. E miren, vostedes esquecen, como dixen antes, que nos peores anos da crise do naval Barreras estaba pechado, tiña o cartel de pechado. E esta Xunta de Galicia xogou un papel fundamental —si, é verdade— na alianza Pemex-Barreras. Pero é que esa alianza supuxo carga de traballo e oxíxeno para moitos anos para miles de persoas e para miles de familias. E agora por suposto que están esperando unha solución, da que a Xunta, ademais, está formando parte con todo o apoio externo que ten que ter.

Din vostedes que a Industria 4.0, o Naval 4.0, é unha utopía. Miren, é que todos os nomes dos estaleiros que dixen antes —e non son todos— están traballando a pleno rendemento. E os 50 millóns de euros que dedica esta Xunta de Galicia ao sector naval faino punteiro e referente en toda España e en toda Europa. Entón vostedes non intenten centrar o debate en dous estaleiros que teñen problemas, pero polos que a Xunta sempre deu a cara.

Polo tanto, ¿que ten que dicir vostede, señora Rodríguez Rumbo, do Goberno de España? ¿Que papel vai xogar o ministro de Industria? ¿Vai afogar tamén o sector naval como está afogando as electrointensivas, como está afogando tamén o sector do mar co regulamento da Lei de costas, que vai deixar miles de mulleres e miles de persoas na rúa? Vostedes están pechando absolutamente todas as industrias de Galicia, e iso ten que dicilo hoxe vostede aquí.

Miren, agora que todos son goberno —porque todos os partidos que están na oposición en Galicia son goberno en España—, poden dar solucións, poden ir alí a reclamar todo o que din. Porque ¡que curioso que no acordo de investidura do Bloque Nacionalista Galego, no acordo de goberno, non apareza nada referente a Navantia, que tamén é sector público! Non aparece absolutamente nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah, si, si, si...! Agora



van solucionar todos os problemas de Galicia. Como non poden solucionarlos dende Galicia van solucionar os problemas de Galicia dende Madrid. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, silencio!

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Miren, nós, dende o Partido Popular, temos feitos. ¡É que temos feitos! É que, ademais, non agochamos a cara cando vostedes veñen aquí a interpelar. O conselleiro de Industria nunca tivo problema de falar deste problema e de ir a Vigo a dar a cara. Eu, dos voceiros que saíron aquí, non vin ningún diante de Barreras dando a cara, ou diante de Vulcano dando a cara. (*Fortes murmurios.*) E, polo tanto, contos, contos, señora Rodríguez Rumbo, son os seus. Contos son os seus.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: E, mire, nós temos hoxe unha profunda incerteza, insisto, por parte do Goberno de España.

Nós estaríamos dispostos a apoiar esa mesa, porque é verdade que agora si que a pide o sector. Cando vostedes a pedían... (*Balbordo.*) É verdade, si que a pide o sector, porque hai contacto permanente. E sobre o punto do investimento, votedes piden, nun punto 4, investimento por parte do Igape, que xa está.

Nós votaremos por puntos e apoiaremos os puntos que sexan totalmente coherentes co que está facendo o Partido Popular co sector naval, que é quen o rescatou e non... (*A señora Egerique Mosquera pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Saudamos, en nome de todos, os alumnos de quinto de primaria do CEIP Cabanas, de Pontevedra, que acaban de entrar no plenario.

Bos días a todos.

E dámoslle a palabra, polo grupo parlamentario autor da moción, á señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Benvidos, nenos e nenas e profesores e profesoras.

Señora Egerique Mosquera, vostede ¿que pretende?, ¿que non traíamos iniciativas? ¿Que quere?, ¿aplicar a lei mordaza aprobada polo seu partido neste Parlamento galego? (*Aplausos.*) ¡Pois imos traer todas as iniciativas que consideremos! E vostedes — neste caso vostedes non, senón o Goberno —, o Goberno ten que vir contestar ao que nós lle consultemos e ao que nós lle preguntemos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Vostede fala de que o conselleiro vén dar a cara. E logo ¿que pretende?, ¿que non dea a cara? (*Murmurios.*) ¡É unha obriga democrática! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¡É unha obriga democrática! (*A señora Egerique Mosquera pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señora Egerique, tivo o seu turno de palabra e eu non a interrompín.

Tamén me chama bastante a atención cando vostede di —aínda que na miña intervención tiña todo bastante relación e non fun polas ramas, tal como si fixo vostede— que aos cortadores de chapa non lles interesa cal é a liña política do partido que sustenta o Goberno de Galicia. ¡Pois si lles interesa! Teñen voto e teñen opinión para saber cales son as liñas do Goberno que está gobernando nesta Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) E, polo tanto, si que teñen voz, si que teñen voto, e si que teñen dereito a opinar.

Antes dicía o señor Casal, ao principio da súa intervención, que o conselleiro dixo que cando quixeramos viña aquí falar de política industrial. Xa no seu momento, cando foi o debate da interpelación, lle dixen —e hoxe volvo ratificarme— que o sector naval tamén forma parte da política industrial deste país. Polo tanto, vai vir aquí cada vez que nós queiramos que dea a cara para que nos responda sobre o que está facendo polo sector naval en Galicia.

Vostedes gobernan a golpe de impulso, sen programación e sen planificación. E eu vólvolle preguntar: ¿por que, cada vez que parece que hai un preacordo nestas reunións —que como xa lles dixen na miña primeira exposición xa houbo máis de dez e houbo varios preacordos—, a Xunta de Galicia finalmente non ratifica ningún destes preacordos? ¿Cales foron os compromisos adquiridos pola Xunta de Galicia no Ministerio, nas dez reunións convocadas no Ministerio de Industria e nas que participou sempre o Ministerio de Industria? ¿Cales foron os compromisos adquiridos? ¿Cumpriu a Xunta de Galicia algo deses compromisos adquiridos? ¿Cal é a posición de Galicia respecto dos accionistas? Contéstenos.

E, sobre todo, gustaríanos saber cal é a vinculación da Xunta de Galicia co señor García Costas. Explíquenolo, por favor, porque nós temos moita incerteza, ¡moita incerteza! E tamén nos gustaría saber —xa llo preguntaba antes— que pasa con eses 5 millóns que se solicitaron á Xunta. Vostede falaba dunhas axudas para as empresas auxiliares, pero directamente para Barreras non sacaron ningunha liña de axudas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: A nosa moción é constituír a mesa do naval galego, na que estean presentes todos os axentes relacionados co sector —Xunta de Galicia, sindicatos, patronal e empresas auxiliares—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



A señora RODRÍGUEZ RUMBO:co fin de acadar as posibles solucións á situación do sector naval de Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Se vai votar en contra...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas pola súa intervención. Xa rematou o seu tempo.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Moitas grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a política do Goberno galego en relación cos servizos hospitalarios de urxencias

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día de novo.

No último pleno do pasado período de sesións interpelabamos o conselleiro de Sanidade sobre que actuacións estaba a poñer en marcha o Goberno galego para evitar os colapsos nos servizos de urxencias. A verdade é que non obtivemos respostas máis alá de retahílas xa coñecidas e que non deron resposta. E segue sendo motivo de moitísima preocupación a situación da sanidade pública polos pasos decididos que o Partido Popular segue a dar empuxándoa cara ao precipicio.

A sanidade segue sendo unha das maiores preocupacións dos galegos. E nun traballo demoscópico, publicado onte por un medio de comunicación dos de máxima difusión no noso país, volve aparecer a sanidade como o terceiro elemento de preocupación dos galegos e das galegas, só superado pola situación do paro e da calidade do emprego; é dicir, pola situación de precariedade na que están moitos galegos e galegas, entre os que están unha parte moi importante dos profesionais da sanidade pública. E non é por casualidade que isto sexa así. Se tiveramos unha sanidade pública tan fantástica como predica o Partido Popular non sería o terceiro elemento de preocupación dos galegos e galegas sistematicamente ano tras ano. Porque xa o era no ano 2019, estamos no ano 2020 e segue como terceiro motivo de preocupación.

O Partido Popular, con Feijóo á cabeza, persiste en tentar impoñer ese relato fraudulento da normalidade. E fronte a ese relato fraudulento pois entón non hai que presentar alternativas porque, como todo está ben, non hai nada que solucionar. Mais, por moito que pretendan ocultar esta situación, móstrase día a día, con toda a súa crueza —non hai máis que



asomarse aos medios de comunicación para ver cal é a realidade—, que un día si e outro tamén non cesan as protestas pola situación da sanidade, pola situación dos servizos de urxencias. E é que —volvo dicirles— facendo o mesmo non se poden agardar resultados distintos. E o Partido Popular leva facendo o mesmo durante anos; é dicir, non poñer alternativas, non poñer solucións, mantendo esa posición de deterioración da sanidade pública do noso país.

Podemos empezar por onde queiramos —polo norte, polo sur, polo leste ou polo oeste do noso país—, mais o certo é que as queixas da situación das urxencias dos hospitais do noso país están en toda a xeografía. Podemos empezar por Montecelo e podemos facer referencia ao relato dun dos facultativos que presta servizos neste hospital, que di: «Son as oito da mañá, hai 15 doentes sen cama; persoas que teñen todo listo para ingresar ás once da mañá e, con moita sorte, igual conseguen subir á planta que lles corresponde cara ao final da tarde ou de madrugada. Ou, se non, ofértaselles, se queren, poder ir ao Hospital Quirón» —privado—. É dicir, esa é a alternativa, estar alí amoreados ou, como solución, poder ingresar no Hospital Quirón.

Di este profesional: «Hai 160–170 persoas diarias de media, podemos chegar ás 200 persoas tranquilamente. E as estatísticas din que entre o 14 % e o 15 % destas persoas van precisar ingreso». É fácil botar as contas. Se estamos falando dunha media de entre 170 e 200 persoas, pois estamos falando de 26–30 persoas que van precisar ingreso no Hospital Montecelo. Diante do cal o normal sería ter feita a previsión de cales son as actuacións e os recursos que hai que ter listos para atender esta demanda, mais non se fai.

Podemos seguir polas queixas do HULA, podemos falar do Hospital da Costa, podemos falar do CHUO, podemos falar do Salnés, podemos falar da Coruña. E no Salnés hai unha situación semellante. Está conxestionado. Din que o problema non é soamente do inverno, senón que hai un constante aumento de profesionais. E todos os días hai unha media de 130 doentes —nun hospital comarcal unha media de 130 en urxencias—: o luns pasado, 159; o martes, 129; 164, o mércores; 131, o xoves; 130, o venres; 131, o sábado; 141, o domingo. ¿E cal é a solución? Pois como non hai camas, habílanse en urxencias, faise unha extensión das habitacións de planta en urxencias. Como todos sabemos, urxencias non é o sitio para atender os doentes que teñen que estar hospitalizados, porque non hai recursos e porque necesitan unha atención permanente.

Podemos falar do Álvaro Cunqueiro, cun aumento de 50 persoas de media cada día. E podemos falar das denuncias da situación do HULA, onde falan de conxestión no servizo. Falan de ingresos en observación mentres hai camas pechadas e fálase dunha falta de organización en todo o servizo.

Podemos falar de Ourense, onde falan de caos organizativo no servizo. É un grao de abarrote tal que nas salas de espera é practicamente imposible acceder a atender os doentes.

Podemos falar do CHUAC, onde xa denunciemos cal é a situación, con persoas por todos os corredores. Incluso quixeron habilitar un corredor de acceso onde xa fixeron como permanente a fixación de mesas de control de enfermaría nos corredores.



Ben, esta é a situación dos servizos de urxencias dos hospitais do noso país. Por iso o BNG trae hoxe aquí unha moción que demanda medidas para solucionar o problema estrutural. Señores deputados e señoras deputadas do Partido Popular, estamos falando dun problema estrutural que non se soluciona con parches, e menos cando xa están saturados, colapsados, os servizos de urxencias, senón que hai que actuar con antelación. Non nos imos cansar de repetir que estamos diante dun problema estrutural que non se soluciona con parches.

Non imos cansarnos de dicir que as urxencias non poden ser atendidas en situación de precariedade como están sendo atendidas. Coa irresponsabilidade do Partido Popular están poñendo en risco os profesionais e os doentes. (*Aplausos.*) Os profesionais precisan garantías laborais, non poden estar vendidos todos os días, e os galegos e as galegas precisan unha atención sanitaria de calidade e en condicións dignas. Agardar horas para ser atendidos non é dignidade, agardar horas e días para ser ingresados nunha cama non é unha atención con dignidade. Ser atendidos nun corredor non é unha atención con dignidade.

Por iso presentamos esta moción, pola que demandamos, primeiro, e de xeito claro e alto, que hai que proceder a realizar o dimensionamento dos servizos de urxencias para rematar con esta situación de atender continuamente as persoas nos corredores. Esta atención nos corredores supón someter os profesionais a unha situación na que non poden dar calidade asistencial e as persoas a unha situación de falta de intimidade e de falta de dignidade. Hai que proceder de inmediato a subsanar os déficits de persoal. Non se pode contratar a última hora un par de profesionais para dar solución a un problema estrutural. Os profesionais din que os servizos de urxencias están dimensionados baixo mínimos, que en condicións normais xa son poucos os profesionais e que en canto hai un aumento de afluencia aos servizos de urxencias se converte xa esa insuficiencia en alarma.

Demandamos presentar no Parlamento, coa maior brevidade, un informe dos plans de continxencias. Dinnos continuamente que hai plans de continxencias, mais ¿por que non os poñen por escrito?, ¿por que non son de coñecemento público?, ¿por que non son de coñecemento deste Parlamento?, ¿por que non son de coñecemento dos profesionais para que saiban realmente en que consisten eses plans de continxencias, en que momento se activan e en que consisten? Reclamamos ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas e que non se manteña pechada nin unha cama máis, (*Aplausos.*) porque seguen estando pechadas camas nos hospitais galegos e porque o goberno do Partido Popular nestes dez anos eliminou máis de oitocentas camas. Esa é a realidade.

Demandamos presentar un plan de ordenación de recursos humanos que permita establecer cal é a ratio, cales son as necesidades que teñen que ter os servizos para non chegar a estas situacións de colapso. Hai que poñer en marcha os recursos orzamentarios precisos para que a atención primaria poida ser resolutive. ¿De que vale que lle digan á poboación que se vacine —co cal concordamos— ou que acudan ao centro de saúde para os procesos de gripe cando chegan ao centro de saúde e non teñen médico que os atenda, cando chegan ao centro de saúde e hai demoras dunha semana, de dez días, de tres semanas, para ser atendidos? (*Aplausos.*) ¿Que vai facer esta poboación se non é acudir aos servizos de urxencias? Porque a algún sitio terán que acudir. E esta é unha realidade que, se vostedes non tiveran os ollos pechados, se quixeran ver o que está pasando, a verían con toda claridade, e, polo cal, porían algunha medida en marcha.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Demandamos facer públicas as listas de espera, as listas reais. Porque, ¿saben o que di todo o mundo, desde a Asociación de Defensa do Doente a calquera persoa? Que son mentira, que a realidade é que calquera persoa que precise unha intervención cirúrxica está máis cerca do ano que destes datos que vostedes publican.

De momento nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Ano tras ano vemos como os colapsos en inverno nos servizos de urxencias dos nosos hospitais amosan a sobrecarga asistencial e a precariedade, moitas veces, nos medios e nos recursos humanos que padecen estes servizos, así como a ausencia dunha axeitada planificación respecto do pico da gripe, como, por exemplo, se deu este ano.

O labor dos servizos de urxencias desenvólvese nun contexto pouco normalizado, con eivas para conseguir a coordinación eficiente dos servizos e mesmo para atopar profesionais que se presten a asumir a dita función. E isto é porque o colectivo médico padece dunha carga de traballo sensible e mal organizada e porque hai unha precaria dotación de profesionais de enfermaría, unha profesional por cada oito doentes. E as sucesivas reorganizacións do espazo de traballo nos hospitais non contaron cos recursos materiais e humanos para asumir de modo eficiente a carga asistencial.

Súmase a esta cuestión que, ante a sobrecarga da atención primaria e o avellentamento da poboación, o servizo vese moito máis sobrecargado con este tipo de pacientes de idade avanzada, que en moitos casos resulta máis difícil de abordar. Ademais, cómpre mencionar tamén as dificultades crecentes para conseguir ingresar doentes descompensados e as múltiples dificultades para subir á planta pacientes que xa teñen asinada a orde de ingreso.

Neste contexto, calquera circunstancia que incrementa, por cuestións de epidemias, a demanda asistencial sobrecarga o servizo dun modo irremediable. Este inverno 2019-2020 as urxencias —como xa explicou aquí a proponente do Bloque— colapsaron, e colapsaron en case todos os hospitais galegos.

No HULA a CIG denunciou esta situación de colapso e di que se tornou crónica e estrutural. Sinala que o uso de observación como unidade de hospitalización xa é algo habitual, e que os box de urxencias en moitos casos xa se están utilizando para observación.

No CHUS ano tras ano asistimos tamén ao colapso asistencial das urxencias. Mesmo neste inverno a asociación de pacientes deste hospital denunciou colapsos, con doentes polos co-



redores agardando a ser atendidos en cadeiras de rodas e padiolas. Neste mesmo hospital, durante a situación de colapso, faleceron dúas persoas. Unha persoa grave tivo que ser atendida no corredor e dirixida con présa ao cubículo de críticos por requirir manobras de reanimación avanzada, con resultado final de morte; e outro, tras pasar dúas horas e media nun corredor, presentou unha arritmia fatal, e isto ao final derivou nun infarto, que tamén padecía, e faleceu.

No Hospital Montecelo, de Pontevedra, o persoal vén denunciando continuos colapsos en urxencias que se producen durante todo o ano por unha dotación inadecuada de persoal, de material e por unha xestión inadecuada dos ingresos.

En Ourense o persoal do CHOU denuncia colapso das urxencias e a falla de camas para ingresos, con persoas doentes nos corredores do hospital e pasando frío algúns usuarios —a finais deste mes de xaneiro—.

En Ferrol, o Arquitecto Marcide tamén padeceu colapsos nas urxencias a inicios de xaneiro, o que desbordou as e os profesionais e fixo insuficientes as camas en varios servizos. E o mesmo colapso tamén se sufriu nas urxencias do Hospital da Mariña.

Esta situación das urxencias no noso país é algo estrutural, é un rasgo xa de todo o sistema médico en si. Tamén os recursos humanos son escasos e están sobreexplotados en múltiples servizos, polo que é necesario seguir demandando unha reorganización dos cadros de persoal con ratios que sexan axeitadas e a convocatoria de todas as prazas vacantes, algo que non se está a facer.

En atención primaria, no canto de ser o centro do sistema, pois parece ser que é o centro da precariedade. Neste caso non se avanza decididamente na liña que propuxeron os e as profesionais: limitación de cupos de pacientes diarios, aumento de persoal, estabilidade laboral, adecuación do número de cartillas por profesional, etc.

En canto ás listas de agarda, cómpre relacionalo tamén en moitos casos coa propia privatización, co uso de recursos concertados en lugar de aumentar o servizo público, coa chantaxe de ter que operarse na privada para axilizar o proceso.

Nós, por todas estas razóns, dende En Marea imos apoiar decididamente a manifestación que está convocada para o 9 de febreiro en defensa da sanidade pública e tamén imos apoiar esta proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, a señora Solla.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Gracias, presidente.



Nós imos apoiar esta proposición non de lei, loxicamente, ante a situación que voltan vivir os servizos das urxencias do noso país. Temos rexistradas tamén iniciativas en relación con este asunto. Facémolo creo que periodicamente case todos os grupos parlamentarios da oposición porque desgraciadamente, efectivamente, esta situación se cronificou ante a ausencia de medidas para mellorar a situación do servizo público. Xa temos explicado noutras ocasións que a saturación e os colapsos dos servizos de urxencias veñen motivados non só por unha situación dos propios servizos de urxencias senón tamén polas dificultades que producen os recortes que durante anos se utilizaron por parte do goberno do Partido Popular no que ten que ver fundamentalmente coa atención primaria. Esas dificultades, esas demoras e retrasos, esas listas de agarda, antes inexistentes —podería existir unha demora dun día ou de dous días e agora en moitos centros e de xeito habitual poden ser de dez días ou incluso máis—, producen que moitas patoloxías empeoren e que a moitas persoas non lles quede outra solución que acudir aos servizos de urxencias. Este elemento xa o temos analizado noutras ocasións para facer referencia á necesidade de dimensionar os cadros de persoal tanto nos puntos de atención continuada como os que teñen que ver coas urxencias hospitalarias. E neste punto hai que dicir —e temos tamén propostas, iniciativas e preguntas sobre este elemento porque nos preocupa— que bastante tempo despois de terse levantado a folga nos puntos de atención continuada cunha serie de acordos, a Consellería de Sanidade continúa sen cumprir nin os acordos en materia de persoal nin os acordos incluso en materia de elementos como poden ser os equipos de protección individual ou a organización dos propios servizos.

Hai outro elemento que xa temos discutido noutras ocasións. E é que a diminución do persoal dentro das unidades de hospitalización, ou mesmo o peche de unidades de servizos e de camas —que temos discutido ata a saciedade na Comisión de Sanidade—, dificulta o continuo fluír dos ingresos que están indicados dende as urxencias; é dicir, cando temos menos persoal do debido nas unidades de hospitalización ou cando temos incluso camas e servizos pechados, dificultase, loxicamente, trasladar aquelas persoas que teñen unha orde de ingreso dende os servizos das urxencias. Polo tanto, a saturación dos servizos de urxencias, alén dos picos por enfermidades respiratorias no caso do inverno, vén motivada precisamente pola falta de recursos en materia de recursos humanos, tanto na atención primaria como, evidentemente, tamén nas unidades de hospitalización.

E neste punto hai que lembrarlles —témolo feito en moitas ocasións— o descenso de efectivos e medios propietarios, é dicir, de persoas con praza dentro do Servizo Galego de Saúde, e o incremento da eventualidade, da precariedade, algo que evidentemente foi unha decisión da Consellería de Sanidade dende hai máis dunha década. Existiu, máis alá das limitacións de persoal impostas dende o goberno de Rajoy e, dende logo, do Ministerio de Economía, unha decisión, evidentemente, de amortizar prazas. Témolo discutido en moitas ocasións. E a esta altura —xa se teñen dado debates en torno a este elemento— móstrase claramente como esa decisión produciu prexuízos máis que evidentes, fundamentalmente na atención primaria, témolo comentado en moitas ocasións. A amortización de prazas está a producir agora mesmo un problema, porque por máis que se intenten prolongar as xubilacións dalgúns profesionais xa non hai posibilidade de reverter algunhas das amortizacións que se fixeron previamente se non é volvendo sacar máis prazas e, dende logo, formando máis especialistas nalgúns especialidades. Desgraciadamente, tamén sufriron amortizacións



de prazas outras prazas que non son de medicina. E é unha realidade que queda patente tamén co recorte orzamentario: un descenso de 380 millóns de euros de investimento en materia de sanidade dende o ano 2009 e unha situación de precariedade no que ten que ver coa contratación. Esta situación leva a que os servizos non teñan persoal suficiente, que é a base de toda a problemática dentro do Servizo Galego de Saúde.

Por suposto, ¿que dicir desa solicitude das listas de agarda non estruturais? Teño que lembrar unha vez máis que creo que levo dende o ano 2012 —e agora as da anterior lexislatura xa non valen pero valen estas— agardando a que se contesten as peticións de información ao abeiro do artigo 9 en relación con esa información, e, coma sempre, seguimos incumprindo a lei por parte da Consellería de Sanidade.

Creo que temos —vou rematar xa— un problema importante que abordar, dende logo, na planificación a medio e a longo prazo; porque dende logo a situación de adelgazamento do sistema sanitario público en relación coa redución ao mínimo de efectivos sanitarios na globalidade do sistema fai que neste momento os problemas nalgúns elementos sexan difíciles de abordar e que necesiten unha concepción global de como ten que funcionar o sistema sanitario público.

Imos apoiar a PNL. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Bo día.

Grazas, presidente.

É un debate repetido nestas épocas do ano. A verdade é que este é un argumento que vale nos dous sentidos. Nós sempre defendemos que é repetido porque existe unha planificación errada por parte da Consellería. E o Partido Popular dinos sempre que repetimos porque temos sistematicamente a intención de desacreditar e que repetiríamos aínda que funcionara ben.

A cuestión está en que os profesionais están evidenciando constantemente, ano tras ano, que hai un problema de colapso. Colapso é a palabra que veñen utilizando os profesionais —incluso quero lembrar algunha nova de onte en Ferrol— sobre a situación que se está a vivir. E esta é a realidade. Vimos aquí porque nós entendemos que hai un erro na planificación e que non se está aprendendo das cousas que puideron funcionar mellor ou peor. Algunhas funcionan ben, evidentemente, no que é a atención en urxencias; e algunhas outras pois non funcionan tan ben. Non entendemos por que hai un problema en compartir, polo menos en facer visibles ou accesibles os plans de continxencia. Probablemente porque os plans de continxencia en xeral están, evidentemente, ben feitos, non hai discusión sobre iso. Pero deberían de ter —probablemente teñan— algunha apreciación sobre a necesidade de recursos. E esa é a cuestión, que eses plans de continxencia apelan á necesidade dun número de recursos, materiais e humanos, que logo a Consellería non facilita, porque ese é o



eixo da cuestión. Hai un problema de planificación, si, e hai un problema de recursos. E probablemente os hospitais estean facendo ese labor de demandalos. As xerencias non están facendo o labor de exixilos correctamente, porque as xerencias prefiren atender cara a arriba que resolver cara a abaixo. E este é o problema deste sistema, porque a Consellería, ademais, premia ese tipo de xerencias. Hai casos evidentes nese sistema e non fai falta mencionalos novamente, porque, se non, parecería unha obsesión.

Pero a cuestión está aí, en que hai un aparente funcionamento natural do sistema que eleva a demanda. E cando chega o pico da gripe —normalmente chega en xaneiro pero este ano todos os profesionais apuntan que chegou algo máis tarde, pero non excesivamente—, que afecta a un tipo de poboación determinada, que incrementa a demanda nun volume máis ou menos determinado, cando chega este momento, é necesario ter unha previsión que hai que modular en función da demanda, que é previsiblemente máis necesaria que noutras épocas do ano. E non se ten.

¿Cal é esa previsión? A previsión estaría en que un sistema que funcionara axeitadamente ben podería permitirse reprogramar para non facer intervencións que exixan de ingresos hospitalarios para non saturar camas e permitir que dende as urxencias se poida derivar máis facilmente, máis axilmente; non ter plantas pechadas, que existen —podemos recorrer ao eufemismo de que non se pechan plantas, igual non se lles pasa a chave, pero, se non hai persoal para atender, non se poden utilizar as plantas, as habitacións e as camas para ingresar—; ou non ter un sistema de atención primaria hipersaturado, como demandan todos os profesionais.

Nós presentamos unha interpelación que debateremos co conselleiro mañá sobre a situación da atención primaria e algunhas recomendacións que fan os profesionais. O que están dicindo é que ese sistema está saturado ¿Que ocorre cando o sistema de atención primaria está saturado? Que se derivan aos PAC, que os PAC se saturan e que, polo tanto, as persoas que exixen unha demanda acaban nas urxencias do hospital.

Porque o problema que se dá en urxencias non é de urxencias. Temos profesionais fantásticos en urxencias. O problema é que neles recae unha errónea planificación de todo o sistema e que, cando chega un momento tan grave como o pico da gripe —grave en termos de número—, o sistema é tan feble que treme. E treme porque non é capaz de afrontar unha situación que, en situación normal, nun escenario normal, estaría preparada. Cando a cousa é tan fráxil, pois ten eses problemas á mínima que apareza.

E, polo tanto, estamos nesa situación. Sabemos cal é a argumentación do Partido Popular para defenderse e non facer nada máis que o de todos os anos, a pesar de que todos os anos nos atopemos cos problemas de persoas saturando os centros hospitalarios, de profesionais que denuncian que están por riba do borde do que poden atender, de demandas de persoas esperando vinte e catro, trinta e seis e corenta e oito horas nas esperas dos pasillos. Eu, aínda que non foi nada grave en ningún momento, a semana pasada visitei un centro de urxencias acompañando unha persoa. E era peculiar ver —aínda que foi unha cousa que os profesionais resolveron algo mellor que marabillosamente— que no pasillo había un cartel que poñía: «Non paren no pasillo». E as persoas estaban esperando debaixo dese cartel porque non había outro sitio onde estar. Esta é a realidade, os profesionais van resolvendo



como poden, pero non podemos deixar que sexan hospitais de trincheira, porque temos a capacidade —ou deberíamos tela— de ter un sistema moito mellor. Sabemos a argumentación —que pasa noutros sitios, que xa pasou noutros tempos...—. Poderíamos debater —en sistemas comparados— como noutros lugares a resolución é moito mellor e como noutros tempos a resolución puido ser tamén moito mellor. Seguramente en ambos casos é mello-
rable, pero, dende logo, a comparativa deixa bastante mal este sistema.

Polo tanto, o que nós demandamos é a información necesaria, o respecto aos profesionais e que se lles faga caso. Algunhas veces escoitamos aquí —non hai moito tempo— o de canta falta fai escoitar os profesionais, que son decisións técnicas. Pois os profesionais de urxencias din que necesitan máis recursos e que necesitan máis persoal, que tamén deben ser decisións técnicas. A ver se son capaces de facerlles caso a eles.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Comeza o ano e falamos de urxencias. Isto é o *contraidus* de xaneiro, ¿non? A señora Prado facía referencia ao Hospital do Salnés, e facía referencia a este artigo. O que pasa é que eu non sei se non o leu ben ou nos quería manipular, porque o artigo di: «*Urgencias comienza a congestionarse al estar llenas las camas del hospital*» —refírese ao Salnés—. «*Los facultativos piden que no se acuda al servicio si no es estrictamente necesario. No se puede hablar de colapso —aclaran los profesionales sanitarios— pero si de una fuerte congestión. Las cifras hablan de un tráfico denso pero soportable por un servicio de urgencias que es el que más actividad tiene de todos los hospitales comarcales de Galicia. En cualquier caso, para aliviar la situación, este fin de semana hubo un internista de refuerzo —además del que está de guardia— para intentar acelerar las altas y tramitar más rápidamente los ingresos. La llegada de ese profesional está contemplada en el plan de contingencia, documento en el que figura también la apertura de seis camas adicionales en urgencias*». Quere dicir que os profesionais valoran positivamente a apertura desas camas pero a señora Prado valóraa ao revés.

Pero, mire, eu estou, señora Prado, francamente preocupado coa situación terceiromundista que relata vostede sobre os hospitais galegos, preocupado pola imaxe que vostede quere transmitir. Se fose real —semella un hospital de guerra—, os galegos deberíamos estar aterrados, absolutamente aterrados. Pero o seu relato non concorda coa valoración que fan os propios cidadáns no barómetro, pois o 78,9 % da poboación opina que a atención foi boa ou moi boa en urxencias e o 27,3 % cre que en urxencias hai máis medios que antes.

Eu, desde logo, señora Prado, estou moi acostumado aos seus discursos, a eses discursos apocalípticos en relación coa sanidade pública galega, pero na súa intervención ante o con-



selleiro no último pleno creo que bateu vostede todos os récords. Dicar que calquera mínimo aumento de afluencia se converte nunha catástrofe parécenos francamente excesivo cando vostede sabe igual ca min que as cifras de atencións urxentes varían todos os días e son moitas veces imprevisibles.

Tamén resulta curioso, e resulta contraditorio, pedir que se abran camas, por exemplo, no Materno Infantil da Coruña diante do incremento de asistencia pola gripe, para despois afirmar que —cito— «logo, nestas plantas, cando as abre, hai unha mestura de patoloxías que fai que o persoal facultativo teña que andar dunha planta para outra». Se abrimos o Materno para a gripe, o persoal facultativo tería que andar dun hospital para outro, non dunha planta para outra. Eu, dende logo, non sei se vostede pretende que os servizos de urxencias estean dimensionados permanentemente para a atención puntual ou para a atención que se fai nestes meses de incremento absoluto da demanda. Semellaría francamente moi pouco eficiente.

Tamén podería pedir vostede que os quirófanos estiveran absolutamente dimensionados permanentemente para unha situación de catástrofe, co persoal e coas instalacións sen funcionar a maior parte do ano. ¿A vostede parécelle que iso ten algunha lóxica? Mire, ata en situación de catástrofe —podemos acordarnos aquí do triste accidente de Angrois e, en menor grao, tamén doutra catástrofe, que foi a do Marisquiño— a resposta do Servizo Galego de Saúde foi absolutamente modélica.

Creo que hai que poñer tamén en valor neste caso a educación sanitaria. Segundo o barómetro sanitario, os galegos somos os cidadáns que acudimos a urxencias en maior porcentaxe sen pasar previamente por atención primaria, sen pasar polos PAC nin por atención primaria. A gran maioría dos profesionais critican a utilización inadecuada dos servizos de urxencias para patoloxías banais. Neste mesmo artigo dío o coordinador de urxencias do Hospital do Salnés.

Segundo o sindicato SATSE, señorías, había once comunidades autónomas nas que había problemas de saturación nas urxencias, once. Desas once hai tres nas que goberna o Partido Popular e oito nas que non goberna o Partido Popular, e soamente hai unha que está presidida polo señor Feijóo, que é Galicia —afortunadamente para os galegos e galegas—. E comunidades non incluídas neste listado, como Cataluña ou o País Vasco, o ano pasado eran das máis conflitivas de todas na situación da gripe. Eu do Bipartito non ía falar, señor Torrado, pero, se quere revisar a hemeroteca, hai hemeroteca dabondo. Teño eu un paquete con hemeroteca dabondo.

Respecto dos puntos da súa moción, mire, os servizos de urxencias están dimensionados para atender as urxencias de calquera día e poden sufrir, efectivamente, saturacións en situacións puntuais. O persoal refórzase nos distintos servizos en función das necesidades, non soamente en urxencias, senón noutros servizos. Os recursos están operativos e actívanse se son precisos. Incluso pode contemplarse o incremento de camas por habitación —por exemplo, no Cunqueiro, que ten habitacións individuais—, pero a vostedes iso non lles gusta.



O plan de atención primaria estase a desenvolver con orzamentos. E nestes días, cada día, verán vostedes unha nova sobre as prazas que se están a crear en atención primaria.

E quería falar da convocatoria de todas as prazas vacantes que pon na iniciativa —que, por certo, repite textualmente algún punto na parte propositiva—. Vostedes asinaron, señora Prado —o seu grupo—, un acordo co Partido Socialista no que non soamente esquecen o IVE e o que se lle debe a Galicia, senón que tamén esquecen a sanidade galega. Limitan a súa demanda sobre a taxa de reposición a unha fórmula inconcreta e xenérica que di «Análizar as fórmulas para mellorar progresivamente as taxas de reposición», cando aquí reclamaron a eliminación da taxa. Son lobos en Santiago e cordeiros en Madrid. As listas de agarda calcúlanse exactamente polo mesmo sistema en toda España.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Se vostedes queren cambialo, presionen para que se convoque o Interterritorial, se modifique a forma de calcular estas listas e, de paso, se poñan en marcha as medidas aprobadas no último Interterritorial antes da moción de censura, que tiña medidas máis que de sobra para intentar paliar a situación de déficit de facultativos e que non se volveron tocar desde que goberna o señor Pedro Sánchez.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Polo grupo autor da moción, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: En primeiro lugar, quero agradecer o voto favorable que manifestaron os outros grupos da oposición.

O Partido Popular, señor Núñez Centeno, retrátase trivializando unha situación que padecen miles de galegos e galegas todos os días. Non hai máis que abrir os medios de comunicación para ver como están os servizos de urxencias. (*Aplausos.*) É unha foto que, dende logo, non a quero para min nin para os meus. E o que non quero para min nin para os meus tampouco o quero para os demais. Non quero que teñan que estar sendo atendidos continuamente, sistematicamente, nos corredores. Con negar a realidade, a realidade non desaparece. A realidade non desaparece, señor Núñez Centeno.

Hai máis medios que antes, si, e tamén que antes de antes. Pero son insuficientes, seguen sendo insuficientes. E seguen sen escoitar os profesionais en canto a Angrois e O Marisquiño, que dixeron por activa e por pasiva que a situación se solucionou pola actuación inmediata e voluntaria dos propios profesionais que acudiron sen que ninguén os chamara, porque non había plans preparados para iso. (*Aplausos.*) E seguen sen escoitalos. É que, de verdade, ¡é tremendo!

E como isto xa se vai converter en *la canción del verano*, se queren que o BNG resolva todos os problemas, pois deixen o Goberno galego. Poñémonos nós e non hai máis, ¡non hai máis!... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Manda narices! Miren, pois, se queren, que un deputado faga o traballo dos outros 23.



E, ademais, lémbrolles un detalle sen importancia, e é que as competencias en sanidade tenas o Goberno galego. *(Aplausos.)* ¡As competencias en sanidade tenas o Goberno galego! ¡Fagan algo! Se están de adorno, pois dimitan, dimitan.

Mire, o que pedimos o BNG nesta iniciativa é dimensionar os servizos de urxencias, solucionar os déficits de persoal, que se coñezan os plans de continxencias, que se dimensione a atención primaria para que non se dea esta situación. Parece moi ben que o xefe de urxencias do Salnés lles diga ás persoas que vaian antes ao seu médico de familia. Claro, se o tivesen operativo, irían; pero o problema é que non o teñen, igual que non están os PAC. Nos PAC vostedes prometéronlles atender as súas demandas principais. E a demanda principal era que existiran equipos completos de médico e enfermeira para poder dar unha atención sanitaria de calidade. E a día de hoxe seguen sen cumprilo. Entón empecen por aí.

¿Demandamos que se coñezan as listas de espera? Pois si, porque é que ninguén as cre. Vostedes poden saír á rúa e preguntarlles aos galegos e ás galegas cal é a súa situación respecto das listas de espera, canto agardan para unha intervención cirúrxica e canto agardan desde que foron ao seu médico de familia ata que entraron en quirófano, cal é o tempo medio de espera. E, dende logo, en nada se parece ao que din vostedes.

Vostedes queren converter en normal que os corredores sexan as salas de espera onde se amorean os doentes, queren converter en normal que haxa persoas ingresadas en calquera sitio, queren converter en normal que estean saturados continuamente os servizos de urxencias, queren converter en normal a explotación continuada dos traballadores e das traballadoras. E non é normal.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: E, dende logo, no BNG imos traer aquí continuamente demandas coma esta porque non aceptamos como normal o que non é normal. Hai un elevado número de urxencias, hai un elevado número de persoas con pluripatoloxías, que precisan máis atención e máis persoal. E esa non é unha cuestión exclusiva de última hora senón que vostedes saben que é así e non teñen dimensionados os servizos para que esa atención se produza do xeito correcto.

Esa é a realidade. E no demais retrátanse aquí.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Moción do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a política do Goberno galego ante a crise xerada polo peche das centrais térmicas de carbón

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Socialista.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 60315 (10/MOC-000175).

Emenda de substitución.

Substituír o texto dos puntos 3, 4 e 5 polo seguinte:

«3. Esixir do Goberno do Estado a urxente creación das Mesas Locais das Pontes e Cerceda para unha Transición Enerxética Xusta, actuando como órgano de gobernabilidade onde se vexan representadas as distintas administracións públicas e privadas e as organizacións sindicais con representación no territorio, co fin de empezar a traballar de forma concreta en posíbeis alternativas á situación actual que poidan paliar e arrojar luz ás graves afeccións que a situación actual está a provocar no emprego dependente da xeración eléctrica no territorio.»

Emenda de adición.

Engadir no punto 6 o seguinte texto in fine:

«Defender por todos os medios posíbeis a igualdade de Galiza nos fondos vixentes e futuros que se habiliten para a superación do carbón.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 60315).

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Promova un Plan de Transición Industrial en Galicia, no marco dunha transición enerxética xusta, coa participación da Xunta de Galicia, os concellos de Cerceda e as Pontes e as centrais sindicais procurando alternativas viables para as zonas especialmente afectadas por procesos de peche empresarial. Este plan, que se deberá encadrar no Plan Estratéxico 2021-2025, será sometido ao Parlamento de Galicia para procurar un acordo parlamentario amplo.

2º) Se dirixa ao Goberno central e lle solicite a constitución da Mesa de Transición Galega, acordada no Ministerio para a Transición Ecolóxica, que afecta aos concellos de Cerceda e As Pontes para establecer a folla de ruta que garanta o futuro das comarcas afectadas, así como das familias que dependen da actividade das centrais térmicas de Endesa nas Pontes e de Naturgy en Cerceda.

3º) Se dirixa ao Goberno central e lle solicite a presentación do Plan de peche de cada unha das centrais térmicas para o seu coñecemento e debate na Mesa de Transición Galega.

4º) Establecer de xeito inmediato un programa específico para a activación económica dos concellos de Cerceda e As Pontes e as súas comarcas, que contemple, entre outras medidas, actuacións en in-



fraestruturas, formación de traballadores e traballadoras para a súa adaptación a novas competencias e de fomento de alternativas empresariais (medidas fiscais, dotación de solo empresarial, apoio financeiro a través do Igape, etc)

5º) *Convocar inmediatamente á Mesa para o desenvolvemento do Plan do carbón co fin de recuperar os fondos aprobados e anulados unilateralmente polo Goberno de Mariano Rajoy no ano 2011».)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Primeiro quero dar os nosos parabéns aos traballadores e aos xubilados de Endesa polo laudo arbitral que saíu onte —creo que foi onte— co que recuperan os seus dereitos de pago en especie, en forma de subministración eléctrica ás súas vivendas, e o camiño aberto para a aprobación do seu novo convenio colectivo despois de case tres anos coa consecuencia da súa decaída por mor da reforma laboral —que esperamos que o novo goberno derroque de inmediato—. Parabéns para eles. Está claro que a loita é o único camiño.

E ante esta urxencia nas comarcas das Pontes e Meirama e a falta de planificación e estratexias previas, En Marea plantexa fixarse en experiencias de éxito que faciliten rebaixar o risco de erros e poder reducir os prazos cara a unha alternativa sustentable. Moitas das nosas propostas están baseadas en realidades de zonas con problemáticas moi similares. Din agora no Goberno galego que non temos tempo para adaptarnos. ¡Claro que non! Non o temos porque, desde que pecharon as minas que alimentaban as centrais, non se fixo nada —dez ou doce anos en cada caso sen facer nada—.

Necesítase un modelo de desenvolvemento que mellore o anterior, que sexa máis sostible, máis participativo, máis ecolóxico e máis racional. Estes foron os eixos das experiencias citadas nas que se basea esta moción. A toma de decisións participada foi a tónica habitual, este é o aspecto máis relevante. Pasouse dunha actitude de queixa continua ante a situación de depresión económica e social, provocada polo peche da minaría e das centrais, a unha actitude propositiva. Xa ninguén pode plantexar, cun mínimo criterio, propostas baseadas na pervivencia da central de carbón —como imos escoitar mañá por parte do Partido Popular—. A central non vai volver funcionar, non perdamos o tempo. Iso non é só unha decisión política ou empresarial, é un compromiso cos nosos fillos e netos, é estar co futuro e non co pasado. Hai que actuar decididamente contra o cambio climático. A central xa non ten posibilidade de seguir funcionando —ademais, isto é moi bo— e hai que buscar alternativas de inmediato, que se poden tomar se se quere. O problema é este, a falta de iniciativa e de previsión do Goberno do Estado, do Goberno do Estado nos últimos dez anos, de varios gobernos e tamén deste goberno. Espero que non pensen seguir así, mirando para atrás.

En Marea véno dicindo dende hai tres anos, sobre todo porque hai alternativas, e alternativas non só máis sostibles senón máis realistas e cun posible futuro moito máis próspero, como o evidencian as rexións mencionadas anteriormente. Non gastemos cartos no pasado, apostemos polo futuro ineludible. As Pontes e Cerceda-Meirama tiñan que ser os faros de referencia tractores dese *new deal green* de Galicia, e terían que ser a punta de lanza de todos



eses proxectos. Imos tarde pero aínda hai tempo para facelo se se comeza xa. E sobre todo hai inxentes orzamentos europeos e previsiblemente tamén estatais para conseguilo.

Evidentemente, hai solucións. A señora Egerique pedíanos antes propostas. Ben, pois aí van unha morea de propostas. Esperemos que non se aplique aquí só o segundo mandamento da política industrial do Partido Popular en Galicia: buscar un culpable. É verdade que neste asunto o Goberno do Estado é tamén responsable, e é o primeiro implicado en aportar solucións tamén financeiras —como están nos orzamentos aínda vixentes—, pero a política industrial é competencia da Xunta de Galicia, o que nos leva a pedirles que non apliquen tamén o seu primeiro mandato: estar de espectadores. Como dicía, propoñemos que sexan proactivos. Espero que falemos hoxe de medidas concretas, non de tentar arañar votos.

As primeiras propostas van na liña de implementar de maneira inmediata o mapa sostible da transición para as comarcas de Cerceda e As Pontes. Segundo comentou hai xa un par de plenos a conselleira de Medio Ambiente, estaba xa desenvolvéndose un mapa de transición sostible de Galicia, como En Marea leva pedindo desde hai máis de tres anos. Esperemos que sexa verdade. Pero agora hai que pasar á aplicación concreta nestas comarcas para poder acceder en xaneiro do 2021 ás axudas da Unión Europea, que van estar dotadas con máis de 100.000 millóns de euros.

Tamén hai que instar a Consellería de Economía e Emprego para constituír de inmediato eses grupos de traballo. Non estean reclamando que o Ministerio de Industria o faga. Teno que facer, pero, se queren poñelo en marcha, póñano en marcha xa, convoquen os colectivos sociais, medioambientais e empresariais das Pontes e de Meirama. Póñanse en marcha, saquen esa noticia, e esperemos que o Ministerio se incorpore de maneira inmediata. Seguro que o farían.

Tamén hai que instar o Ministerio de Industria e Turismo, e tamén o de Transición Ecolóxica, a aplicar todas as medidas que hai xa nos orzamentos en vigor agora, os do 2018, que teñen medidas tanto para novas aportacións financeiras ás zonas con actividade mineira pechada como tamén para a recuperación dos fondos Miner que foron realizados polo goberno do Partido Popular no ano 2012. Son decenas de millóns de euros para As Pontes e Meirama que non foron executados e que, segundo os orzamentos actualmente en vigor, poderían ser implementados.

Hai que instar tamén Endesa e Naturgy a que se poñan as pilas, a que presenten os seus plans de futuro. En Aragón Endesa xa o fixo coa central de Andorra. ¿Por que en Galicia non? ¿Por que o Goberno da Xunta de Galicia non lle exige que presente tamén a súa alternativa? Xa sei que é máis rendible electoralmente botarlle só a culpa ao Goberno do Estado, e hai que facelo tamén, pero Endesa e Naturgy teñen unha responsabilidade enorme e teñen que cumprir. Non é razoable que haxa nove meses que a zona de Andorra, en Teruel, xa teña un plan por parte de Endesa e en Galicia, tendo unha central aínda moito máis importante, non se teña ese plan. O Goberno da Xunta de Galicia ten que exixir que se presente de inmediato.

Despois, hai que instar para que todos os proxectos que se desenvolvan vaian na liña da transición ecolóxica: eficiencia enerxética, enerxías renovables, técnicas de reciclaxe, eli-



minación de residuos, etc. E nestes momentos os axentes económicos non buscan fundamentalmente parques industriais —ademais, na zona hai xa parques industriais a moreas, moitos deles medio baleiros, como o das Somozas—. O que buscan é traballadores moi ben formados, e por aí debería haber iniciativas da Xunta de Galicia para a formación de novos traballadores nestas novas tecnoloxías. E tamén buscan infraestruturas dixitais e de banda larga de última xeración que permitan a implementación de factorías 4.0. Por iso, esperamos que a Xunta de Galicia promova que as primeiras instalacións de 5G se desenvolvan nas zonas das Pontes e Cerceda. Esperamos que empecen a negociar xa cos operadores telefónicos para que isto sexa así. Asegúrolles que iso sería máis importante que ter naves industriais. É o que buscan as empresas que queren desenvolver a Industria 4.0, que necesita, ineludiblemente, o 5G.

Para iso tamén, evidentemente, hai que desenvolver ciclos formativos neste tipo de actividades. Non se están desenvolvendo. ¿Por que a Xunta de Galicia non os desenvolve de maneira inmediata? Tamén hai que promocionar e incentivar as actividades locais non deslocalizables que aproveiten os recursos autóctonos, e todo iso na liña de non voltar ao monocultivo industrial.

Hai que aproveitar tamén e recoñecer a paisaxe como elemento fundamental para o benestar das persoas e a actividade económica e desta maneira desenvolver iniciativas co apoio financeiro de Endesa e Naturgy para que as escombreyas pasen a ser elementos culturais de ocio e de turismo sustentable, creando ecoparques —que xa se desenvolveron en moitas rexións de Gran Bretaña, de Francia, Alemaña e Holanda— que pasarían de maneira inmediata a ser un polo de creación de emprego ligado á natureza e ao turismo. Recomendolles que visiten, por exemplo, as escombreyas das Pontes e vexan que de maneira inmediata se poderían poñer iniciativas. Xa sei que a todo lle verán dificultades. «A culpa é só de Pedro Sánchez», ese vai ser o único discurso. A ver se comentan algunha destas iniciativas e a ver se comentan por que non son viables.

A creación do Centro de Recursos para o Desenvolvemento Sostible de Galicia, coa participación do Estado, e a creación dun centro de ecoempresas que axude a instalarse na zona empresas de enerxías renovables atraería moitísimas empresas a estas zonas, como xa pasou nas rexións europeas que mencionei.

Propoñemos desenvolver un plan piloto para a reforma enerxética das vivendas. Isto poderíase poñer en marcha de maneira inmediata se houbera fondos da Xunta de Galicia, cofinanciado polas propias familias, e daría traballo ás empresas auxiliares das Pontes e de Meirama de maneira inmediata. Digan a ver por que non pode haber eses fondos dispoñibles da Xunta de Galicia para poñer en marcha isto de maneira inmediata. Porque a solución non é xerar máis enerxía renovable para substituír a enerxía de carbón, non, a solución é consumir moita menos enerxía, e por aí a eficiencia enerxética é fundamental.

Tamén propoñemos a creación dun centro de I+D+i para o desenvolvemento de novos materiais que utilicen como materia prima elementos reciclados e o desenvolvemento de novos procesos de reciclaxe. Non me dá tempo, hai moitas máis iniciativas, a ver se polo menos poden de maneira xustificada criticar ou apoiar algunha delas.



E, finalmente, unha das máis importantes é desenvolver toda unha serie de materias de tributación ecolóxica que axuden ao financiamento de todas estas iniciativas, ademais dos fondos europeos, fondos estatais e fondos que a Xunta de Galicia debería ter previstos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: ...e que non aparecen nos orzamentos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: ...de 2020 por ningún lado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Non compartimos o triunfalismo do laudo porque quedan dereitos adquiridos por recuperar e a loita continúa. E os traballadores das Pontes creo que tampouco o comparten porque este xoves hai unha concentración anunciada precisamente por este tema. (*Aplausos.*)

Meirama produciu episodios de loita tenaz no seu comezo. Nunca tal viramos naquel tempo de franquismo tardío pero pleno nos usos e nas formas: panos negros, toquillas e paraugas facendo fronte á Garda Civil. «Cabaleiros de servir» dicía a canción para burlar a censura posfranquista, ou plenamente franquista, por moitos anos.

E Manuel María escribía: «Raposos capitalistas que non deixan un torrón, sementan todo de lixo, porcallada e polución». El escribía e outros cantabamos con melodías tradicionais nadas nas entrañas dos paraugas. E todos sabiamos de que ía aquilo. Baixo o disfrace do progreso, agochábase o roubo que produciría os cuantiosos dividendos dos que o pobo non ía saír beneficiado. E, agora, cincuenta ou sesenta anos despois, aquí estamos outra vez dando a cara e loitando por un enterrro xusto, porque o do carbón acabou e é ben, pero, unha vez máis, ás agachadas, cometen abuso; unha vez máis, actúan en contra da xente. Agora pechan sen previo aviso, agora pechan porque perderon o interese, agora pechan porque están a outros negocios e se volveron defensores do clima, así, de súpeto, agora pechan logo de embolsaren miles de millóns de euros que non reverteron en quen era dono dos recursos, das terras, da forza do traballo e da ilusión de vivir con dignidade. E, polo medio, un goberno que privatizou e regalou, que saldou esa galiña de ovos de ouro e deixou o galiñeiro baleiro coma se entrara o raposo, tal cal.

Nós seguímoslles na loita porque non imos consentir este enterro, non así, non deste mal xeito. Porque antes tanto Endesa como Naturgy terán que pagar a débeda que teñen con Cer-



ceda e coas Pontes, terán que rañar os petos e poñer os cartos precisos para manter a vida económica nas comarcas afectadas. E vostedes, os que xogan ao pim, pam, pum tedioso e insolidario, terán que sentar na mesa de negociación e pararlles os pés aos que queren marchar sen pagar. Os primeiros á mesa, pois, son culpables —vostedes— dun delito de abandono de responsabilidades, de virar as costas ao pobo. Deberán impulsar a urxente creación das mesas locais das Pontes e Cerceda para unha transición enerxética xusta, e actuar como órgano de gobernabilidade onde se vexan representadas as distintas administracións públicas e privadas e as organizacións sindicais con representación no territorio co fin de empezar a traballar de forma concreta en posibles alternativas á situación actual que poidan paliar e arrojar luz ás graves afeccións que a situación actual está a provocar no emprego, dependente da xeración eléctrica no territorio. Esta é a nosa emenda de substitución dos puntos 3, 4 e 5 desta moción.

E deberán tamén reparar o mal feito pola amnesia do carbón. Xa saben, para PP e PSOE Galicia non producía carbón, Galicia non tiña lignito, Galicia non contaba. Agora si vai contar. O BNG di que ten que contar e contará. E tócalles a PP e PSOE mover ficha logo de tanta impasibilidade e defender por todos os medios posibles a igualdade de Galicia nos fondos vixentes e futuros que se habiliten para a superación do carbón. Velaí a emenda de adición no punto 6.

Hai que andar, que son horas, e este noso país non atura máis silencios, ninguneos nin traizóns. As Pontes e Cerceda reclaman só unha porción do que lles pertence. «Cando o povo pide o seu con voz valente e baril, mándanlle, pra contentalo, cabaleiros de servir». Non os tentará o demo de mandarlles outra vez a Garda Civil, ¿ou? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor Casal, con todos os meus respectos, hoxe tráenos aquí unha moción que máis ben parece o programa electoral. Pero ben, fóra coñas, os socialistas cremos realmente que esta moción ten temas importantes que merecerían un debate individual e pormenorizado para adoptar determinados acordos.

Tamén pensamos que dende o Parlamento non podemos decidir nós sós cal é a mellor estratexia a seguir para recuperar as zonas afectadas polo peche das centrais térmicas sen ter en conta os actores principais. Nós consideramos que deben participar os concellos afectados, a Xunta de Galicia, o Goberno de España, os sindicatos, as universidades e os representantes da vida civil.

Os socialistas tamén queremos poñer de manifesto que en Galicia non só hai un concello e unha comarca afectada polo peche da central térmica. Como vostedes ben saben, en Galicia temos o peche neste ano da central térmica de Naturgy, en Cerceda, e o peche da central térmica de Endesa, nas Pontes, máis tarde; polo que as solucións que solicitamos —e, neste



sentido, vai fundamentalmente a emenda que presentamos a esta moción— deben ser acordadas para as dúas zonas.

O Goberno galego ten a obriga de procurar acordos para as dúas zonas, que perden un recurso fundamental para a súa economía e para as familias e que se verán afectadas se non conquiren unha saída para os traballadores e traballadoras das dúas centrais térmicas aos que lles perigan os seus postos de traballo.

Todos os partidos políticos manifestamos —e supoño que así é— que estamos de acordo en que hai que planificar unha transición enerxética xusta; é dicir, que teña en conta a descarbonización, pero coa necesaria recuperación económica das zonas, que perden un importante recurso económico. Ademais, atópanse cunhas macroinfraestruturas e cunha serie de terreos que deben ter unha reconversión que beneficie o territorio no que explotaron os recursos naturais, que son de todos e de todas, e cunha necesaria planificación económica que permita un futuro para estas comarcas. É dicir, hai que tratalos como unha oportunidade de desenvolvemento económico de futuro.

A planificación debería de estar feita dende o mesmo momento no que se sabía que o futuro deste tipo de instalacións non era indefinida; unha situación que non podía ser descoñecida pola Xunta de Galicia, xa que se trata das dúas centrais máis contaminantes, e unha planificación na que tanto Naturgy como Endesa teñen a obriga de participar (*Murmurios.*) —señor presidente, ¿falo máis alto ou calan?— para minorar os impactos derivados da explotación dos nosos recursos, que ademais son recursos de todos e todas que lles teñen producido elevados beneficios económicos durante todos estes anos. Unha planificación que tiña que ir máis aló das fotos, cando hai anuncios grandilocuentes aos que nos ten acostumados o Goberno do Partido Popular, pero que logo non son quen de obrigar ao cumprimento deses anuncios grandilocuentes. Unha planificación que tiña a obriga de ter feito a Xunta de Galicia dende o mesmo momento en que aprobaron o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, que no reto 7 di: «...rebaixar as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 35 % respecto do 2005». Unha planificación que, insisto —volvo repetilo e non me cansarei de dicilo—, é competencia exclusiva da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) A Xunta de Galicia, mentres fala de transición enerxética xusta, ao mesmo tempo acaba de aprobar os orzamentos para o ano 2020, que en plena crise industrial derivada da descarbonización reducen os recursos necesarios para axudar á transición enerxética e apoiar as comarcas afectadas pola crise industrial, que renuncian a apostar pola modernización económica e polo emprego industrial.

En definitiva, é un goberno que carece dun modelo enerxético propio para afrontar a crise industrial provocada pola descarbonización que levou as empresas a anunciar o peche anticipado das centrais de Meirama e das Pontes.

Por iso presentamos unha emenda de substitución que esperamos que por parte do Grupo Mixto sexa tida en conta, na que pedimos: promover un plan de transición industrial en Galicia no marco dunha transición enerxética xusta, coa participación da Xunta de Galicia, dos concellos de Cerceda-As Pontes e as centrais sindicais, procurando alternativas viables para as zonas especialmente afectadas por procesos de peche empresarial. Este plan deberá de



encadrarse no Plan estratéxico 2021-2025, e será sometido ao Parlamento de Galicia para procurar un acordo parlamentario amplo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Como non me dá tempo e como todos son coñecedores, eu espero que o señor Casal teña a ben ter en conta a nosa emenda.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Común da Esquerda, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Dixo a señora Rodríguez Rumbo que todos queriamos unha transición enerxética xusta. Bueno, que eu saiba, todos queremos dende que Endesa dixó que non nos quedaba outra, porque, antes diso, aquí ninguén defendía unha transición enerxética nin ningún tipo de peche das térmicas, que eu saiba. A transición foi transición forzada polos intereses da empresa, e iso quere dicir moito, quere dicir que por decisións políticas se deixou nas mans dunha empresa privada o futuro das Pontes, o futuro de Cerceda e o futuro do seu contorno, por decisión políticas que lle deixaron a Endesa nas mans. E esas decisións políticas empezan por unha privatización vergonzosa a partir da cal o peche da central térmica era unha decisión dunha empresa privada para a cal había que estar preparados. Xa o dixemos hai moitos anos, había que estar preparados. O deber dun goberno responsable que mire polo interese xeral é ter preparado un escenario de peche das centrais térmicas que producían o 40 % da emisión de gases de efecto invernadoiro. Tíñano que saber. O contrario diso, o que fixo e fai a Xunta de Galicia é dunha irresponsabilidade enorme e unha actuación baseada en mentiras; saben que son mentiras pero non lles importa.

E a irresponsabilidade é enorme por non exercer o seu papel de goberno e utilizar a situación actual de angustia de moita xente nas Pontes para facer electoralismo do barato. Vostedes poden criticar as actuacións do Goberno español, o mesmo que faremos nós, pero fagan os seus deberes de goberno galego no Estatuto de autonomía, si. No Estatuto de autonomía dise que Galicia ten absolutas competencias sobre a planificación económica. Díganme vostedes que fixeron vostedes para evitar que esteamos nesta situación, para ter un plan, para ter unhas liñas de actuación, para que no caso de pechar as térmicas houberse alternativas para a xente e esa transición fose xusta. Non fixeron nada e aínda por riba non hai nada que inventar. No propio Estado español si que hai gobernos autonómicos que se moveron, como o Goberno de Asturias. O Goberno de Asturias ten firmados ata 60 convenios para unha transición xusta co Ministerio de Transición Enerxética. Tamén o Goberno de Baleares, o Goberno de Aragón. En Euskadi pechou a última térmica no ano 2014 por iniciativa do Goberno vasco e non houbo ningún drama, ao contrario. Foi unha superación dun modelo obsoleto que crea moitos impactos e crea pouco emprego e pouca riqueza. Son unhas industrias decididas por intereses alleos a Galicia e que non xeran contorno económico arredor delas. É unha irresponsabilidade.



E vostedes enganar a xente, danlle falsas expectativas. A expectativa é crear políticas de futuro que garantan o traballo aos traballadores da central, das auxiliares, e aos transportistas. Porque vostedes trouxeron aquí propostas, señores do Partido Popular e señoras do Partido Popular, para encherlle os petos de millóns a Endesa sen garantías laborais para os traballadores. Non lles importou nada que se despediran traballadores, non lles importou nada o continuo empeoramento das condicións laborais dos traballadores de Endesa e tampouco lles importa a situación dos transportistas, que actualmente están parados, dende hai un ano, sen cobrar un só euro e ante a que vostedes como goberno galego non puxeron ningunha solución enriba da mesa, nin unha. E iso que é bastante ben menos do que estaban dispostos a darlle a Endesa dos nosos impostos. ¿Por que non hai solucións para os camioneiros?, ¿por que non se lles poñen enriba da mesa solucións para préstamos brandos ou para carencias para que non teñan que estar pagando todos os meses as letras duns préstamos por uns investimentos ante as exixencias de Endesa, dicíndolles que ían ter traballo por moito tempo?

E todo baseado en mentiras. O señor Tellado ten vido aquí e dito sempre a mesma mentira. Pretende que a mesma mentira, repetíndoa, pase a ser verdade. É mentira que a decisión de peche sexa unha decisión do Goberno do Estado español, ¡mentira! mente absolutamente. *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)*

El señor Trenor es un sabio, venido de La Coruña, que me va enseñar a mi en estos momentos. El concejal en el exilio va a enseñarme a mi... *(Fortes murmurios.) (Aplausos.)*

A empresa comunicou — non te poñas colorado — ... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

¡Cálmense! Aínda nos queda moito e imos moi mal de tempo. Aínda queda moito...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Dixo que non sabía. Eu non sei de nada, como case todos os que estamos aquí. Agora ben, lin o comunicado de Endesa cando dixo as razóns do seu peche. As razóns do seu peche eran ben previsibles: a subida do pago dos dereitos de emisión do CO₂ e a subida do prezo do carbón, que lle supón máis de 14,0 millóns de euros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: O Goberno do Estado, se comete unha negligencia, é a mesma negligencia que cometen vostedes: non ter previsto este escenario e non poñer enriba da mesa solucións para as traballadoras e para os traballadores. E iso é o que hai que esixirle ao Goberno español, o mesmo que lles exiximos a vostedes: que deixen de traballar para Endesa e de verdade fagan traballo para solucionar a situación de moita xente, que está angustiada, e non hai dereito a que estea angustiada pola súa negligencia e porque vostedes traballaron.. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo. Xa rematou o seu tempo. Se non, aínda imos volver ás tres e media da tarde. Pero mire a hora, por favor, un minuto e corenta.



Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, revise o ton porque por un momento vostede nos recordou a un híbrido entre o señor Beiras e o señor Ábalos, polo ton que acaba de empregar. *(Aplausos.)*

Eu agradezo a claridade coa que falou o señor Casal, porque a verdade é que xa non se agochan, xa non teñen ningún tipo de complexo.

Mire, vostedes levan anos vindo á tribuna deste Parlamento a pedir o peche de empresas. Pediron o peche de Ence, pediron o peche de Reganosa, as electrointensivas, agora as centrais térmicas... Polo tanto, vostedes teñen o que conseguiron. Conseguiron o que querían, e nada máis que iso. Vostedes aceptan a decisión da empresa de pechar, logo de que o Goberno de España a empuxase a pechar pola vía da fiscalidade. Esa é a realidade.

O señor Sánchez acúsanos de non estar preparados no ano 2020 do que tiña que pasar no ano 2040 ou 2030. Esa é a realidade, iso é do que se nos acusa.

Mire, a verdade é que está moi ben vir a esta tribuna e que todos quitemos a máscara. ¿Sabe por que? Porque nós seguimos sendo os que defendemos os intereses de Galicia e dos galegos, e vostedes defenden o que xa son, o Goberno de España. Vostedes son os socios que permiten que o señor Sánchez governe en España e leve adiante todos os seus plans para o noso país e para a nosa comunidade.

Señor Casal, vostede representa un grupo que é herdeiro de AGE, ou, bueno, estaba, está..., eu que sei. Herdeiros de AGE, e ese foi o grupo que plantexou nesta Cámara por primeira vez o peche da central térmica das Pontes. Xa o conseguiron, son vostedes tan responsables, tan responsables como os señores do Partido Socialista, nin máis nin menos.

E vostede vén hoxe aquí cunha iniciativa máis propia de Macgyber, porque vostede ten solución para todo. O certo é que, cando vostede tivo capacidade de xestión, non demostrou ter tanta. É verdade que agora vai marchar un deputado das Mareas como asesor a Madrid. Ben puido ir vostede de asesor do asesor, que é algo que está moi de moda nesta esquerda progresista do país.

A verdade é que vostede ten solución para todo e solución para nada. ¿Sabe vostede que vén facer aquí? A repartir culpas e a abordar esta cuestión coma se fose un problema industrial para intentar que lle toque parte da responsabilidade á Xunta de Galicia. ¿Pero sabe que pasa? Que este non é un problema industrial, este é un problema enerxético, con competencias exclusivas do Goberno de España. Vostede vén aquí facer de palanganero e a tratar de lavarlle as vergonzas ao Partido Socialista, como cómplices útiles dunha política que destrúe centos e milleiros de postos de traballo. E nós estamos aquí para frear esa política dese goberno.

Mire, estamos nesta situación porque temos unha ministra intransigente, da Transición Ecolóxica, a señora Teresa Ribera, que puxo enriba da mesa un auténtico jaque á industria



galega. Intentouno coas electrointensivas, pero aí están na corda frouxa, intentouno tamén coas centrais térmicas. ¡Alá cadaquén coa postura que prefire adoptar!

Pero é que nós non somos os únicos que criticamos. Eu supoño que para esta bancada Jordi Sevilla debe ser xa un fascista, ¿non?, que está en contra do Goberno do progreso porque ten denunciada a estratexia intransixente da ministra de Transición Ecolóxica. Nós lamentamos que vostedes se aliñen onde se aliñan.

Durante os últimos cincuenta anos a central térmica das Pontes foi fonte de riqueza e de emprego para todas as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá; a segunda renda per cápita máis alta de Galicia e a pensión media máis alta de Galicia, e todo isto grazas a unha central térmica que ten xerado emprego, emprego de alta calidade, e riqueza.

O Goberno socialista de Pedro Sánchez decidiu acabar con todo para poñer a medalla do ecoloxismo, esa é a realidade. Nós, ¿que somos?, ¿os máis verdes de Europa ou somos os máis parvos de Europa? Imos pechar as centrais térmicas dez anos antes que o resto de países de Europa. ¿Que somos, os máis ecoloxistas, os máis verdes ou os máis parvos? Somos os máis parvos, esa é a realidade.

Mire, Galicia xa é verde. Nós estamos a favor da descarbonización progresiva da nosa economía —progresiva, progresiva, claro que si—. Nós estamos a favor dunha transición ecolóxica ordenada e xusta, pero temos que dicirlle que Galicia xa é verde, Galicia xa duplica no ano 2020 a taxa de enerxía renovable que Europa marcaba para o ano 2030. Xa somos unha comunidade verde. O 63 % da electricidade que se produce en Galicia provén de enerxías verdes. Galicia xa é verde. O Goberno socialista que vostedes apoian empeñouse en que Endesa pechase a súa central nas Pontes, a pesar dun investimento de 217 millóns de euros para garantir a redución das emisións contaminantes e cumprir coas directivas europeas.

Galicia xa é verde, e a central das Pontes cumpre a normativa que permitiría alongar a súa vida ata o ano 2040. Nós nin sequera pedimos iso. Nós pedimos unha transición xusta, pero o PSOE néгаа e vostedes son os cómplices necesarios. Vostedes veñen aquí pedindo catro mesas de traballo e piden subsidios, bla bla, bla...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: A señora Rodríguez Rumbo expresouno perfectamente: reconversión. Iso, na comarca de Ferrolterra, sabemos exactamente o que é; é paro e pobreza para todos. Deixen de facer de parvos útiles para o Partido Socialista.

Vostedes están aquí defendendo o Goberno socialista, e nós estamos aquí defendendo o emprego na comarca das Pontes. Vostedes están defendendo aquí o indefendible, e nós estamos defendendo unha transición xusta. Nós pedimos a reapertura inmediata da central, e vostedes o que piden é parches para que se destrúa o emprego e que o Partido Socialista lave a cara.

Eu estou seguro de que tanto agravio a Galicia nós cremos que agocha a pouca confianza de Ferraz nas posibilidades electorais do Partido Socialista e de Gonzalo Caballero. ¿E vostedes que fan? Vostedes aplauden.



O PSdeG-PSOE ten decidido traizoar a Galicia e aos intereses de Galicia... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado. Rematou o tempo. Está exactamente no mesmo no que estaba vostede, exactamente no mesmo. Imos cumprir todos a hora.

Polo grupo autor da moción, o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bueno, como esperaba, non hai nada que facer. Nin unha soa proposta, só insultos, descualificacións políticas e incluso —que iso sempre o fan cando xa non teñen ningún argumento— insultos *ad hominem*, aos que lles respostarei tamén. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, se non, búsqueno no dicionario. No Google lle explica o que é «*ad hominem*». (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, como preguntaba! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, un pouco si.

Xa que o Partido Popular non aporta nada, nin unha soa solución, nin unha soa proposta... Antes a señora Egerique dicía que querían propostas. Aí teñen propostas, e non criticou nin unha soa de maneira concreta, nin unha. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Nin unha!

O señor PRESIDENTE: Por favor, imos con calma, ¡eh!

O señor CASAL VIDAL: Con respecto á emenda do BNG, aceptariámola, pero eles poñen o foco só no Goberno do Estado e nós plantexamos que hai que exixir ao Goberno do Estado e ao Goberno da Xunta de Galicia. Tamén todas as experiencias de éxito en toda Europa foron moito máis participativas, non só por parte dos gobernos e dos sindicatos, senón tamén de asociacións, movementos sociais e movementos ecoloxistas. Se complementáramos con todo iso, aceptariamos a emenda.

O señor PRESIDENTE: ¿Non a acepta?

O señor CASAL VIDAL: Si, si, acéptoa, pero con modificacións que espero pactar con eles agora.

Despois as do Partido Socialista son demasiado xenéricas. Aceptariamos os tres primeiros puntos como adición non como substitución, e a número 4 está incluída xa na nosa proposta. Se quixeran deixala como adición aceptariámola, pero xa está totalmente incluída na nosa proposta.

A que non aceptamos sería a quinta, a de volver preparar outra mesa para que se restitúan os fondos que xa están aprobados, que estaban aprobados nos fondos Miner. Está nos orzamentos actualmente en vigor, que se poden restituír. O que pedimos —como o pedimos na nosa iniciativa— é que se restituía xa, non montar ningunha mesa para debater sobre o asunto.

E agora volve contestar ao señor Tellado sobre o insulto *ad hominem*. Vostede dubidaba, di: ¿para que propón vostede cousas se vostede non ten ningunha capacidade de xestión, como vén demostrado na súa traxectoria? Espero que a súa traxectoria sexa comparable á miña.



Mire, eu rematei a carreira de Enxeñería Superior no ICAI, que é a escola de enxeñería máis prestixiosa de España e das máis prestixiosas de Europa... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CASAL VIDAL: ...aos 21 anos. (*Murmurios.*) ¿Sabe cantas persoas remataron a carreira aos 21 anos? ¡Sete! ¡En cincuenta anos! Despois, efectivamente, entrei en Unión Fenosa. Aos 26 anos fun o primeiro director dun departamento. E despois montei unha empresa do audiovisual que durante trinta anos —que é unha industria audiovisual en Galicia— produciu 50 películas en Galicia. ¿Sabe vostede cantos produtores en Europa levan producidas 50 películas? (*Murmurios.*) ¡Cóntanse cos dedos dunha man! Efectivamente, o asunto rematou mal, si, na crise. E algún día falarei de como rematou mal e de que participación tivo o Igape nese rematar mal. (*Protestas.*) E pódeno preguntar vostedes. ¿Saben a quen tamén? (*Murmurios.*) Pódenlles preguntar aos señores de Caixa Galicia, que eran socios, e aos descendentes de Rosalía Mera, que tamén eran socios, cal foi o verdadeiro responsable do remate desa empresa. Dez mil postos de traballo que creei. ¡Eu firmei 10.000 contratos de traballo! Non sei cantos firmaría vostede na súa ampla traxectoria persoal..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: ...profesional...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: ...e non sei se na política.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio!

Bueno, imos votar. (*Murmurios.*)

Por favor.

Rematado xa o debate destas mocións, votamos.

Pechen as portas, por favor.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.



¿Aceptou a emenda do Grupo Mixto, señora Rodríguez Rumbo? ¿Aceptouna? (Asentimento.) É que non estaba eu no debate. (A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.) ¡Aceptada! Vale, perfecto.

Entón, votámola. Aceptou a emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Si? ¿Acepta vostede...? (Murmurios.)

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector naval.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a política do Goberno galego en relación cos servizos hospitalarios de urxencias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa de don Francisco Casal Vidal.

Hai unhas propostas que xa explicou el. Votámola de acordo con esas propostas, se o aceptan vostedes. Fíxolles unhas propostas de transacción, en concreto, sobre varios números; estiveron atentos vostedes a esas propostas. Bueno, pois, entón, votamos. (Murmurios.)

¡Ah!, bueno, entón, a ver. ¡Claro! ¡Xa dicía eu! (Murmurios.)

As propostas el leunas desde aquí. Na súa intervención el falou... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) —si, si, falou— de que aceptaba a parte... (Pronúncianse palabras que non se



perciben.) ¡Ah! Niso quedou el, de facer unha negociación, pero non me pediu aquí un tempo... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Pero, ¿necesita o tempo? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

Entón, ¿que quere que faga? Votamos segundo explicou el. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Votamos a proposta orixinal e acabouse a cuestión.

Pois, veña, imos votar. Non perdamos máis tempo. Votamos a proposta inicial.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a política do Goberno galego ante a crise xerada polo peche das centrais térmicas de carbón.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións.

Abran as portas.

Volvemos ás catro e media.

Suspéndese a sesión ás tres e dezasete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión.

Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar da Axenda galega formulada diante do Goberno central para a súa concreción e execución

O señor PRESIDENTE: Para formular esta intervención, ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, don Alfonso Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

Comparezo hoxe nesta cámara, por petición propia, en representación do Goberno, para plantexar e, por suposto tamén, debater as demandas que a Xunta de Galicia e agardo que poidamos dicir tamén que este parlamento estamos a defender e, dende logo, imos seguir



defendendo ante o Goberno do Estado que se acaba de constituír, demandas que son xustas e que, dende logo, o Goberno da Xunta de Galicia considera que Galicia na súa maioría —eu diría todas— necesita ademais urxentemente. Entrarei nelas polo miúdo.

Este é o obxecto desta comparecencia, pero quero anunciar dende xa, pola especial importancia que teñen e porque lle dá sentido ademais a todo o conxunto de reclamacións, que polo menos nestes vindeiros meses, no tempo inmediato, a Xunta de Galicia vai ter dúas prioridades principais. A primeira, sen ningunha dúbida, é o pago dos cartos que se lle deben a Galicia, cartos que está retendo o Goberno do Estado e que, dende logo, non podemos baixo ningún concepto deixar de reclamar; 370 millóns de euros que son nosos, que son de Galicia, que non se nos están pagando, e, polo tanto, iso será unha das reclamacións principais, sen ningunha dúbida, ata que eses cartos lle sexan transferidos a quen de verdade é o seu verdadeiro dono, que son os galegos e galegas. E, o segundo, a segunda reclamación principal, será o traspaso da titularidade da autoestrada AP-9.

A partir de aí, por suposto, hai moitas máis, tamén moi importantes, pero, nunha priorización inmediata, estas, dende logo, revisten unha importancia principalísima, polas razóns que agora pasarei a explicar.

Dende logo asegúrolles unha cousa tamén: Galicia vai acudir a esta interlocución, a esta negociación, a estas conversas para poder chegar a acordos, como o que sempre fomos, unha comunidade autónoma leal ao Estado, unha comunidade autónoma cumpridora como a que máis, e, polo tanto, agardamos do Estado a reciprocidade e o comportamento correspondente ao que nós vimos observando.

E, por suposto, estas reivindicacións sitúanse, teñen que situarse —non pode ser doutra maneira, non o entendemos nós doutra maneira— dentro do marco que establece a Constitución española, dentro do marco que establece o noso Estatuto e, polo tanto, dentro do marco no que podemos e temos todo o dereito e toda a necesidade de reclamar o que é noso. Ao final, estamos buscando acadar o que Galicia merece dentro dun Estado constitucional das autonomías, nin máis nin menos. Non pretendemos, señorías, ser máis que ninguén pero, dende logo, tampouco nos imos conformar con que se nos neguen os dereitos e con iso sexamos menos que ninguén que tamén teña dereitos.

Esta é unha afirmación que podería parecer un pouco de perogrullo, un pouco innecesaria, pero, certamente, co que estamos vendo neste momento, no que debería ser un Estado democrático resulta, por desgracia, plenamente necesario facela no contexto actual.

Aquí hai que saber ao final e hai que ter claro se o interlocutor que temos enfronte —enténdaseme «enfronte» no bo sentido—, polo menos en principio, que é o Goberno central presidido polo señor Sánchez, é ou non é autónomo e imparcial tamén e, polo tanto, xusto á hora de tomar decisións que nos importan moito. Está claro que para ser investido tivo que aceptar moitos compromisos, moitas hipotecas, na opinión do Goberno, e, polo tanto, terá que cumprir ou satisfacer moitas demandas. Pois ben, nós agardamos que o teña claro o Goberno central, que o teña claro o presidente do Goberno e, por suposto, que o teña claro este



parlamento. É máis, agardamos o respaldo deste parlamento para que todas estas concesións que haxa que facerlles a outros en ningún caso poderán ser a custa de Galicia.

É certo, señorías, que hai un acordo asinado cun partido con representación parlamentaria neste parlamento, un acordo co Bloque Nacionalista Galego, pero hai que ver a partir de agora que tiña de real, que tiña de concreto e que tiña de fume asinar un acordo rapidamente para conseguir unha investidura, todo este acordo que, dende logo, o Bloque Nacionalista Galego expuxo e do que facheou —se mo permiten, e agora veremos na miña comparecencia por que digo isto— profusamente.

Na nosa opinión esquece aspectos moi relevantes, fundamentais. Hai un silencio clamoroso sobre temas que lle importan moitísimo a Galicia. Noutros ámbitos hai propostas ou hai concesións, ou hai conformismos que van moito menos aló, que quedan moito máis curtos, mesmo respecto de acordos que se acadaron neste propio parlamento. Polo tanto, isto é o que pon o acordo, a partir de agora hai que empezar a desenvolvelo, e tamén recordándolles unha cousa: que os que negocian e os que chegan a acordos non son os partidos políticos, son os gobernos. Polo tanto, está o Goberno central e o Goberno da Xunta de Galicia e, polo tanto, o Goberno da Xunta de Galicia, se é chamado polo Goberno central —e hai unha serie de prazos acadados neste acordo—, irá coa máxima lealdade e coa máxima firmeza.

As negociacións —xa digo— son entre gobernos. Entre gobernos non se permiten —dende logo nós non imos permitir— niveis de vaguidade, niveis de inconcreción, e, por suposto, reclamaremos todo aquilo que cremos que lle corresponde a Galicia con independencia do que poña este acordo. E para iso hai que ter unha axenda clara e concreta. É o que eu veño expoñer aquí. Temos unha axenda de necesidades inmediatas, urxentes, concretas, dende logo todas moi necesarias e as que consideramos que o Goberno central debe atender e debe atendelas coa maior brevidade.

Denominámola Axenda Galicia. Son vinte e cinco puntos moi concretos, encabezados, como dicía antes, por dous fundamentais: primeiro, que se nos pague o que se nos debe, que se nos pague aquilo que é noso, e que se comece con todo o proceso de transferencia, con todo o que iso implica, da autoestrada AP-9. E tamén, á parte —tamén falarei diso—, hai un conxunto de transferencias que están solicitadas dende hai tempo, dende a nosa chegada ao goberno e tamén dende antes e, polo tanto, non as esquecemos nin moito menos, témolas en conta e tamén queremos que se fale de todas esas transferencias.

Comezarei, polo tanto, coa intención de ser absolutamente concreto e que quede claro que Galicia vai reclamar con esas prioridades establecidas na Axenda Galicia.

Como dicía, son vinte e cinco asuntos, urxentes e prioritarios, vinte e cinco asuntos ademais que se aprobaron polo Consello da Xunta antes das derradeiras eleccións xerais, polo tanto, sen ter certeza nin constancia de quen se ía encargar do goberno de España, con quen había que negociarlas finalmente; polo tanto, esas son as demandas de Galicia con independencia de con quen houbera que negociarlas, fose o Goberno que saíra das eleccións xerais de novembro da cor política que fose.



Xa se empezou a avanzar na súa concreción. O presidente da Xunta fixo público, tense dirixido a todos o ministros e ministras do novo Goberno. Debulláronse esas vinte e cinco demandas en funcións dos diferentes sectores en que se estruturou o novo Goberno, vinte e dous ministerios, e, polo tanto, intentamos facer o esforzo de primeira concreción, de primeiro achegamento, que sabemos que nin moito menos vai ser dabondo, e, polo tanto, imos seguir traballando —intentarei tamén dicir como—, pero xa empezamos pola nosa parte todo ese proceso.

Polo tanto, quero dividir esta comparecencia nesas dúas partes: primeiro, a Axenda Galicia, eses vinte e cinco compromisos urxentes, e despois falar do bloque de reclamación de transferencias.

Dentro da Axenda Galicia gustaríame establecer un primeiro e fundamental apartado na liña que lles viña dicindo, no que se refire ao financiamento, o financiamento xusto, nin máis nin menos, que corresponde a Galicia. E dende logo á cabeza dese financiamento, non só pero á cabeza polo máis urxente, polo máis evidente e porque non podemos tolerar en ningún caso ningunha estafa política e ningunha estafa económica —e niso consiste que agora se nos estea negando aquilo que era noso—, temos que reclamar e seguir reclamando e facer a forza que sexa necesaria; xa o están reclamando todas as comunidades autónomas. Señorías, somos todos perfectamente conscientes disto, con independencia da cor política, eses cartos que lle corresponden a Galicia e que o Estado está retendo, sen ser capaz, ademais, de dicir para que se está utilizando. Hoxe díciase despois do Consello de Ministros que en realidade eses cartos nunca existiron. A tomadura de pelo chega ata ese punto. Resulta que se recadaron, eran de Galicia, non nos chegaron, pero resulta que agora nos din, probablemente para non explicar en que os gastaron, que eses cartos nunca existiron. Creo que chega un momento en que teremos que dicir «basta» e teremos que dicir que hai que ingresalos e hai que ingresalos de xeito urxente.

Por facer un pouco de memoria, de historia, que todos vostedes coñecen. Díxosenos de todo sobre esta débeda. Díxosenos primeiro que non se podía pagar, porque había que aprobar o orzamento; despois xa non era aprobar o orzamento, o problema era que o Goberno estaba en funcións; despois meteron a Avogacía do Estado de por medio; despois viuse que non había problema. Por certo, a Xunta, no camiño, fixo primeiro un informe xurídico que acreditaba que era posible, como despois quedou demostrado, e mesmo mandou un borrador de proxecto de decreto lei, se o camiño era ese, para que se puidera facer a transferencia; non tivemos ningunha resposta. Ao final díxose que se ía ingresar, rematamos o ano cun ingreso parcial e empezamos este novo ano co Goberno xa non en funcións, senón un goberno plenamente operativo, que ese era o gran problema que nos dicían, e que eses cartos en realidade habería que telos reclamado o ano pasado —non sería porque non se reclamaron de todas as formas posibles— e xa non se podían pagar.

A tomadura de pelo, a estafa política e a estafa económica que pretende o Goberno central nós non a podemos tolerar, e creo que todo o mundo o entende perfectamente. E enténdo todo o mundo, non só o Goberno da Xunta de Galicia, non só a maioría dos galegos e galegas, senón tamén —e creo que iso é unha evidencia clamorosa— o resto das comunidades autó-



nomas que tampouco recibiron eses cartos, cartos deles tamén, dos cidadáns de cada unha das comunidades autónomas, e que os están reclamando con todo o dereito.

Por iso, señorías, é moi difícil de entender que nese pacto PSOE-BNG ao que antes me refería non se diga unha soa palabra destes cartos. Só sae unha entrevista nos medios de comunicación do señor Rego, que di que non aparece nese pacto porque non había constancia de que non se quixera pagar. (*Murmurios.*) Isto dío, efectivamente. Por iso eu lles diría aos señores do BNG que lean un pouco máis o periódico e que escoiten o que di a xente. Había constancia de sobra (*Aplausos.*), e dicir iso é xustificar o inxustificable. E, dende logo, é aínda máis incomprendible o dito polo Partido Socialista, o dito polo señor Gonzalo Caballero —hoxe ausente—, que xa pasa páxina e nos di que para os incumprimentos deste sistema de financiamento hai que ir ao sistema de financiamento que aínda está por deseñar, non sabemos o que di e polo tanto, aínda está por cumprir.

Xa está: que nos esquezamos. Sempre defendendo o indefendible, sempre intentando tapar cousas que non se poden tapar e sempre entrando en contradición con outros compañeiros do Partido Socialista noutras comunidades autónomas moito máis valentes e probablemente moito máis prácticos, que están dicindo absolutamente o contrario. Eu creo que é moi difícil ser candidato en Galicia se non se defende a Galicia, e esta é a primeira conclusión que se sacan con estes posicionamentos. (*Aplausos.*)

Pero hai máis silencios clamorosos neste pacto. Necesitamos un novo modelo de financiamento autonómico. ¿Cantos meses van xa sen que se reúna o Consello de Política Fiscal e Financeira? Estano reclamando todas as comunidades autónomas, é necesario. Hai posturas moi encontradas e que dende logo algunhas delas non lle interesan nada a Galicia, e parece que se queren impoñer, vendo algunhas actitudes do señor Sánchez.

Necesitamos un novo modelo de financiamento que teña en conta a dispersión, o envellecemento, o custo de prestación dos servizos, que non vaia simplemente ao número poboacional. Todo isto hai que empezar a falalo. Non se fala nada nese pacto PSOE-Bloque Nacionalista Galego. E nós queremos falar tamén co Goberno central canto antes dese novo modelo de financiamento. Hai que empezar a falalo, hai que empezar a concretalo e hai que empezar a tomar posicións fronte a outros aos que lles interesan cousas que en absoluto lle interesan a Galicia.

Outro silencio moi difícil de entender nese pacto: a estratexia nacional fronte ao reto demográfico. É un problema, estamos todos de acordo, absolutamente todos de acordo, por moito que lle faga moita graza ao señor Bará, supoño que porque non ten ningún tipo de solución en que é algo absolutamente necesario. Tanta graza lle fai que nin o nomean nese pacto. Para vostedes, á hora de falar co Partido Socialista, á hora de dicir que acadan un pacto histórico, isto non merece ningunha mención. Pois dígolle unha cousa, señor Bará, señores do Bloque Nacionalista Galego, señores do Partido Socialista: é un problema urxente, e é un problema urxente para Galicia, e dende logo a Xunta de Galicia plantexarao diante do Goberno central por moita risa que a vostede lle dea, señora Bará, (*Aplausos.*) por moita risa que a vostede lle dea.



E plantexaremos tamén algo moi importante, porque, ademais, estamos no momento de plantexalo, é algo urxente. Estámonos xogando moitísimo agora mesmo co financiamento europeo, estamos ao final da definición do novo período económico en Europa. Eu recordo no ano 2012 que buscamos alianza co Goberno central e con iso conseguimos cambiar unha situación que dende logo era absolutamente desastrosa para Galicia, que era perder unha parte moi importante dos fondos; buscamos diferentes aliados en Europa, diferentes rexións que estaban na mesma situación e falamos co noso Goberno, naquel momento o Goberno de Mariano Rajoy, para que se dera conta de que Galicia necesitaba eses fondos, como os necesitamos agora.

Agora vólvennos dar ou polo menos se volven intuír noticias que non son nada boas: diminucións ao redor do 15 % nos fondos da PAC, 25 % no Fondo de Desenvolvemento Rural, 10 % na política de cohesión, e o que nos din —eu mesmo estiven en Bruxelas hai dous meses, máis ou menos—, o que nos chega, o que nos din mesmo representantes de Europa aquí en España é que é o momento de tecer alianzas, o momento de que os gobernos estatais —ao final a última palabra téñena as negociacións entre gobernos estatais— fagan compli- cidades, de manter contactos e de que nos deamos conta do que nos estamos xogando.

Polo tanto, necesitamos que o Goberno central, necesitamos que o Goberno do señor Sánchez se dea conta de que Galicia se está xogando moitísimo, igual que no ano 2012 se deu conta naquel momento o Goberno que presidía o señor Rajoy, e, polo tanto, non que nos bote unha man nin que nos axude, que nos dea o que realmente necesitamos e aquilo ao que temos dereito.

Non temos agora mesmo ningunha noticia de que está pasando, non temos ningunha noticia de que lle vai pasar a Galicia, porque quen nola ten que dar está probablemente ocupado noutras cousas, e isto será algo fundamental que nós teremos que plantexar tamén como unha parte moi importante da Axenda galega e que por suposto tampouco aparece nese acordo que subscribiron o Bloque e o Partido Socialista.

Isto respecto ao financiamento, parte fundamental —xa digo—, e por aí teriamos que em- ppezar, e dende logo por aí nós imos saír e imos xa non só empezar senón tamén a seguir.

Hai outro bloque moi importante: o que se refire ás infraestruturas pendentes. E aquí, como lles dicía antes, temos que empezar polo que se refire á transferencia da autoestrada AP-9, outra gran prioridade. Creo que non hai ningunha dúbida, señorías. Espero que sexa así. Dende logo o Goberno da Xunta de Galicia e o grupo parlamentario que apoia o Goberno creo que sempre demos mostras claras, gobernara quen gobernara en Madrid, sempre pedimos, (*Murmurios.*) non como no 2007, onde o Bloque no Congreso votou en contra da transferencia —que non lles gusta nada que llo recordemos— (*Aplausos.*), sempre defendemos a transfe- rencia, dende Galicia, gobernara quen gobernara.

Polo tanto, imos seguir facendo igual. Hai unha proposición de lei agora que se está trami- tando e está atascada, como tantas cousas fundamentais nestes dezaioito meses de Goberno en funcións, dunha maneira ou outra, que se atascaron. Esperemos que se desatase agora. Pero iso non é o importante, o importante é en que condicións se vai facer o traspaso e que



vai pasar mentres. Temos unha proposta clara, incluso mentres non se faga o traspaso. Dende logo, o traspaso, si ou si, pero, mentres non se produce, remitimos xa á Secretaría de Estado de Infraestruturas unha proposta. ¿Para que? Pois para paliar o impacto das peaxes, os prexuízos que se estaban dando agora coas súas peaxes nas economías dos profesionais, nas economías das familias, nas economías de todo o mundo que por unha razón ou outra ten que transitar pola autoestrada.

A primeira é a revisión da aplicación do real decreto que fixa o aumento das tarifas do 1 % acumulativo durante vinte anos, para financiar o que é coñecido: a ampliación da autoestrada en Santiago na ponte de Rande. ¿Que propuxemos nós? Que se financie a través dos presupostos xerais do Estado, non a custa do bolsillo dos contribuíntes que pagan as peaxes. E o segundo era a bonificación do 25 % no custo da peaxe a aqueles usuarios que realizan o mesmo traxecto de ida e de volta no mesmo día, que se aplicaríase nos dous traxectos, no de ida e no de volta, incluídas tamén fins de semana e incluídos tamén os vehículos pesados. Esas eran as dúas propostas que había que facer xa con independencia de que ao mesmo tempo —que tamén é necesario— faláramos do traspaso.

E tamén demandamos outros compromisos que vostedes esqueceron, nese acordo PSOE-BNG. Xa estaba acadado, chegou a moción de censura, houbo cambio de goberno e isto é así —hai que dicilo—, a liberación da peaxe de Redondela estaba para executala, de repente parou, nunca máis se soubo pola súa parte, e tamén, por suposto, a conversión da AP-9 en Vigo en tramo urbano. Tamén os imos reclamar agora e tamén forman parte da axenda galega. Dígoo porque no acordo que vostedes asinaron nin aparece, probablemente porque o esqueceron, porque pensaron que non tiña interese ou porque pensaron que cando os acordos non están ben amarrados empezan as inconcrecións. (*Murmurios.*)

Porque miren, ¿como se explica se non —e creo que isto hai que telo en conta, e habería que aclaralo tamén neste parlamento— que ese acordo que parecía tan firme, tan concreto —e se un vai lelo, efectivamente, así é—, dende o primeiro día empezara a ser cuestionado? Voulles ler algo que vostedes seguro que coñecen, xa non o sei, polo menos non sei se o coñecen os representantes do Partido Socialista. O acordo que vostedes asinaron di que «se garantiza como mínimo a bonificación do 100 % do peaxe para os usuarios recurrentes, dos o máis veces ao día, como mínimo, 100 %, tanto a particulares como a profesionais, durante todos os días da semana. O coste desta bonificación corre a cargo dos presupostos do Estado e se aplicaríase a partir da aprobación dos presupostos xerais do Estado en o ano 2020». Isto é lo que dice o acordo, clarísimo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pocas dúbidas ofrece esta redacción. ¡Oiga!, si fuera así, enhorabuena. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Muy bien. (*Aplausos.*) Empezamos con las enhorabuena.

Seis días despois, medios de comunicación: «A lo largo del próximo verano los viajes de vuelta en el día por la AP-9 comenzarán a ser gratuitos» —viajes de vuelta, (*Murmurios.*) xa comemos un traxecto— «para todos os usuarios que porten dispositivo de telepeaxe. Al menos es lo que prevé el nuevo Ejecutivo» —é dicir, non ten nada que ver co que asinou o novo Executivo co BNG— «según aseveran fontes socialistas en el Congreso». ¿Quen mente?, ¿quien non conta a verdade? ¿O acordo ou as fontes socialistas no Congreso?



Pero imos máis alá, imos seguir avanzando no tempo, no tempo de dúas-tres semanas. 16 de xaneiro, outro xornal, declaracións do socialista Guillermo Meijón: «*Falta por concretar cómo se va a aplicar la bonificación. El compromiso de aplicación está en el horizonte de cuatro años de legislatura*». (Murmurios.) Xa non estamos en 2020 en canto se aproben os presupostos, catro anos de lexislatura. E se houbera que ir máis alá, o subdelegado do Goberno en Pontevedra tamén dicía nunha entrevista nun periódico: «*La gratuidad de la AP-9 este año dependerá de la disponibilidad presupuestaria*». (Murmurios.) Pasamos do todo ao nada, sen que o Bloque dixera nada, polo menos non dixera nada de pedir explicacións a aqueles que asinaron o acordo, non hai un ano, non dous, hai dúas semanas.

Polo tanto, isto haberá que aclaralo. Por suposto que se conseguen todo o que di este acordo nós teremos que dicir que noraboa, e terán o apoio da Xunta de Galicia. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Pero é que en dúas semanas xa se rebaixou todo.

Dicía o señor Rego tamén nesa entrevista, que non ten desperdicio, que ás veces non se poden conseguir cousas cun acordo, pero xa é un logro conseguir que se estuden. Entón, ao mellor pasamos da gratuidade a que se estuden; se é así, explíquenlo, e canto antes, por favor, canto antes. (Aplausos.) (Murmurios.)

En todo caso, verémolo pronto. Vostedes poñen un prazo moi curto, nun prazo moito máis curto xa se desmentiron, están pasando de 100 a 0 nesa aceleración, veremos o que hai. (Murmurios.) Nós, dende logo, imos ir coa nosa folla de ruta. Aquilo que mandamos á Secretaría de Infraestruturas, que se aplique canto antes, e tamén, por suposto, empezar a falar do traspaso e empezar a falar en serio.

Esta é a segunda prioridade fundamental, non o ocultamos. Non o negamos nunca, pero ¿que queren que lles diga? Con estes antecedentes e con estes desmentidos en apenas dúas semanas, as esperanzas de que isto sexa moi firme son tamén bastante poucas.

E, dende logo, a AP-9 é unha infraestrutura fundamental, e por aí queremos empezar. Pero non é a única. Dígollelo porque vostedes no seu acordo esquecen completamente calquera outra infraestrutura.

Falan do nó de bombeiros de Pontevedra; eu son de Pontevedra e estou moi de acordo en que é unha obra necesaria. Pero hai máis obras en Galicia, non só daquelas das cidades onde governa o Bloque, hai moitas máis. E, polo tanto, o deber da Xunta de Galicia —espero que vostedes estean de acordo— é reclamar outras moitas infraestruturas viarias que son igual de necesarias. ¿Cales? Remate das obras da autovía Lugo-Santiago para o Xacobeo 2021; variante de Ourense do resto da autovía Ourense-Lugo; nova autovía Vigo-O Porriño, (Murmurios.) que deixou aprobada, por certo, o Goberno do señor Rajoy —e unha complicidade esta aquí neste caso se funcionan ben as relacións tíos-sobriños—, metérona nun caixón e resulta que está absolutamente esquecida esta infraestrutura fundamental para Vigo e a súa área metropolitana.

Máis compromisos que imos executar, que imos pedir que se executen —perdón— nesa Axenda Galicia: autovía da Mariña, a integración do treito A Coruña-Arteixo da AG-55 na



rede de estradas do Estado, configurando un itinerario continuo e libre de peaxe de acceso ao porto exterior da Coruña; isto tamén é importante, tamén o imos pedir. Imos pedir tamén a posta en marcha das medidas que permitan solucionar de forma definitiva os problemas ocasionados pola néboa na A-8; haberá que solucionarlos dunha vez. Polo tanto, isto tamén hai que seguilo pedindo, isto tamén é importante, á parte da AP-9, que é importantísima.

Máis cousas: impulso da variante de Ponteareas, unha vez que o Goberno central declarou que sería unha actuación da súa competencia; pois entón impulsémola e poñámola e que haxa un compromiso. Máis cousas: impulso da circunvalación de Pontevedra, procurando o máximo consenso social no trazado das seguintes fases; por suposto, tamén fundamental, á parte do nó de bombeiros. Máis cousas: colaborar co Goberno de Portugal para unha nova conexión internacional por autovía que facilite o acceso da poboación do norte luso á liña do AVE Madrid-Galicia, a través da Gudiña; isto pídenlolo moitos alcaldes de todas as cores políticas e, polo tanto, disto tamén deberíamos falar. Máis cousas: aprobación e impulso dun programa de eliminación de todos os treitos de produción de accidentes identificados na rede estatal de estradas; disto tamén había que falar e imos falar.

Polo tanto, todo isto non está no acordo. Comprendemos que no acordo non se pode poñer todo, pero, cando se pon unha cousa nada máis e enseguida empeza a ser desmentida pola outra parte contratante, entenderán que nos preocupa moitísimo que nin isto nin o outro.

Polo tanto, todo, e a facelo, e nós ímolo levar como parte da axenda e como parte fundamental. Isto é a Axenda Galicia, esta é a axenda que lle importa a todo o mundo.

E, se seguimos con infraestruturas, falamos dunha infraestrutura fundamental, fundamental para moitísima xente, dende logo non fundamental para vostedes, que non aparece. Iso é importante tamén, pero (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) debe estar, señora Vilán, ao mesmo nivel de importancia que a concreción de cando, por fin, vai chegar o AVE a Galicia; non aparece para nada no acordo que asinaron vostedes, non aparece absolutamente para nada.

Claro, un pregúntase por que, e, claro, vendo o que pasou tamén nestas dúas semanas, un empeza a explicarse por que. Claramente porque o que non querían é que os puxeran en evidencia, como os puxeron en evidencia coa autoestrada. En dúas semanas temos escoitado —xa de antes, pero nestas dúas semanas especialmente— dicir de todo. Temos escoitado probablemente a verdade do que pensa facer respecto do cumprimento dos prazos do AVE o Goberno central. ¿Esta é unha cuestión clave ou non é unha cuestión clave para Galicia? Eu pregunto. Supoño que dirán que si. É unha cuestión clave, pero non tan clave como para introducir a nese acordo que vostedes asinaron. Xa digo que non hai absolutamente ningunha referencia.

Por facer un pouco de historia moi recente tamén, o señor Ábalos, no ano 2018, recén constituído o Goberno que saíu da moción de censura, asegurou que o AVE, as obras do AVE estarían rematadas no ano 2019. Naquel momento tivo a oportunidade de dicir o que estimaba por conveniente, tiña información —supoñemos—; se non, non tería vido a Galicia a comprometerse. E dixo que si, ratificouno uns meses despois dicindo que o mantíña e



que a el o que non lle gustaba era crear falsas expectativas; polo tanto, nunca diría un prazo que non se fora a cumprir. Isto díxoo a principios do ano 2019. Claro, empezou a avanzar o ano 2019, chegamos ao último cuadrimestre, as obras a ese tramo en probas que recorreremos con el, entre Benavente e Puebla de Sanabria, e xa empezou a non dicir nada, dicir que non podía comprometer os prazos, que xa veríamos, inconcrecións... A Xunta empezou a dicir que, efectivamente, era imposible concretar os prazos e, polo tanto, o primeiro que había era recoñecelo; segundo, facer unha planificación xusta e unha planificación certa para dicir cando tiña que chegar o AVE, pensando, ademais, no importante que era que en 2021, Ano Xacobeo, estivera o AVE si ou si. E xa empezaron outra vez a sacar a careta de xeito definitivo. Non vostedes, tivo que ser o representante da Unión Europea en España quen dixera que vostedes mesmos lle dixeran que ata o ano 2022 o AVE non ía estar. Despois empezaron a facer rectificacións, rectificacións das rectificacións. A ministra de Asuntos Exteriores —recórdolle ese tuit onde dicía que efectivamente ata o ano 2022 non—, e ao final o señor Ábalos —tan de moda ultimamente— veu dicir nesa ducha escocesa da que falaba o señor Méndez Romeu, tamén nun artigo de prensa —jmenudo vén hoxe a prensa para saber as verdades do que vostedes contan!— onde ao final lles dicía que se contara a verdade, exactamente a verdade. E o señor Ábalos, con esa declaración de que no 2021, e cando se lle di que, joia!, no 2021 é o Xacobeo, ¿cando vai estar?, ¿no 2021? Di: ben, pero o Xacobeo non durará un mes, durará doce meses; polo tanto, deámonos cun canto nos dentes se está ao final do Xacobeo, durante o ano 2021. Dígoo porque isto é moi importante. Non lles importa demasiado porque non está no pacto que asinaron, pero a nós si. E, polo tanto, iremos dicir que o AVE ten que ter un prazo certo e hai que sabelo canto antes e que así non podemos seguir. *(Aplausos.)*

No que se refire a augas e a portos, tamén hai que falar de moitísimas cousas. Hai que implicar o Estado no saneamento das rías e ríos galegos e hai que implicalo na execución de obras hidráulicas declaradas de interese xeral do propio Estado. As da Xunta xa as facemos nós, pero nas do Estado —xa que despois nos pide financiamento— haberá que facer un plan; a iso foi a conselleira a Madrid; polo tanto, isto é importante, isto supoñemos que debería estar no acordo que vostedes asinaron.

Non está en absoluto nada que teña que ver co saneamento das rías e ríos: a execución da dragaxe da ría do Burgo, a contribución que teñen que facer para evitar os riscos de inundación, para o saneamento das augas e abastecemento dos concellos, a igualdade tamén de trato respecto das débedas de autoridades portuarias. Se o imos facer en Valencia, ¿por que non o facemos tamén nas autoridades portuarias de Galicia?, ¿por que non o facemos na Coruña? Todo isto era ocasión de poñelo no pacto e non está en absoluto.

¿Queren que lles diga máis ausencias dese pacto que asinaron e que nós, dende logo, imos reclamar? Todo o que ten que ver con algo tan importante e tan fundamental para Galicia como o Estatuto para os consumidores electrointensivos, que é tanto como dicir o futuro de miles de familias en Galicia. ¿Cantas historias nos contaron sobre isto?, ¿cantas cousas nos dixeron?, ¿cantos prazos adiados? Igual que noutras cousas, pero aquí afecta —se mo permiten— especialmente o futuro inmediato de moitísima xente.

Miren, no ano 2018 dixéronnos que estaría no ano 2019, no ano 2019 dixéronnos que estaría pero avanzado o ano 2019, despois dixéronnos que non podía ser porque non se podía



facen cun goberno en funcións, que tiñan un borrador pero nunca nolo ensinaron, non nolo querían ensinar. Agora que hai un goberno en funcións a ministra de Traballo —por certo, unha das grandes impulsoras, segundo dicía, de que había que solucionar isto canto antes— dixo que ía estar de xeito inmediato, case no primeiro Consello de Ministros. Houbo unha reunión para falar disto, cualificada de decepcionante non só pola Xunta de Galicia —que, dende logo, estivo alí e así o considerou—, senón tamén polos propios representantes dos traballadores e o comité de empresa, que dixo que non se lles dixeran absolutamente nada. Xa lles dixo que de todas formas non tiveran problema porque en datas practicamente inmediatas o Consello de Ministros aprobaría o Estatuto para as electrointensivas. Ben, hoxe acaba de haber Consello de Ministros outra vez e nada de nada de nada. Preguntóuselle expresamente na rolda de prensa ao Goberno que pasaba con isto; a calada por resposta: (*Murmurios.*) non é urxente, non é importante... Vostedes perden unha grande ocasión, que era comprometer o Goberno de España a que dera un prazo nese acordo. Nese acordo si que falan —¡menos mal! — de que é necesario este estatuto, pero non compromete ningún prazo, ningún horizonte. E, claro, así nos vai, aí si que está cumprindo o Goberno socialista. Xa o fará cando lles pete, cando conveña, e iso pode ser pronto, durante ou nunca. Aí si que están cumprindo e aí si que perderon unha grande oportunidade de que isto fora adiante.

Igual que no caso de Endesa, señorías. ¡Canto falaron! ¡Que oportunidade tiñan de empezar a comprometer algo! Levaremos este tema tamén na Axenda Galicia que queremos plantexar ao Goberno.

Vostedes aceptan nese acordo que asinaron algo que a nós nos parece tremendo, que é que se leven a adiante os plans de pechar Endesa sen que antes rematen as probas que lle dean viabilidade e que supoñan unha alternativa para tantos traballadores e para esa actividade industrial. Admiten que se siga a adiante cos plans de empresa. ¡Que fácil era dicir!: ata que non acaben todas esas probas o plan parálizase. Non pon absolutamente nada diso no acordo que vostedes asinaron; nós, dende logo, imos exixilo.

Igual que imos exixir cousas que vostedes non poñían nese acordo: hai que eliminar o imposto ao carbón, hai que activar o convenio que o Goberno xa ten avanzado con outras comunidades autónomas, hai que incluír de xeito indubitado Galicia na plataforma europea de rexións mineiras en transición para poder conseguir fondos. Todas esas cousas hai que facelas, ímolas pedir nesa axenda. Vostedes en todo o acordo que asinaron en todas as conversas nin o plantexaron, o cal quere dicir que non lles parece importante e, dende logo, quere dicir que o Goberno central non ten ningunha intención nin ningunha preocupación polo que lles poida pasar a esas máis de setecentas cincuenta familias.

Igual que é clamoroso todo o silencio respecto do futuro da automoción, toda a cuestión que está en todas as conversas e en todas as declaracións que está habendo respecto do futuro do diésel, que tanto afecta a industria da automoción en Galicia. Ningunha palabra lles merece no seu acordo.

No naval vostedes falan e apostan pola construción civil para Navantia, esquecendo que agora mesmo —segundo nos di o Goberno socialista— hai un contrato asinado para cons-



truír unhas fragatas que garante a viabilidade, pero o malo é que o garante para dentro de dous anos. (*Murmurios.*) Nada respecto destes dous anos de parón, nada respecto de que é necesario construír esas fragatas, que é o contrato que está amarrado. Grandes declaracións probablemente porque aceptan que o futuro de Navantia teña que estar noutros sitios e Galicia non lles importa. Disto tiñan que ter falado e concretado no acordo e non o fixeron en absoluto.

Outro silencio clamoroso —debe de ser que non é importante—: o regulamento da Lei de costas. ¡Canta confusión, canta inqueda e canta preocupación está creando en tantas industrias asentadas no litoral!, que ven que o que se está avanzando respecto do regulamento para modificar a Lei de costas pon en seria cuestión, en serio perigo o establecemento desas industrias e, polo tanto, o futuro de moitísimas familias. ¡Que ocasión para ter aclarado todo iso, que ocasión para arrancarlle compromisos ao Goberno central e que ocasión tamén para o Partido Socialista de demostrar que realmente agora están falando! Estase xerando unha confusión sobre se vai adiante ou non vai adiante. Eu pediríalles que o aclararan aquí tamén, que se dean conta de que hai unha preocupación enorme de moitísima xente. Nós, dende logo, levaremos aos ministerios correspondentes esta inqueda e a necesidade de que non se leven a cabo os plans polo menos como vostedes os están plantexando.

E, por último, outro esquecemento respecto do sector pesqueiro. Ningunha palabra no acordo que asinaron, ningunha palabra respecto dos plans que ten o Goberno central nun momento especialmente crucial, nun momento especialmente difícil.

Igual que nos fondos europeos. Necesitamos que o Goberno central defenda Galicia como potencia pesqueira principal en Europa respecto dos posibles efectos do *Brexit*. Ningunha palabra sobre todo isto, ningunha información. ¡Oia!, a última vez que se nos chamou a Madrid para falar do *Brexit*, ¡tantas declaracións de que había que ir da man entre as comunidades autónomas e o Estado para falar do impacto! Foi hai meses, e meses e meses, non volvemos saber nada máis. Supoño que o Goberno central estará facendo algo en defensa de todo o territorio e, polo tanto, tamén de Galicia. Pero nada sabemos por moito que o preguntemos. Polo tanto, levaremos este tema tamén como fundamental na Axenda Galicia.

Outro bloque tamén fundamental —e vou rematando, presidente— é todo o que se refire aos servizos públicos.

Educación. Dende logo, imos levar diante do Goberno central un pacto que garanta a estabilidade na educación das próximas xeracións, que permita seguir mantendo no tempo e incluso mellorar os magníficos resultados que neste eido está acadando a nosa Comunidade Autónoma. E queremos evitar os cambios normativos permanentes. Creo que todos estamos de acordo en que hai unha coordinación das comisións que elaboran as probas de acceso á universidade. Isto estaba practicamente pechado e de repente —outra consecuencia da parálise do Goberno en funcións— nada se sabe. Queremos facer un modelo de acceso á actividade docente similar ao que hai no MIR. Todo isto estaba en marcha, de todo isto nada sabemos, de todo isto nada falamos vostedes no seu acordo, e todo isto levarémolo na nosa axenda.



Na sanidade precisamos tamén que o Goberno, na parte que lle corresponde, tome medidas, e tome medidas urxentes. Hai que paliar a escaseza de profesionais, sobre todo en determinadas especialidades e sobre todo en prazas difíciles de cubrir. Isto non o pode facer só a Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia está facendo un grande esforzo, e ímolo seguir facendo, pero necesitamos a colaboración. E non o estamos pedindo nós, estano pedindo todas as comunidades autónomas do Estado, que están padecendo o mesmo problema, e nada sabemos, nada vostedes plantexaron. É, por suposto, unha reivindicación que teremos que levar.

Na dependencia estamos a investir como comunidade autónoma practicamente o 70 % das cantidades coas que se está pagando a dependencia. Pois imos facer unha reivindicación moi clara e moi xusta —non só nós, vano facer moitas comunidades autónomas—: que o Estado pague o mesmo que estamos pagando as comunidades autónomas en dependencia. E simplemente con isto poderíamos cubrir o 100 % das demandas que agora mesmo están sen atender.

Educación de 0 a 3 anos. Acabamos de adoptar unha medida pioneira: escolas infantís de 0 a 3 anos gratis a partir do segundo fillo e sucesivos. Agora imos solicitar a contribución do Estado para que a gratuidade poida ser en todas as prazas e en todas as idades. Cremos que é unha demanda xusta e, polo tanto, levarémola na nosa axenda.

Atención a servizos sociais. Hai que pedir —non sei se en todas as comunidades autónomas— a compensación polo incremento do salario ás entidades que traballan coa discapacidade. Decidiuna o Goberno central, estámola pagando as comunidades autónomas; estamos todas de acordo, de todas as cores políticas, con que isto é unha demanda que hai que levar; quen tomou a decisión terá que tomar esa decisión co financiamento correspondente; polo tanto, farémolo.

Queremos tamén recuperar as axudas para acoller menores non acompañados e recuperar os fondos —diminuídos nunha cantidade moi importante no ano 2019— para a loita contra a pobreza infantil; polo tanto, isto tamén haberá que recuperalo.

En Xustiza pedimos algo tan evidente, tan normal e, dende logo, tan sorprendente que o ano pasado fora a primeira vez que non se observara, como é que o Ministerio de Xustiza escoite as comunidades autónomas e o poder xudicial; se non nos quere escoitar a nós, que escoite o poder xudicial respecto das necesidades que hai para a creación de órganos xudiciais e que non decida crealos en sitios que non foron pedidos ou, polo menos, non foron pedidos en primeiro lugar, porque hai outros máis prioritarios.

En seguridade seguiremos pedindo, por suposto, que se complete a Unidade de Policía Adscrita. Está baixando nos seus efectivos. Recordo os dous aumentos que houbo en tempos moi difíciles, ano 2012 e ano 2013; polo tanto, o normal é pedir que, se agora as cousas van un pouco mellor —ou iso polo menos nos contan vostedes—, que se volva completar a unidade canto antes.

En novas tecnoloxías, por rematar —habería outras moitas cousas pero por cinguirme a esas vinte e cinco medidas—, necesitamos que o Estado sexa un pouco máis áxil ou moito máis



áxil na execución dos fondos Feder na parte que lle toca. Está poñendo nun serio compromiso cumprir os obxectivos que se refiren ao investimento da Xunta, que si que está cumprindo a súa parte, para dotar dun ancho de banda homoxéneo e admisible todo o territorio galego. Iso estase pagando con fondos europeos e resulta que o gran problema o temos no ritmo de execución por parte do Estado.

E, por último, en todo o que se refire ao bloque cultural, necesitamos que o Estado se dea conta —disto tampouco falan vostedes absolutamente nada, señor Bará— de que o ano 2021 vai ser Ano Xacobeo. A ver se vai pasar como no ano 2010, que cando chegamos o Bipartito non sabía que o ano 2010 era Ano Xacobeo. Vólvenos pasar exactamente o mesmo. Levamos reclamando meses e meses e meses que o Estado poña as pilas e se dea conta de que o Xacobeo é un acontecemento fundamental, non só para Galicia —que, por suposto—, senón para o conxunto do Estado e tamén, se mo permite, para Europa. E, polo tanto, teremos que pasar das promesas aos feitos. E todas esas palabras que se nos dixeron, que se ía facer un Plan de bens de interese cultural do Camiño, se ía mellorar a seguridade das estradas, se ían facer accións de promoción turística, necesitamos que sexa realidade, e vemos absoluta parálise. Non debe ser moi importante —e asegúrolles que o é— porque vostedes no seu pacto non din absolutamente nada e cada vez que nos temos dirixido ao Goberno socialista do señor Sánchez dísenos que tranquilos, pero o tempo pasa, chega o Xacobeo e outra vez, como pasou no ano 2010, o que nos encontramos no ano 2009 non era absolutamente nada.

Polo tanto, levaremos tamén este tema como tema fundamental, igual que levaremos o apoio ás candidaturas ao patrimonio da humanidade da Ribeira Sacra; xa ten o Ministerio de Cultura a documentación; esperamos que a atenda e que a apoie. E tamén o que ten que ver coa candidatura das Cíes, do Parque Natural das Illas Atlánticas e do Ferrol da Ilustración; esperamos que os apoie; díxosenos que si, pero non sabemos absolutamente nada; a vostedes tampouco isto lles importou moito, non está no pacto; nós levarémolo na axenda.

E falaremos tamén, como lles dicía, das transferencias, porque, señorías, a Autonomía non a inventou ningún partido político, ningún dos que están aquí, a pesar de que algúns pensen que son os inventores e os impulsores. A Autonomía de Galicia fixémosla entre todos, e, polo tanto, o proceso de autonomías tocoulle a cada un no seu momento impulsalo; é un proceso bilateral loxicamente. Nunha houbo ningunha dúbida de que Galicia quere seguir crescendo no seu autogoberno. Outra cousa é a outra parte.

Eu quero recordar que durante os primeiros gobernos, especialmente no período en que foi presidente Manuel Fraga, se fixeron setenta traspasos efectivos —era lóxico, estaba a construírse a Autonomía—, 2.200 millóns de euros; despois é certo que o Bipartito seguiu, fixo unha lista de setenta transferencias, ao final conseguiu dez, a maioría —hai que dicilo, xa o dixeron nalgunha comparecencia— de entidade bastante menor; mentres naquela época se lle concedían a Cataluña —por certo, para Cataluña todo, para Galicia nada; iso xa o dixeron eu no ano 2010, porque eu estiven na Comisión de Transferencias aínda co señor Zapatero—, pois vostedes conseguiron o que conseguiron e nós retomámolo. Ningunha das transferencias que vostedes pedían dixemos que non nos valían, valíannos todas, fómolas pedir, casualmente a nós díxosenos que non e os poucos avances que había paralizáronse xa na época do señor Zapatero. Igual que se paralizaron despois, e dixémolo, e non nos gustaba,



pero durante a época do señor Rajoy non había transferencias, non houbo para ninguén. Do ano 2009 ao ano 2011 habíaas para Cataluña, habíaas para algunha comunidade autónoma gobernada polo Partido Socialista e non as había para Galicia. Durante os anos do señor Rajoy non as había para ninguén; nós dixemos que si, que tiña que habelas, e, polo tanto, cando un goberno volve abrir a posibilidade pois será o momento e agora o é; veremos se realmente isto pasa ou non pasa; volveremos facer unha lista e iremos con esa lista que recupera todas as anteriores e moitas das que se foron acordando neste parlamento por unanimidade.

Tamén na época na que gobernaba o Partido Popular no Goberno central pedimos dende aquí que se transferiran competencias e, polo tanto, imos seguir con esa coherencia. A ver se encontramos coherencia pola outra parte. Agora hai moitas declaracións. Volvo ao que dicía antes: que por darlles a algúns moito máis do que nos están contando que lles van dar, que non se lle quite a Galicia absolutamente nada. Tamén nas transferencias vai ser unha boa pedra de toque para ver se a Galicia, comunidade cumpridora e leal, se lle dá exactamente o que merecemos e o que imos pedir. Mantivemos a nosa Autonomía durante estes anos, non houbo transferencias durante varios anos, pero mentres moitas comunidades autónomas perdían a súa autonomía financeira e mesmo política porque tiñan que recorrer a mecanismos de auxilio financeiro, en Galicia afortunadamente fomos capaces de mantermos nunha situación moi difícil e nunca perdemos esa capacidade. Agora creo que iso nos vai dar unha posición —se mo permiten— un pouco máis predominante para exixir todas estas transferencias con moito maior dereito e con moito maior fundamento.

Polo tanto, señorías, esta é a axenda que queremos plantexar. Sinceramente considera o Goberno galego que todas son demandas razoables e demandas urxentes e, en moitísimos casos, demandas absolutamente imprescindibles.

A primeira —e vólvo reiterar— creo que é moi importante, creo que é fundamental. Creo que a inmensa maioría dos galegos e das galegas están de acordo en que se nos debe pagar o que se nos debe. É moi difícil intentar falar, intentar reivindicar fronte a quen che debe cartos e non chos quere pagar. Polo tanto, isto vai ser o primeiro e o fundamental.

Por suposto, tamén seguiremos cunha competencia que vostedes teñen apuntada —niso polo menos están de acordo en que é interesante, noutras moi interesantes e moi necesarias nin sequera se acordan delas—, pero xa que estamos de acordo en que isto é fundamental, reivindicaremos tamén como algo urxente, como algo prioritario, a transferencia da AP-9.

Por suposto, despois seguiremos coa concreción dos prazos do AVE —dunha vez, por fin, que se nos conte a verdade—, o que ten que ver co Estatuto das electointensivas, o que ten que ver coas edificacións na zona de dominio público marítimo-terrestre, todo o que é urxente, todo o que é necesario.

Imos solicitar unha comisión mixta, de inmediato. Vostedes falan no seu acordo de que se vai convocar. Supoño que seremos convocados nós, no prazo máximo de tres meses. Xa vai aló un mes e non tivemos ningunha noticia. Polo tanto, iremos recordando o que dixen ao principio: negóciase entre gobernos, non se negocia entre partidos, e, polo tanto, iremos con lealdade, iremos con firmeza, iremos pedindo o que a Galicia lle corresponde.



Deberíamos —e agardo que así o fagamos— actuar todos unidos, unidos polo que de verdade é importante, e isto realmente é moi importante, interésanos moito; moitas cousas que vostedes esqueceron nese pacto que asinaron son moi importantes e nós imos pedilo todo. E estou seguro de que concordarán con nós en que, a pesar deses esquecementos, esas vinte e cinco prioridades, ademais das transferencias, son importantes, e agardo que teñamos o seu apoio para reivindicalas.

E pido, en primeiro lugar, ao Bloque Nacionalista Galego que non permita que o enganen ou polo menos que se convertan aínda máis en fume as declaracións que o Partido Socialista —e remítome a todo o dito sobre a AP-9— parece que con moita urxencia quere converter en fume canto antes, desinflar, dicir que non era así, que se interpretou mal. Non, non, as cousas están como están. Nós imos reclamar o que realmente se necesita, e pido o apoio do BNG.

Entenderán que, ademais, imos ser moito máis ambiciosos e imos pedir moita máis concreción do que vostedes puxeron no pacto, porque é necesario, porque se deixaron moitas cousas e porque esas cousas Galicia non as pode deixar atrás.

E tamén lles pido aos partidos que forman a coalición que está gobernando en España, sinceramente, que non lle fallen a Galicia. Creo que estamos nun momento en que isto hai que telo moi claro. Que non poñan, por riba dos intereses destes temas fundamentais que Galicia reclama, os intereses dos seus partidos. Que o Partido Socialista se pare a pensar que a veces xustificar o inxustificable é un esforzo inútil que conduce á melancolía, normalmente que a xente o nota, e nótao dende o primeiro momento, porque a xente non é parva. Actitudes destes días intentando xustificar o que non se lle pasa pola cabeza xustificar a ningún socialista cabal do resto de España retrátanos bastante ben, señores do Partido Socialista de Galicia. Eu pídolles que aínda reflexionen, están a tempo de unirse á causa que ten que ser xeral, á causa das reivindicacións e das cousas que Galicia necesita e que lle imos reclamar ao Goberno español e, polo tanto, ao Goberno de todos.

Temos a nosa propia axenda, a Axenda Galicia, que intentei expoñer aquí, temos as nosas propias necesidades e tamén temos os nosos propios dereitos. Ao final todo é reivindicar, e reivindicar ben os dereitos. Non imos permitir, dende logo, nin que se pospoñan nin que se ignoren, nin que se poñan por debaixo dos dereitos dos demais. Como lles dicía ao principio, non queremos ser máis que ninguén, pero, dende logo, nin queremos nin imos ser menos que ninguén. Dígoo polas tentacións e polas cousas que estamos aí escoitando, que hai moitos intereses partidarios —e podo entendelo—, que hai moitas alianzas —coñecémolas, algunhas si e outras non—.

Pero miren, ante as ansias de conservar o poder por riba do que verdadeiramente importa, ao que ao final tes a tentación (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), poñamos o que de verdade nos importa a todos: Galicia, Galicia e Galicia, e unha Galicia forte para unha España máis forte aínda.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Boas tardes, señorías.

Desde logo, quen escoitase falar agora o vicepresidente da Xunta de Galicia así fóra de contexto pensaría que estamos ante un súper Rueda, un súper heroe que se vai enfrontar a un goberno inimigo das transferencias e do país, cando realmente o que temos diante, seguramente, é o protagonista da novela de Stevenson do caso do doutor Jekyll e Mr. Hyde. A mesma persoa na mesma lexislatura é capaz de vir aquí a esta tribuna co mesmo cargo de representante do Goberno defender cousas que son completamente diferentes. E mire, os que xa levamos tamén a lexislatura completa nesta cámara pois aínda non recordamos cal foi o momento no que vostede solicitou comparecer aquí para presentar esa axenda galega cando se acababa de constituír no 2016 o Goberno de Mariano Rajoy. Dígame se estou falto de memoria ou se é que verdadeiramente vostedes nunca presentaron aquí ningunha axenda política destas características. E no caso de que non o fixeran, que é o caso, porque xa o comprobamos, explíquenos por que, por que hai razón de ser dunha presentación dunha axenda galega que non debería ser de partido senón de institución, fronte a outra institución; é dicir, o Goberno representantes do autogoberno da Autonomía de Galicia fronte ao Goberno central do Estado. ¿Por que agora si e antes non? ¿Que cambiou? Explique qué cambiou, por que razón estamos aquí agora e non estivemos aquí cando se constituíu a lexislatura de Mariano Rajoy, tamén coincidindo practicamente no tempo coa constitución da lexislatura deste Parlamento de Galicia.

Pois mire, non hai nada diso porque daquela gobernaba o Partido Popular no Estado, é así de fácil. Non hai máis explicación, e, polo tanto, ese goberno do Estado tiña aquí un goberno de mansos, silenciosos, de cordeiros, de ovellas que non tiñan ningún tipo de interese en reclamar nada do que están falando agora, nada desas vinte e cinco transferencias, nin a primeira. Por reclamar, non reclamaban nin a transferencia da AP-9 cando os deputados galegos estaban votando en contra e cando a presidenta do Congreso, Ana Pastor, estaba vetando o debate da transferencia da AP-9. (*Murmurios.*) Si. ¡Home!, tanto foi así que tivemos que levalo ao Tribunal Constitucional en amparo (*Murmurios.*). Claro que si, fomos nós, A Marea, quen o levou a amparo ante a negativa do Partido Popular a ese debate. Pois logo ¿de que estamos falando?

Digan: ¿a que vén esta sorte de propaganda aquí? Pois a iso, a propaganda. Fala aquí, agora empezou e volve agora rematar con reactivar as transferencias desde a nosa chegada ao Goberno. Non se acordaron en toda a lexislatura, é dicir, non se acordaron na década ominosa de goberno de Núñez Feijóo de ningunha soa transferencia para o noso país, nin a primeira. Minto: só a da AP-9, aí votaron a favor; no resto, en contra en todas; e no que vai de lexislatura, en contra; e todos os grupos da oposición en distintos momentos presentamos propostas de transferencia e vostedes votaron en contra, incluso en contra dalgunhas que votaron antes a favor. Logo ¿a que vén este conto das transferencias? ¿Que interese teñen



no autogoberno? Ningún, ningún. A defensa institucional faina ese goberno e quen governe, ¿non? Pois aquí estamos vendo un exercicio absoluto de hipocrisía nunha presentación dunha comparecencia que non garda relación ningunha coa realidade do seu propio percorrido, da súa propia biografía política durante esta lexislatura, xa non digo máis atrás, digo durante esta lexislatura.

Fíxese, ademais, en que di vostede que durante dez anos non houbo transferencia para ningunha comunidade autónoma. Iso non é certo. Houbo tres comunidades autónomas, durante o sexenio de Mariano Rajoy, que recibiron transferencias novas, de distinto signo ademais, do Partido Popular e do Partido Socialista; logo non é certo nin sequera iso que está dicindo.

Outra cousa, ademais, é que iso non quitaría que vostede, en nome de defensa do autogoberno, se considera que esta cámara debe reclamar as competencias que lle corresponden ou incrementar o nivel de autogoberno, deberan de votar a favor diso cando sexa proposto durante esta lexislatura polos membros da oposición, polos grupos da oposición. E votaron que non a todo, a todo. Entón, non sabemos moi ben agora a que vén isto.

Empeza vostede a debullar a súa carta de reivindicacións e empeza falando de financiamento, e empeza facendo as contas e os contos do IVE, porque o do IVE non son as contas, son os contos. Hai unha verdade, e nós estamos de acordo con iso: é que hai un diñeiro que se nos debe e non se nos paga, e aí nos teñen ao seu lado. Ata aí todas as coincidencias, porque a renglón seguido a súa intervención soamente é unha restra de mentiras. E a mentira ¿en que consiste? En dicir que están facendo o posible para conseguir esa transferencia dese diñeiro para as arcas galgas. Iso é mentira.

En primeiro lugar, terán que aclarar, terán que explicar e terán que recoñecer que a situación normativa actual veu determinada por unha modificación que sobre o sistema de recadación do IVE fixo, sendo ministro Montoro, o Goberno de Mariano Rajoy. Comecen por recoñecer iso. Esa é unha situación normativa que impide neste momento o éxito de calquera acción xudicial que formule o seu Goberno plantexar; xa llo digo agora, así que, ben, imos á raíz política do asunto.

A raíz política do asunto é unha situación normativa que hai que cambiar e estamos na Cámara lexislativa para mudar realidades normativas inxustas. E a nós parecíanos inxusto e por esa razón no mes de setembro trouxemos aquí á Cámara unha proposición de lei, que debatemos no mes de outubro, onde pediamos a modificación da lei do Goberno de España, no seu artigo 21.3 bis, onde dicíamos, entre outras cousas, para que non houbo escusas de ningún tipo nin dubidas de ningún tipo, que o Goberno en funcións poderá adoptar as disposicións regulamentarias necesarias para asegurar o funcionamento financeiro ordinario das comunidades autónomas, dos concertos de actualización das entregas a conta, a devolución das mensualidades do IVE pendentes de servizos anteriores e cantidades debidas se é o caso por incentivo económico ou cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria (débeda pública, regra de gasto), de xeito que a prestación de servizos públicos fundamentais non se vexa limitada ou afectada durante este período. Esta norma afectaba por igual a todo o mundo. Daba igual quen gobernase, era unha norma obxectivamente máis xusta con todo o mundo. ¿Que fixo o Partido Popular? Votar en contra. E o motivo principal



que alegou o representante do Partido Popular neste debate foi que, entre outras cousas, é unha norma innecesaria. ¿Aí era innecesaria? Pois xa se está vendo que non era tan innecesaria, que era bastante necesaria, porque a situación non se vai solucionar soa.

Entón, vostedes puideron apostar por construír e por levar a cabo unha modificación normativa que permitise solucionar este problema e decidiron votar en contra. Expliquen por que e non veñan aquí laiarse agora do que non fai España. Non, vostedes tiveron a oportunidade de polo menos plantar cara normativamente. Estamos no foro político. Pois plantar cara politicamente significa facer propostas normativas que levanten esta situación de inxustiza. ¿Quixeron facelo? Non.

Vén aquí queixarse tamén coa cuestión do financiamento da demografía e que se non se fai no Estado. Mire, acaban de aprobar vostedes un proxecto de lei, que entra na Cámara esta semana, onde, entre outras cousas, por exemplo, rexeitan a universalización do dereito á educación de 0-3 anos, que ten unha función educativa pero tamén ten unha función de coresponsabilización, de conciliación da vida persoal, laboral, etc., e que é unha das claves tamén para o establecemento dun contexto axeitado para o exercicio responsable da paternidade e da maternidade. E votaron en contra, ou sexa, desbotaron as propostas que facían os expertos no Observatorio Demográfico.

Ben, a fecundación *in vitro* para as mulleres no Sergas ata os 45 anos decidiron deixala fóra tamén porque lles parece que non debe ser importante, cando hoxe en día hai máis mulleres que son nais con máis de 40 que con menos de 25 anos; iso si, se poden pagalo, só se poden pagalo. Ben, pois esta é a súa coresponsabilidade coa cuestión demográfica.

En infraestruturas pendentes, vén aquí falar da AP-9 e xa dixen antes que esquecen que os seus deputados galegos en Madrid na lexislatura de 2015 a 2019 votaron en contra, votaron en contra sistematicamente. A Mesa do Congreso, no seu momento, tamén votou en contra, vetando o debate. Pois logo ¿a que vén agora reclamando a AP-9 como principal reivindicación?

Nas autovías, falan da A-8, da autovía Lugo-Santiago. Todo iso está moi ben. Entre 2014 e 2018, 2.400 millóns de euros en investimentos en Galicia quedaron sen executar. Unha parte deles era infraestrutura ferroviaria para o AVE e outra parte deles eran autovías. ¿Non ten nada que dicir? ¿Non tivo no seu momento nada que dicir? En Marea presentou unha proposición non de lei reclamando ao Goberno que cumprise e levantase esta falta de execución nos anos anteriores. ¿Que fixeron vostedes? Votar en contra. E, entón, ¿agora vén reclamando autovías?

Por certo, o AVE a Galicia. Nin unha palabra do ferrocarril convencional, nin unha palabra do ferrocarril convencional Ferrol-A Coruña ou A Coruña-Lugo ou Lugo-Ourense. Nin unha palabra da conexión dos portos exteriores por vía ferroviaria, que condenan ao ostracismo dúas infraestruturas que supuxeron un investimento multimillonario. Ben, pois non sabemos que pasa con todo isto.

Estatuto de consumidores electrointensivos. Nós levamos reclamando desde hai anos que iso non se restrinxa ás empresas. Hai un sablazo, hai un atraco en toda regra ás familias a final de mes no recibo da luz. E a mesma regra que vale para desmontar o *lobby* das eléctricas vale



tamén para abaratar o recibo da luz, non soamente para as empresas electrointensivas, tamén para todas as familias, aliviando desa maneira moitas situacións de pobreza enerxética.

En canto a Endesa, nós reclamámola aquí desde o primeiro momento e desde hai anos: transición ecolóxica xusta. ¿Onde estaban vostedes? Votando en contra. Todo o que supuña para nós unha reconversión, esa reconversión da que falaba antes outro compañeiro seu, que falaba da necesaria reciclaxe de postos de traballo e do establecemento en Ferrolterra dun *hub* da enerxía eólica mariña, foi rexeitado por vostedes; nada, como alternativas nada, porque vivían moito mellor no conflito que na solución dos problemas para a xente.

Non teño máis tempo. Despois podemos seguir na réplica dos cinco minutos.

Simplemente, en Navantia votaron en contra aquí durante esta lexislatura de que a Xunta de Galicia, por exemplo, entrase no Consello de Administración de Navantia; aí poderíamos facelo, tiñamos capacidade estatutaria para facelo; e aí votaron en contra. Formaba parte tamén das competencias. E con iso tamén delimitar, por exemplo, a política comercial. E cando fixeran as delegacións internacionais, que sae por aí o conselleiro de Economía e Industria, que saíran tamén coa carteira de pedidos de Navantia. Por certo, tamén esquecen, con relación á carga de traballo de Navantia, como Morenés dilatou dous anos a adxudicación da construción das fragatas para intentar cargar coa súa empresa de mísiles a construción desas embarcacións.

Ben, pois isto é o que hai. Polo tanto, a partir de aí, nós moito tememos que non hai ningún súper Rueda senón máis ben un doutor Jekyll e un Mr. Hyde ao que agora lle toca exercer este papel simplemente porque non goberna Mariano Rajoy na Moncloa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado. Señora Prado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, pasáronme mal os papeis. ¿Cambiaron sobre a marcha? Non tiña eu aquí esa constancia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vale, pero, digo eu que aquí hai un fallo, desde logo está claro que algo hai mal ou pasáronmo mal ou... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, fallo noso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, señor Bará, logo.

O señor BARÁ TORRES: Pois moi boa tarde.

Señor Rueda, veu aquí vostede dar unha rueda de prensa, e a verdade é que é vostede innovador da rueda de prensa no Parlamento, na tribuna do Parlamento, pero a verdade é que me deixou así un pouco descolocado. Porque eu pensei que viña vostede aquí falar das demandas do Goberno da Xunta ao Goberno do Estado, e, en realidade, veu vostede aquí falar do acordo do BNG, foi o tema estrela da súa comparecencia, veu vostede facerlle oposición



ao BNG, e no fondo o que demostra a súa intervención é que lles proe moito, ¡mire que lles proe! (*Aplausos.*) Eu recomendaríalle unha terapia de pos de talco, que é boa para os picores, é boa para isto que lles pasa a vostedes. Desde logo, leva moi mal este acordo. Eu creo que na súa intervención isto quedou máis que claro.

E tamén quedou claro que veu vostede aquí coa camiseta do Partido Popular, non veu como vicepresidente da Xunta. Por certo, a todo isto, ¿por que vén vostede? ¿Por que nun asunto desta transcendencia non vén dar a cara o presidente da Xunta e se esconde? Como dixo vostede, falou dun bloque moi importante, un bloque fundamental; por un momento pensei que se refería ao BNG; desde logo, estou conmovido con esas expresións, señor Rueda. Pero debería vir aquí dar a cara o presidente da Xunta, porque se trata destas grandes demandas ao Goberno central.

E quedou claro tamén na súa intervención que vostedes non están nunha estratexia de goberno, de dar contas, de facer balances, senón que están nunha estratexia de oposición, de oposición ao Goberno central e de oposición ao BNG. Na súa intervención quedou absolutamente claro e vostede está nunha estratexia absolutamente submisa e subordinada ao Partido Popular de Madrid e a Xénova; unha estratexia, por outro lado, como se ve todos os días, extremista, radical e reaccionaria, a estratexia —disto falaremos máis mañá— da FAES e de Vox.

Claro, vostede veu aquí facer un repaso da axenda galega do BNG. E, por certo, con isto tamén vostedes son pouco orixinais, porque son un pouco copións. Está claro neste caso cal é a maternidade da axenda galega que foi anunciada publicamente en xuño do ano 2018 pola portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, para poñerlle deberes ao novo Goberno do Estado despois dos (*Aplausos.*) anos de discriminación dos gobernos do Partido Popular en Galiza e en Madrid, porque daquela vostedes non dicían nin pío, vostedes estaban *mutis por el foro*, estaban absolutamente caladiños. E esa axenda galega pódese resumir nunha expresión, esa axenda resúmese en: Galiza, primeiro; Galiza, primeiro. E para o Partido Popular o resumo é: Madrid, primeiro; España, primeiro. A súa axenda é a da submisión a Madrid. Tamén o dixo vostede aquí: a da defensa do centralismo, dese españolismo rancio e reaccionario da «España grande e libre».

E mire, vulture dicir unha cousa para que lle quede claro: o problema de Galiza non é Cataluña; quen nos rouba non é Cataluña, quen nos rouba é Madrid, quen nos rouba é o centralismo, quen nos rouba é a dependencia e tamén nos rouba a corrupción e as portas xiratorias; todo iso é o que lle rouba a Galiza.

E, nesa axenda galega do BNG, trátase fundamentalmente de dúas cousas: de defender os intereses do noso país e de poñer Galiza no mapa. Isto creo que quedou claro no debate que se deu nas últimas semanas no Parlamento do Estado, que por primeira vez nun debate de investidura estivo presente a axenda galega, porque ata ese momento o Partido Popular, nin na oposición nin no Goberno, a puxo no mapa.

E, polo tanto, deuse unha oportunidade para conseguir un bo acordo, un moi bo acordo. Vostede estao recoñecendo aquí implicitamente cando falou repetidamente deste acordo. E quero



aclararlle unha cousa: que é un acordo de investidura. Vostede tróuxonos aquí unha carta aos Reis Magos, porque agora déronse ao xénero epistolar, que non sei para cantos anos é, pero este acordo do BNG é un acordo de investidura, non é un acordo de lexislatura, non é un acordo de goberno, tampouco é un acordo de orzamentos. Xa haberá ocasión para negociar tamén máis adiante outras cousas, tamén os orzamentos, para axitar a nogueira, porque aquí trátase de axitar a nogueira e recoller nós as noces, que non sigan sempre recollendo as noces os mesmos.

Gustaríame que fixese un exercicio de imaxinación, se ten capacidade e posibilidade de facelo. ¿Vostede imaxina o debate de investidura se non estivese alí o BNG? ¿Imaxina iso? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Imaxine, si. Pois non estaría vostede aquí falando de todo o que conseguiu o BNG nese acordo de investidura que é beneficioso para Galiza, claro que si, e un deputado do BNG conseguiu máis que vinte e dous deputados doutras forzas políticas que representan a Galiza. E a mellor proba de que foi un grande acordo foi o que dixo vostede aquí, e a reacción do señor Feixóo, porque o señor Feixóo pasou de quedar absolutamente descolocado ao enfado, a estar desgustado, a estar absolutamente contrariado.

E, miren, non lle vou dicir que nos agradezan o traballo que fixemos —que deberían, tamén—, pero non nos pidan que o fagamos todo, que nós non somos o Goberno da Xunta; o Goberno da Xunta son vostedes, (*Aplausos.*) xa llelo dixo claramente o señor Rego; se non son capaces de facer o traballo, déixennos a nós, que estamos preparados para coller o mando, pero non nos pidan que fagamos nós o que ten que facer o Goberno, o que ten que facer o presidente da Xunta, o que ten que facer o vicepresidente da Xunta, por certo, que non fixeron ao longo destes anos.

Porque non nos veña falar aquí vostede —isto non é morro, isto é morrazo— de transferencias, se o balance seu é cero patatero. Non me dá tempo a detallar todo isto, falaremos tamén no próximo pleno desta cuestión.

Pero pódolle recordar o que dicía vostede, por exemplo, no ano 2009. Consello da Xunta do 8-10-2009, fala o señor Rueda Valenzuela —textual—: «Iniciaremos a fase de maior autogoberno de Galicia». (*Risos.*) ¡Manda na Habana! (*Aplausos.*) ¡A fase de maior autogoberno de Galicia! (*Aplausos.*) ¿E vostede vén aquí darnos leccións de transferencias, de autogoberno? Cero patatero é o balance dos dez anos de Goberno do Partido Popular en Galiza. Non conseguiron ningunha transferencia. É que están vostedes ao nivel de Murcia. Galiza e Murcia foron as dúas únicas comunidades que non conseguiron ningunha transferencia. Pero, entón, ¿de que vén falar aquí, señor Rueda? ¿Vén vostede darnos leccións?

Mire, e o da AP-9 xa pasa de castaño escuro. ¿Como se atreven vir aquí, con este auténtico morrazo, dicirnos que o Partido Popular apoiou sempre a transferencia da AP-9? Se vostedes vetaron reiteradamente no Parlamento do Estado... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a tramitación da AP-9. Fixo informes negativos o Goberno, a señora Pastor vetou que se tramitase e por iso non está transferida a AP-9.

E despois, claro, vostede falou aquí moito do acordo do BNG, pero non o debeu ler. (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) Voulle deixar unha copia despois. Porque, efectivamente,



si está aquí escrito o da gratuidade do tramo de Redondela e Vigo e moitas outras cousas que dixo vostede que non estaban. Pero no caso da autoestrada —igual que outros temas de infraestruturas que están, como o saneamento das rías ou o ferrocarril, si que están— é que o que conseguiu o BNG neste acordo deixa en ridículo, deixa en coiro o Goberno galego. Porque vostedes o que fixeron foi mandarlle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —ben, pero neste caso en decembro— unha carta a señora conselleira ao señor secretario de Estado pedíndolle infinitamente moito menos do que conseguiu o BNG con este acordo. Entón, ¿de que veñen aquí presumir? *(Murmurios.)* Súmense ao acordo que conseguiu o BNG e defendan o acordo que conseguiu o BNG. Se ata lle convocamos a Comisión Mixta de Transferencias, que vostedes non daban un pau á auga para convocala. *(Aplausos.)* Se lles estamos facendo o traballo. Agradézannos o traballo que lles estamos facendo e non somos o Goberno. *(Aplausos.)* Poñan as pilas. Póñanse a gobernar e deixen de poñer a camisola do Partido Popular de Madrid do señor Casado e da FAES, aliado de Vox. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, teño máis, non se preocupen. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Houbo varios medios de comunicación que titularon, con respecto a este acordo: o BNG arrín-calle ao PSOE un acordo sobre a transferencia, sobre a AP-9, sobre... Efectivamente, foi un acordo arrincado, literalmente, nunha negociación moi dura, cunha grande habilidade de negociación. E mire, o que está aquí escrito vai á misa, *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* porque isto non o di o señor Meijón, *(Murmurios.)* isto foi consultado co secretario de Estado de Infraestruturas, e o que está posto aquí foi avalado polo secretario de Estado de Infraestruturas. *(Murmurios.)* Evidentemente, agora hai que poñelo nos orzamentos. Isto ten un prezo, pero este é o prezo que puxo o BNG polo seu voto para a investidura. Despois porá máis prezos nas negociacións que veñan, porque nós non temos as mans atadas, coma outros, para negociar ou para calar, para dicir «si, bwana», *(Aplausos.)* como din vostedes... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...cando están no Goberno ou na oposición, o que lles mandan en Madrid. *(Aplausos.)* Iso é o que din vostedes segundo están no Goberno e na oposición.

Ben, non me dá tempo nesta quenda a falar xa do AVE. E das transferencias tamén, se teño ocasión, falarei despois.

Pero o que quero para rematar, señor Rueda, é, sinceramente, agradecerlle a súa comparecencia, agradecerlle que falase tanto do BNG, do acordo do BNG, do importante que é o BNG, do bloque tan fundamental e tan importante que dixo vostede, e, polo tanto, do importante que foi que o BNG chegase ao Congreso dos Deputados, que é o que pensa —vote ou non nacionalista, vote ou non o BNG— unha inmensa maioría, como tamén o demostran as enquisas, do pobo galego; agradece que estea alí o BNG, porque —como di o dito— se o BNG está, Galiza está.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Común da Esquerda, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.



Boa tarde.

Fíxese, señor Rueda, que, escoitándoo, unha podería pensar que vostedes nunca gobernaron no Estado e que nunca gobernaron nin este país. Eu creo que, se lle dedica cinco minutos máis, case nos convence diso, de que todos os males de Galicia son de agora, dun goberno que leva en marcha tres semanas. Iso é poder e o resto, dende logo, son tonterías.

Mais temos memoria, señor Rueda. Temos memoria, afortunadamente hai unha hemeroteca que, con que lle destinemos uns poucos minutos, desmonta gran parte da historia que vos- tede nos veu contar. Para afondar nun debate serio, entenderá que ter o mapa completo é necesario. Así que, por suposto, podemos comezar falando de financiamento, da devolución do IVE. E verá, nós dixémolo dende o minuto cero: por suposto hai que reclamar a devolución do IVE de 2017, imos reclamala e temos a certeza de que o diálogo político vai dar os seus froitos e Galicia vai recuperar os 200 millóns que lle deben.

Diálogo, altura de miras e madurez democrática, señor Rueda, é o que a cidadanía espera de nós, que ofrezamos solucións. Abonda xa da pataleta e do cinismo do señor Feijóo e de todo o seu Goberno, porque, mire —temos que lembrarllo—, foi o Partido Popular o que causou o problema modificando o sistema de xestión do IVE en 2016 e ampliando o prazo para a presentación das liquidacións no ano 2017, e daquela vostedes estaban de acordo. Por se fora pouco, foron vostedes tamén, foi tamén o Partido Popular o que impediu que isto se solucionara bloqueando os orzamentos de 2019 e levándonos a eleccións. (*Murmurios.*)

E aquí tamén é interesante facer memoria, porque —fíxese— o 23 de marzo de 2018 vostedes trouxeron a esta cámara unha iniciativa na que demandaban, literalmente, que aos grupos parlamentarios nas Cortes Xerais se lles solicitara que, pola súa importancia para a mellora económica e social de Galicia, contribúan a facilitar a tramitación, o debate e a aprobación en prazo dos orzamentos xerais do Estado para 2018. É dicir, que cando o Partido Popular goberna di que aprobar os orzamentos do Estado é ter compromiso co país e cando fai oposición válelle absolutamente todo, facendo a oposición máis desleal e destrutiva para desgastar un goberno a calquera prezo, ata o punto de que, enchidos de imprudencia e irresponsabilidade, como están neste electoralismo sen límites que non os vai levar a ningunha parte, en lugar de buscar mecanismos de recuperación do IVE —que saben que existen—, propoñen que o tema se eleve aos tribunais, onde calquera solución política podería quedar paralizada e onde ademais estaríamos asumindo riscos innecesarios.

Fronte a isto —insisto—, temos xente traballando con seriedade e podemos dicirlle claramente que o asunto se vai resolver. Dígolle máis: se están tan preocupados en que recuperemos os 200 millóns que lle corresponden a Galicia, e xa que ignora totalmente o diálogo institucional, aproveite as súas viaxes a Madrid para dicirlle a Casado que non entorpeza os vindeiros orzamentos do Goberno do Estado, pois esa é a forma máis doada de que recuperemos os 200 millóns. Non sei se sabe que é iso de lealdade institucional, imaxinamos que non, porque cada vez que fixemos unha proposta deste tipo vostedes votaron en contra.

Temos que falar, por suposto, dun novo financiamento autonómico para Galicia. Por suposto, xa se lle dixo aquí, tróuxose moitas veces este asunto a este parlamento e cada vez que os



grupos da oposición puxemos enriba da mesa unha proposta concreta —como a nosa, na que falabamos da necesidade dun novo sistema de financiamento que garanta a autosuficiencia financeira de Galicia e un maior grao de autonomía, maior capacidade normativa sobre os tributos cedidos— vostedes dixeron que non. ¿Queremos os 200 millóns que nos corresponden do IVE? Por suposto. Pero ¿sabe que queremos tamén? Os 516 millóns de euros que nos custou a súa soberbia no que ten que ver coa materia financeira deste país; 516 millóns de sobrecusto no que incorreron, que soportamos as galegas e os galegos, por unha deficiente xestión da débeda por parte dos seus gobernos, do señor Feijóo, entre 2012 e 2016. ¡Que mágoa, señor Rueda, que estes 516 millóns de euros non lle importen tanto nin a vostede nin ao señor Feijóo!

Como semella que tampouco lle importan tanto os 438 millóns de euros de sobrecostos e reclamacións dos contratistas pola pésima xestión do Partido Popular en todo o referido ao AVE a Galicia. Tal e como recolle o Tribunal de Contas no seu informe, o Adif paralizou as obras do AVE galego entre 2016 e 2017 dun xeito irregular e mesmo nalgúns casos contrarios á lei. Debe estar vostede moi preocupado por esta materia. Decisións que foron tomadas —tal e como di o informe— de forma incoherente por inadecuada planificación e por falta de coordinación entre as administracións, e iso que vostedes gobernaban tanto aquí como no Goberno do Estado; 438 millóns de euros dilapidados pola mala xestión do Partido Popular, nomeadamente con Ana Pastor á fronte do Ministerio de Fomento, dos que vostede tampouco dixo nada; compañeiros de partido que —¡que curioso!— esquece nomear e sen os que —entenderá— a historia do AVE é incomprendible.

Señor Rueda, vostede chegou a afirmar que o Partido Popular sempre se comprometeu cos prazos do AVE. Efectivamente, comprometer comprometeuse moitas veces mudando unha e outra vez a data en función do que lle interesaba, e, aínda así, non cumpriron. Porque comprometerse ao Partido Popular sálle moi barato. O que nos sae moi caro á cidadanía de Galicia son os seus incumprimentos. Insisto: 438 millóns de euros soamente en incumprimentos do AVE de Galicia.

Claro que lembramos a súa propaganda electoral, mesmo lembramos perfectamente que era Alberto Núñez Feijóo o conselleiro de Infraestruturas de Manuel Fraga cando en 2003 —e mire onde iamos— anunciou que a viaxe entre A Coruña e Ferrol se faría en AVE en 2010; dez anos despois, por suposto, segue sendo mentira. Como a conexión de alta velocidade entre Lugo e A Coruña, que leva a día de hoxe hora e media, tempos propios do século pasado que son inaceptables e nos que o Partido Popular é claramente responsable. Vostedes eran os que gobernaban o Estado, vostedes tiñan as competencias. Ana Pastor, Íñigo de la Serna, por moito que pretendan renegar dos seus compañeiros de partido, eran os seus ministros, eran ministros do Partido Popular; foron os seus ministros os que paralizaron as obras, os que deixaron miles de millóns de euros sen executar e vostedes calaban e miraban para outro lado.

Por lembrar, fíxese que por lembrar, ata lembramos a promesa de Feijóo de que o AVE iría a Lugo, se era necesario pagado con orzamentos autonómicos. Foi o 10 de xaneiro de 2009 en Lugo, por se lle falla a memoria. Aquí lle deixamos despois a nota de prensa por se non se acorda.



Por suposto, velaremos polo cumprimento dos prazos do AVE e que estes nunca máis se fagan a custa da seguridade, nunca máis atallos cando se trate da seguridade da cidadanía, tampouco nunca máis atallos a custa do dereito á cidade, que é o que temos en xogo cando falamos da intermodal de Ourense.

Señor Rueda, déixense de cartitas amorosas e póñanse a traballar, séntese a traballar con Ábalos para acordar un novo proxecto da intermodal de Ourense sen atrasar a chegada do AVE. (*Murmurios.*) Tráballen de forma coordinada, asumindo as demandas claras que ten enriba da mesa a plataforma Por un Tren Digno para Ourense, que lidere un proxecto que non deixe as persoas fóra, que cumpra coa súa función de vertebrar o país e garanta a conexión da cidade con toda a súa contorna.

E se falamos de vertebración do país temos, por suposto, que falar de mobilidade sostible, de ferrocarril. Vostede disto non falou nada, da necesidade de desenvolver unha verdadeira rede de proximidade capaz de blindar o dereito á mobilidade de toda a cidadanía, un punto recollido no acordo de goberno de coalición sobre o que nós imos insistir.

Como queremos insistir na necesidade de condonar a débeda do porto da Coruña ou de financiar a conexión ferroviaria co porto exterior de Punta Langosteira, fundamental para a súa viabilidade. Agardamos a súa complicidade nestes asuntos.

E da AP-9, quixo vostede falar da AP-9, auténtica crónica dunha estafa. Aquí contar a historia dende logo xa nos ocuparía os dez minutos, pero non podemos esquecer os actores protagonistas. Foi o señor Aznar, o seu compañeiro, presidente, o señor Aznar, o que aumentou a concesión ata o ano 2047, concesión que, de non ser por el, remataría o ano que vén. Por suposto, no Partido Popular sempre tratan de deixar todo atado e ben atado e, se se trata de negocios para os seus amiguetes, máis aínda.

E agora falan da AP-9 e das peaxes. Pois faga memoria, porque soamente no período desta lexislatura na que gobernaba Rajoy o Partido Popular, vostede especificamente, votou ata en sete ocasións en contra de revisar as peaxes da AP-9, en contra, ata en sete ocasións, señor Rueda.

E, por se iso fora pouco, foi o Partido Popular, coa axuda inestimable de Ana Pastor —outra vez, hai que ver o compromiso desta señora co seu país—, a que impediu na Mesa do Congreso o debate de tramitación da lei de traspaso de competencias da AP-9. Nós dixémolo cando gobernaba Rajoy, cando gobernou Sánchez e dicímolo agora no goberno de coalición: queremos unha AP-9 pública e gratuíta. Señor Rueda, oxalá explique na súa quenda se vos tedes van querer unha autoestrada pública e gratuíta ou van ter que seguir pagando os galegos e as galegas os agasallos que lles fan aos seus amiguetes.

A vostede, polo que se ve, fállalle a memoria, pero a nós xa lle digo que non. Por iso nos resulta unha vergoña que veña aquí falar de autogoberno. Levan unha década sen competencias, señor Rueda, unha década. Houbo numerosas propostas de grupos da oposición de solicitude de transferencias e vostedes votaron en contra, en contra.



Insistimos, por suposto, na necesidade de avanzar no autogoberno, na necesidade de reclamar máis capacidade para decidir o noso futuro e garantir o benestar da cidadanía. E, por suposto, é unha das nosas reclamacións para o Goberno do Estado: máis diálogo territorial e máis descentralización, puntos sobre os que se negociou o acordo de coalición.

Mais son moitos outros temas que trasladaremos ao Goberno que entendemos que son de moita relevancia para a cidadanía galega e que vostede esqueceu, como a creación de xulgados especializados en violencia de xénero, un asunto que xa temos acordado neste parlamento e que, señor Rueda, vostede non trasladou á Comisión Mixta, tal e como era a súa obriga de acordo cun acordo parlamentario que tiñamos. ¿Por que non o fixo? Oxalá o explique na súa quenda. Entenderá que moitas veces lle dicimos que na loita contra as violencias machistas fan falta menos discursos e máis recursos. Polo tanto, hai que ser contundentes, comprométase nesta solicitude.

Invitámolo tamén a defender outros asuntos moi relevantes para Galicia, como pode ser a auditoría e a devolución de bens espoliados polo franquismo, comezando polo pazo de Meirás, un paso necesario para avanzar na reparación ás vítimas. O saneamento das rías, a promoción do idioma propio, a aplicación dun plan de retorno de toda esa mocidade que vostedes expulsaron do país, cento sesenta mil mozos e mozas que expulsaron deste país.

E queremos, invitámolo tamén a poñer en valor as importantísimas medidas que están tendo xa efecto sobre a cidadanía galega. Asuntos fundamentais conseguidos en quince días. Un aumento do salario mínimo que afecta directamente trescentas mil persoas en Galicia, onde temos os salarios máis baixos do Estado. Ou a subida das pensións, que inciden directamente na vida de 766.000 persoas en Galicia, onde tamén temos as pensións máis baixas do Estado. Non sei que fixeron vostedes nestas materias cando gobernaban, dende logo non eran nunca as súas prioridades...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...porque as súas prioridades nunca son o benestar da cidadanía.

Permítame que lle diga, señor Rueda: o electoralismo dura o que dura, vénselle as costuras e o único proxecto que teñen para Galicia é a oposición ao Goberno do Estado. O mellor que poden facer é convocar eleccións xa e deixar que a cidadanía escolla o seu futuro. Escoitando a súa comparecencia, tal e como se colocou na oposición, parece que ten moi claro cal vai ser.

Pola nosa parte, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rueda, boa tarde.



Supoño, señor Rueda, que coñece vostede esa famosa fábula do escorpión que acaba envelenando a quen está intentando salvarlle a vida. E vostede empezou cun intento de institucionalidade na súa comparecencia, pero ao final non pode evitar ser como é. E, como non pode evitar ser como é, empezou cuestionando a imparcialidade dun goberno elixido democraticamente e falou — ¡como non! — das hipotecas dun goberno de coalición. ¡Están vostedes para falar de hipotecas! (*Aplausos.*) Están vostedes para falar de hipotecas en Murcia, en Andalucía, en Madrid, con eses do pin parental, do veto parental ou que queren ilegalizar unha parte importante da forma de pensar de España, do Estado e de Galicia. Están vostedes, señor Rueda, para falar de hipotecas.

Pero teño que recoñecer que nalgún momento mesmo conseguíu enternecerme, porque, imbuído desa aparencia de vítima, esqueceu vostede que a Galicia de momento non lle está indo tan mal cun goberno de progreso, un goberno que aposta polas políticas sociais, un goberno que conseguiu que 766.309 pensionistas teñan unha subida do 0,9 % con efectos retroactivos, por contra dese 0,25 % vergonzante, porque non se podía facer outra cousa máis que subir esa cantidade. Ou o que subiron as retribucións dos funcionarios, o que subiu o salario mínimo, a 950 euros, tamén para os traballadores de Galicia (*Aplausos.*) E iso, señor Rueda, en tres consellos de ministros. ¿Vostedes, de verdade, opóñense a estes avances?

Mire, señor Rueda, o PP —sabémolo todos os que aquí estamos— leva gobernando en Galicia trinta e tres dos trinta e nove anos de Autonomía e resulta que, de repente, non é responsable de nada. Todo é culpa dun goberno central que leva tres semanas funcionando. Hai que ter unha capacidade destrutiva sen precedentes na historia, en tres semanas foron quen de des- trozar todos os avances, todos os avances (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) conseguidos en Galicia.

Sei que os molesta, sei que os molesta, sei que me interrompen e coñezo a estratexia...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...de alterar o que está intervindo, pero comigo non lles vai funcionar. Estou afeito a ter diante de min trinta alumnos sen facerme ningún caso e falando cadaquén do seu. (*Risos.*) Non se preocupen, non se preocupen. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Señor Rueda, ocultan vostedes a súa propia ineficacia e fracaso... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...empregando o Goberno autonómico como unha trincheira fronte ao Goberno do Estado e converte o Consello da Xunta de Galicia, do Goberno de todos os galegos, na xunta directiva do Partido Popular de Galicia. (*Aplausos.*)

Pero imos por partes. En canto á AP-9, ¿non ten ningunha responsabilidade o Partido Popular de que teñamos unha concesión ata o ano 2048? ¿Non é responsabilidade de Ana Pastor



ter ratificado os termos dun convenio para o incremento das peaxes? Claro, en fronte temos un goberno do Estado que é o primeiro da historia que non prorroga o límite das concesións das autopistas que vencen e iso soe proporcionar moi poucos amigos en determinadas empresas, pero a realidade é que, se non estivera ampliado o período de concesión da AP-9, no ano 2023 xa remataría este conto dos incrementos e da peaxe.

E hai un compromiso que non vou ter tempo pero que vostede o leu moi ben e ademais fixo referencia o señor Bará con respecto a determinadas peaxes e bonificacións.

Pero o que máis me chama a atención de todo isto é que vostede debera saber que no ano 2017 o Grupo do Partido Popular no Parlamento de Galicia votou en contra dunha proposición non de lei do Partido Socialista na que se pedía que as peaxes se reducisen e que o custo das obras fora con cargo aos orzamentos xerais do Estado. E agora pídeno vostedes. É ben curioso, ou non tanto.

Con respecto ao AVE (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, si, si, si, aí están as hemerotecas e tamén está o *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, non se preocupe, que xa lles dixen que non me van alterar, eu vou ao meu e eles ao seu—, señor Rueda, sabe vostede que non vai haber un minuto de atraso por falta de impulso político. Cousa distinta son as complexidades técnicas que poida ter o desenvolvemento do proxecto. Claro que de ir parar a Galicia, de incrementar a seguridade nun trazado do AVE, creo que debería ser francamente prescindible. (*Aplausos.*) Pero vostedes seguen con contumacia con ese asunto, como se non fora algo que teñen vostedes absolutamente claro, máxime cando acabamos de coñecer un informe do Tribunal de Cuentas que deixa o Goberno do Partido Popular nunha situación sobre a que creo que vergonzosa resulta francamente ridículo cualificala. É moito peor que iso, porque á fin de contas dese informe se deduce que, no caso de Galicia, o Goberno do Estado do Partido Popular foi responsable dunha execución do 49,2 % dos orzamentos, de ter provocado cincuenta meses de atraso e case cincocentos millóns de euros en indemnización ás empresas. E vostedes ¿que demandaban entón? Chitón.

Con respecto ao IVE, xa llo explicou, ademais, creo que cunha solvencia xurídica difícil — polo menos pola miña banda— de superar, o señor Villares, con respecto á normativa que hai e á imposibilidade. Son vostedes responsables de todos os farragos importantes que temos desde o punto de vista do cumprimento lexislativo nesta Comunidade Autónoma, incluída tamén, por certo, a Lei de costas, á que vostede fixo referencia, unha Lei de costas do ano 2013 —Partido Popular—, cun regulamento do ano 2014 —Partido Popular— que sabe vostede moitísimo mellor ca min que está dando lugar a unhas situacións sen precedentes en canto á interpretación dos termos en que se fan as duracións dos concesións. E son vostedes os responsables de todo isto. Igual que son vostedes os responsables de ter metido esta comunidade autónoma e o resto do Estado no IVE e a súa modificación do ano 2017.

Con respecto ás industrias electrointensivas —que, evidentemente, xa son un clásico—, o Partido Popular non escribiu nin unha soa liña dun estatuto necesario que non impulsaron en ningún momento, e agora, nos últimos meses, son quen de facer borradores e de solucionar o problema. E eu pregúntome: tanta eficiencia e solvencia súbita e tanta indolencia e despreocupación durante anos ¿a que obedece? ¿Ten unha resposta para iso, señor Rueda?



Tamén temos compromisos con respecto ao Estatuto das industrias electrointensivas e como facilitar que sexan competitivas ante outros países con industrias similares instaladas noutros lugares do mundo.

Con respecto ás Pontes, non fixeron vostedes a máis mínima planificación sobre unha necesaria transición ecolóxica, porque era un problema que non existía, porque o seu asesor, que estaba emparentado en terceiro grao co señor Rajoy, non cría no cambio climático e polo tanto non era necesario facer nada (*Murmurios.*) —estaba emparentado en terceiro grao, un primo é parente en terceiro grao, creo, creo—. E o Goberno de España está traballando por unha transición ecolóxica xusta e necesaria, pero tamén, por moito que vostedes o neguen, defendendo os intereses dos traballadores. Porque saben vostedes, e saben nas Pontes, que os traballadores da central teñen os seus postos de traballo garantidos, que se van facer novos investimentos en enerxías renovables e que a empresa está buscando —e sábeno tamén perfectamente— alternativas con combustibles alternativos para buscar unha viabilidade para esta problemática importantísima para toda esa comarca, importantísima para Galicia.

Pero miren, xa non enganan, están en retirada e sábeno, e esta comparecencia é unha proba evidente do grao de desesperación no que se atopan, porque saben que hai unha inercia imparable de cambio e o único que se lles ocorre é xerar unha estratexia de confrontación, non só de desprezo polo adversario e de uso indecentemente partidario da Xunta de Galicia.

É o único proxecto que teñen, porque non son capaces de evitar ocultar que hai menos profesores que no ano 2009, mil cincocentos menos; que quebraron o sistema sanitario, adoptando medidas que acabaron arrinconando un presidente minguante vítima das súas propias decisións; que hai menos traballadores en Galicia que hai dez anos; que deixa unha Galicia que abandonou as cidades e abandonou ademais o rural —abandonar non é que o abandonase, é que non se preocupou, deixouno como estaba, efectivamente—; que multiplicou por 4,17 os gastos de pago de débeda pública, que pasou de 393 millóns de euros no ano 2009 a 1.642 nos orzamentos deste ano 2020; un plan MOVE —que iso son infraestruturas tamén, señor Rueda, competencia exclusiva da Comunidade Autónoma— sobre o cal case é mellor non facer ningunha referencia, porque todos vemos como está esta situación.

E, polo tanto, señor Rueda, eu pouco máis lle teño que dicir, porque remata o tempo. En todo caso, o que si lle pregunto é se están vostedes en situación de facer unha oposición leal e respectuosa a un goberno lexitimamente constituído e que é froito das maiorías que foron capaces de artellar en base aos votos que a cidadanía outorgou a cadaquén nas eleccións de novembro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Señorías, señor presidente, boa tarde.



Eu o primeiro que quero é felicitar o Goberno por esta comparecencia. Algúns botan de menos que viñera outra persoa distinta da do vicepresidente, pero o feito é que ningún grupo da oposición pediu esta comparecencia, e é por petición propia do Goberno e ademais é unha petición de comparecencia importante porque se traduce esta comparecencia, debería de traducirse, nunha boa mostra de exercicio do autogoberno e ademais tamén desde a lealdade institucional.

A Axenda galega resume a filosofía da maioría diante dun momento político no que non deben de esquecer que tanto en España como no conxunto de Europa hai unha crise da democracia que tende nalgúns lados cara ao autoritarismo por culpa dos populismos de todas as cores e tamén unha crise do modelo territorial do Estado, do modelo que temos, tamén como consecuencia tanto dos que queren rachar o sistema autonómico pola independencia como dos que queren volver á centralización.

Sendo desta importancia este debate, eu quero comezar lamentando o ton dos grupos da oposición. Eu estou seguro de que as cinco mil familias que están pendentes do Estatuto das electrointensivas, os que traballan nas cen empresas que están pendentes de como se interpreta o Regulamento da Lei de costas nun sentido contrario ao que se viña entendendo ata o de agora e que tamén afecta as oitenta mil familias que lle venden madeira a unha empresa que tamén está baixo ameaza de peche, ou as setecentas cincuenta familias que viven nas Pontes da central térmica e que afecta toda a comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegá, e incluso estou seguro de que todas esas familias que se senten preocupadas porque ven que non se cobren as prazas de pediatría ou de médicos de familia porque non hai xente que se presente, despois de escoitalos a vostedes, non van estar en absoluto máis tranquilos, porque realmente diso é do que vai a Axenda, dun exercicio de autogoberno para defender os intereses dos galegos, os intereses das persoas, das familias que viven en Galicia, e facelo dende logo coa máxima lealdade institucional.

A Axenda é pertinente no tempo, é coherente nos seus contidos e é congruente coa acción política que está a desenvolver este goberno.

É pertinente no momento pola importancia dos temas. Ninguén nega que hai meses de parálise política no Estado, e iso implica que se acumulan os problemas. Nalgúns casos porque era imposible que o Goberno de España os tratase, como pode ser o pacto da educación; outros moitos por cuestións de ideoloxía e de prioridades políticas do Grupo Socialista, que dicía que non se podían aprobar por real decreto as entregas a conta e tampouco o IVE, e despois si se podía as entregas a conta cando tamén se podía o IVE, pero decidiu non facelo; e algunhas mesmo son por un xiro ideolóxico evidente, lexítimo pero evidente, e que ten consecuencias, por exemplo o cambio con relación á transición enerxética xusta, que teñen adiantado sobradamente con relación aos compromisos que tiña España con Europa e —o que é máis importante— coas familias que traballan nas centrais térmicas en Galicia.

E quero recordar que esta axenda se presentou antes das eleccións, foi aprobada polo Goberno en outubro, antes de que houbera eleccións; polo tanto, era unha axenda que se ía reclamar ao Goberno de España con independencia de quen gobernase, non a poden ver como un ataque ao Goberno actual. *(Aplausos.)*



É máis, aproboase antes das eleccións e tráese unha vez constituído o Goberno, un goberno, señor Álvarez, que vostede limita a tres semanas, pero quero recordarlle que a moción de censura foi no ano 2018, no verán, e que houbo un goberno con poderes e constituído para resolver algúns dos problemas como o do IVE, que se dixo que se ían resolver daquela.

En segundo lugar, a Axenda é coherente nos seus contidos, defende os intereses de Galicia e defende o que lle pediamos ao Goberno presidido por Rajoy, o que pediamos ao Goberno presidido por Rajoy e que este xa comprometera con Galicia, e por suposto novas cousas, que son froito das novas políticas que ten posto en marcha dende hai dous anos o Partido Socialista no Goberno de España; por certo, todas elas, practicamente todas, con algunha pequena excepción, xa foron ratificadas e aprobadas por este parlamento; polo tanto, non estamos inventando nada.

Vostedes din que non pedimos nunca. Pois mire, pedímoslle ao Goberno de Rajoy os criterios para o modelo de financiamento autonómico, fixémoslo cun pacto co Grupo Socialista, designamos expertos e aprobamos resolucións nesta Cámara no 2017 e no 2018. O AVE, funcionando en probas para o ano 2019, no debate do estado da Autonomía do 2017. A conexión de alta velocidade con Lugo, a mellora da conexión ferroviaria Ferrol-A Coruña, a saída ferroviaria sur de Vigo e a súa conexión con Portugal, a actuación nos puntos de concentración de accidentes de estradas da rede estatal, a proposta do Bloque no ano 2017 —que, por certo, se omite no pacto entre o Bloque e o Partido Socialista—, unha cousa que vostedes trouxeron a esta cámara e nós apoiamos. Tamén, a dragaxe da ría do Burgo, as autovías Vigo-O Porriño, Ourense-Lugo e da Mariña en marzo do 2018, todas elas por proposta do Grupo Socialista; a retirada das limitacións das taxas de reposición na sanidade, por proposta do Partido Socialista; o financiamento do 50 % da dependencia, por proposta do BNG; e, por suposto, a transferencia da AP-9, que aquí votamos tres veces e reclamamos ao Goberno de Mariano Rajoy, como llo imos reclamar ao Partido Socialista exactamente igual, mellor dito, ao Partido Socialista e a Podemos, que gobernan conxuntamente en coalición.

Todas estas peticións que lle fixemos ao Goberno de Rajoy sería un contrafactual saber, se non houbera moción de censura, se se terían cumprido. Eu estou seguro de que algunhas delas si. O que si sei —e iso é un contrafactual— é que dende o ano 2018 goberna o Partido Socialista e non ten feito absolutamente nada.

O que resulta incoherente é que sobre o que vostedes pedían para o Goberno de Mariano Rajoy cando nós recordamos que o Goberno de España nolo debe vostedes poñan o grito no ceo e digan que estamos a confrontar. Iso é que é absolutamente incoherente.

Dicía que outras están paralizadas, por exemplo o acordo do Consello Interterritorial de Saúde con todas as comunidades autónomas, precisamente para paliar a escaseza de profesionais, ou por exemplo negarse a pagar os incentivos, os 170 millóns, ás comunidades cumpridoras; pero se é que iso está nos orzamentos que levan vixentes máis de dous anos, só hai que convocar o Consello de Política Fiscal e Financeira, que levan sen convocar máis de ano e medio, para darlle saída a ese tema. Levámolo pedindo antes e seguímolo a pedir agora, como por exemplo a gratuidade da peaxe entre Redondela e Vigo. E así sucesivamente.



E finalmente hai novas, pero estas son as que derivan da acción do Goberno. Co Goberno de Rajoy non houbo ameazas de peche inminente das empresas electrointensivas; por iso estamos exixindo que non se pechen as empresas electrointensivas. Co Goberno de Rajoy non houbo aceleramento dos prazos de peche das centrais térmicas; foron vostedes os que aceleraron o peche da centrais térmicas. Co Goberno de Rajoy non houbo un proxecto de Regulamento da Lei de costas que ameazase co peche de máis de cen empresas en Galicia. Co Goberno de Rajoy non chegou un acordo de condenación da débeda cunha autoridade portuaria e llo nega a outra; por iso o metemos na nosa axenda. O Goberno de Rajoy non tivo ministros que ameazasen con que «*el diésel tiene los días contados*» e afunde as vendas do diésel e a produción de Citroën. Co Goberno de Rajoy nunca se negou a Galicia a creación dos xulgados que lle solicitaban por común acordo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a Xunta, e, en cambio, cando chegaron vostedes pídesse un xulgado para Lugo e négano; é a primeira vez. Polo tanto, todo isto ten que incorporarse á nova Axenda galega.

Do mesmo xeito que hai que incorporar que por vez primeira na historia do Estado autonómico a Galicia e ás comunidades autónomas non se lles dá o que se recadou no seu territorio e que por lei lle corresponde, os 200 millóns do IVA. Aquí falaban de ir de diálogo. Hoxe a ministra dixo que os 2.500 millóns, dos cales 200 son de Galicia, non existen. Dialoguen vostedes a ver se aparecen, porque, segundo a ministra, hoxe mesmo, non existen.

Dicía que era pertinente no tempo, coherente no seu contido, pero tamén é congruente coa acción política da Xunta. É congruente coa acción política da Xunta porque a Xunta ten sido moi leal con este goberno. Cando falamos de cumprir os obxectivos europeos de estabilidade orzamentaria, esta comunidade cumpriu, e axudou a España e evitoulles un problema a todos os gobernos de España, fosen da cor que fosen. Polo tanto, ten dereito a exixir o que lle corresponde, por ter sido unha comunidade cumpridora, e a que lle paguen o que lle corresponde, que son os 200 millóns de IVA.

Cando se está dicindo que se cumpren os compromisos en enerxías renovables, hai que recordar que en Galicia estamos no 55 % de produción de enerxías renovables, España está no 38 %. Melloramos moito o saldo de produción enerxética con enerxías renovables do conxunto de España; polo tanto, non hai dereito a adiantar o peche das centrais térmicas de Galicia, cando ademais están investindo para axustarse á normativa europea. E cando Galicia consulta lealmente a Lei de cooperación exterior, non pode consentir que o que fixera o ministro Borrell, que foi pechar as embaixadas dunha comunidade desleal co conxunto de España, vexa agora como precisamente para poder chegar ao Goberno se olvide desa política e se reabren esas embaixadas.

Porque nós o que non imos aceptar —e isto si que é unha declaración política— é que a nós, que somos unha comunidade leal, non nos van tratar peor que ás comunidades desleais. Non imos aceptar orzamentos que soben o 50 % dos que incumpren as regras e desafían o Estado e a continuidade da Constitución española, mentres que a nós nos rebaixan os investimentos. Non imos aceptar un trato bilateral que beneficie algúns e que estableza situacións de privilexios sobre outras comunidades autónomas, nin sequera que se relaxen algúns controis, como estamos a ver por exemplo en materia xudicial.



Pois ben, esta Axenda de Galicia, que foi formulada antes das eleccións, que ademais está sendo defendida co aval desta cámara practicamente na totalidade das súas medidas, e que ademais é dentro da Constitución e do Estatuto, pois vai ser o que vai marcar a nosa liña política. E cremos que é bo para o país, cremos que é bo para o país, cremos que vostedes deberían ser coherentes tamén, como somos nós, e continuar apoiando estas medidas, que en moi boa medida veñen de propostas de vostedes que nós fixemos nosas. Teremos ocasión no próximo pleno de ver quen está de que lado.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Puy.

Para o turno de réplica, ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, vou intentar nesta comparecencia contestar a todo ou case todo do que vostedes plantexaron. É curioso, porque, ademais, había algúns temas que evitaron tocar; case vendo quen evita tocar segundo que temas, un faise unha idea bastante boa do que non lle apetece falar, probablemente porque terá moi pouco que dicir, ¡eh!, señor Bará; nin unha palabra dos 370 millóns, xa non só no pacto, tamén agora, nin unha palabra. Xa digo: teño máis tempo e vou intentar respostar algunhas cousas, algunhas coincidentes e outras non.

Vou empezar, ademais, polo señor Álvarez, polo Partido Socialista, máis que nada porque son os que teñen que cumprir. Tiña razón o señor Bará. ¡Oia!, eu falo do pacto que asinaron porque é unha referencia, e supoño que terán pensado que llo cumpran nestas primeiras etapas deste goberno. Benvido á nova era do señor Sánchez. Por certo, señor Álvarez —xa llo dixo o señor Puy—, non levan gobernando tres semanas, levan gobernando dezaoto meses. Eu supoño que lle interesa poñer o contador a cero, porque non estará moi orgulloso respecto de Galicia de todo o que se fixo durante este tempo, pero non son tres semanas, é moitísimo máis. Polo tanto, imos poñer as cousas no seu sitio tamén niso. E comprendo que estas tres semanas foron moi intensas e que dan para moito.

E vostede dicíame que non estamos —o Goberno da Xunta— en disposición de facerlle oposición a un goberno lexítimo. Eu non lle discuto a lexitimidade, ¡faltaría máis!, nin se me pasa pola cabeza. Claro que é un goberno lexítimo. Outra cousa son os pactos aos que houbo que chegar, os que nos contan e os que non nos contan, para chegar a constituír ese goberno lexítimo. Pero ese xa é un goberno, xa non están en funcións, tamén se lles acabaron moitas das escusas que dicían porque estaban en funcións, que duraron eses dezaoto meses que vostede esqueceu. Pois agora haberá que empezar a cumprir.

E nós non lle queremos facer oposición, vostedes son os que están aquí na oposición en Galicia, e levan bastante tempo xa, e nós estamos no Goberno. E, polo tanto, a responsabilidade



do Goberno —é o que ten que facer, é o que eu veño facer aquí— é plantexar o que cremos sinceramente que lle interesa a Galicia, que é necesario e que non podemos esperar máis, aos que están gobernando en Madrid no Goberno central. Polo tanto, vostedes están aquí na oposición, nós estamos aquí no Goberno e non lle queremos facer oposición a un Goberno lexítimo; o que queremos é que se poña a traballar e que consiga moitas cousas.

Vostede dicíame que tiñamos que estar contentos e, en cambio, que estamos moi nerviosos polo beneficioso que foi o Goberno en tres semanas. ¡Oia!, pois, sinceramente, non é para presumir moito polas noticias que tivemos nestas tres semanas. Eu espero que enderecen. Por iso é urxente que nos vexamos canto antes e que empecemos a plantexar cousas.

Pero, mire, en tres semanas, á parte doutros líos que vostedes montaron —e non vou perder o tempo niso porque está todo o mundo falando dos líos e das mentiras que contaron noutras cousas que lles interesan ou, ben, ao final nos interesan a todos—, por centrarme no que é o obxecto desta comparecencia, sabe perfectamente de que lle falo e non vou entrar niso; como dicía vostede, está entrenado para non distraerse e eu vou intentar non distraerme no que nos interesa de verdade.

E o que nos interesa de verdade é que vostedes non poden en menos de tres semanas dicirnos que non nos van pagar 370 millóns, contando tamén aquí unha nova mentira dicindo que desapareceron, sen dar explicacións. Primeira noticia, para estar orgulloso e contento, señor Álvarez. Xa non imos cobrar, non temos ningunha esperanza, agora veremos as solucións que nos dan os seus socios de goberno aquí desde este parlamento.

Tampouco podemos estar moi contentos de que en tres semanas vexamos que non era verdade, que non podían solucionar ou empezar a solucionar todo o que ten que ver coas electointensivas, pero que en canto estiveran gobernando xa teríamos estatuto e o principio da solución dun tema que é cada vez máis urxente, urxentísimo a día de hoxe. Nada, outra vez novo Consello de Ministros e nova patada para adiante, sen ningunha solución.

Acábannos de confirmar tamén en tres semanas que todo o que nos contaron e todo o que dicía o ministro Ábalos sobre os prazos do AVE e que se enfadaba moito, como se enfada case sempre que lle pregunta algún periodista, cando lle dicíamos que non era verdade que podía estar o AVE nos prazos que nos dicía —dicíanos que non era así—, agora acaba de recoñecer que non e que imos ter que esperar un montón máis. Non é unha boa noticia, señor Álvarez, comprenderá que non poidamos estar moi orgullosos.

Igual que non podemos estar orgullosos fronte ao silencio tamén clamoroso aquí tanto de vostede —a ver se nesta segunda oportunidade os teño que emprazar como Goberno a vostedes— como da oposición para que nos digan se é verdade ou non é verdade que todo o que empezou a dicir o Partido Socialista sobre o que había no pacto que vostedes asinaron respecto da AP-9 pois, ¡joia!, non era verdade e o que se di é que en canto estean aprobados os orzamentos do 2020 pois entón empezarán a bonificar o 100 % as viaxes de ida e volta en calquera momento e para todo o mundo. Iso é o que din. Despois vostedes empezaron a dicir que diso nada; ben, pois ten a oportunidade e diga: non, non, é verdade, tiña razón o pacto e todo o que dixeron destacados representantes do Partido Socialista sobre que aquilo non



era verdade non é verdade. Gustaríanos que nos confirmara que iso non é a mala noticia que parecemos aventurar.

Do regulamento de costas dinos que o problema é que o regulamento o fixemos nós. ¡Oia!, pois, se o problema é ese, déixeno como está, porque a xente estalles pedindo —as familias e as empresas— que o deixen como está. Son vostedes os que están liando todo pretendendo cambiar unha serie de cousas —non nos din cales, agora din que botan para atrás, fórmanse un lío entre vostedes mesmos— e a xente está realmente preocupada, xente que ten as súas industrias e o seu medio de vida na costa. Son vostedes os que montan o lío, déixeno entón como está e non poñan en perigo tantísimos postos de traballo. (*Aplausos.*)

E, por certo —por acabar—, as setecentas cincuenta familias de Endesa, que abandonen toda esperanza, a culpa é do primo de Rajoy, foi o que veu dicir vostede aquí. E, polo tanto, a partir de aí, ¡chitón!, como vostede dixo tamén, non hai nada máis que falar, isto non ten remedio, a empresa vaise pechar, e non dá ningunha alternativa. Foi o que vostede veu dicir aquí. É que o problema é que, como o primo de Rajoy dicía non sei que, pois entón Endesa hai que pechala. Iso é o resumo, salvo que vostede dea outra alternativa. E nós iremos a Madrid dicir que a Axenda galega exige que iso non se acepte e que todas estas familias teñan un futuro.

Señor Bará, por darlle o protagonismo que merece, di que o acordo do BNG nos proe —dicía—. ¡Oia!, mire, porque é unha oportunidade perdida, porque vostedes, que dicían que podían condicionar o Goberno, tiveron a oportunidade de amarrar unha serie de cousas fundamentais —outra cousa é que despois llas cumpriran—, que ignoraron completamente, e as poucas que amarraron, moitas cousas son un brinde ao sol, pois xa se ocuparon os seus socios asinantes e a outra parte contratante de empezar a desmentilo, rebaixalo, pasarlle un pouco o papel de lixa, para o final deixalo practicamente en nada. E volvo falar do tema da AP-9.

A partir de aí, vostede probablemente tiña dez minutos e acabáronselle os argumentos pronto —perdoe que llo diga—, porque se en dez minutos, cando estamos falando de algo tan importante como a Axenda galega, todo o que necesitamos, sácame Génova, FAES, Vox —todos os clásicos do BNG cando queda sen argumentos—, ¡jentón!, home, ao mellor é que temos bastante razón no que lle estamos dicindo.

Mire, esta comparecencia non é para analizar a axenda galega do BNG, nin moitísimo menos. Vólvolle dicir: vostedes son a referencia agora mesmo, pactaron cos que están gobernando e, ben, téñome que referir a iso, loxicamente; e, polo tanto, iso teremos que esgrimilo. Se tivera que analizar o pacto que vostedes firmaron, sobraríame moitísimo tempo da miña primeira intervención, pódollo asegurar, sen ningunha dúbida. O que pasa é que eu teño que falar en nome do Goberno da Xunta de Galicia das cousas que imos plantexar, e moitas das cousas plantexámolas —como dicía o voceiro do Partido Popular— porque, ¡oia!, é o momento de plantexalas. É que acaba de empezar un novo goberno, é que se están producindo ameazas que non se produciron nunca. É que hai ameazas de peche de empresas, hai cartos que nos acaban de birlar sen ningunha explicación a nós e a todas as comunidades autónomas, hai prazos que vostedes afirmaban por activa e por pasiva que se ían cumprir e de re-



pende dinnos que todo iso era mentira, que todo iso non se vai cumprir. Polo tanto, nós temos que ir como Goberno plantexarlle ao Goberno central, ao Goberno socialista, aos seus socios, que vostedes apoiaron e que puxeron aí, todas estas cousas. ¡Claro que é o momento! ¡E claro que temos que dicilo!, incluídas tamén as transferencias e o autogoberno.

Mire, por non volver a vista a atrás —efectivamente, xa levamos aquí uns cantos anos—, eu falei de transferencias no ano 2009, e volvo dicirlle que recollín todo aquilo que vostedes deixaran pendente de negociación. Se quere, dígolle —pero auga pasada non move muíño— todo o que naquel momento ou a outra parte da Comisión de Transferencias me dicían respecto da súa negociación; á vista está o resultado do que conseguiron. Pero vostedes plantexaron setenta e tiñan pechadas oito, algunhas referidas a douscentos metros cadrados dun local que lles deron, e iso é o que había respecto das súas setenta, iso é o que había. E, polo tanto, podemos empezar a falar da firmeza que vostedes conseguiron. E despois veu o Goberno de Rajoy, e xa dixen a nosa opinión ao respecto. ¡Oia!, cando unha das dúas partes quere acordar e unha delas di que non, pois non hai transferencia. E agora din que volven abrilas; espero que con máis firmeza e con máis convicción e con máis ganas de darlle competencias a Galicia das que tiña o Goberno do señor Zapatero entre o ano 2009 e o ano 2011, que nos negaba todo mentres lle daba a Cataluña e a Andalucía, que naquel momento a gobernaban vostedes. A nós pechounos completamente o grifo, díxonos que se acabou, que todo ademais viña moi mal plantexado, que non había tempo, que ía haber eleccións un ano e medio despois...; en fin, cortóusenos todo.

E agora volven dicir vostedes que están desexando que todo isto creza. Ben, pois o noso deber será plantexar todas esas competencias e volver dicir que a ver se esta vez somos capaces de seguir medrando no autogoberno de Galicia, iso si, con identidade propia. Sobre iso que poñen vostedes de que todo o que poida ser e ademais todo o que lle dean a Euskadi e a Cataluña, ¡oia!, non, nós non queremos ser espectadores do que fagan outros, nós iremos co noso plantexamento, diremos o que nos interesa e as transferencias que teñen que vir aquí, non imos cruzarnos de brazos. Esa é a importancia que lles dan vostedes tamén nese acordo ás transferencias, que nin sequera detallan nada; o que lles dean aos demais e, se pode ser, un pouco máis, e esa é a verdade, señor Bará. E isto é o que teríamos que facer se seguirmos ese acordo que —xa digo— é moito brinde ao sol, moito papel mollado e moito silencio clamoroso respecto de cousas fundamentais.

E, señor Villares, fala do doutor Jekyll e Mr. Hyde. Xa lle expliquei: estou aquí, ábrese unha nova etapa, nós seguimos gobernando, estamos desenvolvendo, por certo, uns orzamentos que acabamos de aprobar. E o noso deber é, fronte a este goberno que empeza, facer os nosos plantexamentos e intentar evitar que se cumpran moitas das ameazas que son novas, que parecen increíbles, pero que están enriba da mesa, para Galicia.

A vostede, sinceramente —perdoe que llo diga—, parece que o que menos o preocupa é o que reclamemos. O que máis o preocupa, o que máis o amola, o que máis lle proe, como di o señor Bará, é que reclamemos, que teñamos unha axenda propia e que pidamos cousas. Supoño que, se non estiveramos facendo nada, vostede estaría dicindo, probablemente con bastante máis razón, que é increíble que o Goberno da Xunta non se estea movendo e non estea dicindo o que Galicia necesita.



Polo tanto, nós estamos moi tranquilos sabendo que estamos facendo o que temos que facer, e se agora facemos plantexamentos novos é porque, como lle dicía, están pasando cousas que nunca pasaron. Vostede polo menos fala, non fai como o señor Bará, non evita o tema, non o pasa nin de refilón, evítalo completamente, falar da débeda dos 370 millóns, no pacto e aquí na tribuna. Vostede fala dela e dime —supoño que pola súa deformación profesional— que non temos nada que facer xuridicamente. ¡Oia!, non sexa máis papista que o Papa. Primeiro, respectando toda a súa cualificación profesional, non é o que di a Asesoría Xurídica da Xunta e, sobre todo, non é o que di o propio Goberno de España, que nos contou unha serie de mentiras dicindo que legalmente non era posible, despois cando se acercaban as eleccións de novembro empezou a dicir que si, que só se podía pagar unha parte, despois pagou menos aínda do que tiña dito e agora de repente dinos que por arte de maxia desapareceron os cartos sen máis explicación. O propio Goberno de España dixo que si, que era posible, pero agora dixo que xa estabamos fóra de prazo porque o tiña que ter pagado cando dicía que non o podía pagar. Polo tanto, ¡home!, non poña vostede obstáculos xurídicos que non está poñendo nin o propio Goberno. Non o pagan porque non queren, e isto é a verdade e isto é o que temos que intentar cambiar.

Dicía a señora Chao que están traballando intensamente en que nolo poidan pagar. ¡Oia!, oxalá que fose así e oxalá que sexa así; entón, póñanse de acordo co Bloque, que está dicindo que recorramos xa, que temos que recorrer inmediatamente. Xa sei que non se van poñer de acordo, pero foron eles os que os puxeron alí no Goberno, o seu vicepresidente. Todos están por que un señor está dicindo que temos que recorrer unha cousa que vostede di que non hai que recorrela porque están traballando. Póñanse de acordo polo menos nos temas importantes. Deixen de marearnos, que eses cartos son para servizos sociais, para educación. Estamos de brazos cruzados, alucinados, dicindo «vaia jeta». Claro que teñen moita jeta, porque vemos que non se poñen de acordo nin sequera no que hai que facer para que a Galicia veñan eses cartos.

É o mínimo que lles podemos pedir; se están traballando, dígnannolo canto antes. E entón falen co Bloque e a ver por que nos está dicindo que hai que recorrer, porque non hai ningunha outra maneira. Nós o que queremos é que se nos paguen os cartos. Temos todas as vías abertas porque non temos máis remedio. Non había que estar nesta situación agora mesmo, tiñamos que ter eses cartos xa. E, polo tanto, eu pídolles que nun asunto tan serio, polo menos neste, haxa certa unanimidade e certa coherencia de goberno.

Dicíame, señor Villares, do tema da demografía. Falei da demografía porque para nós é un tema fundamental, e a proba é que acabamos de aprobar un proxecto de lei no Consello da Xunta. Podemos non estar de acordo nalgunhas das medidas, vostede cre que había que incluír algunhas e outras que incluímos non e ao contrario. Ben, pero polo menos estamos de acordo en que é un tema fundamental e alégrome de que coincidamos niso, porque é un dos grandes problemas que ten Galicia agora mesmo. Por iso é incomprendible que non apareza nas inquiredanzas nin do Partido Socialista nin do Bloque Nacionalista Galego.

Perdoe, porque quería seguir todo aquilo que vostede me plantexou e non deixar nada atrás, pero creo que o máis importante, no que lle quería insistir é que non fagan vostedes contraargumentación de algo que o propio Goberno recoñece. Poñámonos de acordo en que non



o pagan porque non lles dá a gana; díxoo a ministra o outro día. Polo tanto, se agora empezamos a dicir que en realidade hai dificultades, entón non entendemos absolutamente nada, e o malo e o que non vai entender a xente é que os cartos non van vir.

E, por último, señora Chao, xa digo, por seguir todo aquilo que vostedes dixeron, mire, respecto do AVE, no que vostede parou bastante, máis que outros. Se empezamos a facer... (*Murmurios*), parou non, o que pasou no ano 2014, que xa era coñecido. Se quere, empezamos a botar a vista atrás de cando nos dicía o señor Abel Caballero que o AVE ía estar no ano 1993; despois os sucesivos gobernos socialistas falárono do 1998, do 2002, do 2004, do 2008, do 2012; despois houbo tamén adiamentos por parte dos gobernos do PP; agora díxosenos, por fin, cando estamos ao final, que é polo tanto cando máis posibilidades hai de acertar co prazo, un prazo certo, que despois se volve mover.

Eu creo que o importante e o que nos interesa a todos, que temos o Xacobeo encima, é saber cando vai estar o AVE funcionando. Se todo é botar a vista atrás, agora que vostedes están no Goberno de España, se todo é dicir que pasou, ¡joian!, hai moita máis historia para botarlles enriba aos que gobernan con vostedes, aos seus socios no Goberno central, que ao propio Partido Popular. Polo tanto, imos intentar ser un pouco positivos. Fale cos seus amiguetes —eu non coñezo ningún deses amiguetes que vostedes di, vostede coñece moitos amiguetes no Goberno—, fale con eles e que solucionen iso.

Igual que o de solucionar os 370 millóns. Fáganlle un favor a Galicia, demostren que son útiles no Goberno e deixe de botar un pouco a vista atrás, e, se a bota, bótea ben, porque así é unha maneira de entender o que está pasando e de solucionar problemas. Iso si que sería unha boa cousa.

E respecto dos xulgados de violencia de xénero, claro que había un acordo do Parlamento de Galicia. Este é un tema moi importante para nós, claro que o trasladei e xa sabe o que dixo o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con argumentos seguro que moi ben fundamentados, respecto da necesidade de facer outra estrutura, crealos, si, pero con outra estrutura. Supoño que a vostedes o que diga o presidente do Tribunal Superior de Xustiza, o que diga o poder xudicial en xeral lles merece a opinión que xa manifestaron ultimamente montando un gran lío institucional. O poder xudicial non é un poder respecto do que haxa que ter moito respecto e, se non lles gusta o que fai nin o que di, pois o que hai que facer é descualificalo e dicir as cousas que vostedes dixeron. Supoño que disto o dirá tamén, pero eu creo que o que ten que facer un goberno responsable é trasladar todo isto e díxeronnos o que lle acabo de expoñer e, se quere, non o teño aquí pero déixolle un papel como vostede me deixou, onde saen recollidas as declaracións en medios de comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a este respecto.

En definitiva, señorías —e quedame un turno máis—, volvo insistir: cada un pode ter a súa opinión de se as reclamacións que plantexamos son urxentes ou non urxentes, prioritarias ou non prioritarias. Creo que fixemos un grande esforzo, como dixo o voceiro do Partido Popular de Galicia, en reunir antes das eleccións, que creo que era o momento de facelo, as reclamacións que iamos facer gobernara quen gobernara, e o lóxico, o normal e creo que o máis útil para a xente que nos pon aquí é que teñamos unha certa unidade para reclamalas.



Ignorar absolutamente, dicir que xa se está solucionando por un lado, por outro que temos que recorrer, dicir que temos que deixar de chorar e de parecer non sei que, iso soluciona poucos problemas.

Temos as prioridades claras. A primeira de todo, o que ten que ver coa débeda, 370 millóns que nos birlaron; a segunda, transferencia da AP-9; e, a partir de aí, un montón de reclamacións; e ¿por que non tamén?, señor Bará, medrar no autogoberno. Se somos capaces de poñernos de acordo en todo iso, cando hai que poñerse de acordo, que é agora, a principio de lexislatura, creo que o Goberno estará cumprindo coa súa función e a oposición —así o agardo— tamén.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Abrimos unha rolda de aclaracións.

Polo Grupo Mixto, ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Antes de comezar con esta intervención, quixera parabenizar colectivamente non só a veciñanza de Touro-O Pino, senón toda a cidadanía de Galicia por ese carpetazo dado á mina de Touro, que supón unha vitoria cidadá sen paliativos en defensa da vida, en defensa da auga, en defensa do medio ambiente, do territorio, da paisaxe natural, pero tamén da economía, do emprego e do patrimonio, particularmente con relación ao Camiño de Santiago, ao que se acaba de referir o vicepresidente da Xunta de Galicia. Era absolutamente inaceptable que ás portas do Xacobeo houbera unha autorización mineira que destrozase tamén patrimonialmente e paisaxisticamente a pita dos ovos de ouro á que a Xunta de Galicia encomenda toda a súa estratexia económica.

Dito isto e en relación coas poucas cuestións que contestou da miña intervención, di vostede que parece que non nos preocupa que vostede a reclame. Non, a nós o que nos preocupa son as súas bágoas de crocodilo, porque se o Goberno é o mesmo e a lexislatura é a mesma, pois claro, que antes houbera un sentido da votación en contra e agora vaia ser a favor do reforzo do autogoberno, da reivindicación da nosa capacidade económica, do compromiso en investimentos, etc., etc., claro, pois algo está pasando, porque son os mesmos actores, é a mesma lexislatura e é o mesmo Goberno. Polo tanto, o que nos preocupan son as bágoas de crocodilo.

Claro, din que facemos isto porque pasaron cousas novas. Aquí a única cousa nova que debería de poder pasar e que sería digna de celebración sería que vostedes cresen no autogoberno e que, polo tanto, cresen firmemente en que a mellora, primeiro, das condicións económicas do autogoberno fose esencial para a prestación de dereitos fundamentais, algo que non deberon de considerar durante todo o tempo en que gobernou Mariano Rajoy durante toda a década ominosa de Núñez Feijóo, algo que non pasou ata este momento tampouco con relación ás transferencias, onde estiveron coa boca calada. Non soamente coa boca calada, porque



podería ser certo iso que vostedes digan: non, nós queriamos máis transferencias e o Goberno español dicía que non; podía suceder iso. Pero, entón, nese caso vostedes non tiñan ningún motivo para votar en contra da asunción de novas competencias aquí como se reclamaba tamén desde a oposición e, non obstante, votaron en contra. Iso é parte dun convencemento político do grupo maioritario que o sustenta a vostede. Polo tanto, iso non ten nada que ver coa posición contraria do Goberno do Estado senón coa posición en contra do mellor autogoberno de Galicia, que reside no seu Goberno, que reside no seu discurso.

En canto ao IVE e ao que é e non é legalmente posible, deixou vostede sen contestar unha cuestión, e é por que votaron en contra dunha reforma lexislativa que nós propoñemos que beneficiaría, sen dúbida ningunha, porque se refería explicitamente a isto, entre outras cousas ao concepto do pago do IVE. ¿Por que o fixeron?, ¡ah!, arriscándose a sufrir despois aínda unha derrota nos tribunais. Pois alá vostedes.

En materia de demografía esqueceron tamén dicir que é necesario reformar a Lei de financiamento local, e vostede niso sabe perfectamente como os criterios que neste momento establece esa lei de carácter estatal nos prexudican completamente á hora de ter recursos suficientes para a prestación de servizos básicos para manter o territorio habitado. E iso, claro, significa a condena aínda máis aos concellos do contorno rural do noso país.

E tamén sobre a demografía non esquezo dicirlle outra cousa: cadaquén ten que cumprir a súa parte; vostedes, a súa; por iso nós tamén faciamos referencia ás medidas concretas que vostedes deixaron fóra; veremos se é posible chegar a algún acordo na tramitación do proxecto de lei, pero témome que non.

¿Que debe de conter unha axenda para ser unha verdadeira axenda política de país, non de partido senón de país? Vostedes non representan aquí neste momento, porque representan a institución, e, polo tanto, a axenda debe ser unha axenda plurinacional e democrática para ensanchar liberdades dentro do marco do autogoberno e dentro do propio marco constitucional. Dentro do título VII da Constitución está por desenvolver aínda o afondamento do Estado democrático a nivel de poder xudicial completamente, por exemplo, algo que vén recollido tamén no Estatuto de autonomía e ao que vostede non se refire. Porque o tema do xurado de violencia de xénero é un tema diferente. Estamos falando da plena corresponsabilización autonómica do poder xudicial.

Tamén a nivel comunicativo o papel da Radiotelevisión Española con relación á difusión da nosa lingua e cultura ou tamén do Instituto Cervantes tamén para a difusión da lingua de Galicia ou o reforzo da presenza das institucións de autogoberno, das institucións galegas e do Goberno galego tamén no espazo de negociación europeo en materias que son do noso interese, e reforzar esa situación.

Referiuse vostede a iso ao principio de todo na súa primeira intervención, pero esqueceu dicir que iso forma parte ou debería formar parte tamén dunha reivindicación, algo que tamén en materia democrática debería ir acompañado por converter o Senado nunha verdadeira cámara de representación territorial, algo no que nós, como nacionalidade, dentro do Estado, recoñecida constitucionalmente, deberíamos de incidir especialmente.



Unha axenda que, ademais, debería ter en cuestión as principais emerxencias que vive o noso país, na nosa opinión, en primeiro lugar a axenda feminista, e aquí podíanse facer unha serie de reclamos que, sendo competencia propia do Estado, inciden na cidadanía de Galicia, para empezar a prohibición por lei non soamente da discriminación salarial das mulleres nas relacións laborais, senón o establecemento de medios materiais suficientes para garantir que esa prohibición non sexa papel mollado, ou a orzamentación suficiente para dotar o pacto de Estado de violencia de xénero...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—si, vou rematando xa— porque é unha verdadeira emerxencia. Igual que na axenda social a necesidade do establecemento dunha renda básica universal ou a desmercantilización de determinados bens cos que se está facendo negocio; nós pensamos que non pode facerse porque serven para satisfacer dereitos fundamentais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...como é o caso da sanidade, etc. Ou un programa que afonde nunha xustiza tributaria que nos permita obter recursos suficientes da xente que máis ten e das corporacións que máis teñen e así desa maneira poder ter dereitos sociais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah perdón!, o señor Bará. Non estaba apuntado na réplica o cambio. Desculpe.

O señor BARÁ TORRES: Pois, señor Rueda, a verdade é que non se pode cambiar o que pasou e vostede dedicoulle máis da metade da súa intervención a falar do acordo do BNG. E agora dixo que era un referente ou que era —¿como dixo?— unha referencia. Pois mire, o resumo da súa intervención é —o subconsciente—: é un bo acordo, pero a ver se non se cumpre. Iso é o resumo do que vostede dixo aquí: a ver se non se cumpre, porque realmente é moi bo e pódese beneficiar e sacar rendemento. Mire, este acordo non é para sacar rendemento ao BNG, este é un acordo para sacar rendemento ao noso país, Galiza, que vai saír beneficiada cando consigamos todo isto, (*Aplausos.*) pero vostedes teñen que dicir de que lado están, se van poñer do lado destes acordos para levalos a cabo ou se van poñer paus nas rodas.

Este é un acordo que vostede intentou aquí deturpar e dicir que non aparecían cousas, onde, mire, aparecen doce grandes ámbitos. O primeiro, capacidade de decidir e autogoberno, a convocatoria da Comisión Mixta para transferencias pendentes, señor Rueda, esas que vostede dixo no 2009 que ía ser a década prodixiosa e non conseguiron nada. É que lles estamos centrando o balón, só teñen que rematar, se queren ata imos nós con vostedes á Comisión Mixta para axudalos a facer o traballo e a intermediar aí se teñen problemas de diálogo co Goberno, co Partido Socialista; ¿que máis quere que fagamos?



Segundo punto, mesmo status para Galiza e as nacionalidades históricas —se quere, chamámolas así—, as nacións do Estado, Euskadi e Cataluña. O tema de transferencias vai no primeiro punto. Aquí estamos falando do mesmo status político, porque efectivamente, como di o señor Puy, hai unha crise democrática, na que ten moito que ver o Partido Popular, branqueando a ultradereita e o fascismo, e tamén unha crise territorial. E isto hai que reformalo, sexa por onde sexa.

Terceiro, apoio á lingua galega. Tampouco vostede falou aquí da lingua galega. Pois está no pacto tamén incrementar o uso da lingua galega por parte da Administración periférica do Estado.

Están as infraestruturas, por suposto, a AP-9, o ferrocarril, o saneamento das rías. Está unha transición enerxética xusta, señor Rueda, con compensacións territoriais. Está o Estatuto das empresas electrointensivas. Está a axenda industrial galega, o naval, o naval de Vigo, o naval de Ferrol, está Alcoa. Está a modificación da Lei integral de violencia de xénero, entre outras cousas para que teñamos en Galiza xulgados de violencia de xénero en Santiago, Lugo ou Ourense; tamén está isto. Está tamén o pago do que nos debe o Estado en materia de dependencia, o 50 %. Está tamén acabar coa dobre tributación dos emigrantes retornados. Está reducir as taxas de reposición. Está a compensación tarifaria ás comunidades excedentarias en enerxía eléctrica. Está, en definitiva, acabar con esa regresión de dereitos e liberdades que vostedes perpetraron cando gobernaron.

E tamén están os acordos que tomamos aquí, as posicións que tomamos a respecto do financiamento. Non hai ningunha dúbida da posición do BNG a este respecto, deixámolo claro, tomando ademais moitos acordos aquí, e outros que vostedes non quixeron apoiar. Por suposto, a reclamación dos 198 millóns da débeda do IVE de 2017, que é só unha parte de toda a débeda que ten o Estado con Galiza, por certo. E o BNG fixo unha proposta concreta: a reclamación pola vía xudicial, e vostedes votaron reiteradamente en contra, señor Rueda.

Déixense de amagar, déixense de postureo, déixense de poñer a outra meixela e reclamen a débeda pola vía xudicial. E o problema de fondo aquí é que é necesario outro modelo de financiamento. Nós xa dixemos cal era a nosa proposta. En todo caso, hai que reformar o que hai, si ou si, e recórdolle que está caducado desde o ano 2014 e vostedes a velas vir, porque non conseguiron cambialo; gobernaban no Estado e gobernaban en Galiza. E o mesmo con respecto á débeda da dependencia, que vostedes tamén votaron neste parlamento en contra de reclamála.

Mire, con respecto ao AVE, xa se falou aquí das responsabilidades que hai desta auténtica vergoña do atraso na construción, na que teñen tanta responsabilidade o Partido Popular como o Partido Socialista. Pero a min gustaríame facerlle unha pregunta ao señor Puy neste apartado, porque hoxe sorprendémonos con que o Foro Económico de Galicia dicía que non había que construír un AVE, que non había que facer vías de alta capacidade e que non había que seguir coa construción do AVE no que faltaba. Eu non sei se vostede ten aquí tamén desdoblamento da personalidade, pero vostede entendo que é membro do Foro —polo menos na páxina web aparece vostede alí, debería dicir que a cambien—, e gustaríame tamén que se pronunciase sobre se está de acordo con estes posicionamentos do Foro Económico de Galicia.



E, señor Rueda, dixo vostede que o pacto do BNG era unha referencia, e ¿vostedes queren que se cumpra?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Diga a verdade: ¿quere que se cumpra? Porque vostede está dicindo implicitamente que o acordo da AP-9 é fantástico pero que non se vai cumprir. ¿Vostede quere que se cumpra de verdade ou prefire que se cumpra o que fixeron vostedes do 25 %, ou é mellor a bonificación do 100 %, a gratuidade total? ¿Van vostedes apoiar esta proposta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...ou van poñer paus nas rodas? Polo tanto, déixense do xénero epistolar, póñanse a traballar. Vostedes non son a oficina de correos, vostedes son o Goberno deste país.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, xa rematou o seu tempo.

O señor BARÁ TORRES: Póñanse a traballar, polo tanto. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Común da Esquerda, ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Mire, a persoa en reclamar a Axenda galega foi Yolanda Díaz, hoxe ministra de Traballo en 2017, un ano antes que Ana Pontón. Polo tanto, revise a maternidade, está publicado.

Dicía o señor Puy —segunda aclaración— que había un xiro ideolóxico claro neste goberno. Por suposto que si, coincidiamos, díxenllo antes. Fixo máis este goberno polo benestar da cidadanía de Galicia en quince días que vostedes en dez anos que levan gobernando. As prioridades por suposto deste goberno son distintas. Vostedes conxelaron as pensións, aprobaron unha auténtica contrarreforma laboral, moi lesiva para as traballadoras e traballadores deste país, que estendeu a precariedade como nunca antes; ao mesmo tempo, os beneficios empresariais non deixaron de medrar, a pobreza extrema estendeuse tamén como nunca antes; hoxe mesmo advírte o relator da ONU; eran cifras insoportables que pesan sobre o seu Goberno. E, por suposto, as prioridades do Goberno de coalición son diferentes. O noso obxectivo é outro, os millóns de votantes que respaldaron este goberno precisamente estaban dicindo que había que abandonar esta senda, que as persoas, primeiro.

Señor Rueda, entenda que o comparecente é vostede, e dixo que ía contestar ás nosas preguntas e non o fixo. Non dixo nada das outras cifras de millóns que lle puxemos enriba da mesa sobre as que tiñamos preguntas, porque está a un paso de entoar o de *Madrid nos roba*, pero non contestou absolutamente nada de cal é a súa postura acerca dos 516 millóns de euros que nos custou a xestión financeira da Xunta de Galicia. ¿Que opinión lle merece? ¿Pode explicar cantas camas de hospitais supón esta perda?, ¿cantas prazas de residencias



de maiores? ¿Cantas aulas de infantil perdemos porque vostedes non quixeron acudir ao sistema de financiamento complementario? ¿Como é posible que o seu Goberno fora tan irresponsable de facer que paguemos unha factura tan elevada? ¿Por que a soberbia do Partido Popular sempre nos sae tan cara? 516 millóns de euros, e diso vostede non di nada.

¿Que ten que dicir respecto dos 438 millóns de euros do AVE? Porque vostede dixo que isto é facer arqueoloxía. Non señor, é preguntarlle por cifras concretas, non estamos botando a vista tantos anos atrás, Ana Pastor era ministra en 2016, foi practicamente onte. ¿Xa a chamaron para pedirlle contas? ¿Xa lle pediron explicacións? ¿Entende que estamos fartas do custo enorme que teñen para a cidadanía os desmáns do Partido Popular? ¿Pode dicirnos que fixo, que reclamacións fixeron nos longos anos de goberno do Partido Popular no Estado? ¿Como é posible que foran os ministros do Partido Popular os que unha e outra vez esqueceron os compromisos orzamentarios, os compromisos en infraestruturas coa Xunta de Galicia e vostedes estaban calados, aínda que gobernaban aquí e alí, e tiñan supostamente un diálogo totalmente fluído? ¿Como explica as mentiras reiteradas do señor Feijóo nesta materia? ¿Onde vai o AVE que ía pagar con orzamentos da Xunta? É máis, ¿pode dicirnos que responsabilidade ten no desmantelamento do tren de proximidade o seu partido?

Son cuestións moi concretas, que lle preguntabamos e das que non dixo absolutamente nada, pero insistiu na AP-9, así, sen rubor. Sobe aquí sen rubor e esquece que vostede aí sentado votou sete veces en contra de rebaixar as peaxes da AP-9, sete veces; teño aquí as iniciativas, e se non se acorda, pode lelas despois, sete veces.

Non respondeu tampouco a unha pregunta moi concreta: a AP-9, ¿gratuíta ou negocio para os amiguetes?, negocio que vendeu o Partido Popular. Explíqueo, é unha pregunta concreta. E permítame outra máis: ¿cantas cartas mandou o presidente da Xunta cando os ministros eran do Partido Popular?, ¿cantas misivas? ¿Pensa vostede que esta é a canle habitual de relacionarse cun goberno? E outra cousa respecto das cartas: ¿por que non as trouxo primeiro a este parlamento? Se vostede quería algún consenso nunha axenda galega, ¿non era normal vir dialogar primeiro, buscar cal era o consenso e despois enviar esas cartitas de amor? Estaría fomentando o debate, estaría fomentando o acordo. Pero iso non é o que lle interesaba.

Vostede leva ameazando cos tribunais dende o día un, porque a vostedes non os preocupa absolutamente nada máis que o electoralismo barato. Desprezan o parlamentarismo e ignoran os fundamentos mesmos da democracia. Por iso non son quen de admitir que a cidadanía os colocou na oposición. Pois váianse acostumando, porque igual o papel que tivo hoxe vaino ter que ensaiar moito, que é o que ten máis próximo.

Falou de portos, que é importante, pero non explicou como é posible que se é tan importante a Xunta de Galicia deixara sen executar 6 millóns de euros nesta materia no último ano, ou por que non explica que é unha das partidas que máis recortaron nos orzamentos que aprobaron hai dous meses.

Falou da execución dos fondos Feder, e isto xa é un auténtico cachondeo, porque di: é que o Goberno do Estado executou o 50 %, pero é que o da Xunta de Galicia executou o 25 %, o 25 % dos fondos Feder en I+D+i. Pero disto vostede tampouco di nada.



Fala dos temas do Estado unicamente cando pensa que pode sacar tallada, pero non en temas que poden preocupar a cidadanía. E mire, interésanos moito —xa que quere falar das posturas do Estado— cal é a súa postura, cal é a postura do Partido Popular respecto da ofensiva da extrema dereita coa educación. Xa lle digo: non coñecemos as súas cartas, pero invitámolo a escribir dúas máis, dúas cartas nas que terá o noso respaldo. Unha primeira carta para a ministra de Educación, na que lle diga que o Partido Popular de Galicia vai estar na senda do diálogo, en contra do pin parental, en contra da censura...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...a favor do diálogo, dunha educación que blinde os dereitos para todas as persoas, que non vai fomentar a persecución e a educación afectivo-sexual. E que, en definitiva, mande outra ao señor Casado e diga que vostedes, cos que negan os dereitos das mulleres, os dereitos da poboación LGTBI, dos emigrantes, non queren saber absolutamente nada.

Se escribe esas cartas, señor Rueda, terá o noso apoio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao Pérez.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Por orde de intervención, permítanme primeiro referirme ao señor Puy na súa intervención. Están vostedes transidos por un arrebatado autonomista, agora reclaman transferencias ao Estado. Cando o Grupo Parlamentario Socialista trouxo unha iniciativa para reclamar unha restrita de transferencias, vostedes votaron en contra, igual que lles pasou coa rebaixa das peaxes da AP-9 con cargo aos orzamentos do Estado, que agora demandan.

E faime graza, por non dicir que me doe persoal e profesionalmente, que vostedes demanden agora un pacto de Estado de educación. ¿Será necesario recordar nesta cámara que o ministro Gabilondo estivo a piques de conseguir un pacto de Estado de educación e que a defenestrada —politicamente, non porque a tiraran por unha fiestra— señora Cospedal impediu naquel momento que se asinase ese pacto de Estado porque había eleccións? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non, a realidade élle así. *(Aplausos.)*

E en sanidade, despois de que este goberno aprobara o MIR máis amplo da historia, veñen vostedes cuestionar o compromiso do Goberno do Estado coa sanidade. ¡Que lle imos facer!

E agora resulta que xa saben vostedes que os orzamentos do Goberno van ser lesivos para Galicia. ¡Que poder de adivinación, que capacidade prospectiva teñen vostedes! A verdade é que me provoca certa envexa. Oxalá tivese eu a metade de capacidade de intuición da que vostedes presumen.

E claro que si, claro que esta Axenda de Galicia estaba aprobada antes das eleccións de novembro, porque claro que vostedes sabían que era imposible que gobernasen no Estado, e, polo tanto, sabían moi ben a quen lle tiñan que demandar estas realidades. *(Aplausos.)*



E, señor Rueda, ¿por que supón vostede que o Goberno do Estado vai incumprir os pactos aos que chegou con diferentes forzas? ¿Non será que vostedes pensan que o Goberno do señor Sánchez vai facer o mesmo que fixo o Goberno do señor Rajoy, que fixo o contrario do que dicía que ía facer?

Non todos gobernamos igual, señor Rueda, e vostede fala de pactos con letra oculta. Pactos con letra oculta son os que tiñan vostedes por aí adiante, cuns socios deses pactos de goberno, por exemplo, co pin parental —o veto parental en definitiva, porque hai que chamar as cousas polo seu nome, é un auténtico veto, e o do pin é unha terminoloxía tecnolóxica que é moito máis laxa que a realidade, que é moito máis triste—, sobre ese veto parental o Partido Popular di que no caso de Murcia si estaba e Ciudadanos di que non estaba. Polo tanto, vostedes tamén deben de ter algunha tradición en asinar pactos ocultos con algunha forza política.

Mire, o Goberno do Estado xa está a traballar para resolver os problemas da AP-9, do AVE, do IVE —que parece un trabalinguas—, das industrias electrointensivas e tamén da problemática das Pontes. Pregunto: ¿que fixo a Xunta de Galicia en política industrial durante estes anos de Goberno do señor Feijóo? Nada, en realidade nada solvente.

E con respecto á Lei de costas, para que lle quede claro, este grupo parlamentario, o Partido Socialista de Galicia, con respecto en concreto á Lei de costas, vai trasladarlle ao Goberno de España a necesidade de ter en conta a especial relación que ten Galicia co mar e, polo tanto, a necesidade de facer compatibles a preservación do litoral e a paisaxe co mantemento dos postos de traballo e a actividade no borde do litoral. (*Murmurios.*) Vai demandar a aplicación da actual normativa coa máxima flexibilidade posible para facilitar o desenvolvemento de actividades —repito— compatibles coa protección do litoral e vai demandar que calquera futura modificación normativa que afecte a Lei de costas e o seu regulamento se faga mediante un diálogo amplo cos representantes dos sectores.

Por resumir, señor Rueda, da súa comparecencia queda meridianamente claro que o señor Feijóo non é responsable de nada, todo é culpa do señor Sánchez. Pero tamén queda meridianamente claro, pola realidade que dan as urnas, que ninguén cre xa nas súas mentiras. Porque hai unha maioría de galegas e galegos que apoiaron un goberno que agora está presidido polo señor Sánchez, consciente do esgotamento do Goberno do señor Feijóo, que é en si un problema para Galicia. E saben que é importante facer unha aposta por un goberno que priorice as persoas, as políticas sociais, as políticas que apostan pola igualdade, pola muller, pola xustiza social, polo desenvolvemento sostible...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...e, en definitiva, por un mundo mellor e non resignado, que é o futuro que desexan e non o futuro que vostedes poden ofrecer.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.



Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Grazas, señor presidente.

Ás veces é bo ter un dato, unha referencia; os datos son dificilmente cuestionables. Como vostedes saben, nós empezamos a lexislatura a finais de 2016, aprobamos os orzamentos, a actividade parlamentaria empezou en 2017, a moción de censura foi en 2018 e estamos en 2020. Polo tanto, ano e medio de Goberno do señor Rajoy de actividade nesta cámara, ano e medio do Goberno do señor Sánchez de actividade nesta cámara.

Ben, esta cámara aprobou peticións ao Goberno de España presidido por Rajoy, nese ano e medio, 64 iniciativas, por certo, a maioría delas por unanimidade desta cámara. Desde que goberna o señor Sánchez, aprobamos 40, *(Murmurios.) (Aplausos.) ¡40! ¿Sabe cal é a diferenza?: que nós apoiamos iso —cando hai unha reivindicación para Galicia, dá igual quen governe— (Murmurios.) e vostedes, non. (Aplausos.)*

¿A proba? Outra vez, outra vez lla dou. ¿Sabe cantas iniciativas rexistraron os socialistas cando gobernaba o señor Rajoy de instar o Goberno de España a facer algo? 352. Desde que goberna o señor Sánchez, 42. Eu enténdoo. *(Murmurios.)*

Eu milito nun partido dos que contribúe a facer coherente a política no conxunto do Estado e no conxunto de Europa, igual que vostedes —ou polo menos iso era o que pensabamos algúns do PSOE—. Eu comprendo que hai relacións que non se fan públicas e que se fan internamente. Eu alégrome moito de que entren xa nesa dinámica co Regulamento da Lei de costas, a ver se conseguimos algo, porque nós levamos dicíndoo moito tempo. E foron vostedes os que quitaron a demanda e achantaron nunha demanda que afectaba a Lei de costas e os que meteron a nova interpretación. A ver o peso do Partido Socialista na defensa das especificidades da costa galega. *(Murmurios.)* Imos velo.

O tema do IVE. Ben, o señor Villares non está, é igual. ¡Home!, dicir que cunha lei que estaría a trámite en Madrid se ía resolver un problema que hoxe a ministra dixo que o Goberno reitera que non devolverá os 2.500 millóns do IVE de 2017 ás comunidades porque esa cantidade non existe, ben, pois intentar resolvelo cunha lei ou con diálogo, como di a señora representante do Grupo Común da Esquerda, pois é un pouco gracioso. Ninguén se queixou cando se aprobou o sistema de información do IVE. ¿Por que? Porque é bo para loitar contra a fraude e o que había que facer era telo arranxado. ¿Cando? Se en 2017 se liquidan once mensualidades, en 2019 páganse doce mensualidades; a que queda pendente de 2017 págase en 2019, iso é o que marca a lei. E o que pasa é que non quixeron pagar. ¿A diferenza cal é? A diferenza é que nós a pedimos e hai líderes socialistas que a piden, como o señor Paje, e aquí o que temos é un grupo socialista que achanta con todo o que lle mandan de Madrid, *(Aplausos.)* ¡todo!, e entre iso os 200 millóns de euros.

Nós cremos no autogoberno, ao que temos contribuído, non só como dixo o vicepresidente, sendo o partido que trouxo todas as competencias importantes para Galicia, sen ningunha excepción, porque nos tocou gobernar, pero o certo é que durante esta última época conseguimos algunha cousa, por exemplo, manter a autonomía financeira de Galicia, non estar intervidos polo Goberno de España, porque cumprimos as regras con lealdade.



¿Sabem cal é a diferenza, falando de autonomismo? É que o Goberno de Rajoy, cando unha comunidade tiña problemas, lle facía préstamos para pagar aos provedores, púxolle un sistema polo que non pagaban intereses e que lles permitía ter cartos porque nos mercados estaban pechados. E o señor Sánchez, en vez de prestarlles cartos sen intereses ás comunidades autónomas, o que fai é sacarllelos, o que fai é quitarlles 200 millóns de euros. ¡Fíxense o autonomista que é o señor Sánchez! Pois ben, entre un presidente do Goberno que axuda as comunidades autónomas financeiramente e outro que lles saca os cartos, comprenderá vostede que eu teño claro quen é autonomista e quen fala de boquilla. *(Aplausos.)* Eu téño moi claro.

Con relación ao señor Bará, permítame que lle diga que vostede, que é florido no uso das metáforas, na de «ser os que recollen as noces en Madrid» non lla recomendaría, polo que simboliza exactamente iso. Recórdolle en que contexto se dixo «nós movemos a árbore e outros recollen as noces». Non lles convén, non o fagan, eu dígollo para que tome nota.

E, ben, vostedes estannos pedindo que poñamos un preito ao Goberno ao que acaban de apoiar polos 200 millóns de euros do IVE. ¿Iso é o que se fían? Eu diríalles unha cousa: o señor Sánchez enganou moita xente, e enganou, para empezar, o seu electorado, que dixo que non ía pactar nunca co señor Torres e está reuníndose con el a pesar de que está inhabilitado por unha sentenza xudicial. Ben, a vostedes ao mellor non os enganou; agora, se o recurso que teñen para que cumpra o señor Sánchez é ir aos avogados, vaian buscando un bo bufete xurídico. De entrada, dixeron que en quince días ían ter a primeira reunión para ver o seguimento do pacto; si, pero é que xa pasaron vinte e, que eu saiba, non houbo ningunha reunión. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Quixera tamén brevemente volver dicir a falacia de que non nos pagan o IVE por culpa de que non apoiou o Partido Popular, ao que acaban de botar do Goberno, cunha moción de censura cunha nova maioría, e de que nos imputen a culpa de que non nos dean os millóns e que non se aprobaron os orzamentos. Será súa, que non mantiveron a maioría. Será de Esquerza Republicana, con quen votaron a moción de censura, e que despois non lles apoiou os orzamentos.

Pero eu non sei se a señora Chao se acorda de que non foi o PP o único que votou en contra dos orzamentos, houbo unha deputada do seu grupo, do grupo das Mareas no Congreso, que obedeceu as instrucións que lle deu o seu comité de dirección das Mareas de Galicia para que non votara os orzamentos porque eran prexudiciais para Galicia, *(Murmurios.)* e os que desobedeceron a súa dirección nacional foron os que si votaron os orzamentos, pese a que eran malos para Galicia. *(Murmurios.)* Vostedes xa sabemos con quen están, os que votaron a favor de Galicia tamén sabemos onde están, xa vemos como tratan vostedes a xente que defende a Galicia no seu grupo. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Dicir que o Goberno...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...de Galicia é responsable de que non paguen o que lle debe o Estado é como ir a unha sociedade deportiva que non recibiu un pago da Xunta e dicir que a culpa é da sociedade deportiva, ou da federación deportiva, ou da comunidade de veciños.



Mire —perdoe, un segundo, señor presidente—, señor Álvarez, hoxe hai un artigo na prensa de quen foi portavoz do Grupo Socialista e axuda a comprender a situación na que estamos. Di literalmente que «a visita de Ábalos demostra o desinterese polos asuntos pendentes do seu ministerio na Coruña». E di: «*El Gobierno necesita liberar recursos para cumplir los compromisos a los que se ha obligado en el proceso de investidura. Las demandas gallegas, con la salvedad apuntada del AVE, tendrán que esperar. En contra de la lógica aparente —hay elecciones en Galicia este año—, se opta por exigir la absoluta sumisión de los socialistas gallegos a las necesidades del Gobierno, que, como es obvio, mira para otros territorios*». Isto díxoo o señor Méndez Romeu. (*Murmurios.*) E, se non entendemos que esta é a situación, non entendemos a importancia de que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...todo o Parlamento estea detrás das demandas de Galicia. A Axenda galega foi votada nesta cámara, traerémola no próximo pleno, veremos exactamente vostedes de que lado están.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Peche desta comparecencia, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

Señorías, ¿como pode alguén supoñer que o señor Sánchez non vai cumprir aquilo que dixo que ía cumprir? (*Murmurios.*) Ou ¿como pode alguén afirmar que o señor Sánchez pode facer algo que afirmou que xamais faría? (*Murmurios.*) Señor Álvarez, ¿estame facendo esta pregunta en serio? (*Murmurios.*) De verdade, ¿estame facendo esta pregunta en serio? (*Risos.*) (*Aplausos.*) É que... ¡de verdade! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Salvo que sexa o Sánchez que vostede coñece de tres semanas para aquí, o anterior borrouno na súa anterior intervención. Ben, imos darlle unha oportunidade. Dende logo, se imos aos anteriores dezoito meses xa case que leva gobernando, esta pregunta non ma pode facer en serio.

Mire, sobre o Regulamento de costas, alégrome de que se dean conta de que teñen vostedes que solucionar un problema que vostedes mesmos crearon. (*Murmurios.*) O que lamento é que tardaran tanto en darse conta de que tanta xente tivera que estar durante tanto tempo, tantos meses, preocupados vendo como vostedes dicían alegremente que ían modificar unha serie de cousas e como poñían en risco tantas familias e tantas empresas. Ao final, danse conta —benvidos a darse conta— de que hai que solucionar problemas, de que os gobernos están para solucionar problemas. Díganlles aos seus compañeiros de Madrid que crearon un problema aquí e que teñen que solucionalo. Aí encontrará a Xunta de Galicia sen ningunha dúbida, xa verá como si.

E, por último, mire, despois xa se foi ao pin parental, e tal. Iso non está na Axenda galega; estamos falando da Axenda galega e quedou sen argumentos. (*Murmurios.*) Co cal, pouco máis podo contestarlle.



E, señor Bará, vostede ía sacar este tema e por iso llo saquei. É un referente dunha oportunidade perdida, téñao claro. Aproveiten a súa influencia, da que tanto presumen en Madrid, para ser útiles, e nós celebrarémolo. Pero sexa coherente tamén. Vostede non me pode dicir que para conseguir que nos fagan caso os ministros á hora das transferencias o leve a vostede, que xa verei como lle fan caso, e, ao mesmo tempo, dicirme que, para que nos paguen os 370 millóns, temos que poñer un recurso porque a vostedes non lles fan nin puñetero caso. Póñase de acordo ou nunha cousa ou noutra: se lles fan caso, fanlles caso para todo e, se non, non lles fan caso para nada.

Isto dos cartos é moi importante. E non é de recibo que vostedes nin o nomeen e que nos manden directamente un recurso no que din que isto non é cousa súa, que é un problema — parece ser — do Goberno da Xunta de Galicia e non é un problema dos galegos. É un problema dos galegos, son moitos cartos; é unha porcentaxe importante do presuposto de ingresos que de repente desapareceu, e que necesitamos. E imos seguir, por suposto, ata que o consigamos, ata que nos dean unha solución. E terán que darnos unha solución.

E non se fíe demasiado. Bote a vista atrás a todas as veces que o BNG confiou no Partido Socialista e ao que pasou moitas veces; en prazos do AVE, en investimentos... en tantas cousas que lles dixeron. Vostede di: non, non, todo o que acordamos vai a misa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Díxoo vostede. Ben, verémolo en moi pouco tempo. Por agora, vai pasando o tempo, van pasando os días, van pasando as semanas, vostedes puxeron prazos moi curtos e non se sabe absolutamente nada.

¡Home!, o de mandar cartas. Preguntábame a señora Luca Chao se cremos que é unha boa mostra mandar cartas. Vostede dicía — nunha evidente falta de respecto — cartas de amor aos ministros. Dígolle unha cousa: vinte e dúas de golpe, xamais. Nunca houbo que mandar tantas; agora si. Vostedes obrígannos a mandalas porque son moitísimos ministros e moitísimas vicepresidencias, e imos intentar que en todas aquelas nas que sexa necesario — que é practicamente en todas — se escoiten a voz e as demandas de Galicia. Por aí imos empezar, por suposto, e despois imos seguir. Por iso vin a este parlamento, por iso quería plantexar todas estas demandas, por iso temos unha Axenda galega e por iso pedimos a colaboración de todo o mundo.

Por certo, grazas, señor Villares. Vostede fixo aportacións. Podemos estar máis ou menos de acordo na súa prioridade, na súa conveniencia, pero, ao final, trátase de poñer prioridades, que é o que eu viña pedir aquí en nome do Goberno da Xunta de Galicia. ¡Que non os moleste tanto que o fagamos! Parece que o problema é que a Xunta de Galicia lle quere plantexar a un goberno que inicia a súa andadura unha serie de reivindicacións que cremos que son urgentes e necesarias. Isto creo que a todo o mundo lle debería parecer ben. Poden discutir a prioridade, a urxencia dunhas fronte a outras, pero creo que todas son necesarias. Espero que non discutan a prioridade absoluta de que nos dean os cartos que nos quitaron e de empezar a falar da transferencia da AP-9. Preguntábame a señora Chao se estabamos de acordo nas bonificacións ou non. ¡Oia!, eu estou de acordo, xa llo dixen. É que se é gratis, como nos din que vai ser, ¡perfecto! Pero xa están empezando a dicir o evidente: que non era así; que todo o que dixeron que ía ser, en tres semanas xa se está caendo. Como os prazos do AVE, como as electrointensivas, como tantas cousas.



Por iso, temos que ser especialmente incisivos. Por iso, eu veño pedir aquí a colaboración do Parlamento. Oxalá a teñamos, porque a xente nos está vendo e a xente está vendo as expectativas que se crean sempre que bota a andar un goberno. E nós, dende logo, ímolo ter bastante claro. Son vinte e cinco demandas fundamentais, vinte e cinco necesidades, vinte e cinco factores nos que Galicia xoga o seu futuro e, agora mesmo, o seu presente, nalgúns casos con moitísima urxencia. Polo tanto, nós imos traballar para facelo e imos plantexalo. Como goberno cumprimos o noso deber, e espero que vostedes como oposición fagan o mesmo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pasamos ao punto 4º da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas en relación cos danos provocados polo xabaril

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

Quixera empezar a miña intervención saudando os promotores desta iniciativa, que hoxe nos acompañan dende a tribuna.

Hoxe defendemos unha proposición non de lei promovida pola Organización Unións Agrarias-UPA, ao abeiro da lexislación e co respaldo de máis de seis mil catrocentas sinaturas de agricultores e agricultoras, gandeiros e gandeiras, dos que hoxe son portavoz; seis mil catrocentas sinaturas que foron recollidas en pouco máis de dúas semanas e que, de seguro, serían moitas máis se esta organización non esgotara o prazo para a presentación das sinaturas.

Todos somos coñecedores do problema que está a xerar o actual descontrol do xabaril en Galicia. Falamos dun problema que afecta, sobre todo, os gandeiros e gandeiras e agricultores e agricultoras. Moitos deles estiveron hoxe presentes nunha concentración fóra do Parlamento e son as mellores testemuñas dos danos que causa a fauna salvaxe, as mellores testemuñas do danos que provoca o xabaril. O xabaril prodúcelles un carácter de estabilidade negativa, cuns efectos e danos por todos de sobra coñecidos que non só quedan no rural gallego, pois a problemática xa chegou tamén aos núcleos urbanos.

Os danos do xabaril son numerosos. Por un lado, producen un enorme incremento dos custos para as explotacións agrícolas e gandeiras profesionais; custos que non só afectan as colleitas, senón tamén as diversas instalacións: peches tanto convencionais como eléctricos, etc. Son os cultivos e colleitas as que máis sofren as consecuencias deste descontrol da fauna



salvaxe. Son maiormente o millo, cun 55 % afectado, e as pradeiras, cun 35 % de superficie afectada. O 10 % restante repártese entre as hortas e outras producións e cultivos, como pode ser a vide ou a castaña.

A estes conxuntos de danos habería que sumar o lucro cesante das terras abandonadas, que se deixan de cultivar polo medo aos danos do xabaril, terras que normalmente traballan aqueles gandeiros e gandeiras ou agricultores e agricultoras que se dedican aos cultivos tradicionais, e tamén todos aqueles que se poden englobar como produtores de campo a tempo parcial. O traballo que realiza este último colectivo é difícil de cuantificar en termos monetarios, pero non por iso podemos esquecernos do seu tremendo labor medio ambiental. Evitan, por un lado, o abandono da terra, evitan que todo se vaia a monte e, por outra banda, fan un moi bo labor na prevención dos lumes, labor que nunca foi recompensado.

Os continuos estragos que está a ocasionar a poboación do xabaril no campo galego alcanza cifras preocupantes, alcanza graves problemas económicos para todo o sector agrogandeiro. Segundo un informe realizado por Unións Agrarias, promotora desta iniciativa, os danos do xabaril no agro galego alcanzan un valor próximo aos quince millóns de euros; quince millóns de euros que se traducen en trinta e tres mil seiscentos euros como media para cada tecor galego, que non son os responsables desta situación, pero si poden ser parte da solución. Quince millóns de euros que tería que asumir —e, de aí, a pregunta— a Xunta de Galicia como administración responsable. E, de aí, a pregunta que se fan moitos destes agricultores e gandeiros: ¿vai poder asumir a Xunta de Galicia indemnizacións como esta ano tras ano?

Os danos que provoca o xabaril —como xa indicaba— non só quedan no rural; agora mesmo o xabaril xa invade núcleos urbanos. É frecuente atoparnos con danos en bens públicos e danos en axardinamentos e zonas deportivas, e incluso está a provocar un serio problema de seguridade viaria. O xabaril provoca unha media de sete accidentes por día. Centos de xabaris atravesan estradas e camiños rurais, provocando numerosos accidentes e danos considerables nos vehículos, o que trae consigo un incremento das primas de seguros para todas aquelas persoas que queiran asegurar nas súas pólizas este risco que pode ocasionar o xabaril.

Estamos pois ante unha situación preocupante e incluso alarmante; unha situación que pon en evidencia o actual fracaso do sistema de xestión da poboación do xabaril en Galicia. Atopámonos cunha poboación de xabaril totalmente descontrolada; atopámonos cunha falta de control na xestión da fauna salvaxe por parte da Xunta de Galicia. A xestión da fauna salvaxe depende directamente da Xunta de Galicia, máis concretamente da Consellería de Medio Ambiente. É dicir, é a Consellería a que ten as competencias para poñer enriba da mesa todas aquelas medidas que considere eficaces para frear este descontrol das poboacións.

Ata o día de hoxe, a Consellería adoptou catro medidas co obxecto de manter controlado o xabaril: primeiro, autorizar batidas con arqueiros; segundo, a instalación de gaiolas; terceiro, comercializar a súa carne, e cuarta medida estrela, a caza libre, que afecta trinta e tres concellos de catro comarcas diferentes.



Este acordo foi adoptado mediante a publicación dunha Resolución do 23 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Patrimonio. A publicación desta resolución hai que recoñecer que marcou un fito importante. Foi neste intre cando a Consellería pasou de negar a recoñecer que realmente existe un problema coa poboación do xabaril en Galicia. Neste intre, a Consellería pasa a recoñecer que existe un problema que antes negaba; pasa a emendarse a si mesma e recoñece o que moitos e moitas viñamos demandando. Todos os grupos da oposición nesta cámara viñamos advertindo de que había que poñer en marcha medidas para tratar de controlar as ditas poboacións. Todas e todos demandamos solucións, e sempre nos ignoraron. (*Aplausos.*) Sempre trataron de restar importancia a este problema.

Agora, tarde, mal e arrastro, vense obrigados a tomar medidas; medidas froito da improvisación, que non solucionan o problema e que se caracterizan por pasar a responsabilidade desta problemática aos tecores, que non foron nin son os responsables da actual situación. A Consellería, adoptando este tipo de ocorrencias, o que pretende é traspasar o problema; é dicir, convida pero non paga. Esta medida improvisada, a caza libre, non é a solución. Necesitamos atallar a problemática, necesitamos adoptar medidas en serio; non podemos seguir tomándonos este problema á lixeira.

Ademais de todo o exposto, e segundo Unións Agrarias, a poboación descontrolada do xabaril, xunto cos danos que provoca, tamén pode traer consigo outro serio problema, como é a propagación da peste porcina africana, xa que os xabarís son potenciais transmisores desta enfermidade que ameaza o sector da carne de porco. Xa que logo, é crucial para Galicia seguir mantendo a cabana porcina libre de enfermidades; é crucial non escatimar recursos en dotar aquilo que aposta pola seguridade alimentaria; é crucial apostar polo bo funcionamento deste importante sector económico.

Quero recordarlles que cando gobernou o Bipartito, aquel goberno do que tanto lles gustaba falar —agora xa falan doutro goberno— puxo en marcha un Plan de xestión do lobo, que cremos que debería ser revisado. A Consellería debe liderar a problemática do xabaril, tendo en conta a problemática actual, e plantexar solucións eficaces de control que permitan unha convivencia equilibrada e sostible desta especie animal con outras especies e con actividades económicas, sociais e medioambientais do noso contorno.

O obxectivo desta iniciativa é harmonizar a coexistencia das poboacións de xabarís e a conservación desta especie, cun rural vivo e con actividade agraria e gandeira, coa seguridade da circulación viaria e co equilibrio medioambiental dos ecosistemas naturais galegos, aos cales unha proliferación desordenada desta especie pon en perigo.

Por todo isto, Unión Agrarias pide: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que impulse unha modificación do marco legal vixente en materia de caza e xestión da fauna en Galicia para que a Xunta de Galicia asuma directamente as seguintes responsabilidades:

Primeiro, a elaboración dun censo de poboación de xabaril en Galicia.

Segundo, a determinación da densidade máxima de xabaril que pode haber en cada zona, con criterios científicos e técnicos obxectivos en función do nivel de danos causados nos



cultivos, o risco de accidentes de tráfico e o risco de propagación de enfermidades de transmisión animal á cabana gandeira.

Terceiro, a determinación das medidas de control da poboación dos xabarís.

Cuarto, a determinación das medidas para o control dos danos na agricultura e o apoio da súa execución nos tecores e nas sociedades de caza.

Quinto, o pagamento das indemnizacións por danos causados pola acción da fauna salvaxe no patrimonio de agricultores e gandeiros, tanto dos profesionais como dos de tempo parcial.

E sexto, a posta en marcha dun fondo de corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pagamento de indemnizacións por danos e de medidas preventivas». Remato solicitando o apoio de todos os grupos a esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

¡Benvida tamén a xente de Unións Agrarias que hoxe nos acompaña!

Dicía o señor Seco —e dicía ben— que o xabaril leva moitos anos xa sendo un grave problema para as nosas colleitas e un grave problema para a nosa seguridade viaria. Só no ano 2018 foi o responsable de preto de mil douscentos accidentes de tráfico e causou danos económicos inxentes que afectaron, sobre todo, colleitas de millo, de pataca ou de castaña, entre moitos outras.

O abandono do monte e das terras de labradío —abandono que ten un culpable— está facendo que desborde o hábitat natural do bicho, de tal xeito que o atopamos incluso moitas veces camiñando por vilas grandes ou por cidades.

No ano 2018, a Xunta de Galicia recibiu 1.335 avisos por danos causados por xabarís, case catro avisos ao día. Estes son douscentos sesenta e cinco avisos máis que no ano 2017.

Os principais prexudicados pola actividade dos xabarís son as labregas ou os labregos, as gandeiras ou os gandeiros, que, ademais de sufriren os ataques do animal, padecen en moitos casos a incompetencia do Goberno da Xunta na xestión desta praga.

Con data do 9 de outubro do ano pasado, o *DOG* publicou catro resolucións, do 27 de setembro, das xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, de declaración de emerxencia cinexética, que afecta trinta e tres concellos da Galiza. Reunímonos coa Asociación de titulares de Tecores de Galicia, con organizacións agrarias, co Sindicato Labrego e con



Unións Agrarias, e trasladáronnos a súa desconformidade coas medidas da Xunta, que autorizaban as batidas de caza de forma indiscriminada, e o seu agradecemento por solicitarmos neste parlamento, xunto co Bloque Nacionalista Galego, esa comisión non permanente de estudo sobre a propia problemática do xabaril. E mostráronse preocupados, porque as consecuencias que no día hoxe derivan destas medidas supoñen un risco moi alto para a seguridade das persoas que transiten polas superficies afectadas por esta norma —estamos falando de máis de catrocentas oitenta mil hectáreas—, así como tamén para outro tipo de actividades recreativas e incluso de circulación viaria que se atopan nestas zonas.

Son moitos os expertos que ven nesta xustificación desa declaración un suposto incumprimento en curso da normativa específica. Así, a dita declaración sustentábase sobre a base de que as poboacións de xabaril veñen experimentando nos últimos anos un incremento no conxunto do territorio, así como en que estas poboacións poden ser un elemento perturbador importante de certas comunidades de flora e fauna.

Nós preguntámonos quen exerceu esa presión para que o Partido Popular ou o Goberno da Xunta de Galicia sacase esta medida, ou se foi só unha estratexia de comunicación da propia Xunta de Galicia ante a incompetencia de darlle solución a un problema real. Preguntamos onde están eses estudos científicos sobre os datos demográficos do xabaril. Na Xunta de Galicia —xa preguntamos en varias ocasións en comisión— non os teñen, así como tampouco teñen os informes técnicos que recomentan tal medida.

Vostedes declararon a dita emerxencia ante a incapacidade da propia Xunta de xestionar este problema e de xestionar as axudas, que moitas veces teñen que vir adecuadas a paliar os danos producidos polo xabaril.

Os beneficiarios e as beneficiarias comezan a recibir as resolucións de axuda para a implantación de medidas preventivas fronte ao ataque do xabaril ou do lobo. A resolución deixa, no mellor dos casos, dez días naturais para faceren os trámites necesarios. Na práctica, coa fin de semana e festivos polo medio —como pasou algún ano—, os gandeiros e as gandeiras tiveron seis días para poder mercar, pagar, identificar e certificar os investimentos e para xustificar a axuda; algo que na práctica é totalmente imposible. Esta situación non é unha novidade para a Xunta de Galicia, xa que hai dous anos pasou exactamente o mesmo.

Distintos colectivos, asociacións labregas, gandeiras e sindicatos tiveron xuntanzas e presentaron propostas con vostedes, co Goberno, para mellorar a xestión destas axudas, tanto na forma, nos tempos, como no fondo, e que desen investimentos e criterios de priorización. O resultado estamos a velo hoxe: ningún.

Esta mala planificación e o atraso no pagamento de indemnizacións por danos está a causar moitas veces desafección entre as gandeiras e os gandeiros, porque é un problema co que levamos moitos anos, é un problema que está cronificado e ao que vostedes non lle dan solución.

Os primeiros damnificados, coma sempre, os habitantes do rural, así como a propia fauna. Decía o señor Seco —e dicía ben— que o Goberno está a improvisar en moitos casos con estas medidas, que son desesperadas e que poden traer detrás de si terribles consecuencias.



Vemos necesaria e xustificada esta PNL que presenta aquí o Partido Socialista de Galicia e que vén da man de Unións Agrarias, polo que dende En Marea imos apoiala.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Teño que dar grazas ao señor Rueda polo alto concepto que ten de nós, os nacionalistas, poñendo nas nosas mans a responsabilidade de negociar con Madrid os principais problemas de Galicia. É realmente reconfortante, aínda que ten aspectos humillantes, pero alá cadaquén. (*Aplausos.*) E o triunfo da presión cidadá e da presión política tráenos a noticia do rexeitamento da barbaridade da mina de Touro. ¡Un gustazo! Unha advertencia: estaremos alerta, porque o proxecto doutra Lei depredadora está en fase de consulta previa. A lei de avaliación ambiental pode ser a manobra perfecta para a operación Touro e outras similares. Estaremos atentos; sabemos ben do que son capaces.

En 2016 sacaron a última orde de axudas por danos do xabaril. Recoñecía así oficialmente a existencia dun problema no rural que afectaba as colleitas, a fauna e mesmo a vida dos humanos. Pero no 2017 e no 2018 non sacaron orde ningunha; seica o problema era mínimo. O teléfono non rexistraba queixas, dicía dona Ana María desde Medio Ambiente. ¡Claro!, chamabas e do outro lado do teléfono non aparecía ninguén, e a xente tragaba a rabia e afrontaba os danos como podía.

O problema rebentou. E caeron na conta de que ese ano había eleccións, e non só unha; era 2019. A fume de carozo, sacaron unha afronta ao sentido común feita orde de axudas. Houbo risas e choros, e o boniato foi protexido por decreto.

A situación de descontrol ía a máis: danos e máis danos, catro accidentes de tráfico diarios e visitas diúrnas e nocturnas ás periferias das cidades. Invasión polo porco bravo. ¿Invasión polo porco bravo? Son todo hipóteses. Á falta de estudos seriamente feitos, calquera pode abrir a boca e dar cifras ao chou.

Vostedes fixeron oídos xordos á petición que faciamos desde o BNG dun plan de xestión serio, dun censo poboacional por comarcas feito de xeito científico e dun manexo da especie planificado que contemplase e aplicase diferentes opcións de control.

Pero as campañas electorais apertaban e viron que a xente do rural estaba cun fondo cabreo. Decidiron dar un golpe de efecto e, nunha arrouxada, declararon a emerxencia cinxética. Trinta e tres concellos escolleitos case ao chou, reformas da Lei de caza pola porta de servizo, e botar peito como dicindo: «Agora ides ver o que é control da especie». E de paso inzaron o país nas municipais de culpas aos *ecologistas* e aos do Bloque, porque a culpa era nosa.



¡Válelles a cara para todo! Para todo menos para exercer o goberno con sensatez e darlles traza aos problemas.

Señorías, hai un grupo de expertos sobre peste porcina africana en Europa que acaba de aprobar un manual de actuación en setembro do 2018 como a guía orientadora de como facer fronte á enfermidade. E, entre outras cousas, aconsella e informa de que, nestes momentos, Europa advirte que a enfermidade é endémica nas poboacións de xabarís de varios países e continúa expandíndose, polo que é un motivo de extrema preocupación. As recomendacións dos expertos pasan por actuar urxentemente coa adopción de medidas sobre o manexo da caza do xabaril, por introducir criterios de bioseguridade e xestión e pola correcta manipulación da eliminación e do movemento dos canais de xabaril. E vostedes, señores do Partido Popular, nun período de alucinación chegaron a propoñer comercializar a carne de xabaril nun xeito de IXP para aproveitar a súa abundancia. ¡Ai!, a visión comercial que teñen vostedes pódelles.

Por iso, emerxencia cinexética. E o Goberno galego carga as cargas dos tecores, modifica a Lei de caza e pon en risco a vida dos cazadores e da xente: unha bala de rebote, batidas sen seguridade, improvisación, incompetencia temeraria. E polo medio, nese exercicio de sacudir as pulgas á destra e sinistra, de eludir responsabilidades de goberno nesa ansia do «Eu non fun», e aproveitando que o Goberno de Madrid mudara, a Consellería de Medio Ambiente entra en febril actividade para pasar as responsabilidades de xestión desta especie ao Goberno socialista.

E agora xa recoñecen a necesidade dun censo poboacional da especie; agora xa concordan cun plan de xestión; agora xa falan da ameaza da peste porcina africana; agora lavan as mans e ¡que o fagan outros! E pretenden abandeirar as reivindicacións cando foi a súa incompetencia a que fixo medrar o problema.

Diante destes feitos, señores deputados e deputadas, a diagnose é clara: se non son quen de asumir as súas responsabilidades, se non son quen de gobernar, déixeno. Váianse, deixen de tocar a zoca.

Apoiaremos esta PNL, por suposto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Un saúdo especial aos representantes e ás representantes de Unións Agrarias que hoxe nos acompañan.

Nós, evidentemente, imos apoiar esta iniciativa que trae hoxe o Partido Socialista e que promove Unión Agrarias fronte ao abandono e o desleixo na xestión ecosistémica e fronte á falta



de asunción de responsabilidades da Xunta de Galicia, que permitiu que esta problemática chegase a coller unha dimensión absolutamente inaceptable e que, aínda no día de hoxe e con todos os danos que está a xerar, segue a mirar cara a outro lado, derivando responsabilidades propias e amosando a súa incapacidade ou falla de interese por arranxar os problemas do noso país.

É unha evidencia que se produciu unha sobrepoboación e desprazamento da masa do xabaril no noso país, que xera danos duns quince millóns de euros anuais no sector agrícola. É unha evidencia que a poboación de xabaril causa xa dous mil cincocentos accidentes ao ano nos viarios galegos, o que, ademais das consecuencias sociais que isto comporta —como todas sabemos—, tamén ten aparelados importantes custos económicos. É unha evidencia o grave risco ao que se está sometendo a cabana gandeira galega nun sector tan importante para Galicia como é o porcino, cun risco moi real de sufrir unha grave epidemia de peste porcina. Ao igual que é unha evidencia o desequilibrio ecosistémico xerado por esta mala xestión, que agrava a crise ambiental e a situación da xa moi danada biodiversidade galega.

E todas estas evidencias falan dunha evidencia: da evidencia do desgobierno do Partido Popular. Por unha banda, fala da irresponsabilidade da Xunta de Galicia por nos traer ata aquí coas súas políticas de desleixo e de aniquilación do rural, poñendo o monte ao servizo dos lobbys extractivistas. E, por outro lado, por se non lle parece isto suficiente, no día de hoxe, con todos os datos que temos e despois de xerar este problema, non está facendo absolutamente nada por darlle solución. Diante dun gran problema, o Partido Popular non aporta unha gran solución; o único que aporta é máis abandono, posta en marcha de actuacións ridículas e perigosas, como son as que teñen relación coa caza —como xa teñen manifestados os representantes dos propios tecores—, e manter a cabeza agochada no buraco, a ver se o problema se resolve só.

A realidade que estamos vivindo, a realidade dos datos, ensina como afronta o Partido Popular este problema. A pesar de que os danos causados polo xabaril no agro están cifrados en arredor de quince millóns de euros anuais, as indemnizacións que achega a Xunta son de seiscentos mil euros. Isto di que máis de catorce millóns están asumidos polo sector agrícola. Por iso falamos de medidas ridículas para continuar a aniquilación do rural.

Ante unha problemática destas dimensións, hai que deixar o chamanismo, as ocorrencias e a irresponsabilidade. É preciso incidir nas causas para evitar situacións de futuro. É prioritario diagnosticar cales son as masas poboacionais do xabaril en Galicia e atender unha axeitada xestión ambiental dos nosos montes. É preciso promover as capacidades de autorregulación dos ecosistemas a través dunha aposta decidida polo bosque autóctono, pois, tal como recoñeceu a propia directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, as zonas de maleza son idóneas para unha cría e asentamento descontrolado dos xabaris, pois atopan refuxio e en ocasións están preto de zonas de produción agrícola ou urbana, o que propicia a súa inclusión na procura de alimento. Isto dío o propio Goberno e, polo tanto, deberían poñerse vostedes as pilas.

É necesario que a administración se mova e conte cun censo de masa de poboación do xabaril para non seguir dando paus de cego. É necesario que se elaboren guías técnicas de consulta



para a busca da diagnose das mellores metodoloxías posibles para o control e a regulación das masas da poboación de xabaril, e abandonar as políticas de *far west*: de primeiro disparo e despois pregunto. Hai que reforzar o persoal técnico especializado co cometido de regular e controlar as masas poboacionais de xabaril e doutras especies. Precisamos informes sobre o estado dos hábitats naturais do xabaril, así como do estado ambiental dos nosos montes como elemento de diagnose das causas dos episodios de sobrepoboación do xabaril. En definitiva, o que hai que facer é xestionar, deixar de mirar para outro lado, deixar de ter a cabeza nun burato e xestionar esta problemática.

Nós imos apoiar esta iniciativa que promove e rexistra Unións Agrarias e que trae hoxe o Partido Socialista. E agardamos que o Partido Popular mude a súa estratexia da propaganda por xestionar o país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Prado Patiño.

O señor PRADO PATIÑO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Boas tardes, don Roberto García, secretario de Unións Agrarias, e a todo o equipo. E un saúdo a toda a xente que estaba a pé de rúa, porque tampouco as inclemencias nosas de aquí de Galicia axudan moito.

Hoxe traemos —digamos— *Xabaril*, capítulo 3, e estou totalmente familiarizado con este tema. E o Grupo Socialista presenta esta PNL dunha iniciativa lexislativa popular, presentada por Unións Agrarias, sobre o gran problema social en Galicia causado polo xabaril. A verdade é que é unha pena, pois gustaríame hoxe que o secretario de Unións Agrarias estivese aquí presente; en total, faltaban moi poucas firmas. Eu sei que vostede se vai a Frades eu mesmo lle firmo, e chegaría ás dez mil para traer aquí unha iniciativa lexislativa popular, que este regulamento o aprobou o Partido Popular, e gustaríame aquí debatelo. Ao mellor, proximamente verémonos aquí, señor Roberto. Saiba que lle ofrezco desde aquí un saúdo —porque o cortés non quita o valente— e sei o seu labor polo agro e probablemente polo seu traballo.

Dito isto, os grupos da oposición levan pregoando durante toda esta lexislatura contra do Goberno galego, sobre todo de Medio Rural, e seguen con esa cantilena durante o ano 2019, e van seguir no ano 2020. E se a Xunta saca un Plan de emerxencias cinexéticas, ¿por que o saca? Porque todo o mundo reconece, segundo os accidentes de tráfico e segundo a abundancia de xabaril nos plans de aproveitamento cinexético feitos polos tecores de caza, máis ou menos as comarcas que teñen o exceso. Entón, esas catro comarcas, eses trinta e tres concellos e eses sesenta e catro tecores, pois non lles vale tampouco aos grupos da oposición. Redúcese de dez a oito cazadores para ser máis fácil as batidas; porque —hai que dicilo— non hai relevo xeracional no campo no sector agrario, pero tampouco o hai no tema dos ca-



zadores, entón redúcese de dez a oito. Prolóngase ata o 29 de febreiro a caza do xabaryl, pero tampouco lles vale todo iso.

Se agora collemos as épocas de vedas doutras comunidades autónomas, eu poño por caso o País Vasco ou Cataluña, que tanto lles gusta a vostedes. ¿E que utilizan no País Vasco? Ben, pois para que un xabaryl escape das urbanizacións empregan os ouriños do lobo. Iso é así de certo. ¿Na Comunidade Autónoma de Cataluña? Pois a través da Universidade Autónoma de Barcelona desde o 2016 collen e fan un plan experimental de coller cen femias e meterlles anticonceptivos para que non se reproduzan. ¡Home!, non sei o resultado, pero o xabaryl non é un porco manso, que é o porco bravo, e non sei que medios van utilizar para pillar esas cen femias no monte. Entón, poñemos de exemplo as outras comunidades autónomas, e o que facemos en Galicia válelles moi pouco.

Este ano —xa vos adianto porque ao mellor despois, presidente, non me dá tempo— a Consellería aumenta a porcentaxe de axudas para paliar os danos nun cento setenta e seis por cento. Isto supón que se o ano pasado a Consellería de Medio Ambiente dotaba con oitocentos once mil euros, este ano pasa a 2.241.000 euros. E estou seguro, señor presidente, que se o presidente Pedro Sánchez nos pagase o que debe, ao mellor, ían ter máis sorte aínda... (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ...os gandeiros e agricultores de Galicia, porque, ao mellor, pasaríamos ao douscentos por cento.

Cando falamos do xabaryl, este non ten fronteiras, é dicir, que hai un aumento de xabarís en toda España. O xabaryl ten un don da natureza, procrea a partir do primeiro ano, reproducese dúas ou tres veces ao ano, dura de dez a doce anos, ten de catro a oito rellos e come de todo, porque tanto é vexetariano como come unha preada, é dicir, a el válelle todo para comer. Entón, digamos que estamos falando dunha das especies máis daniñas e invasoras.

¿Só me quedan quince segundos?

O señor PRESIDENTE: Quince segundos, si.

Un pouquiño máis porque o tema é interesante.

O señor PRADO PATIÑO: Non, non, é que... (*Murmurios.*)

¿A Xunta de Galicia? A Xunta de Galicia está cumprindo, ten feito os deberes. Primeiramente, a Consellería do Medio Rural controlando a peste porcina, e a Consellería de Medio Ambiente controlando a superpoboación a través das axudas aos danos e de caza.

Falabamos do fondo de corresponsabilidade, e sabemos que isto está sen regular pola Lei de caza de 2013. E o que fixo a Xunta —xa dixen antes que a cantidade quedou para este ano— hai que pensar que desde o ano 2016 ata hoxe leva a Xunta aportado 3.652.000 euros.

¿No tema dos danos ocasionados polos accidentes de tráfico? ¡Home!, a fauna salvaxe en Galicia é dobre nas estradas estatais do que nas estradas da Xunta, e a Xunta vén traballando coa Universidade da Coruña nun estudo para o cálculo dos treitos de concentración de atro-



pelos de fauna salvaxe. E están por ver as medidas orientadas a informar o condutor. E nas estradas de acceso controlado, como son as autoestradas, autovías e vías para automóbiles nas estradas autonómicas de nova construción, o Plan de infraestruturas que diseña a Xunta traballa xa na instalación de pasos de fauna. Tamén na construción de vías de escape de fauna e reforzo dos peches.

Xa acabo, señor presidente. Grazas.

Desde a Xunta estanse probando en distintas estradas autonómicas, fundamentalmente de Lugo, onde se detectan máis incidencias, elementos disuasores, como son os repelentes ou atraentes, olfactos ou autorreflectores.

Ben, imos votar en contra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.)* E todo porque, de verdade, que a Xunta o vén facendo ben. Digamos que seguro que imos ir aumentando as cantidades segundo teñamos o presuposto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRADO PATIÑO: Eu, desde logo, recoñezo que os gandeiros e os que teñen patacas e os que teñen millo, é dicir, diante de todo hai que dicir que o hábitat de Galicia cambiou pola despoboación.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor...

O señor PRADO PATIÑO: Cambiou, porque... Xa paro.

O señor PRESIDENTE: Si, porque xa estamos un pouco pasados de tempo.

O señor PRADO PATIÑO: E estamos mentalizados desde o Grupo Popular totalmente polos danos dos xabaris e esperemos que o Goberno central...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRADO PATIÑO: E hai algo que me queda por dicir: o tema do censo do xabarl, aínda que a Xunta xa encargou —isto xa foi debatido...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRADO PATIÑO: ...no anterior pleno—...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Prado Patiño. Pasou o tempo xa.

O señor PRADO PATIÑO: ...que por parte do Goberno central... *(O señor Prado Patiño pronuncia palabras que non se perciben.) (Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Prado Patiño pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)



Grazas, señor Prado Patiño.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Agradezo o voto a favor por parte do Grupo Mixto, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Común da Esquerda.

Señor Prado Patiño, eu agradézolle que aquí vostede diga que a Xunta reconece o problema do xabaril e que cada ano os danos son maiores. ¿Que o está facendo ben? Aí si que discrepo con vostede, porque sendo maiores os danos cada ano non creo que o estea a facer moi ben a Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Antes falaba vostede tamén do Goberno de España e na comparecencia do señor vicepresidente non lle escoitei falar — polo menos eu; non sei, se iso corríxame— que o xabaril estivese na axenda do señor Rueda. *(Murmurios.) (Risos.)*

No ano 2004 a Consellería de Medio Ambiente encargou un estudo, que eu solicitei polo artigo 9 —do que creo me fixeron chegar parte—, no que veñen moi explícitos os danos que produce o xabaril, pero falta a parte das medidas concretas. Non sei se o teñen sen facer, se está gardado nun caixón ou cal é a situación deste informe de 2004.

Por outro lado, señor Patiño, vostede empezaba a súa intervención dicindo que se Unións Agrarias fora ao seu concello, a Frades, recoller as firmas, que lle daría todas as firmas. Convenza os seus compañeiros e compañeiras de escano para que voten a favor desta iniciativa. *(Aplausos.)*

E, para rematar, espero que fagan esa reflexión esta noite. Mañá teñen toda a mañá para reflexionar e estudar o cambio de voto para que esta iniciativa saia aprobada por unanimidade e a Xunta se poña a traballar de verdade e tome as rendas do gran problema que é o xabaril na nosa comunidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación de novas titulacións nos campus universitarios

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Común da Esquerda e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Que se fortaleza o campus non central de Ourense coa implantación de novas titulacións.*
- 2. Que se restitúa a simultaneidade de estudos en Informática e ADE do Campus de Ourense que nunca se tivo que ter suprimido.*
- 3. Que, con carácter inmediato, se cese ao Secretario Xeral de Universidades.*
- 4. Que se blinde a carreira de Aeronáutica do Campus de Ourense.*
- 5. Que se restitúan, na forma de Grao en Enxeñaría Física, os estudos de Física do Campus de Ourense suprimidos ilegalmente.*
- 6. Que se asegure de que, nas súas decisións futuras sobre o Campus de Ourense, executa as súas propias políticas e non as contrarias.*
- 7. Que nas súas decisións futuras sobre o Campus de Ourense actúe co respecto que merecen a Lei do Sistema universitario de Galicia e outras disposicións legais en materia universitaria aprobadas polo Parlamento de Galicia.»)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández Pérez, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o terceiro punto da proposición non de lei polo seguinte:

«3. Retirada do Anteproxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa con sede na Comunidade Autónoma de Galiza por incumprir o disposto na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galiza.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben, boa tarde a todas e a todos.

Esta defensa que hoxe traemos aquí do Mapa de titulacións do Campus de Ourense consideramos que é moi importante. Por iso, aínda que sexa a última e esteamos moi fatigadas, por favor, eu pediría un pouquiño de concentración.

En marzo do 2017, representantes da Consellería de Educación —Universidade e Formación Profesional— e das tres universidades públicas galegas asinaron un acordo importante para



definir os principios reitores que haberían de regular a planificación da oferta académica no quinquenio 2017-2021. Unha das prioridades destes principios sería a implantación de novas titulacións en campus non centrais. Esta medida recolle parte da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, sobre o equilibrio territorial e os campus universitarios, no cal se establece que a Xunta establecerá as accións e medidas necesarias para acadar equilibrio entre campus.

A Consellería e as tres universidades públicas galegas acordaron a implantación de dezaseis novos graos monouniversitarios repartidos da seguinte maneira: catro en Lugo, tres na Coruña, Santiago e Ferrol, dous en Vigo, en Pontevedra un e en Ourense cero, cero *patateiro*. Tamén se aprobaron dous graos interuniversitarios, un deles entre Ferrol e Ourense, aínda sen implantar. Isto anunciouse improvisadamente o 30 de xullo nun clima de protesta xeneralizada en Ourense polo que se consideraba un trato discriminatorio na planificación universitaria. Que a competitividade doutros campus galegos fose potenciada polo Plan 2017-2021 é, sen dúbida, unha excelente nova para o SUG, pero non hai que esquecer que o balance para o campus non central de Ourense é moi moi negativo.

En relación con isto, en primeiro lugar, hai que ter en conta, ademais, que tamén foi retirada a simultaneidade de estudos en Informática e ADE de Ourense. Isto é increíble e vou explicar por que. Retirada para o curso 2019-2020 por decisión unilateral da Xunta, esta simultaneidade ou dobre grao tiña, no momento da súa retirada, a terceira nota de corte máis alta das titulacións do campus. Ademais, proporcionaba un itinerario único en Galicia. A supresión da oferta de prazas está regulada, existen instrucións para suprimir esta oferta, e está regulada por unha resolución de marzo de 2019 da Secretaría Xeral. No seu artigo 6 di que para reducir prazas se teñen que dar circunstancias, e nomea dúas: unha é o exceso de oferta e a segunda é o número de egresados cando a taxa de graduación sexa sistematicamente inferior ao 35 por cento durante os últimos tres anos. Ningún destes dous supostos concorren no dobre grao en Informática e ADE.

Simultaneamente, en abril de 2019 non só se reducen as prazas de vinte a cero, senón que en decembro coñeceuse que a Universidade de Santiago de Compostela —¡olliño, eh, olliño!— no Campus de Lugo ofertaría un grao en Empresa e Tecnoloxía cun currículo semellante ao dobre grao suprimido en Ourense. O grao en Empresa e Tecnoloxía será implantado na Facultade de Administración e Dirección de Empresas de Lugo. ¿Saben quen é o titular? É unha persoa que ten a praza como profesor universitario: o titular da Secretaría Xeral de Universidades, o señor José Alberto Díez de Castro. ¡Que curioso e que coincidencia!

Tamén de xeito unilateral —seguimos co maltrato ao Campus de Ourense—, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional modificou a proposta de mestrado habilitante en Enxeñaría Aeronáutica feita desde a Escola de Enxeñaría Aeronáutica de Ourense. A dita escola é a única de Galicia que oferta o grao en Enxeñaría Aeroespacial que dá acceso ao mestrado habilitante. A pesar disto, en contra da proposta elevada dende o Campus de Ourense, a Xunta de Galicia está a propoñer que o mestrado se faga interuniversitario e que tamén se faga en Vigo e na Coruña. ¿A que abre isto a porta? É obvio, abre a porta á duplicación. Entón, a esta situación súmase, ademais —é un suma e segue—, a perda de exclusividade do grao de Turismo do Campus de Ourense.



Señoras e señores, isto está consumado en decembro do 2019, o mes pasado. De novo hai que apelar á Lei do Sistema universitario de Galiza e ao seu artigo 8, no que se di que a implantación de titulacións establece un dos criterios clave, que é evitar a reiteración das titulacións na comunidade autónoma.

Por último, no ano 2019, hai uns meses —estamos falando de algo súper recente—, fíxose pública unha sentenza xudicial do Tribunal Supremo que determina a legalidade da denominación de grao en Enxeñería Física. ¿Que queremos dicir con isto? Que no ano 2014 a Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia informou desfavorablemente sobre a implantación no Campus de Ourense do grao de Enxeñería Física. ¿E saben por que? Porque dicía que inducía a confusión. Ese é o mesmo título que se lle dá na Politécnica de Cataluña e na Universidade Carlos III. O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza xa advertiu que isto non era legal. Agora o Tribunal Supremo acaba de ratificar isto que estamos dicindo. ¿Quen era secretario? ¿Quen estaba naquel momento na ACSUG? Pois, curiosamente, José Eduardo López Pereira, un vello secretario xeral de Universidades en tempos de Manuel Fraga.

O que é importante aquí é que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia xa no 2012 declarara ilegais os acordos que deron lugar á supresión da Licenciatura de Física no Campus de Ourense. ¿Saben canta demanda hai desta Licenciatura de Física? Seiscientas persoas ao ano. Hai noventa prazas. Ourense podía perfectamente ter esta licenciatura. A creación e a ubicación de novas titulacións, ademais, deben seguir unha programación que atenda a demanda universitaria e a dispoñibilidade dos recursos humanos. Hai profesores abondos de Física no Campus de Ourense. Moitas estudantas e estudantes galegos interesados en formarse no desenvolvemento das aplicacións máis novidosas de física vense abocadas a marchar fóra da nosa comunidade para facelo cando, de terse implantado esta enxeñaría, unha parte podería recibir a súa formación no Campus de Ourense, ao mesmo tempo que se optimizarían recursos públicos e se contribuiría desde Galicia á introdución dun perfil académico profesional moi interesante no Estado español.

Certamente, os estudos de Física do Campus de Ourense foron, ademais, a contraprestación da supresión por decreto dos de Química, Bioloxía e Farmacia a principios dos anos 90. Pola súa banda, os estudos de Enxeñaría Aeroespacial viñeron compensar a supresión ilegal de Física e agora corren o risco de ser duplicados.

Señoras e señores, a discriminación do Campus de Ourense é histórica e ten sido combatida enerxicamente pola sociedade ourensá ao longo de máis de vinte e cinco anos da man da plataforma Pro Campus de Ourense, a única destas características de Galicia.

Aquí teño que dicir algo máis e facer unha xusta mención a Etelvino Blanco, que nos deixou hai seis meses pero que deixou unha pegada absolutamente inesquecible a nivel sindical, político e social. Ademais, foi baluarte tamén da plataforma Pro Campus, que está comprometida dende hai vinte e cinco anos pola defensa do Campus de Ourense. *(Aplausos.)*

Porén, o que pedimos é que se fortaleza o Campus Central de Ourense coa implantación de novas titulacións, que se restitúa a simultaneidade de estudos de Informática e ADE —que nunca tiveron que ser suprimidos—, que con carácter inmediato se cese...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...o secretario xeral de Universidades, que se blinde a carreira de Aeronáutica, que se restitúan, na forma de grao en Enxeñería Física, os estudos de Física do Campus de Ourense, e que se cumpra a lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Simplemente dúas cuestións. Explicarei tamén a emenda, aínda que coa autoemenda do grupo proponente teremos que ver que encaixe tería. Pero, simplemente comentar dúas cuestións. A señora Cuña na súa intervención e tamén na exposición de motivos pon o foco na situación do Campus de Ourense, na supresión —como ela falaba— do duplo grao de Informática e de ADE e da introdución doutras mudanzas no que ten que ver coa oferta e co Mapa de titulacións. Nós no BNG cremos que o correcto sería facer unha lectura máis alá do local, máis alá da situación concreta que ten o Campus de Ourense.

O que temos no Sistema universitario galego, no Mapa de titulacións que hai dentro do Sistema universitario galego, é un problema de equilibrio e de planificación sen visión de país, que é do que adoce o Partido Popular en todo, pero tamén no que ten que ver coa planificación en materia universitaria. A realidade que atinxe ao Campus de Ourense é moi semellante á que teñen os demais campus periféricos do país (é dicir, Ourense —por suposto—, Lugo e Ferrol), que é o resultado en boa medida da conxunción de varias cuestións —digamos—. A primeira é, obviamente, unha crise demográfica, que tamén ten o seu reflexo no Sistema universitario do noso país. Os campus en xeral perden alumnado pero, sobre todo, os campus periféricos. O caso de Lugo é tamén sangrante, igual que o é o de Ourense, e perde alumnado.

Pero, ademais, os campus periféricos temos ou teñen outros hándicaps, outras eivas, como é, por exemplo, un déficit de infraestruturas que leva moitísima xente de dentro e fóra do país a querer matricularse nas titulacións que se ofrecen dentro destes campus. Non é baladí ou non é algo que non afecte tamén o propio servizo ou o propio Sistema universitario galego a falta ou o déficit en infraestruturas ferroviarias, a falta ou o déficit en conexións en materia de transporte por estrada ou outras moitas cuestións que teñen tamén as súas repercusións no Sistema universitario, especialmente nos campus periféricos.

Pero a realidade e a situación que viven os campos de Lugo, de Ourense ou de Ferrol veñen ser tamén o reflexo das limitacións impostas polo Partido Popular nos últimos anos. Especialmente, por exemplo, co Decreto 222/2011, onde se establecían unha serie de criterios á



hora de reformar ou revisar o Mapa de titulacións e que obrigaban a que a oferta ou o mantemento de titulacións que se estaban prestando nos campus tiña que ter un mínimo de alumnado. No ano 2011 fixouse en cincuenta para os campus centrais e en corenta e cinco para os campus periféricos —iso no ano 2011—. Coa realidade demográfica que temos neste país, iso está absolutamente desfasado e ao final acaba sendo unha pexa para que poidan manter a súa oferta de titulacións. E, sobre todo, porque estableceron unha excepción con posterioridade a ese Decreto 2011, que era a fixación ou a creación da categoría de titulacións que se considerasen «singulares». Ningunha delas recibiu esa consideración por parte da Xunta de Galicia nos campus periféricos. E iso supuxo, por exemplo —fálase dalgunha outra titulación, neste caso concreto do Campus de Ourense—, que a supresión de Topografía Xeomática no Campus de Lugo non se considerou «singular» cando era o único campus de todo Sistema universitario de Galiza que ofertaba esta titulación, alén do máis habilitante.

A Xunta impuxo unhas condicións ao Sistema universitario público deste país que basicamente era: hai que reformar a oferta de titulacións, o Mapa de titulacións, pero a custo cero. É dicir, ningunha nova titulación podía supor un incremento no número de prazas que se ofertaban; basicamente é: se se quere ofertar un novo título, hai que sacrificar outro que xa hai. E iso o que nos leva é á situación na que nos atopamos agora.

E simplemente, de maneira telegráfica, explico a emenda, que vai un pouco neste sentido. Fronte a eses atrancos, esas limitacións e esas pexas que se impoñen ao Sistema universitario público deste país, o que vemos é como se pon a alfombra vermella para unha iniciativa privada, como se está facendo no caso da universidade que impulsa Abanca. Non cumpre cos requisitos que se establecen; facía referencia á lexislación a señora Cuña, que é esa Lei do Sistema universitario galego, do ano 2013. Entre outras cuestións, artigo 13, que obriga a que se desenvolva unha oferta de investigación, que non aparece por ningunha parte no proxecto presentado por Abanca, ou que non pode haber esa duplicidade na oferta de títulos. Ofreceo o MBA que xa ten a Universidade da Coruña...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...ofrece Administración —remato— e Dirección de Empresas, que se ofertan nas tres universidades públicas deste país, e Ciberseguridade, que ten o mesurado na Universidade da Coruña e de Vigo compartido.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Nós na emenda presentamos que se retire ese proxecto de lei de universidade privada de Abanca ou, polo menos, que se lle exixa que cumpra coa lexislación vixente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.



Moi boas tardes, señorías.

Todos sabemos que cando a dereita quere dominar a universidade, que é sempre, utiliza dúas formas fundamentais: unha, restrinxindo o financiamento, asfixiando economicamente, e facendo tamén unha continua intromisión que limite e que termine coa autonomía universitaria, que, por certo, é un dereito recoñecido na nosa Constitución. Neste caso, as técnicas do PP, do Goberno do señor Feijóo, son elementais e as de sempre: a asfixia do financiamento —como están recoñecendo e denunciando os reitores— e a intromisión en todo aquilo no que se pode, dende prazas de profesorado ata, dende logo e moi sensiblemente, a oferta docente do Sistema universitario.

Neste caso, esta continua intromisión da Secretaría Xeral de Universidades, retirando e impondo a implantación de titulacións na oferta docente do Sistema universitario, está chegando a límites inadmisibles, porque está chegando xa á absoluta arbitrariedade. Arbitrariedade porque non coñecemos nin as causas nin se avisou previamente da retirada dese dobre grao de ADE e Enxeñaría, como dicía a señora Cuña, pero tamén arbitrariedade na retirada de titulacións no campus, neste caso, no Campus de Lugo.

Quero comentarlles un caso que dá idea do que estou dicindo. No Campus de Lugo retiráronse varias titulacións. Xusto esas titulacións —miren por onde— están recoñecidas no Informe *Indicadores sintéticos del Sistema universitario español*, realizado pola Fundación BBVA, no que se analizan actividades docentes, de investigación e de innovación, como as primeiras e segundas no ránking de titulacións de España, esas titulacións como Difusión Cultural, Enxeñaría Forestal e Procesos Químicos, Enxeñaría Civil e Topografía ou Lingua e Literatura do Campus de Lugo. Esas titulacións, que son número un e número dous de toda España, son suprimidas ou están a piques de ser suprimidas. Esa é a calidade que busca o Partido Popular.

E logo utiliza uns criterios absolutamente inadmisibles, como comentaba a señora Rodil. Non pode utilizarse o criterio numérico sen máis, sen ver nin sequera de que titulacións falamos. É o mesmo para Veterinaria que para Lingua e Literatura. Iso é absolutamente inadmisibile. E inadmisibile é que cando unha universidade solicita implantar un título, un grao, aínda que non pida nin un só profesor máis e nin un só euro máis, soamente poida facelo se retira un título da súa oferta. É dicir, que aumentar o número de prazas nun título ten que levar tamén a redución noutro título. É dicir, eles queren unha estabilidade do sistema, que o sistema público non poida crecer e aumentar o seu alumnado. Pero estou de acordo coa señora Rodil: iso si cobra un novo significado cando sabemos con que afán está apoiando o Partido Popular unha universidade privada que non terá estas restricións, nin no número de prazas ofertadas nin no número de títulos ofertados. As deducións son lóxicas e son fáciles de facer.

Non se poden admitir nin estes criterios nin estas maneiras de tratar un sistema público. Por iso, o que está sucedendo no Campus de Ourense reflicte perfectamente o que é a política universitaria do Partido Popular. Ten razón a señora Rodil. Tamén o están sufrindo, igual, en menor medida, o Campus de Lugo e o Campus de Ferrol, porque o Partido Popular non ten en consideración en absoluto ningunha planificación, nin a necesidade nin a función que ten a universidade non soamente para lograr unha maior equidade educativa —que a ten, por suposto—, senón tamén como impulso económico e, polo tanto, mellora da vida das provincias, como é no caso de Ourense.



Polo tanto —e remato—, estamos de acordo coa súa proposición non de lei e apoiámola. Creo que debemos debater moitas máis veces este tema, que é fundamental, neste parlamento, e vendo dunha maneira global esta política absolutamente inadmisíbel por parte da Xunta de Galicia.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Burgo.

Agora si, por parte do Grupo Parlamentario Mixto —pido desculpas—, ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Presidente, moitas grazas.

A Xunta vén de demostrar durante este curso a súa intención de desmantelamento do Campus de Ourense. Por unha parte, a súa proposta de levar á Escola de Camiños da Universidade da Coruña o Máster de Enxeñaría Aeronáutica, que se imparte agora en exclusiva na Escola de Enxeñaría Aeronáutica do Espazo, e que loxicamente soamente ten sentido nun campus onde xa existe a dita titulación. A Xunta pretende con esta medida botar abaixo todas as reivindicacións logradas por colectivos sociais da provincia de Ourense —como as da plataforma Pro Campus—, obrigando o estudantado, que leva asentado durante catro anos por exemplo na cidade de Ourense facendo este grao, a ter que buscar outra vivenda noutra cidade galega sen que se demostre a necesidade ou sen que se xustifique esta medida dun xeito técnico ou económico. Por outro lado, a confirmada supresión do dobre grao de Administración e Dirección de Empresas —deste xeito consta así na proposta modificada pola Secretaría de Universidades—, recibida en abril, ao abeiro da Universidade de Vigo, que solicitaba vinte prazas para ese dobre grao.

Polo tanto, ningunha destas medidas se xustifica legalmente, ou mesmo economicamente, que parece ser o único que lle interesa a este goberno. Ademais, o campus goza neste intre con varias carreiras de carácter social, como Traballo Social, que é a única pública de Galicia; Educación Social, coa matrícula chea e con aumento da nota de corte ano tras ano; ou Ma-xisterio, coa rama de primaria e infantil, que require dunha aposta da formación posgrao que escasea e que se vería complementada cun máster específico que facilitase o posterior acceso laboral das súas estudantes.

Unha aposta por converter o Campus de Ourense nun referente da intervención social a nivel estatal, etc., incluso a proposta da creación dun dobre grao en Traballo e Educación Social, xa existente noutros campus estatais, reforzaría esta idea e atraería para o Campus de Ourense e para a cidade novas e novos estudantes.

O desprazamento do alumnado da provincia, así como a propia inestabilidade e precariedade laboral á que expoñemos en moitos casos o profesorado do Campus de Ourense, o profesorado universitario galego, fai que esteamos ante o que é, sen dúbida, o desmantelamento da educación pública universitaria, partindo, por suposto, do Campus de Ourense. Sempre somos pioneiros cando algo se desmantela.



Non estamos moi desencamiñados e pensamos que igual ten relación con ese ruxerruxe que durante meses escoitamos sobre un novo campus dunha universidade privada en Galiza. Non nos estrañaría dende o Grupo Parlamentario de En Marea que algúns destes espazos aparecese nesa nova oferta.

Polo tanto, vemos necesaria e xusta esta proposición non de lei e imos votar a favor dela. Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señora Cuña, eu traía as notas para a primeira proposta, en que había temas confusos e falaba duns temas na exposición de motivos e a parte resolutive era outra. Agora, coa autoemenda á totalidade, pois aínda está máis confuso o que pretende, como lle dicía antes a compañeira.

En primeiro lugar, están vostedes atribuíndo responsabilidades á Xunta que non lle corresponden. Temos que lembrar que as universidades teñen recoñecida a súa autonomía e que a función da Xunta é a coordinación do Sistema universitario galego. O Campus de Ourense pertence á Universidade de Vigo, que asinou un acordo dos tres reitores coa Xunta no ano 2017 para a planificación da oferta académica para o período 2018-2020.

Pois ben, deses catorce novos títulos a Universidade de Vigo pediu só dous, sen ningún peche, e ningún para Ourense. Esta foi a petición da Universidade de Vigo. As que deciden que títulos se piden ou se pechan en cada universidade son as propias universidades. Polo tanto, esta petición hai que facela nos órganos de goberno da Universidade de Vigo, ben no claustro da universidade, ben no consello de goberno ou ben a vicerreitoría de Ourense, porque é aí onde se toman as decisións de que títulos pedir. Polo tanto, a quen lle hai que trasladar os puntos 1 e 5 é á Universidade de Vigo.

Pr outra parte, alégrome de que polo menos nesta addenda corrixira o tema do dobre grao. Primeiro, porque non existe un dobre grao como tal —non se dá un título de dobre grao de nada—, é unha simultaneidade, como está agora corrixido, onde se compatibilizan os horarios de dous graos para poder cursalos ao mesmo tempo. Isto é o que significa o coloquialmente chamado dobre grao. Dánselle ao alumno dous títulos de dous graos distintos.

Os datos obxectivos deste dobre grao son os peores do Sistema universitario de Galicia: das vinte persoas que se matricularon no primeiro ano está previsto que só se gradúen dúas. E teñen dous datos que son demoledores para o conxunto do Sistema universitario de Galicia, que son os datos obxectivos: non só que a taxa de graduación é das máis baixas do SUG, senón que o 50 % dos alumnos abandonan os estudos no paso ao segundo curso; e son bos alumnos —como vostede dicía—, que é a terceira nota de corte.



Non hai a dobre dirección. A xente matricúlase metade en ADE e metade en Informática e estudan a outra ou se matriculan nas dúas. Pero practicamente a totalidade dos alumnos de ADE que se matriculan en Informática déixano o primeiro ano. É dicir, creo que estamos creando un problema. Polo tanto, de acordo coa Universidade de Vigo e dados estes datos, tomouse a decisión de que esas prazas que estaban asignadas a ese horario —que non se perderon— volveran aos grupos orixinais tanto de ADE como de Informática.

O tema de Aeronáutica. Desde o primeiro momento o gran defensor do grao de Aeronáutica para Ourense foi a consellería. Catro anos antes de pedilo Ourense, pediuno a UDC (A Coruña) e díxoselle que, como —porque aquí do que falamos é do máster— o grao está en Ourense, que esperara a que se poida implantar tamén en Ourense para facelo conxuntamente. Díxoselle á Coruña que esperase para facelo e que o liderase Ourense porque está alí o grao. Isto está por escrito e pedírono catro anos antes. O mesmo para Turismo. Turismo leva décadas xa funcionando na Coruña, o que pasa é que era privada. ¿Que pasou este ano? Que a universidade pública da UDC se fai cargo dunha escola privada. Esa é a única diferenza. Non estaba en exclusiva en Ourense, había unha privada. Agora o sistema público asume unha escola privada.

Entre estes temas —¡claro!— tiña que saír o de Abanca. Teñen moi poucas esperanzas vostedes de gobernar dentro dun ano, porque isto é un proceso administrativo que vai para longo e que, ademais, ten que vir a este parlamento como un proxecto de lei e, se cumpre esas condicións, teno que aprobar este parlamento. Non tiñan previsto, na memoria que están tramitando, que teña o dobre grao de ADE con Informática —para que quede claro—; polo menos, na memoria que presentaron. Polo tanto, ao final, ¿que vemos? Que está todo mesturado.

¿Din que non hai aposta polo Sistema universitario de Galicia? Pero ¡se os datos son obxectivos! No último Plan financeiro 2016–2020 incrementouse un 18 %, case catrocentos millóns de euros. Dous mil quiñentos millóns de euros é o que poñen os impostos dos galegos neste sistema público galego. No sistema privado: cero, e hai universidades privadas. No sistema público: dous mil quiñentos millóns de euros, que é un incremento do 18 %. Creo que simplemente é terxiversar os datos.

Os títulos que se imparten no Campus de Ourense decídeos a Universidade de Vigo, porque é un campus pertencente á Universidade de Vigo. O compromiso da Xunta é absoluto para avanzar na excelencia, evidentemente tamén cos campus periféricos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Primeiro, quero dar o noso agradecemento á señora Rodil. A emenda nós aceptámola. Estaba na primeira proposta.



Quero pedir desculpas por emendar a totalidade, pero hai novidades de hai un mes, de hai dous meses, e tiñamos que incorporalas. Isto é o que o xustifica. O desequilibrio das universidades non centrais é sangrante. Eu quería dicirle, señor Fernández Prado, que, dende logo, de confusa, nada, e responsabilidade, toda.

Primeiro, vou seguir cos agradecementos aos outros grupos. Estamos de acordo e comparámos coa señora Burgo os dous niveis, de asfixia e intromisión, e a mala calidade que está a xerar esta política do PP. Tamén estou de acordo en que hai que falar non só da Universidade de Ourense e do Campus Sur, dependente de Vigo, senón de todas. Pero isto dá pé para outro día.

Quero dicir —moi rapidamente— que agora mesmo Ourense é a cidade e a provincia maltratada e malversada, historicamente. A sociedade de Ourense está reaccionando. A esta mesma hora hai unha manifestación da plataforma en contra da estación intermodal. A sanidade, a súa política sanitaria, é horrible. Pero vou ter resposta. Así, interésanme moito algunhas das cuestións que dixó.

Está moi ben que nos aclare que un dobre grao non é unha titulación senón un programa. ¡Claro que si! Pero é que este programa simultáneo que se suprime da oferta do Campus de Ourense si lle vai facer oco á universidade privada de Abanca e ao grao en Empresa e Tecnoloxía aprobado en Lugo, onde ten a praza o secretario xeral. É unha vergonza absoluta.

Despois, seguindo o seu argumentario, di que non hai alumnado. Vostede non me escoitou e pídolle que me escoite, porque non estou falando para o aire, pero non me escoita. Hai dous requisitos: exceso de oferta e número de egresados. Fíxense, señoras e señores, señorías: ¿saben cando saíu a primeira promoción do dobre grao? Xusto en 2019. Hai alumnos abondos. Ben, entón, que non minta o señor representante do PP. A CIUG di que se viñan cubrindo a totalidade das prazas. É dicir, vostede diga misa pero está mentindo.

En canto ao máster de Enxeñaría Aeronáutica, están facendo un ridículo a nivel nacional. Ben... (*Murmurios.*) Estou falando do tempo que vai vir. A primeira promoción vai saír en xuño de 2020.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Vai vir un enxeñeiro aeronáutico, que é o señor Pedro Duque. (*Murmurios.*)

Dende logo, o máster, señor Fernández Prado, é a continuación natural dos estudos de grao da Escola de Aeronáutica. E nada dixó, porque, se hai algunha vergonza das vergonzas e da senvergonzonería, é a ilegalidade con que se suprimiu Enxeñaría Física. (*Murmurios.*)

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)


O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.



Rematados os puntos do día de hoxe, suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e nove minutos da noite.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

